

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

17339 *Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Os orzamentos xerais do Estado fundamentan o seu marco normativo básico na nosa Carta Magna, a Constitución española do 27 de decembro de 1978, así como na Lei xeral orzamentaria e na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Tribunal Constitucional foi precisando o contido posible da lei anual de orzamentos xerais do Estado e manifestou que existe un contido necesario, constituído pola determinación da previsión de ingresos e a autorización de gastos que poden realizar o Estado e os entes a el vinculados ou del dependentes no exercicio de que se trate. Xunto con este contido necesario, cabe a posibilidade de que se engada un contido eventual, aínda que estritamente limitado ás materias ou cuestións que garden directa relación coas previsións de ingresos, as habilitacións de gasto ou os criterios de política económica xeral, que sexan complemento necesario para a máis fácil interpretación e máis eficaz execución dos orzamentos xerais do Estado e da política económica do Goberno.

Por outra parte, o Tribunal Constitucional sinala que o criterio de temporalidade non resulta determinante da constitucionalidade ou non dunha norma desde a perspectiva da súa inclusión nunha lei de orzamentos. Por iso, ben que a Lei de orzamentos pode cualificarse como unha norma esencialmente temporal, nada impide que accidentalmente poidan formar parte dela preceptos de carácter plurianual ou indefinido.

Doutro lado, en materia tributaria, o punto 7 do artigo 134 da Constitución dispón que a Lei de orzamentos non pode crear tributos, aínda que si modificalos cando unha lei tributaria substantiva así o prevexa.

As materias que queden á marxe destas previsións son materias alleas á Lei de orzamentos xerais do Estado. Desta forma, o contido da lei está constitucionalmente acoutado –a diferenza do que sucede coas demais leis, cuxo contido resulta, en principio, ilimitado– dentro do ámbito competencial do Estado e coas exclusións propias da materia reservada á lei orgánica.

Consecuentemente, a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2021 regula unicamente, xunto co seu contido necesario, aquelas disposicións que respectan a doutrina do Tribunal Constitucional sobre o contido eventual.

Os orzamentos xerais do Estado para 2021, elaborados no marco da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, están indefectiblemente condicionados polos efectos da emerxencia de saúde pública provocada pola pandemia da COVID-19 e a conseguinte perturbación da economía, de alcance global.

A absoluta excepcionalidade da situación e a necesidade de levar a cabo actuacións inmediatas e eficaces para minimizar os seus efectos negativos motivaron a adopción do Real decreto 436/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, así como a intensificación da actividade lexislativa co fin de adoptar sucesivas medidas temporais de carácter extraordinario para mitigar o impacto sanitario, social e económico da pandemia.

Por outra parte, a gravidade da situación derivada do abrocho da enfermidade foi recoñecida pola Comisión Europea na Comunicación 2020/C 91 I/01 (DOUE do 20 de marzo), sobre o marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual abrocho da COVID-19. No dito documento avalíase o impacto negativo desta circunstancia na economía mundial e da Unión, alertando do risco de que se produza unha grave recesión que afecte toda a economía da UE e fíxose un chamamento a articular unha resposta coordinada por parte das súas institucións, así como dos Estados membros, esencial para mitigar as inevitables repercusións que se producirán a nivel económico.

Nesta liña, os ministros de Economía da Unión adoptaron o 23 de marzo unha declaración conxunta sobre o Pacto de estabilidade e crecemento tendo en conta a crise da COVID-19. Compartindo o criterio da Comisión, coincidiron na existencia dunha ralentización económica grave que xustifica a activación da cláusula xeral de salvagarda do marco orzamentario da UE.

Polo demais, a situación de emerxencia sanitaria, declarada como pandemia internacional o 11 de marzo de 2020 pola Organización Mundial da Saúde, non é un feito temporalmente acoutado. Antes ao contrario, as súas consecuencias continúan hoxe. A pesar da proactividade dos Estados en canto á adopción de medidas preventivas en materia de saúde pública, sanitarias e de estímulo á investigación, non é posible realizar unha previsión certa sobre a data en que poderá por fin considerarse superada.

Neste contexto, resulta imposible cumprir cos acordos aprobados polo Consello de Ministros o día 11 de febreiro de 2020 e ratificados polo Congreso dos Deputados e polo Senado, respectivamente, os días 27 de febreiro e 4 de marzo. Estes acordos, adoptados no marco do artigo 15 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establecían, por un lado, os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o ano 2020 para a súa remisión ás Cortes Xerais e a fixación do límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para 2020 e, por outro lado, os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2021-2022 para a súa remisión ás Cortes Xerais, así como o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para 2021.

O inédito da situación motivou a adopción dun novo Acordo do Consello de Ministros, do 6 de outubro de 2020, que suspende os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e establece un límite de gasto non financeiro para 2021 de 196.097 millóns de euros. Esta cifra –que non admite comparación homoxénea con exercicios anteriores dado o excepcional contexto de incerteza derivado da situación de pandemia– inclúe transferencias extraordinarias ás comunidades autónomas e á Seguridade Social, así como parte dos fondos europeos procedentes do acordo alcanzado polo Consello Europeo o 21 de xullo de 2020 no marco do plan extraordinario *Next Generation EU*. A este respecto, a lei recolle como modificación estrutural a creación do servizo 50 en cada unha das seccións, correspondentes aos departamentos ministeriais, para a adecuada xestión dos ditos fondos.

A suspensión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública foi ratificada polo Pleno do Congreso dos Deputados o día 20 de outubro de 2020, de acordo co procedemento previsto no artigo 135.4 da Constitución, así como no artigo 11.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira,

ao se apreciar a concorrencia dunha situación de emerxencia extraordinaria que escapa ao control das administracións públicas e prexudica considerablemente a situación financeira ou a sustentabilidade económica ou social do Estado. Autorízase desta forma incorrer excepcionalmente en déficit estrutural coa finalidade de permitir a adopción das medidas necesarias para mitigar os efectos adversos da pandemia no ámbito socioeconómico e abordar un programa de recuperación coherente co proxecto da Unión Europea.

O anterior non obsta ao deber de cumprir co compromiso de estabilidade orzamentaria consagrado constitucionalmente, avanzando cara a un escenario de consolidación fiscal e sustentabilidade financeira a medio prazo que permita atender as exixencias de equilibrio orzamentario derivadas do Pacto fiscal europeo, tan pronto como o permitan as circunstancias que deron lugar a esta situación extraordinaria.

II

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, «Da aprobación dos orzamentos e das súas modificacións», por canto que no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Créditos iniciais e financiamento destes», se aproba a totalidade dos estados de ingresos e gastos do sector público estatal e se consigna o importe dos beneficios fiscais que afectan os tributos do Estado.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos xerais do Estado tendo en conta a clasificación que realiza a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, clasificación que se fai presente no resto da lei.

O ámbito dos orzamentos xerais do Estado complétase co orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España que, de acordo coa súa lexislación específica, non se consolida cos restantes orzamentos do sector público estatal.

O capítulo II contén as normas de modificación e execución de créditos orzamentarios, as limitacións orzamentarias e os créditos vinculantes que deben operar durante a vixencia da lei, así como as ampliacións e incorporacións de crédito que se relacionan nos anexos da lei.

O capítulo III, «Da Seguridade Social», regula o financiamento da asistencia sanitaria prestada polo Instituto de Xestión Sanitaria e polo Instituto Social da Mariña. Así mesmo, recóllese a totalidade das transferencias que se realizan desde o Estado á Seguridade Social. A Lei recolle o réxime de achegas necesarias para o traspaso da xestión do réxime de clases pasivas ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, conforme o disposto no artigo 22 do Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, e na disposición adicional terceira do Real decreto 497/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

III

O título II da Lei de orzamentos, relativo á «Xestión orzamentaria», estrutúrase en tres capítulos.

O capítulo I regula a xestión dos orzamentos docentes. Nel fíxase o módulo económico de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados e o importe da autorización dos custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

No capítulo II, relativo á «Xestión orzamentaria da sanidade e dos servizos sociais», recóllense competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias no ámbito do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, e inclúense normas sobre a aplicación de remanentes de tesouraría no orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.

O capítulo III recolle «Outras normas de xestión orzamentaria» e nel establécese a porcentaxe de participación da Axencia Estatal de Administración Tributaria na

recadación bruta obtida en 2021 derivada da súa actividade propia, porcentaxe que se fixa nun 5 por cento.

IV

O título III da Lei de orzamentos xerais do Estado rubrícase como «Dos gastos de persoal» e estrutúrase en tres capítulos.

O capítulo I, tras definir o que constitúe o «sector público» para estes efectos, trata dos gastos do persoal coa previsión xeral de que, durante o ano 2021, tanto as retribucións do persoal ao servizo do sector público como a masa salarial do persoal laboral experimentarán un crecemento do 0,9 por cento respecto dos vixentes en 31 de decembro de 2020. Así mesmo, inclúese neste capítulo a regulación da oferta de emprego público, que se suxeitará a unha taxa de reposición de efectivos do 100 %. Prevese unha taxa adicional do 10 % respecto de determinados ámbitos ou sectores que requiran un reforzo de efectivos. Mantense, por outro lado, a taxa de reposición do 115 % no caso das forzas e corpos de seguridade do Estado, corpos de Policía Autonómica e policía locais. Finalmente, a contratación de persoal temporal ou o nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos resérvase para casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

No capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», régúlase a actualización para o ano 2021 das retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e dos seus órganos consultivos, da Administración xeral do Estado, as correspondentes aos altos cargos do Consello de Estado, do Consello Económico e Social, así como aos membros do Tribunal de Contas, do Tribunal Constitucional e do Consello Xeral do Poder Xudicial, e aos altos cargos das Forzas Armadas, da Policía e da Garda Civil, así como a determinados cargos do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal. A necesidade de inclusión destas previsións na Lei de orzamentos xerais do Estado deriva de que a aprobación dos orzamentos destes órganos e, xa que logo, das referidas retribucións, deben facela as Cortes Xerais. Os principios de unidade e universalidade do orzamento exixen que esa aprobación se realice nun documento único, comprensivo de todos os gastos do Estado, como é a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Este capítulo complétase coas normas relativas ás retribucións dos funcionarios do Estado, persoal das Forzas Armadas, corpo da Garda Civil e Corpo Nacional de Policía, e do persoal estatutario e do non estatutario da Seguridade Social, así como as do persoal laboral do sector público estatal.

Xunto coas normas reguladoras do persoal ao servizo da Administración de xustiza, mención específica merecen as relativas á regulación das retribucións dos membros da carreira xudicial e fiscal, dos do corpo de secretarios xudiciais e do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O capítulo III deste título contén unha norma de peche, aplicable ao persoal cuxo sistema retributivo non teña adecuado encaixe nas normas contidas no capítulo II. Xunto con ela, recolle, como en leis de orzamentos anteriores, outras disposicións comúns en materia de réxime de persoal activo, así como as relativas á prohibición de ingresos atípicos e a actualización das contías que se percibirán polos conceptos de recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación. Así mesmo, establécense os requisitos para determinar ou modificar retribucións do persoal laboral e non funcionario que exixirán do informe favorable da Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións.

V

O título IV da Lei de orzamentos xerais do Estado, baixo a rúbrica «Das pensións públicas», divídese en seis capítulos.

O capítulo I establece a revalorización das pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como de clases pasivas, que se revalorizarán en 2021, con carácter

xeral, un 0,9 %; no caso das pensións non contributivas, a porcentaxe será do 1,8 por cento.

O capítulo II está dedicado a regular a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado e especiais de guerra.

O capítulo III contén as limitacións no sinalamento inicial das pensións públicas, instrumentando un sistema de dobre limitación ao fixar un máximo á contía íntegra mensual e un máximo á contía íntegra anual.

O capítulo IV regula a «Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas», abordando a revalorización das pensións contributivas aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como as de clases pasivas. Así mesmo, determínanse as pensións que non se revalorizan e a limitación do importe da revalorización das pensións públicas.

O capítulo V recolle o sistema de complementos por mínimos, que regula en dous artigos relativos, respectivamente, a pensións de clases pasivas e pensións do sistema da Seguridade Social.

O capítulo VI contén, dunha parte, a determinación inicial e revalorización das pensións non contributivas da Seguridade Social e, doutra, a fixación da contía das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.

VI

O título V, «Das operacións financeiras», estrutúrase en tres capítulos, relativos, respectivamente, a débeda pública, avais públicos e outras garantías e relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial. O importe máximo dos avais que outorgue o Consello de Ministros non poderá exceder os 500.000 miles de euros.

O obxecto fundamental deste título é autorizar a contía até a cal o Estado e os organismos públicos poidan realizar operacións de endebedamento, materia que se regula no capítulo I, baixo a rúbrica «Débeda pública».

VII

No ámbito tributario adóptanse diversas medidas encamiñadas a facer compatible un crecemento económico equilibrado e un aumento dos ingresos tributarios que permita o fortalecemento do Estado do benestar e reduza desigualdades.

Para tal fin contribúe a modificación que se introduce no imposto sobre a renda das persoas físicas mediante a imposición dun maior gravame ás rendas máis altas, tanto na base imponible xeral como na base do aforro que grava as rendas do capital.

Esta medida vese acompañada pola redución do límite xeral aplicable na base imponible das achegas e contribucións a sistemas de previsión social, ben que se prevé que o novo límite se poida incrementar para as contribucións empresariais.

Por outra parte, a situación que padece a economía española, no marco da actual crise sanitaria fai aconsellable o establecemento dun marco normativo estable que permita aos pequenos autónomos poder continuar aplicando o método de estimación obxectiva para o cálculo do rendemento neto da súa actividade económica evitando, ademais, un incremento das súas obrigacións formais e de facturación. Para tal efecto, prorróganse para o período impositivo 2021 os límites cuantitativos que delimitan no imposto sobre a renda das persoas físicas o ámbito de aplicación do método de estimación obxectiva, con excepción das actividades agrícolas, gandeiras e forestais, que teñen o seu propio límite cuantitativo por volume de ingresos.

Á semellanza da dita medida, prorróganse para o período impositivo 2021 os límites para a aplicación do réxime simplificado e o réxime especial da agricultura, gandería e pesca, no imposto sobre o valor engadido.

No imposto sobre sociedades modifícase o precepto que regula a exención sobre dividendos e rendas derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades residentes e non residentes en territorio español, para prever que os gastos de xestión referidos a tales participacións non sexan deducibles do beneficio

impoñible do contribuínte; fíxase que a súa contía sexa do 5 por cento do dividendo ou renda positiva obtida, de forma que o importe que resultará exento será do 95 por cento de tal dividendo ou renda.

Coa mesma finalidade e a adaptación técnica necesaria, modifícase o artigo que regula a eliminación da dobre imposición económica internacional nos dividendos procedentes de entidades non residentes en territorio español.

Esta regulación é conforme coa facultade que, de acordo co disposto na Directiva 2011/96/UE do Consello, do 30 de novembro de 2011, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, conservan os Estados membros para prever que os gastos de xestión referidos á participación na entidade filial non sexan deducibles do beneficio imponible da sociedade matriz, e se poidan fixar a tanto global sen que, neste caso, a súa contía poida exceder o 5 por cento dos beneficios distribuídos pola sociedade filial.

Por razóns de sistemática, esta medida debe proxectarse sobre aqueles outros preceptos da Lei do imposto que, así mesmo, eliminan a dobre imposición na percepción de dividendos ou participacións en beneficios e de rendas derivadas da transmisión.

Coa finalidade de permitir o crecemento das empresas que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 40 millóns de euros e que non formen parte dun grupo mercantil, tales contribuíntes non aplicarán a redución na exención dos dividendos antes sinalada, durante un período limitado a tres anos, cando procedan dunha filial, residente ou non en territorio español, constituída con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021.

Por outra parte, suprímese a exención e eliminación da dobre imposición internacional nos dividendos ou participacións en beneficios e nas rendas derivadas da transmisión das participacións no capital ou nos fondos propios dunha entidade cuxo valor de adquisición sexa superior a 20 millóns de euros, coa finalidade de cinguir a aplicación desas medidas ás situacións en que existe unha porcentaxe de participación significativa do 5 por cento, regulándose un réxime transitorio por un período de cinco anos.

Para terminar, modifícase a regulación da limitación na deducibilidade dos gastos financeiros suprimindo a adición ao beneficio operativo dos ingresos financeiros de participacións en instrumentos de patrimonio que se correspondan con dividendos cando o valor de adquisición das ditas participacións sexa superior a 20 millóns de euros.

No imposto sobre a renda de non residentes, adecúase a exención por xuros e demais rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios, así como as ganancias patrimoniais derivadas de bens mobles obtidos sen mediación de establecemento permanente, ao establecido no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, de maneira que os Estados que formen parte do aludido acordo se poidan acoller á exención de igual modo que os Estados membros da Unión Europea. Así mesmo, en consonancia coa medida que se introduce no imposto sobre sociedades, modifícase a exención relativa aos beneficios distribuídos polas sociedades filiais residentes en territorio español ás súas matrices residentes noutros Estados integrantes do Espazo Económico Europeo ou aos establecementos permanentes destes últimos situados no Espazo Económico Europeo, e suprímese a posibilidade de que se acceda á exención cando o valor de adquisición da participación sexa superior a 20 millóns de euros, e queda como requisito a existencia dunha participación directa e indirecta, de ao menos o 5 por cento, sempre que se cumpran as restantes condicións establecidas no texto refundido da Lei do imposto.

No imposto sobre o patrimonio son dúas as medidas que se introducen, a elevación do tipo de gravame aplicable ao último tramo da tarifa e o mantemento con carácter indefinido do seu gravame, ambas para contribuír á consolidación das finanzas públicas.

No imposto sobre o valor engadido, modifícase o tipo impositivo aplicable ás bebidas que conteñen edulcorantes engadidos, tanto naturais como aditivos

edulcorantes, que pasan a tributar ao tipo impositivo xeral do 21 por cento, medida que constitúe un compromiso social para racionalizar e promover o seu consumo responsable, en particular entre a poboación infantil e xuvenil. Pola súa vez, a medida resulta especialmente coherente coa finalidade perseguida de internalizar os custos externos do noso Estado do benestar, derivados de dietas pouco saudables baseadas nun elevado consumo de bebidas que conteñan edulcorantes engadidos na súa composición.

Actualízase nun 2 por cento a escala de gravame dos títulos e grandezas nobiliarios aplicable no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Coa finalidade de coadjuvar ao cumprimento dos obxectivos de ingresos dos orzamentos xerais do Estado, elévase do 6 ao 8 por cento o tipo de gravame do imposto sobre as primas de seguros.

No ámbito dos tributos locais, créanse novas epígrafes ou grupos nas tarifas do imposto sobre actividades económicas, co fin de clasificar de forma específica as actividades de comercialización das subministracións de carácter xeral (electricidade e gas), que até a data carecen da dita clasificación; créase unha epígrafe para as grandes superficies comerciais que non se dedican principalmente á roupa ou á alimentación e que até agora carecían de epígrafe propia, de xeito que se lles dá un tratamento similar aos demais centros comerciais, dentro do grupo 661, «Comercio mixto integrado ou en grandes superficies», e créase unha epígrafe para a nova actividade de subministración de enerxía a vehículos eléctricos a través de puntos de recarga instalados en calquera lugar, xa sexa na vía pública, gasoleiras, garaxes públicos e privados ou en calquera outro lugar.

Polo que se refire ás taxas, elévase nun 1 por cento o importe exigible polas de contía fixa, excepto as que se creasen ou actualizasen especificamente por normas ditadas desde o 1 de xaneiro de 2019, co obxecto de adecuar aquel ao aumento de custos da prestación ou realización dos servizos ou actividades polos que se exixen. Non obstante, mantéñense os importes das taxas sobre o xogo, recollidas no Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas.

As taxas exigibles pola Xefatura Central de Tráfico axustaranse, unha vez aplicado o coeficiente anteriormente indicado, ao céntimo de euro inmediato superior ou inferior segundo resulte máis próximo, cando o importe orixinado da aplicación conste de tres decimais.

Mantense, con carácter xeral, a cuantificación dos parámetros necesarios para determinar o importe da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.

No ámbito das taxas ferroviarias, actualízanse as taxas por licenza de empresa ferroviaria, por outorgamento de autorización de seguridade e certificado de seguridade, por homologación de centros, certificación de entidades e material rodante, outorgamento de títulos e autorizacións de entrada en servizo e pola prestación de servizos e realización de actividades en materia de seguridade ferroviaria.

Tamén se manteñen as contías básicas das taxas portuarias. Establécense as bonificacións e os coeficientes correctores aplicables nos portos de interese xeral ás taxas de ocupación, do buque, da pasaxe e da mercadoría, así como os coeficientes correctores de aplicación á tarifa fixa de recepción de refugallos xerados por buques, de acordo co disposto no texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.

VIII

O título VII estrutúrase en dous capítulos, dedicados respectivamente, a entidades locais e comunidades autónomas.

Dentro do capítulo I contéñense normas relativas ao financiamento das entidades locais e englobanse nel os municipios, provincias, cabidos e consellos insulares, así como comunidades autónomas uniprovinciais.

O núcleo fundamental está constituído pola articulación da participación das entidades locais nos tributos do Estado, tanto na determinación da súa contía coma na forma de facela efectiva. Cabe destacar como instrumento a participación, mediante cesión, na recadación de determinados impostos como o IRPF, o IVE e os impostos especiais sobre fabricación de alcohois, sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco; a participación a través do Fondo Complementario de Financiamento con atención específica ás compensacións ás entidades locais por perdas de recadación no imposto sobre actividades económicas, que inclúe tanto a inicialmente establecida pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, como a compensación adicional instrumentada a través da Lei 22/2005, do 18 de novembro, así como a participación no Fondo de Acheга á Asistencia Sanitaria para o mantemento dos centros sanitarios de carácter non psiquiátrico das deputacións, comunidades autónomas insulares non provinciais, e consellos e cabidos insulares.

É preciso sinalar que en 2020 se tivo que proceder á revisión, de periodicidade cuatrienal, do ámbito subxectivo de aplicación dos modelos de participación en tributos do Estado aplicables aos municipios. Esta revisión ten incidencia naquel ano e nos anos 2021 a 2023, polo que se inclúe nesta lei a regulación desa revisión, na sección 1.^a do citado capítulo I.

Así mesmo, recóllese a regulación dos réximes especiais de participación de Ceuta e Melilla, das entidades locais das illas Canarias, así como o relativo ás entidades locais dos territorios históricos do País Vasco e Navarra.

Non obstante, esta regulación complétase con outras transferencias, constituídas por subvencións, así como a compensación aos concellos dos beneficios fiscais concedidos ás persoas físicas ou xurídicas nos tributos locais, dando cumprimento ao previsto no artigo 9 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Igualmente, régulanse as obrigacións de información que deben subministrar as entidades locais, as normas de xestión orzamentaria, o outorgamento de anticipos aos concellos para cubrir os desfases que se poidan ocasionar na xestión recadatoria dos tributos locais e a articulación de procedemento para dar cumprimento ás compensacións de débedas firmes contraídas co Estado polas entidades locais, incluíndo as que, de ser o caso, se deban aplicar como consecuencia de incumprimentos reiterados dos prazos de pagamento establecidos na normativa de medidas de loita contra a morosidade, en aplicación do artigo 18 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O capítulo II regula determinados aspectos do financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía.

O sistema de financiamento vixente no ano 2021 foi aprobado polo Consello de Política Fiscal e Financeira na súa reunión do 15 de xullo de 2009, e incorporado ao ordenamento xurídico mediante a modificación da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas e a aprobación da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Os recursos financeiros que o sistema asigna para a cobertura das necesidades globais de financiamento de cada comunidade autónoma están constituídos polo Fondo de Suficiencia Global, a Transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais e a Capacidade Tributaria. O orzamento de gastos do Estado recolle o Fondo de Suficiencia Global e a achega do Estado ao Fondo de Garantía. Porén, a recadación dos tributos que o Estado lles cedeu total ou parcialmente, pola súa natureza, non ten reflexo nos orzamentos xerais do Estado.

Ademais, para favorecer a converxencia entre comunidades autónomas e o desenvolvemento daquelas que teñan menor renda per cápita, a Lei 22/2009 regula dous fondos de converxencia autonómica dotados con recursos adicionais do Estado: o Fondo de Competitividade e o Fondo de Cooperación.

Por outra parte, no ano 2021 practicarase a liquidación do sistema de financiamento correspondente a 2019; no indicado capítulo regúlanse os aspectos necesarios para a súa cuantificación.

Regúlase no citado capítulo o réxime de transferencia no ano 2021 correspondente ao custo efectivo dos servizos asumidos polas comunidades autónomas, así como o contido mínimo dos reais decretos que aproben as novas transferencias.

Por último, recóllese a regulación dos fondos de compensación interterritorial, distinguindo entre o Fondo de Compensación e o Fondo Complementario. Ambos os fondos teñen como destino o financiamento de gastos de investimento polas comunidades autónomas. Non obstante, o Fondo Complementario pode destinarse ao financiamento de gastos de posta en marcha ou funcionamento dos investimentos realizados con cargo á sección 36 dos orzamentos xerais do Estado.

IX

A Lei de orzamentos xerais do Estado contén no título VIII, baixo a rúbrica «Cotizacións sociais», a normativa relativa ás bases e tipos de cotización dos distintos réximes da Seguridade Social, dos cales se realiza a súa actualización.

O título consta de dous artigos relativos, respectivamente, a «Bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional durante o ano 2021» e «Cotización a dereitos pasivos e ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2021».

X

O contido da Lei de orzamentos complétase con diversas disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e derradeiras, en que se recollen preceptos de índole moi variada. Non obstante, para unha mellor sistematización agrupáronse por materias e por referencia aos títulos da lei correspondentes.

Así, como normas complementarias en relación coa xestión orzamentaria, mantense a previsión de que a subscripción de convenios por parte do sector público estatal coas comunidades autónomas exixirá informe favorable, preceptivo e vinculante do Ministerio de Facenda, sempre que supoñan transferencia de recursos estatais ou impliquen un compromiso de realización de gasto ou se dean ambas as circunstancias asemade.

Inclúense disposicións en materia de xestión orzamentaria relativas aos préstamos e anticipos financiados con cargo aos orzamentos xerais do Estado coa finalidade de atender o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e endebedamento.

Prevese a reserva de 85.000 miles de euros da contía total prevista para a concesión de subvencións e axudas financiadas para asegurar a correcta absorción do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) para o período 2014-2020. Establécese, igualmente, o réxime de anticipos que terán as axudas derivadas do Programa de axuda aos máis desfavorecidos financiadas polo Fondo de Axuda Europa para as Persoas máis Desfavorecidas (FEAD).

Autorízase o traspaso de remanentes de tesouraría do organismo autónomo Instituto Nacional de Administración Pública até un límite máximo de 500.140 euros, destinados á execución dos plans de formación para o emprego asignados ao dito organismo.

Prevese que o Estado conceda un préstamo por importe de até 13.830.090,00 miles de euros á Tesouraría da Seguridade Social co obxecto de proporcionar cobertura adecuada ás obrigacións da Seguridade Social e posibilitar o seu equilibrio orzamentario, cuxa cancelación se producirá nun prazo máximo de dez anos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte ao da súa concesión.

Como é habitual, establécese tamén a subvención estatal anual para gastos de funcionamento e seguridade de partidos políticos para 2021, de conformidade co disposto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

Ademais, recóllense medidas de apoio financeiro a actuacións en parques científicos e tecnolóxicos e prevese a xeración de crédito derivada da taxa pola xestión administrativa do xogo prevista nos puntos 2, letra f), e 5, letra f), do artigo 49.2. da Lei 13/2011, de regulación do xogo, para o cumprimento das finalidades establecidas nos ditos preceptos.

Establécese a porcentaxe de afectación a fins dos recursos obtidos pola Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, que será do 50 por cento.

Polo que se refire ao ámbito dos gastos de persoal, fíxanse nas adicionais da lei o límite máximo para a oferta de emprego público para o acceso ás carreiras xudicial e fiscal, establecido en 240 prazas, así como os cadros de persoal máximos de militares profesionais de tropa e mariñeiría para alcanzar en 31 de decembro do exercicio, que non poderán superar os 79.000 efectivos.

Regúlase a posibilidade, coas limitacións e requisitos que se recollen, de que as sociedades mercantís públicas, as entidades públicas empresariais a que se refire o artigo 18, punto un, da Lei de orzamentos, e as fundacións do sector público e consorcios poidan contratar novo persoal. En todo caso, a taxa de reposición será do 100 %. En canto ao persoal directivo, durante o ano 2021, o número de postos existentes no ámbito do sector público estatal non poderá incrementarse respecto ao ano anterior.

Establécese que as modificacións dos cadros de persoal estatutario dos centros e servizos sanitarios de organismos dependentes da Administración xeral do Estado serán aprobadas logo do informe favorable do Ministerio de Facenda, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

No marco das necesidades derivadas da xestión de autoestradas, en virtude do Convenio entre a Administración xeral do Estado e a Sociedade Estatal de Infraestruturas do Transporte Terrestre S.M.E. S.A, autorízase esta para realizar contratos indefinidos cun límite do 100 % da taxa de reposición, coas limitacións que especificamente se establecen.

Regúlanse, por outro lado, as modalidades de contratación temporal docente que poderán efectuar os centros universitarios da Defensa, de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Actualízanse as retribucións do persoal das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e dos seus centros mancomunados, así como os módulos para a compensación económica pola actuación de xuíces de paz e secretarios de xulgados de paz.

Establécese, en materia de réxime retributivo dos membros das corporacións locais, o límite máximo total que poden percibir os seus membros por todos os conceptos retributivos e asistenciais, excluídos os trienios a que, de ser o caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais.

Prevese unha serie de normas dirixidas a lograr un maior control na xestión dos gastos de persoal, en relación cos incentivos ao rendemento das axencias estatais. Así mesmo, mantense suspendido durante este exercicio o disposto no artigo 26.3 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo, relativas ao persoal destinado no estranxeiro.

Como novidade, introdúcese o mandado ao Goberno para presentar un proxecto de lei sobre fondos de pensións públicos de emprego en que se atribúa á Administración xeral do Estado capacidade legal para a súa promoción.

Establécese, como norma de peche, que calquera actuación que propoñan os departamentos ministeriais durante o exercicio non poderá supor aumento neto dos gastos de persoal ao servizo da Administración.

En relación con diversas prestacións públicas, establécense as contías das prestacións familiares da Seguridade Social, dos subsidios económicos recollidos no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e as pensións asistenciais, e fíxase a actualización das prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, ás persoas de orixe española desprazadas ao estranxeiro durante a Guerra Civil. Mantense o aprazamento da aplicación da disposición adicional vixésimo oitava da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social. Así mesmo, introdúcese normas relativas ao incremento

das prestacións por grande invalidez do réxime especial das Forzas Armadas e fíxase a contía para o ano 2021 das axudas sociais aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).

As normas de índole económica refírense, en primeiro lugar, ao xuro legal do diñeiro, ao xuro de demora e ao xuro de demora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Recóllense os preceptos relativos á garantía do Estado para obras de interese cultural cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Cultura e Deporte e os seus organismos adscritos. Autorízase, por outra parte, o recurso ao endebedamento da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad, así como da Universidade Nacional de Educación a Distancia. Igualmente, recóllense autorizacións para a formalización de garantías a Portos do Estado e á Autoridade Portuaria de Barcelona, así como a Renfe Operadora.

En relación coa cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española, establécese o límite máximo de cobertura para nova contratación que pode asegurar e distribuír CESCE durante a vixencia desta lei en 9.000.000,00 miles de euros, excluídas as pólizas abertas de curto prazo, salvo as de créditos documentarios. Prevese a dotación dos fondos de fomento ao investimento español con interese español no exterior.

Doutra parte, ten o seu oportuno reflexo nas disposicións adicionais da lei o apoio á investigación científica e ao desenvolvemento tecnolóxico. Así, fíxase o importe máximo da liña de apoio a proxectos empresariais de empresas de base tecnolóxica creada polo punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa, que se fixa en 20.500,00 miles de euros. Regúlase o apoio financeiro a pequenas e medianas empresas cunha dotación de 57.500,00 miles de euros á liña de financiamento prevista na disposición adicional vixésimo quinta da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado de 2005. Ademais, regúlase tamén o apoio aos mozos emprendedores, onde se prevé unha achega de 20.500,00 miles de euros á liña de financiamento creada na disposición adicional vixésimo terceira da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Créase unha liña de financiamento destinada a favorecer o financiamento dos proxectos empresariais de empresas de base tecnolóxica promovidos polas pemes do sector agroalimentario, así como unha liña de financiamento destinada a favorecer o financiamento dos créditos a persoas físicas e xurídicas do sector pesqueiro, extractivo, acuícola e transformador mediante o reafianzamento de avais, co obxecto de mellorar o seu acceso ao crédito.

Créase o Fondo de Apoio ao Investimento Industrial Produtivo, cuxa finalidade é prestar apoio financeiro para promover investimentos de carácter industrial que contribúan a favorecer o desenvolvemento industrial, reforzar a competitividade industrial e manter as capacidades industriais do territorio. Por outra parte, regúlanse medidas de apoio financeiro a emprendedoras dixitais e empresas emerxentes.

No ámbito tributario, establécese as actividades e programas prioritarios de mecenado e regúlanse os beneficios fiscais aplicables a diversos acontecementos que se cualifican como de excepcional interese público.

En canto aos entes territoriais, suspéndese a aplicación do artigo 2.1.a), b) e d) do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, polo que se regula a xestión do Fondo de cohesión sanitaria e se establece a natureza extraorzamentaria dos ditos puntos. Por outra parte, establécese que o importe dos gastos pola asistencia sanitaria a pacientes residentes en España derivados entre comunidades autónomas, así como os relativos á asistencia sanitaria cuberta polo Fondo de Garantía Asistencial, se satisfaga mediante compensación dos saldos positivos ou negativos, resultantes da súa liquidación, correspondentes a cada comunidade autónoma.

Acórdase a transferencia á Comunidade Autónoma do País Vasco da plena propiedade dos terreos anteriormente ocupados pola central nuclear de Lemóniz, así como a doazón

da Casa do Mar de Bermeo, en Bizkaia, propiedade da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, á Confraría de Pescadores de Bermeo. Como en exercicios anteriores, autorízanse os pagamentos á conta polos servizos de proximidades e rexionais traspasados á Generalitat de Cataluña.

Por outra parte, recóllense as disposicións relativas á asignación de cantidades a fins de interese social.

Respecto das entidades locais, establécense os criterios para o cálculo do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado en relación coa participación neles por parte daquelas. Modifícase tamén o ámbito obxectivo do Fondo de Ordenación contido no Fondo de Financiamento a Entidades Locais. Excepcionalmente, as entidades locais poderán concertar novas operacións de endebedamento para cancelar parcial ou totalmente a súa débeda pendente co fondo en liquidación para o financiamento dos pagamentos a provedores cando se cumpran determinados requisitos. Tamén, con carácter excepcional, se autoriza exclusivamente en 2021 a formalización de conversión de débeda a curto prazo que estea vixente en operacións de crédito a longo prazo por parte de entidades locais que presenten remanente de tesouraría nos termos que se indican.

Recóllese a regulación da concesión de subvencións normativas destinadas ao financiamento de actuacións concretas e excepcionais a determinados municipios do Campo de Gibraltar.

Establécese un réxime excepcional en materia de endebedamento autonómico en 2021 como consecuencia das circunstancias económicas extraordinarias da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Por outro lado, prevese a integración definitiva do financiamento revisado da policía autonómica de Cataluña no Fondo de Suficiencia do Sistema de financiamento autonómico correspondente á Comunidade Autónoma de Cataluña. Inclúese unha dotación orzamentaria específica destinada a dotar de maior financiamento as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla en 2021.

Regúlase, igualmente, a concesión de subvencións nominativas destinadas ao financiamento do transporte público regular de viaxeiros de Madrid, Barcelona e as illas Canarias. Establécese tamén un réxime de subvencións ao servizo de transporte colectivo urbano prestado polas entidades locais que reúnan certos requisitos. Recóllese, por outra parte, a asunción parcial da débeda do Consorcio Valencia 2007 pola Administración xeral do Estado.

Ademais dun réxime de compensacións a entidades locais, prevense achegas para o financiamento de plans de emprego en Extremadura e Andalucía e achegas financeiras do Servizo Público de Emprego Estatal ao Plan integral de emprego de Canarias.

Igualmente, determínase o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para 2021. Por outro lado, mantense a bonificación do 50 por cento na cotización empresarial nos supostos de cambio de posto de traballo por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural, así como nos supostos de enfermidade profesional.

Recóllese, ademais, a aplicación dos fondos procedentes da cota de formación profesional ao financiamento do Sistema de formación profesional para o emprego, co obxecto de impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados e desempregados unha formación que responda ás súas necesidades do mercado laboral e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento, en termos similares aos recollidos para o exercicio 2018. En concreto, atribúeselle ao Servizo Público de Emprego Estatal a xestión dos programas de formación profesional para o emprego que lle correspondan normativamente, con cargo aos créditos no seu orzamento de gastos. Igualmente, prevese a xestión polo Servizo Público de Emprego Estatal dos servizos e programas financiados con cargo á reserva de crédito do seu orzamento de gastos, conforme o disposto no artigo 18.h) do texto refundido da Lei de emprego, aprobado mediante o Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro.

Ao ser necesario acompañar a expansión do sector do turismo e sectores vinculados a el con medidas de apoio á contratación, establécense medidas de apoio á prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos discontinuos nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística.

Adíase a aplicación de determinados preceptos da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo e suspéndese o sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais por diminución da sinistralidade laboral. Finalmente, establécese a forma de financiamento da acción protectora da Seguridade Social, mediante a realización de tres transferencias do Estado aos orzamentos da Seguridade Social en cumprimento da recomendación primeira do Pacto de Toledo 2020.

Establécese o financiamento conforme baremo dos honorarios derivados da prestación a persoas físicas do servizo da quenda de oficio logo de designación xudicial. Igualmente, regúlanse as achegas para o financiamento do sector eléctrico no exercicio 2021 relativa a tributos e canons.

Como novidade, prevense ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro con vixencia indefinida ou até que entre en vigor a nova Lei de cambio climático e transición enerxética.

En relación coa disposición derogatoria que contén a lei, autorízase incluír as anualidades acollidas á moratoria prevista na disposición adicional 47 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, dentro do financiamento do Programa S-80.

Por outra parte, establécese o procedemento que se debe seguir para calcular a responsabilidade patrimonial da Administración en relación con determinados contratos de concesión de autoestradas en que se subscribiu un convenio entre as empresas concesionarias e os expropiados para a suspensión do expediente expropiatorio a cambio dos aproveitamentos urbanísticos dos terreos destinados á autoestrada.

Créase a Comisión Interministerial de Orzamentación con Perspectiva de Xénero e autorízase a creación dun consorcio, adscrito á Administración xeral do Estado, para a explotación do Centro Nacional de Análise Xenómica.

Inclúense normas relativas á administración dos reais padroados regulados no artigo 5 da Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional, así como en relación coa administración de Santa Cruz del Valle de los Caídos e sobre as obrigacións de Patrimonio Nacional coa sociedade estatal Hipódromo de la Zarzuela, S.A.S.M.E.

Contéñense diversas disposicións transitorias relativas, por un lado, á indemnización por residencia do persoal ao servizo do sector público estatal e aos complementos persoais e transitorios. Recóllese o réxime transitorio aplicable aos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial que non teñan dedicación exclusiva mentres non sexa de aplicación o sistema previsto na Lei orgánica 4/2018, do 28 de decembro, de reforma da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Recóllese a ampliación excepcional do prazo previsto nas disposicións adicionais vixésimo novena, trixésima e trixésimo primeira da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, para a autorización e publicación dos procesos de estabilización de emprego temporal. Inclúese tamén un réxime transitorio aplicable á comercialización de billetes subvencionados de transporte regular de pasaxeiros, marítimo e aéreo. Finalmente, a lei establece a modificación temporal das contías unitarias dos canons ferroviarios.

As disposicións derogatorias alcanzan, en concordancia co articulado da lei, o Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal, así como a disposición adicional 47.^a da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, en relación co reintegro do financiamento comprometido no marco do Convenio de colaboración suscrito co entón Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para o desenvolvemento tecnolóxico do programa de submarinos S-80.

A lei péchase cun conxunto de disposicións derradeiras, en que se recollen as modificacións realizadas a varias normas legais. En particular, a lei acomete a modificación da Lei 12/1975, do 12 de marzo, de protección das obtencións vexetais; da Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública; do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas; do texto refundido da Lei de clases pasivas do

Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril; da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais; do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto; do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo; da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social; da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente; da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea; da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas; da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo; do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo; da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría; da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española S.A., S.M.E.; da Lei 26/2009, do 2 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010; da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo; da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación; do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro; da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012; da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral; da Lei 17/2012, do 17 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013; da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015; da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral; da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo; do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro; do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro; do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro; da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego; e do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.

A lei finaliza coa tradicional disposición relativa á habilitación ao Goberno para levar a cabo o desenvolvemento regulamentario que requira a presente lei.

TÍTULO I

Da aprobación dos orzamentos e das súas modificacións

CAPÍTULO I

Créditos iniciais e o seu financiamento

Artigo 1. *Ámbito dos orzamentos xerais do Estado.*

Nos orzamentos xerais do Estado para o exercicio do ano 2021 intégranse:

- a) Os orzamentos con carácter limitativo das seguintes entidades:
 1. Do Estado.
 2. Dos organismos autónomos.

3. Das integrantes do sistema da Seguridade Social.
4. Do resto de entidades do sector público estatal a que resulte de aplicación o réxime de especificacións e de modificacións regulado na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou cuxa normativa específica confira ao seu orzamento carácter limitativo.

b) Os orzamentos con carácter estimativo das seguintes entidades:

1. Das entidades públicas empresariais, das sociedades mercantís estatais, das fundacións do sector público estatal e do resto de entidades do sector público estatal que aplican os principios e normas de contabilidade recollidos no Código de comercio e no Plan xeral de contabilidade da empresa española, así como nas súas adaptacións e disposicións que o desenvolven.

2. Dos consorcios, das universidades públicas non transferidas, dos fondos sen personalidade xurídica e das restantes entidades de dereito público do sector público administrativo estatal con orzamento estimativo.

Artigo 2.¹ *Da aprobación dos estados de gastos e ingresos das entidades referidas na letra a) do artigo 1 da presente lei con orzamento limitativo.*

Un. Para a execución dos programas integrados nos estados de gastos dos orzamentos das entidades mencionadas na letra a) do artigo anterior, apróbanse créditos nos capítulos económicos I a VIII por importe de 456.073.237,41 miles de euros, segundo a distribución por programas detallada no anexo I desta lei. A agrupación por políticas dos créditos destes programas é a seguinte:

	Miles de euros
Xustiza.	2.048.130,86
Defensa.	9.072.014,33
Seguridade cidadá e institucións penitenciarias.	9.694.414,96
Política exterior.	1.882.007,70
Pensións.	163.296.580,73
Outras prestacións económicas.	20.622.903,69
Servizos sociais e promoción social.	5.201.178,94
Fomento do emprego.	7.404.808,73
Desemprego.	25.011.796,59
Acceso á vivenda e fomento da edificación.	2.253.095,38
Xestión e administración de traballo e economía social.	104.150,44
Xestión e administración da inclusión da Seguridade Social e da migración.	2.499.120,21
Sanidade.	7.329.683,78
Educación.	4.893.456,13
Cultura.	1.148.063,83
Agricultura, pesca e alimentación.	8.405.077,71
Industria e enerxía.	11.176.462,19
Comercio, turismo e pemes.	2.220.008,18
Subvencións ao transporte.	2.618.291,54
Infraestruturas e ecosistemas resilientes.	11.473.421,40
Investigación, desenvolvemento, innovación e dixitalización.	12.344.566,74

	Miles de euros
Outras actuacións de carácter económico.	1.107.885,94
Órganos constitucionais, Goberno e outros.	752.090,48
Servizos de carácter xeral.	39.932.671,45
Administración financeira e tributaria.	1.564.087,68
Transferencias a outras administracións públicas.	70.342.163,71
Débeda pública.	31.675.104,09

¹ Nas cifras contidas neste anexo I non se repercutiron as emendas números 2423, 3257, 3258, 3261, 3266, 3268, 3054, 3056, 3068, por non se poderen instrumentar contablemente.

Dous. Nos estados de ingresos das entidades a que se refire o punto anterior, recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio orzamentario. A distribución do seu importe consolidado, expresado en miles de euros, recóllese a continuación:

Entes	Capítulos económicos		
	Capítulos I ao VII Ingresos non financeiros	Capítulo VIII Activos financeiros	Total ingresos
Estado.	154.795.626,76	1.820.707,79	156.616.334,55
Organismos autónomos.	38.364.588,58	753.291,40	39.117.879,98
Seguridade Social.	126.384.880,79	1.036.421,01	127.421.301,80
Resto de entidades do sector público administrativo con orzamento limitativo.	684.956,62	156.235,28	841.191,90
Total.	320.230.052,75	3.766.655,48	323.996.708,23

Tres. Para as transferencias e libramentos internos entre as entidades a que se refire o punto un deste artigo, apróbanse créditos por importe de 65.101.990,46 miles de euros, coa seguinte desagregación por entidades:

Miles de euros

Transferencias e libramentos segundo orixe	Transferencias e libramentos segundo destino				Total
	Estado	Organismos autónomos	Seguridade Social	Resto de entidades do sector público administrativo con orzamento limitativo	
Estado.	–	8.702.307,91	45.007.559,40	6.929.131,85	60.638.999,16
Organismos autónomos.	288.991,01	83.145,04	–	2.790,92	374.926,97
Resto de entidades do sector público administrativo con orzamento limitativo.	25.212,63	15.908,13	–	88.514,64	129.635,40
Seguridade Social.	183.992,69	17.875,00	3.756.561,24	–	3.958.428,93

Transferencias e libramentos segundo orixe	Transferencias e libramentos segundo destino				Total
	Estado	Organismos autónomos	Seguridade Social	Resto de entidades do sector público administrativo con orzamento limitativo	
Total.	498.196,33	8.819.236,08	48.764.120,64	7.020.437,41	65.101.990,46

Catro. Os créditos incluídos nos programas e transferencias entre subsectores dos estados de gastos aprobados neste artigo distribúense orgánica e economicamente, expresados en miles de euros, segundo se indica a continuación:

Entes	Capítulos económicos		
	Capítulos I ao VII Gastos non financeiros	Capítulo VIII Activos financeiros	Total gastos
Estado.	236.330.915,88	52.830.723,55	289.161.639,43
Organismos autónomos.	47.930.936,55	7.144,54	47.938.081,09
Seguridade Social.	175.612.154,07	573.248,37	176.185.402,44
Resto de entidades do sector público administrativo con orzamento limitativo.	7.888.097,90	2.007,01	7.890.104,91
TOTAL.	467.762.104,40	53.413.123,47	521.175.227,87

Cinco. Para a amortización de pasivos financeiros, apróbanse créditos no capítulo IX dos estados de gastos das entidades a que se refire o punto un, por importe de 94.410.637,36 miles de euros, cuxa distribución por programas se detalla no anexo I desta lei.

Artigo 3. *Dos beneficios fiscais.*

Os beneficios fiscais que afectan os tributos do Estado estímense en 39.049.080,00 miles de euros. A súa ordenación sistemática incorpórase como anexo ao estado de ingresos do Estado.

Artigo 4. *Do financiamento dos créditos aprobados no artigo 2 da presente lei.*

Os créditos aprobados no punto un do artigo 2 desta lei, que ascenden a 456.073.237,41 miles de euros, financiaranse:

- cos dereitos económicos para liquidar durante o exercicio, que se detallan nos estados de ingresos correspondentes e que se estiman en 323.996.708,23 miles de euros; e
- co endebedamento neto resultante das operacións que se regulan no capítulo I do título V desta lei.

Artigo 5. *Dos orzamentos das entidades referidas na letra b) do artigo 1 desta lei, con orzamento estimativo.*

Un. Apróbanse os orzamentos das entidades de dereito público que aplican os principios e normas de contabilidade recollidos no Código de comercio e no Plan xeral de contabilidade da empresa española, así como nas súas adaptacións e disposicións que o desenvolven, que se especifican no anexo IX, nos cales se inclúen as estimacións de gastos e as previsións de ingresos referidos a eles e aos seus estados financeiros, sen

prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, poidan conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Dous. Apróbanse os orzamentos das sociedades mercantís estatais, que recollen as súas estimacións de gastos e as previsións de ingresos, presentados de forma individualizada ou consolidados co grupo de empresas a que pertencen; neste último caso relaciónanse as sociedades obxecto de presentación consolidada. Sen prexuízo do anterior, inclúense, en calquera caso, de forma separada os das sociedades mercantís estatais que reciben subvencións con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Tres. Apróbanse os orzamentos das fundacións do sector público estatal, que recollen as súas estimacións de gastos e previsións de ingresos, que se relacionan no anexo X.

Catro. Apróbanse os orzamentos dos fondos sen personalidade xurídica, que se relacionan no anexo XI, nos cales se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a eles e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, poidan conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Cinco. Apróbanse os orzamentos dos consorcios e das restantes entidades do sector público administrativo estatal con orzamento estimativo, que se relacionan no anexo VIII, nos cales se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a eles e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, poidan conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Artigo 6. *Orzamento do Banco de España.*

De acordo co previsto no artigo 4.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, apróbase o orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España, que se une a esta lei.

CAPÍTULO II

Normas de modificación e execución de créditos orzamentarios

Artigo 7. *Principios xerais.*

Durante a vixencia destes orzamentos, tanto as modificacións como a xestión dos créditos orzamentarios autorizados nesta lei se suxeitarán ás seguintes regras:

Primeira. As modificacións de créditos orzamentarios axustaranse ao disposto nesta lei e ao que para o efecto se dispón na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, nos aspectos que non resulten modificados por aquela.

Segunda. Con independencia dos niveis de vinculación establecidos nos artigos 43 e 44 da Lei xeral orzamentaria, todo acordo de modificación orzamentaria deberá indicar expresamente a sección, servizo ou órgano público a que se refira, así como o programa, artigo, concepto e subconcepto, de ser o caso, afectados por ela.

Terceira. As transferencias de crédito e os libramentos que se realicen entre ou con cargo aos artigos 40 a 43, 70 a 73, subconcepto 820.00 «Préstamos a curto prazo a entidades do sector público estatal con orzamento limitativo», subconcepto 821.00 «Préstamos a longo prazo a entidades do sector público estatal con orzamento limitativo», subconcepto 910.00 «Amortización de préstamos a curto prazo de entidades do sector público estatal con orzamento limitativo» e subconcepto 911.00 «Amortización de préstamos a longo prazo de entidades do sector público estatal con orzamento limitativo», da clasificación económica do gasto, deberán efectuarse a través do programa orzamentario 000X «Transferencias e libramentos internos».

Cuarta. Os gastos que proceda efectuar no marco das convocatorias públicas realizadas no ámbito da política 46 «Investigación, desenvolvemento, innovación e dixitalización», cando os destinatarios sexan organismos autónomos ou outras entidades do sector público administrativo estatal con orzamento limitativo, deberán imputarse desde

o momento da resolución de concesión das correspondentes convocatorias, en todas as súas fases de execución, tanto as relativas ao orzamento en vigor como as que afecten orzamentos de exercicios posteriores, ao programa orzamentario 000X «Transferencias e libramentos internos».

Para estes efectos, nos orzamentos da Axencia Estatal de Investigación e do Instituto de Saúde Carlos III, os límites autorizados polo Consello de Ministros para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, en aplicación do artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, distribuiranse entre os programas 463B e 000X ou 465A e 000X, se for necesario para imputar os gastos que deriven das resolucións de concesión de convocatorias de axudas.

Quinta. Os créditos dotados no servizo 50 «Mecanismo de recuperación e resiliencia» de cada sección, así como o resto dos créditos vinculados ao Mecanismo de recuperación e resiliencia consignados nos orzamentos de gastos das entidades referidas nos ordinais 2.º, 3.º e 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei e os dotados no Ministerio de Sanidade no seu servizo 51 «Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (React-EU)», só se poderán executar coa finalidade de financiar actuacións que resulten elixibles conforme o seu marco regulatorio.

Para os efectos anteriores, o Goberno fixará os criterios aplicables á xestión dos créditos vinculados ao dito plan co fin de garantir a consecución dos obxectivos previstos nel.

As propostas de gasto que se vaian financiar con estes créditos deberán incorporar unha memoria específica que cuantifique e xustifique as estimacións de gasto para cada actividade e en que medida contribúen ao cumprimento dos obxectivos recollidos no plan estratéxico aprobado. Todo iso deberá realizarse seguindo o establecido na normativa reguladora do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

O Goberno poderá acordar as transferencias dos citados créditos entre seccións co fin de garantir unha correcta absorción do Mecanismo de recuperación e resiliencia, de conformidade co artigo 9.un.2 desta lei.

Sexta. Nas entidades referidas nos ordinais 2.º, 3.º e 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei, os ingresos por transferencias recibidas da Administración do Estado, procedentes do Mecanismo para a recuperación e resiliencia e do REACT-UE, están legalmente afectados a financiar os créditos orzamentarios destinados a cubrir os proxectos ou liñas de acción que se integren dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En caso de non realizarse o gasto, as citadas entidades deberán reintegrar ao Tesouro público os fondos recibidos que non se vaian destinar á finalidade asignada.

Coa finalidade de permitir o seu seguimento, na formulación das contas anuais, no remanente de tesouraría afectado, distinguirase a parte afectada destinada a cubrir estas actuacións.

Para os efectos de compasar os libramentos recibidos nas referidas entidades ás súas necesidades financeiras e evitar que xurdan excesivas desviacións acumuladas positivas, os créditos para transferencias dotados no servizo 50 «Mecanismo de recuperación e resiliencia» de cada sección, e a través do programa orzamentario 000X «Transferencias e libramentos internos», libraranse en función dos compromisos que as citadas entidades vaian asumindo con terceiros como consecuencia da realización de gastos que resulten elixibles.

Sétima. Nos organismos públicos e resto de entidades do sector público estatal con orzamento estimativo, nas comunidades autónomas e corporacións locais e nas súas entidades dependentes, os ingresos por transferencias recibidas da Administración xeral do Estado, procedentes do Mecanismo para a recuperación e resiliencia e do REACT-UE, están legalmente afectados a financiar os proxectos ou liñas de acción que se integren dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, co grao de detalle especificado nel. En caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos, as citadas entidades deberán reintegrar os fondos recibidos ao Tesouro público. O procedemento de reintegro para estes efectos regularase mediante orde da persoa titular do Ministerio de Facenda.

No caso do financiamento de proxectos xestionados por entidades privadas, a través dos dous citados instrumentos, a articulación do dito financiamento deberá ir vinculada ao cumprimento dos obxectivos previstos no plan, así como á estimación de custos vinculada a eles. En caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos, as citadas entidades deberán reintegrar os fondos recibidos. O procedemento de reintegro, para estes efectos, regularase mediante orde da persoa titular do Ministerio de Facenda.

Artigo 8. *Créditos vinculantes.*

Un. Durante a vixencia destes orzamentos consideraranse vinculantes os seguintes créditos dos orzamentos do Estado, organismos autónomos e resto de entidades do sector público administrativo estatal con orzamento limitativo:

1. Os créditos consignados para atender obrigacións de exercicios anteriores, co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos.

2. Os créditos 150 «Produtividade», 151 «Gratificacións», 153 «Complemento de dedicación especial» e demais conceptos incluídos no artigo 15 «Incentivos ao rendemento».

3. Os créditos 162.00 «Formación e perfeccionamento do persoal», 162.01 «Economatos e comedores» e 162.04 «Acción social».

4. Os créditos 221.09 «Labores Fábrica Nacional Moeda e Timbre» e 227.06 «Estudos e traballos técnicos».

5. Os créditos dotados no servizo 50 «Mecanismo de recuperación e resiliencia» de cada sección, así como o resto dos créditos vinculados ao Mecanismo de recuperación e resiliencia consignados nos orzamentos de gastos das entidades referidas nos ordinais 2.º e 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei e os dotados no Ministerio de Sanidade no seu servizo 51 «Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (React-EU)», especificaranse economicamente polo seu importe global, coa excepción dos gastos de persoal, cuxa especificación estará determinada polos artigos 43 e 44 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e os créditos que establezan asignacións identificando receptor ou beneficiario, que terán carácter limitativo e vinculante. A súa especificación orgánica e funcional estará determinada, respectivamente, polo servizo e programa.

Dous. Durante a vixencia destes orzamentos consideraranse vinculantes os seguintes créditos:

1. No orzamento da sección 13 «Ministerio de Xustiza», vinculará a nivel de subconcepto o crédito 13.02.112A.227.11 «Para programas de atención a vítimas do delito e de loita contra a criminalidade e demais fins previstos na disposición adicional sexta da Lei de axuízamento criminal» e o crédito 13.02.112A.227.12 «Para toda clase de gastos derivados do funcionamento e xestión da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos (ORXA)».

2. No orzamento da sección 16 «Ministerio do Interior», vinculará a nivel de subconcepto o crédito 16.03.132A.221.10 «Á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre por afectación das taxas do DNI e pasaportes».

3. No orzamento da sección 19 «Ministerio de Traballo e Economía Social», vincularán a nivel de concepto o crédito 19.01.281M.207 «Arrendamentos de edificios PSA» e os créditos 19.01.281M.628 e 19.01.281M.638 «Patrimonio sindical acumulado».

4. No orzamento da sección 23 «Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico», vincularán a nivel de concepto o crédito 23.05.452A.615 «Investimentos en actuacións ambientais e PIMA Adapta. Actuacións financiadas con ingresos procedentes de poxas de dereitos de emisión» e o crédito 23.06.456D.614 «PIMA Adapta Costas. Actuacións financiadas con ingresos procedentes de poxas de dereitos de emisión».

5. No orzamento da sección 26 «Ministerio de Sanidade», vinculará a nivel de subconcepto o crédito 26.18.231A.227.11 «Para actividades de prevención, investigación,

persecución e represión dos delitos relacionados co tráfico de drogas e demais fins a que se refire a Lei 17/2003, do 29 de maio».

6. No orzamento do organismo 23.101 «Parques nacionais», vinculará a nivel de concepto o crédito 23.101.456C.603 «Plan PIMA Adapta. Actuacións financiadas con ingresos procedentes de poxas de dereitos de emisión».

7. No orzamento do organismo 28.107 «Instituto de Saúde Carlos III», vincularán a nivel de capítulo, con excepción das dotacións que identifiquen perceptor ou beneficiario, e sen prexuízo da súa especificación a nivel de concepto nos estados de gasto, os créditos orzamentarios consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital» para o programa 465A «Investigación Sanitaria».

8. No orzamento do organismo 28.303 «Axencia Estatal de Investigación», con excepción das dotacións que identifiquen perceptor ou beneficiario e sen prexuízo da súa especificación a nivel de concepto nos estados de gasto, vincularán a nivel de capítulo os créditos consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital» para o programa 463B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica».

Tres. Durante a vixencia destes orzamentos, consideraranse vinculantes, ao nivel que corresponda á súa concreta clasificación económica, os créditos dos orzamentos das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social 130.0 «Altos cargos» e 130.1.0 «Directivos suxeitos a contratos de alta dirección».

Artigo 9. *Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias.*

Un. Durante a vixencia destes orzamentos, correspóndenlle ao Goberno, por proposta do titular do Ministerio de Facenda, as seguintes competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias:

1. Transferencias de crédito entre seccións para atender necesidades ineludibles, en casos distintos dos previstos no artigo 52.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Transferencias de crédito entre distintas seccións que afecten os servizos 50 «Mecanismo de recuperación e resiliencia» e 51 «Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (React-EU)».

A estas transferencias de crédito non lles resultarán de aplicación as restricións recollidas no artigo 52.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Dous. Durante a vixencia destes orzamentos, correspóndenlle ao titular do Ministerio de Facenda as seguintes competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias:

1. Autorizar as transferencias que afecten os créditos recollidos no artigo 8, puntos Un.1, Un.2, Un.3, Un.4, Dous.2, Dous.4 e Dous.6 da presente lei.

2. Autorizar as transferencias que se realicen con cargo ao crédito 13.02.112A.227.11 «Para programas de atención a vítimas do delito e de loita contra a criminalidade e demais fins previstos na disposición adicional sexta da Lei de axuízamento criminal», cando se destinen a outros departamentos ministeriais.

3. Autorizar as transferencias que se realicen con cargo ao crédito 26.18.231A.227.11 «Para actividades de prevención, investigación, persecución e represión dos delitos relacionados co tráfico de drogas e demais fins a que se refire a Lei 17/2003, do 29 de maio», cando se destinen a outros departamentos ministeriais.

4. Autorizar as transferencias de crédito entre servizos ou organismos autónomos de distintos departamentos ministeriais, cando for necesario para a distribución dos créditos do Fondo para a Investigación Científica e o Desenvolvemento Tecnolóxico.

5. Autorizar transferencias de crédito entre servizos ou organismos autónomos de distintos departamentos ministeriais, cando for necesario para facer efectiva a redistribución, reasignación ou mobilidade dos efectivos de persoal ou dos postos de traballo, nos casos previstos no capítulo IV do título III do Regulamento xeral de ingresos

do persoal ao servizo da Administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, así como para facer efectiva a mobilidade forzosa do persoal laboral da Administración xeral do Estado de acordo coa normativa que lles sexa de aplicación.

6. Autorizar as transferencias ou variacións que se realicen no orzamento das entidades referidas nos ordinais 1.º, 2.º e 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei, desde créditos para operacións de capital a créditos para operacións correntes.

7. Autorizar as variacións ou modificacións orzamentarias que se realicen con cargo a remanentes de tesouraría das entidades referidas no ordinal 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei cando superen a contía de 500.000 euros, excepto que a normativa orzamentaria atribúa a súa competencia ao Consello de Ministros ou requira a remisión dun proxecto de lei ás Cortes Xerais.

Este límite referirase ao conxunto de variacións ou modificacións efectuadas no exercicio orzamentario.

8. Autorizar as variacións ou modificacións orzamentarias que se realicen no orzamento das entidades referidas nos ordinais 1.º, 2.º e 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei, cando afecten créditos do capítulo 4 «Transferencias correntes», do capítulo 7 «Transferencias de capital» ou do capítulo 8 «Activos financeiros», excepto que a normativa orzamentaria atribúa a súa competencia ao Consello de Ministros ou requira a remisión dun proxecto de lei ás Cortes Xerais, coa excepción do previsto no punto cinco do presente artigo.

9. Autorizar as modificacións orzamentarias que afecten o crédito 14.03.122B.6 «Investimentos reais».

Tres. Durante a vixencia destes orzamentos, corresponde ao titular do Ministerio de Defensa autorizar as xeracións de crédito recollidas no artigo 53.2.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, motivadas por ingresos procedentes de vendas de produtos farmacéuticos ou de prestación de servizos hospitalarios, así como por ingresos procedentes de subministracións de víveres, combustibles ou prestacións alimentarias debidamente autorizadas, e prestacións de servizos a exércitos de países integrados na OTAN e os procedentes das prestacións de servizos e vendas efectuadas pola Área de Cría Cabalar das Forzas Armadas.

Catro. Durante a vixencia destes orzamentos, corresponde ao titular do Ministerio de Sanidade autorizar as xeracións de crédito recollidas no artigo 53.2.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, como consecuencia dos ingresos a que se refire a disposición adicional décima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Co obxecto de reflectir as repercusións que no orzamento de gastos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria deben ter as transferencias do Estado á Seguridade Social, pola xeración de crédito producido como consecuencia da recadación efectiva de ingresos a que se refire a disposición adicional décima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, o ministro de Sanidade poderá autorizar as ampliacións de crédito que sexan necesarias no orzamento de gastos da dita entidade.

En todo caso, unha vez autorizadas as modificacións orzamentarias a que se refire o parágrafo anterior, remitiranse ao Ministerio de Facenda, Dirección Xeral de Orzamentos, para o seu coñecemento.

Cinco. Durante a vixencia destes orzamentos, corresponde aos titulares dos departamentos ministeriais ou aos presidentes ou directores dos organismos autónomos e resto de entidades do sector público administrativo estatal con orzamento limitativo autorizar nos seus respectivos orzamentos as transferencias de crédito ou as variacións orzamentarias que afecten as transferencias correntes e de capital cando a natureza xurídica dos axentes perceptores, recollidos como beneficiarios na proposta de resolución de concesión, non sexa coincidente coa previsión inicial recollida na correspondente convocatoria de subvencións ou axudas públicas.

Seis. Durante a vixencia destes orzamentos, no caso de modificacións de crédito no orzamento das entidades do ordinal 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei cuxo financiamento se realice con cargo ao orzamento de gastos do Estado, ambas as modificacións acordaranse mediante o procedemento que lle sexa de aplicación á do Estado.

Sete. Durante a vixencia destes orzamentos corresponde aos titulares dos departamentos ministeriais ou aos presidentes ou directores dos organismos autónomos e resto de entidades do sector público administrativo estatal con orzamento limitativo autorizar nos seus respectivos orzamentos as ampliacións de crédito do capítulo 1 «Gastos de persoal» que se financien con cargo a créditos do mesmo capítulo, así como as transferencias de crédito que se efectúen entre créditos do capítulo 1 «Gastos de persoal», con independencia de que afecten distintos servizos ou programas, excluídos os créditos destinados a incentivos ao rendemento ou a gastos sociais do persoal.

Oito. Durante a vixencia destes orzamentos, corresponde aos titulares dos departamentos ministeriais ou aos presidentes ou directores dos organismos autónomos e resto de entidades do sector público administrativo estatal con orzamento limitativo autorizar nos seus respectivos orzamentos as transferencias de crédito e as xeracións de crédito que teñan por obxecto financiar gastos comúns de edificios compartidos e servizos horizontais prestados pola Intervención Xeral da Administración do Estado, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou pola Secretaría Xeral de Administración Dixital, e sempre que se financien con créditos da mesma natureza que a actuación que se vaia realizar. Nas transferencias, a competencia corresponderá ao órgano que proporciona o financiamento.

Novo. Durante a vixencia destes orzamentos, corresponde aos titulares dos departamentos ministeriais autorizar nos seus respectivos orzamentos as transferencias entre os créditos dotados dentro do servizo 50 «Mecanismo de recuperación e resiliencia e os dotados no Ministerio de Sanidade dentro do seu servizo 51 «Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (React-EU). Así mesmo, corresponde aos presidentes ou directores dos organismos autónomos e resto de entidades do sector público administrativo estatal con orzamento limitativo, excluídas as entidades integrantes da Seguridade Social, autorizar as transferencias entre créditos vinculados ao Mecanismo de recuperación e resiliencia consignados nos seus orzamentos de gastos.

Dez. O Goberno remitirá ás Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, información trimestral de todas as transferencias a que se refire este artigo, identificando as partidas afectadas, o seu importe e a súa finalidade. A Oficina porá a dita documentación á disposición dos deputados, senadores e das comisións parlamentarias.

Artigo 10. *Das limitacións orzamentarias.*

Un. A limitación para realizar transferencias de crédito desde operacións de capital a correntes a que se refire o artigo 52.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, non será de aplicación cando as transferencias se efectúen en uso da autorización contida no punto 6 do artigo 9.dous da presente lei e, no ámbito do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, cando se efectúen en uso da autorización contida no punto 1 do artigo 15.

Dous. As limitacións contidas no artigo 52.1.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, non serán de aplicación cando as transferencias se efectúen en uso da autorización contida nos puntos 2, 3, 4 e 5 do artigo 9.dous da presente lei.

Tres. Durante a vixencia destes orzamentos, non serán de aplicación as limitacións contidas no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e resultará de aplicación o preceptuado no artigo 59 da mesma lei respecto do financiamento das ampliacións de crédito que se realicen na aplicación orzamentaria 27.04.923O.351 «Cobertura de riscos en avais prestados polo Tesouro, incluídos os riscos de exercicios anteriores» e na aplicación orzamentaria 27.04.923O.355 «Compensacións derivadas da execución de avais fronte ao Tesouro público», cando sexan consecuencia das medidas financeiras contidas na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de

novembro, do sector eléctrico; na disposición adicional segunda do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito; no artigo único do Real decreto lei 9/2010, do 28 de maio, polo que se autoriza a Administración xeral do Estado para o outorgamento de avais a determinadas operacións de financiamento no marco do Mecanismo europeo de estabilización financeira; no punto dous.e) do artigo 52 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, e no punto dous.b) do artigo 54 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013; nos artigos 4 e 5 do Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, polo que se adoptan medidas complementarias en materia agraria, científica, económica, de emprego e Seguridade Social e tributarias para paliar os efectos da COVID-19; na disposición adicional terceira do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19; e no artigo 1 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego. e respecto do financiamento das ampliacións de crédito que se realicen na sección 34, «Relacións financeiras coa Unión Europea», e na aplicación orzamentaria recollida no anexo II.segundo.seis.d) da presente lei, que serán financiadas con endebedamento, e queda autorizada a Administración xeral do Estado para realizar as operacións requiridas.

Catro. Durante a vixencia destes orzamentos, os gastos de carácter plurianual derivados dos arrendamentos de inmobles, incluídos os contratos mixtos de arrendamento e adquisición, non poderán superar as dez anualidades e o gasto que se impute a cada un dos exercicios posteriores non poderá exceder a cantidade que resulte de aplicar ao crédito inicial a que corresponda a operación o 100 por cento.

O Goberno poderá acordar a modificación da porcentaxe anterior, incrementar o número de anualidades ou autorizar a adquisición de compromisos de gastos que se deban atender en exercicios posteriores no caso de que non exista crédito inicial, de acordo co procedemento previsto no punto 3 do artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Cinco. Durante a vixencia destes orzamentos non se poderán incorporar os remanentes de créditos derivados de xeracións aprobadas no exercicio anterior; por tanto, queda sen efecto o previsto na letra b) do artigo 58 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Seis. O Goberno comunicará trimestralmente ás Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, as modificacións de crédito realizadas no dito período de tempo, para os efectos de informar do cumprimento do previsto neste artigo. A Oficina porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

Artigo 11. *Das ampliacións e incorporacións de crédito.*

Un. Para os efectos do disposto no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, terán a condición de ampliables os créditos que se relacionan no anexo II desta lei.

Dous. Para os efectos do disposto no artigo 58.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, poderán incorporarse aos créditos do exercicio os remanentes que se recollen no anexo VII desta lei

CAPÍTULO III

De a Seguridade Social

Artigo 12. *Da Seguridade Social.*

Un. O financiamento da asistencia sanitaria, a través do orzamento do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, efectuarase con dúas achegas finalistas do Estado, unha

para operacións correntes, por un importe de 281.942,48 miles de euros, e outra para operacións de capital, por un importe de 40.000,18 miles de euros, e con calquera outro ingreso afectado a aquela entidade, por importe estimado de 1.097,46 miles de euros.

Dous. O orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais financiarase no exercicio do ano 2021 con achegas do Estado para operacións correntes por un importe de 5.271.854,05 miles de euros e para operacións de capital por un importe de 9.125,00 miles de euros, así como por calquera outro ingreso afectado aos servizos prestados pola entidade, por un importe estimado de 36.730,68 miles de euros.

Tres. A asistencia sanitaria non contributiva do Instituto Social da Mariña financiarase con dúas achegas do Estado, unha para operacións correntes por un importe de 2.855,00 miles de euros, e outra para operacións de capital por un importe de 20,00 miles de euros. Así mesmo, financiaranse mediante achega do Estado os servizos sociais do dito instituto, a través dunha transferencia corrente por un importe de 14.262,00 miles de euros e dunha transferencia para operacións de capital por importe de 1.240,20 miles de euros.

Catro. Para os efectos do previsto na disposición adicional trixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, realizaranse as seguintes transferencias do Estado aos orzamentos da Seguridade Social en cumprimento da recomendación primeira do Pacto de Toledo 2020:

Concepto	Miles de euros
Para o financiamento da prestación contributiva de nacemento e coidado de menor.	2.784.724,51
Para financiar reducións na cotización á Seguridade Social.	1.779.447,58
Para financiar outros conceptos en cumprimento da recomendación primeira do Pacto de Toledo 2020.	9.364.827,91

Cinco. Para o financiamento do resto de entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, o Estado realizará achegas polos seguintes conceptos e importes:

Concepto	Miles de euros
Para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional terceira do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro (pensións extraordinarias do persoal das Forzas Armadas e forzas e corpos de seguridade do Estado).	249,75
Para financiar as prestacións non contributivas establecidas polas leis 26/1990, do 20 de decembro, e 35/2007, do 15 de novembro. Protección familiar, mesmo para atender obrigacións de exercicios anteriores.	1.414.001,30
Para financiar as prestacións económicas non contributivas por nacemento e coidado de menor.	550,00
Para financiar prestacións de orfandade non contributivas en favor de vítimas de violencia de xénero.	4.900,00
Para financiar os complementos de pensións mínimas do sistema da Seguridade Social.	7.075.019,95
Para financiar o ingreso mínimo vital.	3.016.910,00
Para cotas da Seguridade Social e outras obrigacións derivadas da Lei de amnistía do 15 de outubro de 1977, mesmo para atender obrigacións de exercicios anteriores.	12,02
Para financiar as bonificacións de cotas empresariais por tripulantes de buques especificados na Lei 19/1994, do 6 de xullo, de réxime económico e fiscal de Canarias, incluso para atender obrigacións de exercicios anteriores.	60.000,00

Concepto	Miles de euros
Para financiar as prestacións da síndrome tóxica, mesmo para atender obrigacións de exercicios anteriores.	27.527,47
Para financiar axudas previas á xubilación ordinaria a traballadores maiores de 60 anos no sistema da Seguridade Social.	6.500,00
Para financiar axudas para facilitar a adaptación do sector da estiba aos cambios das súas relacións laborais como consecuencia da Sentenza do TXUE do 11 de decembro de 2014.	13.000,00
Achega do Estado ao orzamento da Seguridade Social procedente do Mecanismo de recuperación e resiliencia.	8.500,00

TÍTULO II

Da xestión orzamentaria

CAPÍTULO I

Da xestión dos orzamentos docentes

Artigo 13. *Módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados.*

Un. De acordo co establecido nos puntos segundo e terceiro do artigo 117 e da disposición adicional vixésimo sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2021 é o fixado no anexo IV desta lei.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 116.1 en relación co 15.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as unidades que se concerten nas ensinanzas de educación infantil financiaranse conforme os módulos económicos establecidos no anexo IV.

Os ciclos formativos de grao medio e de grao superior financiaranse consonte os módulos económicos establecidos no anexo IV. Na partida correspondente a outros gastos daquelas unidades concertadas de formación profesional que contén con autorización para unha ratio inferior a 30 alumnos por unidade escolar aplicarase un coeficiente redutor de 0,015 por cada alumno menos autorizado.

O financiamento da formación en centros de traballo (FCT) correspondente aos ciclos formativos de grao medio e superior, no relativo á participación das empresas no desenvolvemento das prácticas dos alumnos, realizarase en termos análogos aos establecidos para os centros públicos.

Os ciclos de formación profesional básica financiaranse conforme o módulo económico establecido no anexo IV. Os concertos dos ciclos de formación profesional básica terán carácter xeral, conforme establece o artigo 116.6 da Lei orgánica 2/2006, de educación, modificado polo punto setenta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Así mesmo, as unidades concertadas en que se imparten as ensinanzas de bacharelato financiaranse conforme o módulo económico establecido no anexo IV.

As comunidades autónomas poderán adecuar os módulos establecidos no citado anexo ás exixencias derivadas do currículo establecido por cada unha das ensinanzas, sempre que iso non supoña unha diminución das contías dos ditos módulos en ningunha das cantidades en que se diferencian, fixadas na presente lei.

As retribucións do persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2021, sen prexuízo da data en que se asinen os respectivos convenios colectivos de empresas de ensino privado sostido total ou parcialmente con fondos públicos, aplicables a cada

nivel educativo nos centros concertados. A Administración poderá aceptar pagamentos á conta, logo de solicitude expresa e coincidente de todas as organizacións patronais e consulta coas organizacións sindicais negociadoras dos citados convenios colectivos, até o momento en que se produza a sinatura do correspondente convenio, considerándose que estes pagamentos á conta terán efecto desde o 1 de xaneiro de 2021. O compoñente do módulo destinado a «Outros gastos» producirá efecto a partir do 1 de xaneiro de 2021.

As contías sinaladas para salarios do persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola Administración, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os «Gastos variables» efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

A contía correspondente a «Outros gastos» aboarse mensualmente; os centros poderán xustificar a súa aplicación ao finalizar o correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanzas concertadas do centro. Nos ciclos formativos de grao medio e superior cuxa duración sexa de 1.300 ou 1.400 horas, as administracións educativas poderán establecer o aboamento da partida doutros gastos do segundo curso, fixada no módulo recollido no anexo IV, de forma conxunta coa correspondente ao primeiro curso, sen que iso supoña en ningún caso un incremento da contía global resultante.

Dous. Os centros docentes que teñan unidades concertadas en todos os cursos da educación secundaria obrigatoria serán dotados do financiamento dos servizos de orientación educativa a que se refire o artigo 22.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional adecuado a estas funcións, por cada 25 unidades concertadas de educación secundaria obrigatoria. Por tanto, os centros concertados terán dereito á xornada correspondente do citado profesional, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teñan concertadas. No ámbito das súas competencias e de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, as administracións educativas poderán incrementar o financiamento dos servizos de orientación educativa.

Tres. No ámbito das súas competencias, as administracións educativas poderán fixar as relacións profesor/unidade concertada adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas con base en xornadas de profesor con vinte e cinco horas lectivas semanais.

A Administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto nos módulos económicos do anexo IV.

Así mesmo, a Administración non asumirá os incrementos retributivos, fixados en convenio colectivo, que supoñan unha porcentaxe superior ao incremento establecido para o profesorado do ensino público nos distintos niveis de ensino salvo que, en prol da consecución da equiparación gradual a que fai referencia o artigo 117.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, se produza o seu recoñecemento expreso pola Administración e a conseguinte consignación orzamentaria.

Catro. As administracións educativas poderán, no ámbito das súas competencias, incrementar as relacións profesor/unidade dos centros concertados, en función do número total de profesores afectados polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando até a entrada en vigor desta lei e se encontren neste momento incluídos na nómina de pagamento delegado, así como da progresiva potenciación dos equipos docentes. Todo iso sen prexuízo das modificacións de unidades que se produzan nos centros concertados, como consecuencia da normativa vixente en materia de concertos educativos.

Cinco. Os centros concertados recibirán as compensacións económicas e profesionais para o exercicio da función directiva a que fai referencia o artigo 117.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Seis. As cantidades máximas que se percibirán dos alumnos en concepto de financiamento complementario ao proveniente dos fondos públicos que se asignen ao

réxime de concertos singulares, subscritos para ensinanzas de niveis non obrigatorios, e en concepto exclusivo de ensino regrado, son as que se establecen a continuación:

- a) Ciclos formativos de grao superior: entre 18 e 36 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.
- b) Bacharelato: entre 18 e 36 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.

O financiamento obtido polos centros, consecuencia de lles cobrar aos alumnos estas cantidades, terá o carácter de complementario ao aboado directamente pola Administración para o financiamento dos «Outros gastos».

Os centros que no ano 2020 estivesen autorizados para percibir cotas superiores ás sinaladas poderán mantelas para o exercicio 2021.

A cantidade aboada pola Administración non poderá ser inferior á resultante de minorar en 3.606,08 euros o importe correspondente ao compoñente de «Outros gastos» dos módulos económicos establecidos no anexo IV; as administracións educativas competentes poderán establecer a regulación necesaria ao respecto.

Sete. Financiamento do ensino concertado nas cidades de Ceuta e Melilla: co obxecto de dotar os centros dos equipos directivos nos termos establecidos no artigo 117.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e de aumentar a dotación do financiamento dos servizos de orientación educativa a que se refire o artigo 22.3 da mesma lei, sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional adecuado a estas funcións, por cada 16 unidades concertadas de educación secundaria obrigatoria, e por cada 24 unidades en educación primaria, o importe do módulo económico por unidade escolar para o ámbito territorial das cidades de Ceuta e Melilla será o que se establece no anexo V.

Artigo 14. *Autorización dos custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).*

Ao abeiro do establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, de conformidade co establecido no seu artigo 81.4 e con suxeición ao establecido no título III desta lei, autorízanse para o ano 2021 os custos de persoal docente (funcionario e contratado) e do persoal de administración e servizos (funcionario e laboral fixo) da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) polos importes consignados no anexo VI desta lei.

CAPÍTULO II

Da xestión orzamentaria da sanidade e dos servizos sociais

Artigo 15. *Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.*

Durante a vixencia destes orzamentos, corresponde á persoa titular do Ministerio de Facenda autorizar, respecto dos orzamentos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, as seguintes modificacións orzamentarias:

Un. As transferencias de crédito que afecten gastos de persoal ou os demais créditos orzamentarios que enumera o artigo 44.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como as transferencias que se realicen desde créditos para operacións de capital a créditos para operacións correntes.

Non obstante, cando se trate de transferencias de crédito que se efectúen entre créditos do capítulo 1 «Gastos de persoal» de cada entidade, con independencia de que afecten distintos programas, excluídos os créditos destinados a incentivos ao rendemento ou a gastos sociais do persoal, a competencia corresponderá ao titular do Ministerio de

Sanidade, respecto do orzamento do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, e ao titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, respecto do orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.

Dous. As incorporacións de remanentes reguladas no artigo 58 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 16. *Aplicación de remanentes de tesouraría no orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.*

Os remanentes de tesouraría, a favor do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, existentes na Tesouraría Xeral da Seguridade Social en 31 de decembro de cada ano poderán destinarse a financiar o orzamento de gasto do Instituto de Maiores e Servizos Sociais. Así mesmo, poderán ser utilizados para financiar posibles modificacións de crédito no exercicio seguinte a aquel en que se produzan.

Non obstante, o remanente de tesouraría que se poida xerar como consecuencia dos excedentes de financiamento por parte do Estado das pensións non contributivas por invalidez e xubilación do ano 2020, que certifique a Intervención Xeral da Seguridade Social, unicamente poderá ser aplicado ao financiamento de insuficiencias que se poidan producir nos créditos para atender pensións non contributivas por invalidez e xubilación.

CAPÍTULO III

Outras normas de xestión orzamentaria

Artigo 17. *Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Un. A porcentaxe de participación na recadación bruta obtida en 2021 derivada dos actos de liquidación e xestión recadatoria ou doutros actos administrativos acordados ou ditados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria será do 5 por 100.

Dous. Para os efectos do disposto no parágrafo cuarto do punto cinco.b) do artigo 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, a variación de recursos da Axencia Estatal de Administración Tributaria derivada da indicada participación instrumentarase a través dunha xeración de crédito, que será autorizada pola ministra de Facenda, cuxa contía será a resultante de aplicar a porcentaxe sinalada no punto anterior.

Tres. A recadación derivada dos actos de liquidación e xestión recadatoria ou doutros actos administrativos acordados ou ditados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, aplicada ao orzamento de ingresos do Estado no mes de decembro de 2020 poderá, de ser o caso, xerar crédito no mesmo concepto, ou equivalente, do orzamento do Estado para 2021, na porcentaxe establecida no punto un deste artigo, segundo o procedemento previsto na Orde do 4 de marzo de 1993, que desenvolve o artigo 97 da Lei 39/1992, de orzamentos xerais do Estado para 1993.

TÍTULO III

Dos gastos de persoal

CAPÍTULO I

Dos gastos do persoal ao servizo do sector público

Artigo 18. *Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público.*

Un. Para os efectos do establecido no presente capítulo, constitúen o sector público:

a) A Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos e axencias estatais e as universidades da súa competencia.

- b) As administracións das comunidades autónomas, os organismos delas dependentes e as universidades da súa competencia.
- c) As corporacións locais e os organismos delas dependentes.
- d) As entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social.
- e) Os órganos constitucionais do Estado, sen prexuízo do establecido no artigo 72.1 da Constitución, así como as asembleas lexislativas das comunidades autónomas.
- f) As sociedades mercantís públicas, entendendo por tales aquelas en que a participación, directa ou indirecta, no seu capital social das administracións e entidades enumeradas neste artigo sexa superior ao 50 por cento. No sector público estatal consideraranse como tales as reguladas no artigo 111.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- g) As entidades públicas empresariais e o resto dos organismos públicos e entes do sector público estatal, autonómico e local.
- h) As fundacións do sector público e os consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público.
- i) O Banco de España, nos termos establecidos na Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España.
- j) O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB).

Dous. No ano 2021, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 0,9 por cento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2020, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade deste. Os gastos de acción social non poderán incrementarse, en termos globais, respecto aos de 2020. A este respecto, considérase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado cuxa finalidade é satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias persoais do citado persoal ao servizo do sector público.

Tres. No sector público poderanse realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos, sempre que non se supere o incremento global fixado no punto anterior.

Catro. A masa salarial do persoal laboral, que poderá incrementarse na porcentaxe máxima prevista no punto dous deste artigo, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, está integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais devindicadas polo dito persoal no ano anterior.

Exceptúanse, en todo caso:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social por conta do empregador.
- c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- d) As indemnizacións ou compensacións por gastos que realizase o traballador.

Cinco. 1. Os funcionarios a que resulta de aplicación o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (en diante, EBEP), e incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da disposición derradeira cuarta do EBEP ou das leis de función pública ditadas en desenvolvemento daquel, percibirán, en concepto de soldo e trienios, nas nóminas ordinarias de xaneiro a decembro de 2021, as contías referidas a doce mensualidades que se recollen a continuación:

Grupo/Subgrupo EBEP	Soldo (euros)	Trienios (euros)
A1	14.572,68	560,88
A2	12.600,72	457,44
B	11.014,68	401,28

Grupo/Subgrupo EBEP	Soldo (euros)	Trienios (euros)
C1	9.461,04	346,20
C2	7.874,16	235,68
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP)	7.206,96	177,36

2. Os funcionarios a que se refire o punto anterior percibirán, en cada unha das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro no ano 2021, en concepto de soldo e trienios, os importes que se recollen a continuación:

Grupo/Subgrupo EBEP	Soldo (euros)	Trienios (euros)
A1	749,38	28,85
A2	765,83	27,79
B	793,33	28,92
C1	681,43	24,91
C2	650,20	19,44
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP)	600,58	14,78

Seis. Para os efectos do disposto no punto anterior, as retribucións que percibirán os funcionarios públicos que até a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007 viñeron referenciadas aos grupos de titulación previstos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, están referenciadas aos grupos e subgrupos de clasificación profesional establecidos no artigo 76 e disposición transitoria terceira do EBEP, sen experimentar outras variacións que as derivadas desta lei. As equivalencias entre ambos os sistemas de clasificación son as seguintes:

Grupo A Lei 30/1984: subgrupo A1 EBEP.

Grupo B Lei 30/1984: subgrupo A2 EBEP.

Grupo C Lei 30/1984: subgrupo C1 EBEP.

Grupo D Lei 30/1984: subgrupo C2 EBEP.

Grupo E Lei 30/1984: agrupacións profesionais EBEP.

Sete. O disposto nos puntos anteriores debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados nel.

Oito. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos fixados neste artigo deberán experimentar a oportuna adecuación e devirán en inaplicables as cláusulas que se opoñan a el.

Nove. As referencias a retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Dez. Os límites establecidos neste artigo serán de aplicación ás retribucións dos contratos mercantís do persoal do sector público.

Once. Este artigo ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución. Ademais, o punto tres dítase en aplicación do disposto no artigo 29 do EBEP.

Artigo 19. *Oferta de emprego público, contratos e nomeamentos temporais do persoal do sector público.*

Un. 1. A incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, coa excepción dos órganos recollidos no punto Un.e) do artigo anterior, regularase polos criterios sinalados neste artigo e suxeitarase a unha taxa de reposición de efectivos do 110 por cento nos sectores prioritarios e do 100 por cento nos demais sectores.

As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira en 31 de decembro do exercicio anterior terán un 110 por cento de taxa en todos os sectores.

2. As sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público rexeranse polo establecido nas disposicións adicionais vixésima, vixésimo primeira e vixésimo segunda.

3. Considéranse sectores prioritarios, para efectos da taxa de reposición:

A) Administracións públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación coa determinación do número de prazas para o acceso aos corpos de funcionarios docentes.

B) Administracións públicas con competencias sanitarias respecto das prazas de persoal estatutario e equivalente dos servizos de saúde do Sistema nacional de saúde.

C) Forzas Armadas, en relación coas prazas de militares de carreira e militares de complemento de acordo co previsto na Lei 39/2007, do 19 de novembro, de carreira militar.

D) Administracións públicas respecto do control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de seguridade social, e do control da asignación eficiente dos recursos públicos.

E) Administracións públicas respecto do asesoramento xurídico e da xestión dos recursos públicos.

F) Prazas dos corpos de letrados da Administración de xustiza e de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza.

G) Administracións públicas respecto da cobertura das prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.

H) Administracións públicas en relación coas prazas de persoal investigador e técnico dos axentes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, nos termos da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Nos organismos públicos de investigación da Administración do Estado, autorízanse, ademais, 30 prazas para a contratación de persoal investigador como laboral fixo nos ditos organismos.

Igualmente, co límite máximo do 110 por cento da taxa de reposición, autorízanse os organismos de investigación doutras administracións públicas para contratar persoal investigador doutor que superase unha avaliación equivalente ao certificado I3, na modalidade de investigador distinguido, como persoal laboral fixo nos ditos organismos.

I) Prazas dos corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade, de profesores contratados doutores de universidade regulados no artigo 52 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e prazas de persoal de administración e servizos das universidades, sempre que as administracións públicas de que dependan autoricen as correspondentes convocatorias.

Dentro do límite da taxa de reposición correspondente aos corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade e aos profesores contratados doutores previsto no parágrafo anterior, cada universidade estará obrigada a destinar, como mínimo, un 15 por cento do total de prazas que oferte á incorporación, naquela categoría para a cal estea acreditado, de persoal investigador doutor que obtivese o certificado I3 dentro do marco do Programa Ramón y Cajal. No suposto de que non se utilicen todas as prazas previstas nesta reserva, estas poderánselles ofertar a outros investigadores de programas de excelencia, nacionais ou internacionais e que obtivesen o certificado I3. Neste caso, a universidade deberá

achegar un certificado do Ministerio de Universidades en que conste que os programas ofertados reúnen os requisitos establecidos neste punto.

J) Prazas correspondentes á supervisión e inspección dos mercados de valores e daqueles que interveñen neles.

K) Prazas correspondentes á seguridade aérea, respecto do persoal que realiza actuacións de inspección e supervisión da seguridade aérea, as operacións de voo e operacións aeroportuarias e actuacións relacionadas con elas, e ás prazas de persoal en relación coa seguridade marítima, que realiza tarefas de salvamento marítimo e prevención e loita contra a contaminación mariña, así como ás prazas de persoal en relación coa seguridade ferroviaria e as operacións ferroviarias.

L) Administración penitenciaria.

M) Consello de Seguridade Nuclear en relación coas prazas de funcionario da escala superior do corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica que realizan funcións de dirección, estudo e avaliación, inspección e control das instalacións radioactivas e nucleares.

N) Acción exterior do Estado.

Ñ) Prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.

O) Prazas de persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego.

P) Prazas de seguridade e emerxencias.

Q) Prazas de persoal que realiza unha prestación directa aos usuarios do servizo de transporte público.

R) Persoal de atención aos cidadáns nos servizos públicos.

S) Persoal que preste servizos na área das tecnoloxías da información e das comunicacións.

4. A taxa será do 115 por cento para as forzas e corpos de seguridade do Estado, corpos de Policía autonómica e policías locais.

5. En todo caso, a oferta deberá aterse ás dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I do orzamento de gastos.

6. Non computarán para o límite máximo de taxa:

a) O persoal que se incorpore en execución de ofertas de emprego público de exercicios anteriores.

b) As prazas que se convoquen por promoción interna.

c) As prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.

d) O persoal destinado á cobertura dos cadros de persoal máximos autorizados para militares de tropa e mariñeiría, de acordo coa disposición adicional décimo sétima desta lei.

e) As convocatorias de prazas de persoal fixo que se dirixan de forma exclusiva a militares profesionais de tropa e mariñeiría que se encontren nos últimos dez anos do seu compromiso de longa duración e aos reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, até o momento da publicación das convocatorias, a asignación por dispoñibilidade prevista no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría. Estas convocatorias só se poderán aprobar nos ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura. Para iso será necesario que exista unha quenda de acceso libre ás categorías profesionais, corpos ou escalas convocados. Esta posibilidade será de aplicación en todo o sector público.

7. Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máxima autorizada aplicarase sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se incorporasen no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresasen desde situacións que non impliquen a reserva de postos de traballo. Para estes efectos, computaranse os cesamentos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de

excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración en que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras administracións públicas. Non computarán como cesamentos os que se produzan como consecuencia de procesos de promoción interna, salvo nos supostos de acceso por este sistema ao corpo de catedráticos de universidade, nos termos previstos no artigo 62.2 da Lei orgánica 6/20021, do 21 de decembro, de universidades.

As prazas de profesor contratado doutor que queden vacantes como consecuencia do acceso a un corpo docente universitario poderanse incluír na taxa de reposición do exercicio seguinte.

8. Co fin de permitir o seguimento da oferta, as comunidades autónomas e as universidades públicas deberán remitir ao Ministerio de Facenda, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos:

- a) Unha certificación, que se enviará no mes de xaneiro, co número de baixas e altas tidas en conta no cálculo da taxa de reposición, incluídas as producidas por concursos de traslado como consecuencia dos procedementos de mobilidade voluntaria entre distintas administracións públicas no ano inmediato anterior.
- b) Calquera outra información que lles sexa requirida para realizar o dito seguimento.

Dous. A validez da taxa autorizada estará condicionada, de acordo co artigo 70 do EBEP:

- a) A que as prazas se inclúan nunha oferta de emprego público, que deberá ser aprobada polos órganos de goberno das administracións públicas e publicarse no Boletín Oficial da provincia, da comunidade autónoma ou, de ser o caso, do Estado, antes da finalización de cada ano.
- b) A que a convocatoria das prazas se publique no diario oficial da provincia, comunidade autónoma ou, de ser o caso, do Estado, no prazo improrrogable de tres anos contados desde a data da publicación da oferta de emprego público en que se inclúan as prazas.

Como consecuencia do anterior, a oferta autorizada considérase consumida unha vez realizados os procesos selectivos correspondentes, con independencia do resultado de tales procesos.

Tres. 1. A taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular noutros sectores ou colectivos prioritarios. Igualmente, a taxa de reposición dos sectores non prioritarios poderá acumularse nos sectores prioritarios. As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira en 31 de decembro do exercicio anterior poderán acumular a súa taxa de reposición indistintamente en calquera sector.

Igualmente, as administracións públicas poderán ceder taxa ás universidades da súa competencia e as universidades públicas poderán cederse taxa entre elas, con autorización das administracións públicas de que dependen.

2. Non se autoriza a cesión de taxa de reposición das administracións públicas ás súas sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais, fundacións e consorcios.

3. Como excepción, o sector público poderá ceder parte da súa taxa de reposición ás fundacións públicas e consorcios adscritos que teñan a condición de axentes de execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación ou que realicen proxectos de investigación, sempre que a taxa de reposición que se ceda se dedique aos citados proxectos.

4. Nos supostos en que se produza acumulación da taxa de reposición, a publicación da oferta de emprego público do organismo que a cede e daquel que a recibe deberá conter o número de prazas, así como o sector ou colectivo obxecto desa acumulación.

Catro. Non se poderá contratar persoal temporal nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Cinco. 1. A oferta de emprego público da Administración xeral do Estado, dos seus organismos públicos e demais entes públicos estatais será aprobada polo Goberno, por iniciativa dos departamentos ou organismos competentes, por proposta do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e logo de informe favorable do Ministerio de Facenda. No caso das Forzas Armadas, a aprobación será logo de informe favorable dos ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función Pública e por proposta da persoa titular do Ministerio de Defensa. En todos os casos, será necesaria a valoración e informe previos sobre a súa repercusión nos custos de persoal.

2. Corresponde á Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública a competencia para convocar os procesos selectivos de acceso aos corpos e escalas de funcionarios adscritos á dita secretaría de Estado.

3. Non se autorizarán convocatorias de postos ou prazas vacantes de persoal laboral dos entes do sector público estatal, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que requirirán a previa e expresa autorización conxunta dos ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función Pública a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Política Territorial e Función Pública. Así mesmo, co obxecto de posibilitar a adecuada optimización dos recursos humanos existentes no sector público, ambas as secretarías de Estado poderán autorizar os organismos autónomos e axencias estatais e entes públicos para contratar persoal funcionario ou laboral fixo con destino en departamentos ou organismos públicos do sector público estatal, así como naqueles ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura, reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, até o momento da realización do contrato, a asignación por dispoñibilidade na contía e condicións previstas no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría. O Ministerio de Política Territorial e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública, determinará o procedemento polo cal se garantirá a publicidade e libre concorrència neste tipo de contratacións. Os contratos realizados ao abeiro do establecido neste punto xerarán dereito, desde a data da súa celebración, a seguir percibindo o complemento de antigüidade na mesma contía que se viñese percibindo no departamento ministerial ou organismo público de procedencia.

Seis. 1. No sector público estatal están suxeitos á autorización previa conxunta dos ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Política Territorial e Función Pública:

- a) A contratación de persoal laboral temporal e o nomeamento de funcionarios interinos e de persoal estatutario temporal.
- b) Os contratos de posta á disposición con empresas de traballo temporal.
- c) A contratación de persoal fixo ou temporal no estranxeiro consonte a lexislación local ou, de ser o caso, a lexislación española.

2. As prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na correspondente oferta de emprego público, nos termos previstos na autorización de nomeamento.

3. As prazas que, estando ocupadas por funcionarios interinos, non sexan provistas con carácter definitivo por funcionarios de carreira de novo ingreso, nomeados en execución da oferta de emprego público, poderán ser obxecto de cobertura mediante procedementos de provisión, mobilidade e reingreso ao servizo activo.

Sete. Os puntos un a catro deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

CAPÍTULO II

Dos réximes retributivos

Artigo 20. *Retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación, dos seus órganos consultivos, da Administración xeral do Estado e doutro persoal directivo.*

Un. No ano 2021 as retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e dos seus órganos consultivos quedan establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades, sen dereito a pagas extraordinarias, e sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder de acordo coa normativa vixente:

	Euros
Presidente do Goberno.	84.845,16
Vicepresidente do Goberno.	79.746,24
Ministro do Goberno.	74.858,16
Presidente do Consello de Estado.	85.196,88
Presidente do Consello Económico e Social.	93.075,48

Dous. No ano 2021 as retribucións dos secretarios de Estado, subsecretarios, directores xerais e asimilados quedan establecidas nas seguintes contías de soldo e complemento de destino, referidas a doce mensualidades, e complemento específico anual que se devindicará de acordo co establecido no artigo 26.dous da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.

	Secretario de Estado e asimilados (euros)	Subsecretario e asimilados (euros)	Director xeral e asimilados (euros)
Soldo.	14.224,56	14.294,52	14.363,28
Complemento de destino.	23.121,24	18.702,48	15.126,72
Complemento específico.	36.077,74	32.100,00	26.170,00

As pagas extraordinarias dos meses de xuño e de decembro incluírán, cada unha delas, ademais da contía do complemento de destino mensual que se perciba de acordo co disposto no parágrafo e cadro anterior, o importe en concepto de soldo que se recolle no cadro seguinte:

	Secretario de Estado e asimilados (euros)	Subsecretario e asimilados (euros)	Director xeral e asimilados (euros)
Soldo.	718,15	770,20	822,81

Estes altos cargos percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, e de acordo co previsto no artigo 22.un.E) da presente lei, lles asigne o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para tal fin. A contía destinada aos altos cargos experimentará o incremento previsto no artigo 18.dous en termos anuais e homoxéneos de número e tipo de cargos, en relación coa asignada en 31 de decembro de 2020, sen prexuízo de que as cantidades individuais que se aboan poidan ser diferentes de acordo coa normativa reguladora deste complemento.

Tres. En 2021, as retribucións dos presidentes das axencias estatais, presidentes e vicepresidentes das entidades públicas empresariais e demais entes públicos ou, de ser o

caso, directores xerais e directores dos citados organismos, cando lles corresponda o exercicio das funcións executivas de máximo nivel, incrementaranse, respecto das vixentes en 31 de decembro de 2020, na porcentaxe prevista no artigo 18.dous. Corresponde á persoa titular do Ministerio de Facenda fixar as ditas retribucións, sen que se poidan superar os límites máximos previstos no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades, e nas ordes ditadas en aplicación del. As contías dos ditos límites vixentes en 31 de decembro de 2020 incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous.

Deberán comunicarse ao Ministerio de Facenda, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, as retribucións anualizadas, satisfeitas e devindicadas durante o ano anterior.

As retribucións dos máximos responsables das fundacións do sector público estatal e dos consorcios participados maioritariamente pola Administración xeral do Estado e os seus organismos fixaranse de acordo co previsto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, e nas ordes ditadas en aplicación deste, atendendo aos límites sobre incrementos retributivos determinados no artigo 18.dous.

Catro. O disposto nos puntos dous e tres deste artigo non afectará a percepción, en catorce mensualidades, da retribución por antigüidade que poida corresponder de acordo coa normativa vixente.

Cinco. 1. No ano 2021 as retribucións dos conselleiros permanentes e do secretario xeral do Consello de Estado quedan establecidas nas seguintes contías de soldo e complemento de destino referidas a doce mensualidades e de complemento específico anual, que se devindicará de acordo co establecido no artigo 26.catro.1 da Lei 51/2007, do 26 de decembro.

	Euros
Soldo.	14.294,52
Complemento de destino.	24.984,00
Complemento específico.	38.894,66

As pagas extraordinarias de xuño e de decembro incluírán, cada unha delas, ademais da contía do complemento de destino mensual que se perciba de acordo co disposto no cadro anterior, a contía en concepto de soldo que se recolle a continuación:

	Euros
Soldo.	770,20

2. O presidente do Consello de Estado poderá asignar complemento de produtividade aos conselleiros permanentes e secretario xeral del, de acordo co previsto no artigo 22.un.E) da presente lei. A contía destinada aos citados cargos incrementarase na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, en termos anuais e homoxéneos de número e tipo de cargos, en relación coa asignada en 31 de decembro de 2020.

3. Ademais, tales altos cargos percibirán, de ser o caso, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade, e se tiñan a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando os trienios recoñecidos baixo a dita condición segundo a normativa en cada caso aplicable e a percibir, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada da dita normativa fose superior á aprobada nos referidos acordos.

Artigo 21. *Retribucións dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas.*

Un. No ano 2021 as retribucións dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas serán as seguintes:

1. Consello Xeral do Poder Xudicial.

Desempeño do cargo con carácter exclusivo:

1.1. Presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	28.960,12
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades).	113.550,84
Total.	142.510,96

1.2. Vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	30.663,78
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades).	92.244,60
Total.	122.908,38

1.3. Secretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	29.372,84
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades).	90.702,12
Total.	120.074,96

2. Tribunal Constitucional.

2.1. Presidente do Tribunal Constitucional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	45.361,82
Outras remuneracións (que se percibirán en 14 mensualidades).	112.214,76
Total.	157.576,58

2.2. Vicepresidente do Tribunal Constitucional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	45.361,82

	Euros
Outras remuneracións (que se percibirán en 14 mensualidades).	102.754,68
Total.	148.116,50

2.3 Presidente de sección do Tribunal Constitucional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	45.361,82
Outras remuneracións (que se percibirán en 14 mensualidades).	95.507,72
Total.	140.869,54

2.4 Maxistrado do Tribunal Constitucional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	45.361,82
Outras remuneracións (que se percibirán en 14 mensualidades).	88.261,18
Total.	133.623,00

2.5 Secretario xeral do Tribunal Constitucional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	40.921,33
Outras remuneracións (que se percibirán en 14 mensualidades).	85.531,09
Total.	126.452,42

3. Tribunal de Contas.

3.1 Presidente do Tribunal de Contas: remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades): 123.267,62 euros.

3.2 Presidente de sección do Tribunal de Contas: remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades): 123.267,62 euros.

3.3 Conselleiro de Contas do Tribunal de Contas: remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades): 123.267,62 euros.

3.4 Secretario xeral do Tribunal de Contas: remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades): 106.124,34 euros.

Dous. Ademais das cantidades derivadas do disposto no punto anterior, estes cargos percibirán, de ser o caso, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade, e se tiñan a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando os trienios recoñecidos baixo a dita condición segundo a normativa en cada caso aplicable e a percibir, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada da dita normativa sexa superior á aprobada nos referidos acordos.

Artigo 22. *Retribucións dos funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da disposición derradeira cuarta do EBEP.*

Un. No ano 2021 as retribucións dos funcionarios serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala a que pertenza o funcionario, nas contías reflectidas no artigo 18.cinco.1 desta lei.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, unha no mes de xuño e outra no mes de decembro, e que se devindicarán de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988. Cada unha desas pagas incluírá as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 18.cinco.2 desta lei e do complemento de destino mensual que se perciba.

Cando os funcionarios prestasen unha xornada de traballo reducida durante os seis meses inmediatos anteriores aos meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

C) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, nas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Importe – Euros
30	12.729,24
29	11.417,52
28	10.937,76
27	10.457,16
26	9.174,48
25	8.139,72
24	7.659,48
23	7.179,96
22	6.699,36
21	6.219,96
20	5.777,76
19	5.482,92
18	5.187,84
17	4.892,64
16	4.598,28
15	4.302,72
14	4.008,24
13	3.712,80
12	3.417,60
11	3.122,40
10	2.827,80
9	2.680,56

Nivel	Importe - Euros
8	2.532,60
7	2.385,24
6	2.237,64
5	2.090,16
4	1.869,00
3	1.648,20
2	1.427,04
1	1.206,00

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada na escala anterior poderá ser modificada, nos casos en que así proceda de acordo coa normativa vixente, sen que iso implique variación do nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo.

D) O complemento específico que, de ser o caso, estea asignado ao posto que se desempeñe, cuxa contía anual se incrementará na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto da vixente en 31 de decembro de 2020, sen prexuízo do disposto no artigo 18. sete da presente lei.

O complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais, das cales doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

As retribucións que, en concepto de complemento de destino e complemento específico, perciban os funcionarios públicos serán, en todo caso, as correspondentes ao posto de traballo que ocupen en virtude dos procedementos de provisión previstos na normativa vixente, sen que as tarefas concretas que se realicen poidan amparar que se incumpra o anterior, con excepción dos supostos en que a dita normativa lles recoñece outras contías e, en todo caso, a garantía do nivel do posto de traballo regulada no artigo 21.2 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, e o dereito a percibir as cantidades que correspondan en aplicación do artigo 33.dous da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.

E) O complemento de produtividade retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinarias e o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

Cada departamento ministerial ou organismo público determinará, dentro do crédito total dispoñible, que experimentará o incremento máximo previsto no artigo 18.dous, en termos anuais, respecto ao establecido en 31 de decembro de 2020, as contías parciais asignadas aos seus distintos ámbitos orgánicos, territoriais, funcionais ou de tipo de posto. Así mesmo, determinará os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade, de acordo coas seguintes normas:

1.^a A valoración da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co seu desempeño e, de ser o caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

2.^a En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

F) As gratificacións por servizos extraordinarios, que concederán os departamentos ministeriais ou organismos públicos dentro dos créditos asignados para tal fin, que

experimentarán o incremento máximo previsto no artigo 18.dous, en termos anuais, respecto aos asignados en 31 de decembro de 2020.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas na súa devindicación, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

G) Mantéñense a título persoal as retribucións do persoal do grupo E/agrupacións profesionais do EBEP, de acordo co disposto no artigo 24.un.B).b) da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010, incrementadas na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto das vixentes en 31 de decembro de 2020.

Dous. O Ministerio de Facenda poderá modificar a contía dos créditos globais destinados a atender o complemento de produtividade, as gratificacións por servizos extraordinarios e outros incentivos ao rendemento, para adecuala ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados nel.

Para tal efecto, a persoa titular do Ministerio de Facenda autorizará as contías asignadas en concepto de incentivos ao rendemento aos distintos departamentos ministeriais e organismos públicos. Se iso implica calquera alteración dos créditos consignados nos orzamentos xerais do Estado, os seus efectos económicos estarán condicionados á aprobación do correspondente expediente de modificación orzamentaria.

Os departamentos ministeriais, pola súa vez, darán conta dos criterios de asignación e das contías individuais de tales incentivos ao Ministerio de Facenda, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, especificando os criterios de concesión aplicados.

Tres. Os funcionarios interinos incluídos no ámbito de aplicación do EBEP percibirán as retribucións básicas, incluídos trienios, correspondentes ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala en que fosen nomeados como interinos e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen, excluídas as que estean vinculadas á condición de funcionario de carreira, ou ben as aprobadas polos ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función Pública no caso dos funcionarios interinos que non ocupan posto, e élle de aplicación a este colectivo o disposto no parágrafo B) do punto un deste artigo.

Catro. O persoal eventual percibirá as retribucións por soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo ou subgrupo de clasificación a que o Ministerio de Política Territorial e Función Pública asimile as súas funcións e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo, reservado a persoal eventual, que desempeñe, e élle de aplicación a este colectivo o disposto no parágrafo B) do punto un deste artigo.

Os funcionarios de carreira que, en situación de activo ou de servizos especiais, ocupen postos de traballo reservados a persoal eventual percibirán as retribucións básicas correspondentes ao seu grupo ou subgrupo de clasificación, incluídos trienios, de ser o caso, e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen.

Cinco. O complemento de produtividade poderá asignarse, de ser o caso, aos funcionarios interinos, ao persoal estatutario temporal e ao persoal eventual, así como aos funcionarios en prácticas, cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo, sempre que estea autorizada a súa aplicación aos funcionarios de carreira que desempeñen análogos postos de traballo, salvo que o dito complemento estea vinculado á condición de funcionario de carreira.

Seis. Cando o nomeamento de funcionarios en prácticas recaia en funcionarios de carreira doutro corpo ou escala de grupos e/ou subgrupos de titulación inferior a aquel en que se aspira a ingresar, durante o tempo correspondente ao período de prácticas ou o curso selectivo, estes seguirán percibindo os trienios en cada momento perfeccionados, e o dito tempo computarase, para efectos de consolidación de trienios e de dereitos pasivos, como servido no novo corpo ou escala no caso de que, de maneira efectiva, se adquira a condición de funcionario de carreira nestes últimos.

Sete. O previsto na presente lei aplicarase, así mesmo, ás retribucións fixadas en euros que corresponderían en territorio nacional aos funcionarios destinados no estranxeiro, sen prexuízo da sucesiva aplicación dos módulos que procedan en virtude da normativa vixente.

Artigo 23. Persoal laboral do sector público estatal.

Un. Para os efectos da presente lei, a masa salarial do persoal laboral do sector público estatal será a definida no seu artigo 18.catro, co límite das contías respecto das cales emitiu informe favorable o Ministerio de Facenda a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Dous. A masa salarial do persoal laboral do sector público estatal non poderá experimentar un crecemento superior ao establecido no artigo 18.dous, sen prexuízo do que poida derivar da consecución dos obxectivos asignados a cada departamento ministerial, organismo público, resto de entes públicos, sociedades mercantís estatais, fundacións do sector público estatal e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal, mediante o incremento da produtividade ou modificación dos sistemas de organización do traballo ou clasificación profesional, logo do informe sinalado no punto anterior.

Tampouco experimentarán un incremento superior ao establecido no artigo 18.dous as retribucións de calquera outro persoal vinculado mediante unha relación de carácter laboral non acollido a convenio, con independencia da súa tipoloxía, modalidade ou natureza, incluído o persoal directivo do sector público.

Tres. O Ministerio de Facenda, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, emitirá informe con carácter preceptivo e vinculante sobre a masa salarial dos departamentos ministeriais, organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e demais entes públicos, das sociedades mercantís estatais, das fundacións do sector público estatal, e dos consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal, así como das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e os seus centros mancomunados.

O informe da masa salarial terase en conta para determinar, en termos de homoxeneidade, os créditos correspondentes ás retribucións do persoal laboral afectado. O informe de masa salarial será requisito previo para o comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos.

As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos anualizados e de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos de persoal e antigüidade deste, como ao réxime privativo de traballo, xornada, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, e computaranse por separado as cantidades que correspondan ás variacións en tales conceptos. Para tal comprobación, as entidades deberán remitir en todo caso certificación das táboas salariais actualizadas, no caso de persoal suxeito a convenio colectivo.

Para determinar os conceptos de retribución variable ou produtividade, con independencia da súa concreta denominación, operará como límite máximo a contía autorizada, por eses mesmos conceptos, na masa salarial de 2013 ou na primeira masa salarial, se esta for posterior, incrementada nun máximo da porcentaxe prevista no artigo 18.dous, actualizada nas correspondentes porcentaxes de incremento establecidas nas leis de orzamentos xerais do Estado.

O previsto nos parágrafos anteriores representa o límite máximo da masa salarial, cuxa distribución e aplicación individual se producirá, de ser o caso, a través da negociación colectiva.

Corresponde á persoa titular do Ministerio de Facenda, por proposta da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, a determinación da forma, alcance e efectos do procedemento de autorización regulado neste punto.

Catro. Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo, cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberán comunicarse ao Ministerio de Facenda, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos

e Gastos, as retribucións e outras percepcións, en diñeiro ou en especie, anualizadas, satisfeitas e devindicadas durante o ano anterior.

Cinco. As indemnizacións ou compensacións por gastos do persoal laboral, que se rexerán pola súa normativa específica, non poderán experimentar un incremento superior ao que se fixe para o persoal non laboral da Administración xeral do Estado.

Seis. Os departamentos ministeriais, organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e demais entes públicos e sociedades mercantís estatais, así como as fundacións do sector público estatal e os consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal, remitirán á Dirección Xeral da Función Pública, para a súa autorización previa, o recoñecemento de créditos horarios e outros dereitos sindicais que se poidan establecer en relación co previsto no artigo 10 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo. Os acordos que fosen adoptados con anterioridade requirirán da dita aprobación para a súa aplicación.

O Ministerio de Política Territorial e Función Pública determinará a forma, o alcance e os efectos do procedemento de autorización regulado neste punto.

Artigo 24. *Retribucións do persoal das Forzas Armadas.*

Un. No ano 2021 as retribucións e outras remuneracións do persoal das Forzas Armadas cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de dedicación especial ou de produtividade que, de ser o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para tal fin. A contía de tales créditos destinada ao persoal citado incrementárase na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto da asignada en 31 de decembro de 2020 en termos anuais e homoxéneos de número e tipo de cargos.

Dous. No ano 2021 as retribucións que percibirán os militares profesionais recollidos na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, non incluídos no punto anterior serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios, excluídos estes nos casos en que a normativa así o prevexa, que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia para efectos retributivos en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida no artigo 18.cinco.1.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, incorporarán, cada unha delas, as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 18.cinco.2 desta lei, en función do grupo ou subgrupo que corresponda ao emprego e do complemento de emprego mensual que se perciba.

A valoración e devindicación dos trienios, de ser o caso, e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa específica aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos do EBEP.

C) O complemento de emprego, o complemento específico e restantes retribucións que poidan corresponder, que se incrementarán na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto dos vixentes en 31 de decembro de 2020, sen prexuízo do disposto no artigo 18. sete desta lei.

D) O complemento de dedicación especial, incluído o concepto de atención continuada, e a gratificación por servizos extraordinarios, cuxas contías serán determinadas pola persoa titular do Ministerio de Defensa dentro dos créditos que se asignen para cada unha destas finalidades. Estes créditos incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto aos establecidos en 31 de decembro de 2020 en termos anuais.

O Ministerio de Facenda poderá modificar a contía dos créditos destinados a atender a dedicación especial e a gratificación por servizos extraordinarios, para adecuala ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados nel.

Para tal efecto, a persoa titular do Ministerio de Facenda autorizará as contías asignadas en concepto de incentivos ao rendemento. Se iso implica calquera alteración dos créditos consignados nos orzamentos xerais do Estado, os seus efectos económicos estarán condicionados á aprobación do correspondente expediente de modificación orzamentaria.

En ningún caso, as contías asignadas por complemento de dedicación especial ou por gratificación por servizos extraordinarios orixinarán dereitos individuais respecto de valoración ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

E) O incentivo por anos de servizo, cuxas contías e requisitos para a súa percepción serán fixados pola persoa titular do Ministerio de Defensa, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Tres. Cando o Ministerio de Defensa subscribíse concertos coas universidades para a utilización das institucións sanitarias do departamento segundo as bases establecidas para o réxime destes no Real decreto 1652/1991, do 11 de outubro, o persoal militar médico e sanitario que ocupe postos de traballo nos ditos centros, coa condición de prazas vinculadas, percibirá as retribucións básicas que lle correspondan e, en concepto de retribucións complementarias, os complementos de destino, específico e de produtividade nas contías establecidas en aplicación da base décimo terceira.oito, 4, 5 e 6.a) e b) do citado real decreto.

Este persoal poderá percibir, así mesmo, a axuda para vestiario e o complemento de dedicación especial en concepto de atención continuada, segundo o establecido no punto D) do número anterior, así como as pensións por recompensas e as prestacións familiares que lles poidan corresponder.

Catro. Os membros das Forzas Armadas que ocupen postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do ministerio ou dos seus organismos autónomos percibirán as retribucións básicas correspondentes ao seu emprego militar e as complementarias asignadas ao posto que desempeñen, de acordo coas contías establecidas na presente lei para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta do EBEP, sen prexuízo de continuar percibindo as pensións e gratificacións que sexan consecuencia de recompensas militares, así como a axuda para vestiario na mesma contía e condicións que o resto do persoal das Forzas Armadas.

O disposto no presente artigo debe entenderse sen prexuízo da regulación específica que para determinados conceptos e persoal das Forzas Armadas se establece na normativa vixente.

Cinco. Autorízase o Ministerio de Defensa para aplicar o incremento adicional regulado no artigo 18 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, no artigo 3 do Real decreto lei 24/2018, do 21 de decembro, e no artigo 3 do Real decreto lei 2/2020, do 21 de xaneiro, polos que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, para levar a efecto a implantación dos plans de mellora da eficiencia e a adecuación das retribucións do persoal militar á maior exixencia, capacitación técnica e dispoñibilidade permanente requirida polas misións que lle son encomendadas.

Este incremento adicional poderá destinarse, entre outras medidas, a adaptar o complemento de emprego do persoal de tropa e mariñeiría aos niveis mínimos fixados para o complemento de destino dos funcionarios establecido no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como a revisión do complemento específico do persoal militar.

Para estes efectos, modifícase, así mesmo, o nivel do complemento de emprego do soldado, mariñeiro, recollido no anexo II do Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de retribucións das Forzas Armadas, fixándoo no nivel 14 cunha contía de 331,04 euros.

Artigo 25. *Retribucións do persoal do corpo da Garda Civil.*

Un. No ano 2021, as retribucións e outras remuneracións do persoal do corpo da Garda Civil cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2020, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder. Así mesmo, percibirá o complemento de produtividade que, de ser o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para este fin. A contía de tales créditos destinada ao persoal citado incrementárase na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto da asignada en 31 de decembro de 2020 en termos anuais e homoxéneos de número e tipo de cargos.

Dous. No ano 2021, as retribucións que percibirá o persoal do corpo da Garda Civil non incluído no punto anterior serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia, para efectos retributivos, en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida no artigo 18.cinco.1 desta lei.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, incorporarán, cada unha delas, as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 18.cinco.2 desta lei, en función do grupo ou subgrupo que corresponda ao emprego que se desempeñe e o complemento de destino mensual que se perciba.

A valoración e devindicación dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos do EBEP.

C) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que se incrementarán na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto das vixentes en 31 de decembro de 2020, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 18.sete desta lei.

D) O complemento de produtividade e as gratificacións por servizos extraordinarios rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación do artigo 22 desta lei, e as súas contías serán determinadas polo Ministerio do Interior dentro dos créditos que se asignen para cada unha destas finalidades. Estes créditos incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto aos asignados en 31 de decembro de 2020, en termos anuais.

Artigo 26. *Retribucións do persoal do Corpo Nacional de Policía.*

Un. No ano 2021, as retribucións e outras remuneracións do persoal do Corpo Nacional de Policía cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2020, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para tal fin. A contía de tales créditos destinada a este persoal incrementárase na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto da asignada en 31 de decembro de 2020 en termos anuais e homoxéneos de número e tipo de cargos.

Dous. No ano 2021, as retribucións dos funcionarios do Corpo Nacional de Policía non incluídos no punto anterior serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificada, para efectos económicos, a categoría correspondente, na contía establecida no artigo 18.cinco.1 desta lei.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, incorporarán, cada unha delas, as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 18.cinco.2 desta lei, en función do grupo ou subgrupo que corresponda á categoría que se desempeñe, e o complemento de destino mensual que se perciba.

A valoración e devindicación dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos do EBEP.

C) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, vixentes en 31 de decembro de 2020, incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, sen prexuízo do previsto no artigo 18.sete desta lei.

D) O complemento de produtividade e as gratificacións por servizos extraordinarios rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no artigo 22 desta lei e as súas contías serán determinadas polo Ministerio do Interior dentro dos créditos que se asignen para cada unha destas finalidades. Estes créditos experimentarán o incremento máximo previsto no artigo 18.dous, respecto aos asignados en 31 de decembro de 2020, en termos anuais.

Artigo 27. Retribucións dos membros das carreiras xudicial e fiscal, do corpo de letrados da Administración de xustiza e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza.

Un. No ano 2021, de acordo co disposto no artigo 18.dous desta lei, as retribucións dos membros das carreiras xudicial e fiscal serán as seguintes:

1. O soldo, a que se refiren os anexos I e IV, respectivamente, da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, queda establecido para o ano 2021 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
<i>Carreira xudicial</i>	
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo).	26.210,28
Presidente de sala da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo).	24.830,40
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza.	25.303,20
Maxistrado.	22.492,56
Xuíz.	19.680,36
<i>Carreira fiscal</i>	
Fiscal superior da Comunidade Autónoma.	25.303,20
Fiscal.	22.492,56
Avogado fiscal.	19.680,36

2. A retribución por antigüidade ou trienios que, de ser o caso, corresponda.

3. As pagas extraordinarias, que se devindicarán de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta do EBEP, serán dúas ao ano por un importe, cada unha delas, dunha mensualidade do soldo, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía que se sinala no anexo X da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, nos valores vixentes en 31 de decembro de 2020, incrementados como máximo na porcentaxe prevista no artigo 18.dous.

4. As retribucións complementarias e as variables e especiais dos membros das carreiras xudicial e fiscal, que se incrementarán na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto das vixentes en 31 de decembro de 2020.

O crédito total destinado ás retribucións variables por obxectivos dos membros das carreiras xudicial e fiscal sinaladas no capítulo III do título I e no título II da Lei 15/2003, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, non poderá exceder o 5 por

cento da contía global das retribucións fixas dos membros das carreiras xudicial e fiscal, respectivamente.

5. O establecido neste punto enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 9.2 da Lei 15/2003.

Dous. Os fiscais que, en desenvolvemento da Lei 24/2007, do 9 de outubro, pola que se modifica a Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do ministerio fiscal, sexan nomeados fiscais xefes dunha fiscalía de área creada onde exista unha sección da Audiencia Provincial en sede distinta da capital de provincia percibirán o complemento de destino polo criterio de grupo de poboación correspondente aos fiscais destinados na sede da fiscalía provincial e o complemento de destino en concepto de representación, o complemento específico e a contía para incluír en pagas extraordinarias que corresponden a un destino de tenente fiscal de Fiscalía Provincial.

Os restantes fiscais xefes dunha fiscalía de área percibirán o complemento específico correspondente a un destino de tenente fiscal de Fiscalía Provincial.

Os fiscais xefes e tenentes fiscais da Fiscalía Provincial percibirán as retribucións complementarias e a contía para incluír en pagas extraordinarias que corresponderían aos fiscais xefes e tenentes fiscais da Audiencia Provincial, respectivamente.

O tenente fiscal da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado percibirá as retribucións complementarias e a contía para incluír en pagas extraordinarias que corresponden ao tenente fiscal inspector da Fiscalía Xeral do Estado.

Os fiscais adscritos a fiscais de sala da Fiscalía Xeral do Estado e os fiscais da Unidade de Apoio da Fiscalía Xeral do Estado percibirán, en concepto de complemento específico, o correspondente aos fiscais da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado.

Os fiscais decanos de seccións territoriais de Fiscalía Provincial percibirán, en concepto de complemento específico, o correspondente aos fiscais coordinadores.

Os fiscais decanos de seccións especializadas percibirán as retribucións complementarias e paga extraordinaria correspondentes aos fiscais decanos de seccións territoriais.

Os fiscais da categoría segunda, non coordinadores, das fiscalías de comunidade autónoma, incluídos os das seccións territoriais das ditas fiscalías, percibirán o complemento de destino e a contía para incluír na paga extraordinaria correspondentes aos tenentes fiscais de Fiscalía de Comunidade Autónoma, salvo naquelas comunidades autónomas en que a fiscalía non estea disgregada organicamente en fiscalía da Comunidade Autónoma e Fiscalía Provincial da provincia onde teña a súa sede.

Tres. No ano 2021, de acordo co disposto no artigo 18.dous desta lei, as retribucións dos membros do corpo de letrados da Administración de xustiza e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza serán as seguintes:

1. O soldo, de acordo co detalle que a continuación se reflicte, e a retribución por antigüidade ou trienios que, de ser o caso, lles corresponda:

a) O soldo dos membros do corpo de letrados da Administración de xustiza queda establecido para o ano 2021 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Letrados da Administración de xustiza de primeira categoría.	19.680,36
Letrados da Administración de xustiza de segunda categoría.	18.705,84
Letrados da Administración de xustiza de terceira categoría.	17.379,60

b) O soldo dos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza queda establecido para o ano 2021 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	16.869,36
Xestión procesual e administrativa.	14.566,80
Tramitación procesual e administrativa.	11.972,88
Auxilio xudicial.	10.859,88
Técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	14.566,80
Axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	11.972,88

c) Os trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2004 nos corpos ao servizo da Administración de xustiza declarados a extinguir pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, quedan establecidos, para o ano 2021, nas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

	Euros
Corpo de oficiais.	583,44
Corpo de auxiliares.	449,76
Corpo de axentes xudiciais.	388,56
Corpo de técnicos especialistas.	583,44
Corpo de auxiliares de laboratorio.	449,76
Corpo de axentes de laboratorio a extinguir.	388,56
Corpo de secretarios de xulgados de paz de municipios con máis de 7.000 habitantes, a extinguir.	656,40

Os trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1995 polo persoal encadrado nos corpos de médicos forenses e técnicos facultativos quedan establecidos para o ano 2021 en 703,44 euros anuais, referidos a doce mensualidades.

2. As pagas extraordinarias, que se devindicarán de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta do EBEP, serán dúas ao ano por un importe, cada unha delas, dunha mensualidade do soldo, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía complementaria que se sinala no anexo XI da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, nos valores vixentes en 31 de decembro de 2020, incrementados, como máximo, na porcentaxe prevista no artigo 18.dous.

3.a) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios do corpo de letrados da Administración de xustiza, cando lles resulte de aplicación o Real decreto 2033/2009, do 30 de decembro, queda establecido para o ano 2021 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Postos de tipo I.	17.637,24

	Euros
Postos de tipo II.	15.065,04
Postos de tipo III.	14.383,92
Postos de tipo IV.	14.275,20
Postos de tipo V.	10.322,64

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios do parágrafo anterior incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto das vixentes en 31 de decembro de 2020, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 18. sete desta lei.

Os membros do corpo de letrados da Administración de xustiza que ocupen postos distintos dos sinalados no primeiro parágrafo deste número 3.a) percibirán as retribucións complementarias, variables e especiais establecidas no Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, incrementadas na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto das vixentes en 31 de decembro de 2020.

3.b) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, a que se refire o punto tres.1.b) deste mesmo artigo, de conformidade co previsto no Real decreto 1033/2007, do 20 de xullo, queda establecido para o ano 2021 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Tipo	Subtipo	Euros
Xestión procesual e administrativa e técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	A	4.361,52
	I	B	5.209,80
	II	A	4.015,68
	II	B	4.864,32
	III	A	3.843,12
	III	B	4.691,52
	IV	C	3.670,44
	IV	D	3.843,48
Tramitación procesual e administrativa e axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	A	3.785,52
	I	B	4.634,04
	II	A	3.440,16
	II	B	4.288,68
	III	A	3.267,36
	III	B	4.115,76
	IV	C	3.094,80

	Tipo	Subtipo	Euros
Auxilio xudicial.	I	A	2.973,72
	I	B	3.822,24
	II	A	2.627,76
	II	B	3.476,40
	III	A	2.455,08
	III	B	3.303,96
	IV	C	2.282,52
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I		20.594,64
	II		20.328,96
	III		20.063,04
Escala a extinguir de xestión procesual e administrativa, procedentes do corpo de secretarios de xulgados de municipios de máis de 7.000 habitantes.			5.569,20

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios a que se refire o parágrafo anterior incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto das vixentes en 31 de decembro de 2020, sen prexuízo do disposto no artigo 18.sete desta lei.

4. Nas retribucións complementarias a que se fai referencia nos números 3.a) e 3.b) anteriores entenderanse incluídas as cantidades que en cada caso se recoñecen, en concepto de paga adicional complementaria, no punto segundo do Acordo do Consello de Ministros do 8 de maio de 2009, publicado pola Orde PRE/1230/2009, do 18 de maio.

Catro. No ano 2021, as retribucións básicas e complementarias correspondentes aos funcionarios a que se refire o artigo 624 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2020, sen prexuízo do previsto no artigo 18.sete desta lei.

Cinco. No ano 2021, as retribucións dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal serán as seguintes:

1. Vicepresidente do Tribunal Supremo:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	32.631,34
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades).	94.888,20
Total.	127.519,54

Presidentes de sala do Tribunal Supremo e presidente da Audiencia Nacional (Maxistrados do Tribunal Supremo):

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	30.131,50
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades).	90.072,24
Total.	120.203,74

Maxistrados do Tribunal Supremo e presidentes de sala da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo):

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	28.545,72
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades).	88.530,12
Total.	117.075,84

2. Fiscal xeral do Estado: 124.647,72 euros, que se percibirán en doce mensualidades, sen dereito a pagas extraordinarias.

Tenente fiscal do Tribunal Supremo:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	30.131,50
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades).	90.072,24
Total.	120.203,74

Fiscal xefe inspector, fiscal xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional e fiscal xefe da Fiscalía da Audiencia Nacional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	28.545,72
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades).	90.072,24
Total.	118.617,96

Fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica e da Unidade de Apoio da Fiscalía Xeral do Estado e das fiscalías especiais antidroga e contra a corrupción e a criminalidade organizada, e fiscais de sala do Tribunal Supremo:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades).	28.545,72
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades).	88.530,12
Total.	117.075,84

3. Os membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal, coa excepción do fiscal xeral do Estado, que se regula no número seguinte, a que se refiren os números anteriores deste punto, percibirán catorce mensualidades da retribución por antigüidade ou trienios, de ser o caso, que lles corresponda.

Así mesmo, percibirán dúas pagas ao ano, en xuño e decembro, pola contía, cada unha delas, que se detalla a continuación:

Determinados membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal	Contía en euros
Vicepresidente do Tribunal Supremo.	7.907,35

Determinados membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal	Contía en euros
Presidentes de sala do Tribunal Supremo e presidente da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo).	7.506,02
Maxistrados do Tribunal Supremo e presidentes de sala da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo).	7.377,51
Tenente fiscal do Tribunal Supremo.	7.506,02
Fiscal xefe inspector, fiscal xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional e fiscal xefe da Fiscalía da Audiencia Nacional.	7.506,02
Fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica e da Unidade de Apoio do Fiscal Xeral do Estado e das fiscalías especiais antidroga e contra a corrupción e a criminalidade organizada e fiscais de sala do Tribunal Supremo.	7.377,51

Estas contías devindicaranse de acordo coa normativa sobre pagas extraordinarias aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

4. O fiscal xeral do Estado percibirá, ademais da contía sinalada no número 2 deste punto, 14 mensualidades da retribución por antigüidade ou trienios, de ser o caso, que lle corresponda e a derivada da aplicación do artigo 32.catro, número 3, parágrafo segundo, da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, vixentes en 31 de decembro de 2020, incrementadas na porcentaxe prevista no artigo 18. dous.

Estas contías devindicaranse de acordo coa normativa sobre pagas extraordinarias aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

5. O soldo e as retribucións complementarias dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal, a que se refiren os números 1 e 2 do presente punto, serán as establecidas neles e nos puntos 3 e 4, respectivamente, do mesmo punto, e quedan excluídos, para estes efectos, do ámbito de aplicación da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, sen prexuízo do dereito á devindicación das retribucións especiais que lles poidan corresponder, nas contías vixentes en 31 de decembro de 2020, incrementadas na porcentaxe prevista no artigo 18. dous.

Seis. Cando o persoal comprendido neste artigo teña recoñecidos trienios en corpos ou escalas aos cales resulte de aplicación o establecido no artigo 18, punto cinco desta lei, co obxecto de posibilitar, se procede, a percepción das pagas extraordinarias de trienios ou antigüidade na contía dunha mensalidade ordinaria de tales conceptos, poderase distribuír en catorce pagas de igual contía o importe anual total polos trienios (e/ou antigüidade) recoñecidos nos citados corpos ou escalas, constituído polos trienios (e/ou antigüidade) referidos a doce mensualidades máis as pagas extraordinarias por trienios (e/ou antigüidade). Neste caso, as contías anuais referidas a doce mensualidades ordinarias máis dúas extraordinarias recóllense a continuación:

Grupo/Subgrupo EBEP	Trienios (euros)
A1	618,58
A2	513,02
B	459,12
C1	396,02

Grupo/Subgrupo EBEP	Trienios (euros)
C2	274,56
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP)	206,92

Artigo 28. *Retribucións do persoal estatutario e do persoal da Seguridade Social non estatutario.*

Un. No ano 2021, as retribucións do persoal funcionario da Administración da Seguridade Social, xa homologado co resto do persoal da Administración xeral do Estado, serán as establecidas no artigo 22 desta lei.

Dous. No ano 2021, o persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino, nas contías sinaladas para os ditos conceptos retributivos no artigo 22.un.A), B) e C) desta lei, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, dous, do dito real decreto lei e de que a contía anual do complemento de destino, fixado na letra C) do citado artigo 22.un, se satisfaga en catorce mensualidades.

Para os efectos da aplicación, para o citado persoal estatutario, do disposto no artigo 22.un.B) da presente lei, a contía do complemento de destino correspondente a cada unha das pagas extraordinarias farase efectiva tamén en catorce mensualidades, contía que se calculará nunha doceava parte dos correspondentes importes por niveis sinalados no artigo 22.un.C).

O importe das retribucións correspondentes aos complementos específico e de atención continuada que, de ser o caso, estean fixados ao referido persoal incrementarase na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto do vixente en 31 de decembro de 2020, sen prexuízo do previsto no artigo 18.sete desta lei.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2.tres.c) e disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987, e nas demais normas ditadas no seu desenvolvemento.

Tres. No ano 2021, as retribucións do restante persoal funcionario e estatutario do ámbito de aplicación deste artigo experimentarán o incremento previsto no artigo 18.dous respecto das vixentes en 31 de decembro de 2020.

CAPÍTULO III

Outras disposicións en materia de réxime do persoal activo

Artigo 29. *Prohibición de ingresos atípicos.*

Os empregados públicos comprendidos dentro do ámbito de aplicación da presente lei, con excepción daqueles sometidos ao réxime de arancel, non poderán percibir participación ningunha dos tributos, comisións ou outros ingresos de calquera natureza que correspondan á Administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdición, nin participación ou premio en multas impostas, mesmo cando lles estivesen normativamente atribuídas; unicamente deberán percibir as remuneracións do correspondente réxime retributivo, e sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre desfrute de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.

Artigo 30. *Recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación.*

Un. No ano 2021, as contías que se percibirán polos conceptos de recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación experimentarán o incremento previsto no artigo 18.dous respecto das recoñecidas en 31 de decembro de 2020.

Dous. A Cruz Laureada de San Fernando e a Medalla Militar individual rexeranse pola súa lexislación específica.

Tres. A Cruz á Constancia no Servizo e as diferentes categorías da Real e Militar Orde de San Hermenexildo rexeranse polo establecido no Real decreto 725/2020, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento da Real e Militar Orde de San Hermenexildo.

Artigo 31. *Outras normas comúns.*

Un. O persoal contratado administrativo e os funcionarios de corpos de sanitarios locais, así como o persoal cuxas retribucións en 2020 non correspondesen ás establecidas con carácter xeral no Real decreto lei 2/2020, do 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, e non lles fosen de aplicación as establecidas expresamente na presente lei, continuarán percibindo en 2021 as retribucións vixentes en 31 de decembro de 2020, co incremento previsto no artigo 18.dous.

Dous. Na Administración xeral do Estado, nos seus organismos autónomos e nas axencias estatais, nos casos de adscrición dun funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo a que é adscrito, tal funcionario percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación das retribucións básicas que autoricen conxuntamente os ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Política Territorial e Función Pública, por proposta dos departamentos ministeriais interesados.

Para os únicos efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, poderase autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do funcionario.

Tres. As indemnizacións por razón do servizo seguirán percibíndose nas contías vixentes en 2020.

Artigo 32. *Determinación ou modificación das retribucións do persoal laboral e non funcionario.*

Un. 1. A determinación ou modificación de condicións retributivas do persoal laboral e non funcionario requirirá informe favorable da Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións, cando o dito persoal preste servizos:

- a) Na Administración xeral do Estado e nos seus organismos autónomos.
- b) Nas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- d) Nas axencias estatais, de conformidade coa súa normativa específica.
- d) Nas entidades públicas empresariais e no resto dos organismos e entes públicos.

2. Entenderase por determinación ou modificación de condicións retributivas deste persoal, para os efectos da emisión do informe da Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións, as seguintes actuacións:

- a) Determinación das retribucións de postos de nova creación.
- b) Sinatura e aplicación do Convenio único para o persoal laboral da Administración do Estado, así como de acordos ou instrumentos similares, revisións, adhesións ou extensións, no ámbito de aplicación do dito convenio.
- c) Fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo, con excepción do persoal temporal suxeito á relación laboral de carácter especial regulada no artigo 2, punto 1, letra e), do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro. Non obstante, deberase facilitar información das retribucións deste último persoal á Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións.

Exceptúase, igualmente, a fixación das retribucións do persoal a que se refire o Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades, que se atará ao disposto na dita norma.

d) Outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral, con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.

e) Determinación das retribucións correspondentes ao persoal contratado no exterior.

3. O informe citado no punto un.1 deste artigo será emitido polo procedemento e co alcance previstos nos puntos seguintes:

a) No caso previsto no punto un.2 b) deste artigo, os organismos afectados remitirán á Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións o correspondente proxecto, con carácter previo ao seu acordo ou sinatura.

O informe será emitido no prazo máximo de quince días contado desde a data de recepción do proxecto, unha vez achegada toda a documentación necesaria para a súa valoración, versará sobre todos aqueles aspectos de que deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano corrente como para exercicios futuros e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ao control do seu crecemento, sen prexuízo do disposto no artigo 23 desta lei.

b) No resto dos casos do punto un.2, os organismos afectados remitirán á Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións as actuacións que propoñen, xuntando a valoración de todos os seus aspectos económicos.

c) No caso das entidades públicas empresariais e do resto dos organismos e entes públicos a que se fai referencia no punto un.1.d) deste artigo, o informe emitirase nas condicións e polos procedementos que para o efecto establece a Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións, atendendo ás características específicas daquelas.

4. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios aos que determinen as futuras leis de orzamentos xerais do Estado.

Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación das retribucións sen o cumprimento dos requisitos establecidos no presente artigo.

Dous. A Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións determinará e, de ser o caso, actualizará as retribucións do persoal laboral no exterior de acordo coas circunstancias específicas de cada país.

Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación das retribucións sen o cumprimento do establecido no presente artigo.

Tres. A determinación ou modificación das condicións retributivas do persoal laboral e non funcionario mediante convenio colectivo, pacto, acordo ou calquera instrumento de natureza similar, no caso das sociedades mercantís estatais, das entidades públicas empresariais, das fundacións do sector público estatal, dos consorcios que, de acordo co establecido no artigo 120 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, se encontran adscritos ao sector público estatal, das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e dos seus centros mancomunados e de todos os enumerados no punto un.1, sempre que non trate do ámbito de aplicación do convenio único, requirirá informe previo e favorable da Comisión de Seguimento da Negociación Colectiva das Empresas Públicas, presidida pola persoa titular da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, de conformidade co que establece a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

A citada Comisión dará traslado á Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións, para o seu coñecemento, dos informes relativos ao persoal recollido no punto un.1 deste artigo.

Serán nulos de pleno dereito os convenios colectivos, pactos, acordos ou calquera instrumento de natureza similar adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra do informe da Comisión de Seguimento da Negociación Colectiva das Empresas Públicas.

Igualmente, o Banco de España informará a Comisión de Seguimento da Negociación Colectiva das Empresas Públicas, con carácter previo, tanto do inicio da negociación dun convenio ou acordo colectivo, como de calquera proposta de acordo que vaia ser remitida á representación dos traballadores, así como dos convenios ou acordos alcanzados.

Artigo 33. *Contratación de persoal laboral con cargo aos créditos de investimentos.*

Un. Os departamentos ministeriais, organismos autónomos, axencias estatais, entidades xestoras da Seguridade Social, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Xerencia de Informática da Seguridade Social poderán formalizar, con cargo aos respectivos créditos de investimentos, contratacións de persoal de carácter temporal para realizar obras ou servizos, sempre que concorran os requisitos sinalados no artigo 19.cuatro e nos seguintes:

- a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración directa e con aplicación da lexislación de contratos do Estado, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.
- b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais do Estado.
- c) Que as obras ou servizos non poidan ser executados co persoal fixo do cadro e non exista dispoñibilidade suficiente no crédito orzamentario destinado á contratación de persoal.

Dous. A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que deban exceder o dito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevé no artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado.

Tres. Os contratos deberán contar co informe, con carácter previo á súa formalización, da Avogacía do Estado no departamento, organismo ou entidade ou, de ser o caso, do letrado da Administración da Seguridade Social, que, en especial, se pronunciará sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e formalidades exixidos pola lexislación laboral.

Cuatro. Os contratos regulados no presente artigo serán obxecto de fiscalización previa nos casos en que resulte preceptiva, de conformidade co disposto nos artigos 152 a 156 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Para estes efectos, os créditos de investimentos entenderanse adecuados para a contratación de persoal eventual se non existe crédito suficiente para iso no concepto orzamentario destinado especificamente á dita finalidade.

Nos organismos públicos do Estado que non estean suxeitos á función interventora, esta contratación requirirá informe favorable do correspondente interventor delegado, que versará sobre a non dispoñibilidade de crédito no concepto orzamentario destinado á contratación de persoal eventual no capítulo correspondente. En caso de desconformidade co informe emitido, o organismo autónomo ou a entidade pública empresarial poderán elevar o expediente ao Ministerio de Facenda para a súa resolución.

Artigo 34. *Competencia do Ministerio de Facenda en materia de custos do persoal ao servizo do sector público no ámbito da negociación colectiva.*

Todos os acordos, convenios, pactos ou calquera outro instrumento de negociación colectiva similares, así como as medidas que se adopten no seu cumprimento ou desenvolvemento, cuxo contido se refira a gastos imputables ao capítulo de gastos de persoal dos orzamentos dos departamentos ministeriais, organismos, axencias estatais,

entidades públicas empresariais e demais entes públicos do sector público estatal, sociedades mercantís estatais, fundacións do sector público estatal e consorcios participados maioritariamente polo sector público estatal, requirirán, para a súa plena efectividade, o informe previo e favorable do Ministerio de Facenda, a través da persoa titular da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, e serán nulos de pleno dereito os que se alcancen sen ese informe, sen que deles poida en ningún caso derivar, directa ou indirectamente, incremento do gasto público en materia de custos de persoal e/ou incremento de retribucións por encima do autorizado no artigo 18.dous desta lei.

TÍTULO IV

Das pensións públicas

CAPÍTULO I

Revalorización de pensións

Artigo 35. *Revalorización de pensións.*

As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como as de clases pasivas do Estado, experimentarán en 2021, con carácter xeral, un incremento do 0,9 por cento, nos termos que se indican nos artigos correspondentes desta lei.

CAPÍTULO II

Determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado e das especiais de guerra

Artigo 36. *Determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado.*

Un. O disposto neste artigo aplicarase ás pensións ordinarias e extraordinarias que, en propio favor ou no dos seus familiares, cause o persoal incluído no ámbito de cobertura do réxime de clases pasivas do Estado que se relaciona a continuación, agrupado de acordo coa súa lexislación reguladora:

1. Persoal a que se aplica o título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril:

a) Os funcionarios de carreira de carácter civil da Administración do Estado, da Administración de xustiza, das Cortes Xerais e doutros órganos constitucionais ou estatais cuxa lexislación reguladora así o prevexa, os transferidos ás comunidades autónomas, así como o persoal militar de carreira, o persoal militar de complemento e o das escalas de tropa e mariñeira profesional que tivese adquirido o dereito a permanecer nas Forzas Armadas até a idade de retiro que, con posterioridade ao 31 de decembro de 1984, se encontre en calquera situación administrativa e non fose declarado xubilado ou retirado antes da dita data.

b) O persoal que, a partir do 1 de xaneiro de 1986, se encontrase como funcionario en prácticas e o que, a partir do 1 de xaneiro 1985, fose alumno dalgunha escola ou academia militar e fose promovido a cabaleiro alférez cadete, alférez-alumno, sarxento-alumno ou gardamariña.

c) Os funcionarios interinos nomeados antes do 1 de xaneiro de 1965 e que percibisen soldo detallado nos orzamentos xerais do Estado con cargo a persoal, cando o feito causante dos dereitos pasivos se producise con posterioridade ao 31 de decembro de 1985.

2. Persoal a que se aplica a lexislación vixente en 31 de decembro de 1984, coas modificacións que se recollen no título II do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado:

a) Os funcionarios de carreira de carácter civil da Administración do Estado, da Administración de xustiza, das Cortes Xerais e doutros órganos constitucionais ou estatais cuxa lexislación reguladora así o prevexa, os transferidos ás comunidades autónomas, así como o persoal militar de carreira, o persoal militar de complemento e o das escalas de tropa e mariñeiría profesional que tivese adquirido o dereito a permanecer nas Forzas Armadas até a idade de retiro que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, falecese ou fose declarado xubilado ou retirado.

b) Os funcionarios interinos nomeados antes do 1 de xaneiro de 1965 e que percibisen soldo detallado nos orzamentos xerais do Estado con cargo a persoal, cando o feito causante dos dereitos pasivos se producise con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1986.

Dous. Para a determinación inicial das pensións causadas polo persoal mencionado no punto un.1 deste artigo teranse en conta, para 2021, os haberes reguladores que se indican a continuación:

a) Haberes reguladores para o persoal ingresado nalgún corpo, escala, praza, emprego ou categoría administrativa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

Grupo/Subgrupo EBEP	Haber regulador Euros/ano
A1	42.563,68
A2	33.498,68
B	29.333,53
C1	25.727,56
C2	20.354,76
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP)	17.354,06

b) Haberes reguladores para o persoal ingresado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Haber regulador Euros/ano
10	42.563,68
8	33.498,68
6	25.727,56
4	20.354,76
3	17.354,06

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Haber regulador Euros/ano
4,75	42.563,68

Índice multiplicador	Haber regulador Euros/ano
4,50	42.563,68
4,00	42.563,68
3,50	42.563,68
3,25	42.563,68
3,00	42.563,68
2,50	42.563,68
2,25	33.498,68
2,00	29.333,53
1,50	20.354,76
1,25	17.354,06

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Haber regulador Euros/ano
Secretario xeral.	42.563,68
De letrados.	42.563,68
Xerente.	42.563,68

CORTES XERAIS

Corpo	Haber regulador Euros/ano
De letrados.	42.563,68
De arquivistas-bibliotecarios.	42.563,68
De asesores facultativos.	42.563,68
De redactores, taquígrafos e estenotipistas.	42.563,68
Técnico-administrativo.	42.563,68
Administrativo.	25.727,56
De subalternos.	20.354,76

Tres. Para a determinación inicial das pensións causadas polo persoal mencionado no punto un.2 deste artigo que produzan efectos económicos a partir do 1 de xaneiro de 2021, teranse en conta as bases reguladoras que resulten de aplicar as seguintes regras:

a) Tomarase o importe que corresponda ao causante polos conceptos de soldo e, de ser o caso, grao, en función do corpo ou dos índices multiplicador ou de proporcionalidade e grao de carreira administrativa que tivese asignado en 31 de decembro de 1984 o corpo,

carreira, escala, praza, emprego ou categoría a que pertencese aquel, e que se recollen a continuación:

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual – Euros
10 (5,5)	8	–	28.533,62
10 (5,5)	7	–	27.749,43
10 (5,5)	6	–	26.965,26
10 (5,5)	3	–	24.612,66
10	5	–	24.212,26
10	4	–	23.428,11
10	3	–	22.643,93
10	2	–	21.859,67
10	1	–	21.075,49
8	6	–	20.360,62
8	5	–	19.733,41
8	4	–	19.106,13
8	3	–	18.478,88
8	2	–	17.851,65
8	1	–	17.224,39
6	5	–	15.511,06
6	4	–	15.040,76
6	3	–	14.570,55
6	2	–	14.100,21
6	1	(12 por 100)	15.209,07
6	1	–	13.629,90
4	3	–	11.477,44
4	2	(24 por 100)	13.695,41
4	2	–	11.163,83
4	1	(12 por 100)	12.117,15
4	1	–	10.850,20
3	3	–	9.909,97
3	2	–	9.674,80
3	1	–	9.439,66

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
4,75	46.596,23

Índice multiplicador	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
4,50	44.143,79
4,00	39.238,89
3,50	34.334,03
3,25	31.881,63
3,00	29.429,18
2,50	24.524,31
2,25	22.071,88
2,00	19.619,46
1,50	14.714,59
1,25	12.262,17

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
Secretario xeral.	44.143,79
De letrados.	39.238,89
Xerente.	39.238,89

CORTES XERAIS

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
De letrados.	25.679,45
De arquiveiros-bibliotecarios.	25.679,45
De asesores facultativos.	25.679,45
De redactores, taquígrafos e estenotipistas.	23.581,79
Técnico-administrativo.	23.581,79
Administrativo.	14.201,80
De subalternos.	11.233,78

b) Á cantidade resultante do establecido na letra anterior sumarase a contía que se obteña de multiplicar o número de trienios acreditados polo valor unitario de cada trienio en función do corpo, carreira, escala, praza, emprego ou categoría en que prestase

servizos o causante, atendendo, de ser o caso, aos índices de proporcionalidade ou multiplicadores asignados a eles nos cadros seguintes:

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
10	921,77
8	737,44
6	553,02
4	368,73
3	276,54

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
3,50	1.716,70
3,25	1.594,09
3,00	1.471,47
2,50	1.226,19
2,25	1.105,11
2,00	980,99
1,50	735,73
1,25	613,13

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
Secretario xeral	1.716,70
De letrados	1.716,70
Xerente	1.716,70

CORTES XERAIS

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
De letrados.	1.049,99
De arquivistas-bibliotecarios.	1.049,99
De asesores facultativos.	1.049,99

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
De redactores, taquígrafos e estenotipistas.	1.049,99
Técnico-administrativo.	1.049,99
Administrativo.	630,00
De subalternos.	419,98

Catro. O importe mensual das pensións a que se refire este artigo obterase dividindo entre 14 a contía anual calculada segundo o disposto nas regras contidas nos puntos precedentes e de acordo coa lexislación que resulte aplicable.

Artigo 37. Determinación inicial das pensións especiais de guerra.

Un. O importe das pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, de pensións, asistencia médico-farmacéutica e asistencia social a familiares de falecidos como consecuencia da Guerra Civil, non poderá ser inferior, para 2021, á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social, excepto para as pensións de orfandade en favor de orfos non incapacitados causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, e 35/1980, do 26 de xuño, sobre pensións aos mutilados excombatentes da zona republicana, que será de 1.933,65 euros anuais, referidos a doce mensualidades.

Dous. 1. As pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, do 26 de xuño, cuxos causantes non tivesen a condición de militar profesional das forzas e institutos armados, fíxanse para 2021 nas seguintes contías:

- a) A pensión de mutilación será a que resulte de aplicar as porcentaxes establecidas para cada grao de incapacidade á cantidade de 5.259,55 euros anuais.
- b) A suma da remuneración básica, a remuneración substitutoria de trienios e as remuneracións suplementarias en compensación por retribucións non percibidas será de 14.184,88 euros anuais.
- c) As pensións en favor de familiares serán iguais á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social, excepto para as pensións en favor de orfos non incapacitados, cuxa contía será de 1.933,65 euros anuais.

2. O importe das pensións en favor de familiares de excombatentes que tivesen a condición de militar profesional, recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, non poderá ser inferior, para 2021, á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Tres. As pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 6/1982, do 29 de marzo, sobre retribución básica a mutilados civís de guerra, fíxanse, para 2021, nas seguintes contías:

- a) A retribución básica para quen teña recoñecida unha incapacidade de segundo, terceiro ou cuarto grao, en 9.929,41 euros anuais.
- b) As pensións en favor de familiares, na contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Catro. As pensións recoñecidas ao abeiro do Decreto 670/1976, do 5 de marzo, en favor de mutilados de guerra que non se puideron integrar no corpo de cabaleiros mutilados de guerra pola patria estableceranse, para 2021, no importe que resulte de aplicar as porcentaxes establecidas para cada grao de incapacidade á contía de 6.301,61 euros anuais.

Cinco. A contía para 2021 das pensións causadas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, sobre recoñecemento de dereitos e servizos prestados a aqueles que durante a Guerra Civil formaron parte das Forzas Armadas e de orde pública e corpo de carabineiros da República, fixarase aplicando o importe polos conceptos de soldo e grao que proceda de entre os contidos no precedente artigo 36.

As contías destas pensións non poderán ser inferiores ás seguintes:

- a) Nas pensións en favor de causantes, á contía mínima das pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.
- b) Nas pensións de viuvez, á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Seis. O importe mensual das pensións a que se refire este artigo obterase dividindo entre 12 a contía anual establecida segundo o disposto nos puntos precedentes e de acordo coa lexislación que resulte aplicable.

Coas doce mensualidades ordinarias aboaranse dúas mensualidades extraordinarias do mesmo importe, excepto nas pensións de mutilación recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, do 26 de xuño.

Non obstante o establecido no último inciso do parágrafo anterior, cando o mutilado fose clasificado como útil conforme o disposto na citada lei, terá dereito ás referidas mensualidades extraordinarias.

CAPÍTULO III

Limitacións no sinalamento inicial das pensións públicas

Artigo 38. *Limitación do sinalamento inicial das pensións públicas.*

Un. O importe que se percibirá como consecuencia do sinalamento inicial das pensións públicas enumeradas no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, non poderá superar, durante o ano 2021, a contía íntegra de 2.707,49 euros mensuais, sen prexuízo das pagas extraordinarias que poidan corresponder ao seu titular, cuxa contía tamén estará afectada polo citado límite.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, se o pensionista tivese dereito a percibir menos ou máis de catorce pagas ao ano, incluídas as extraordinarias, o dito límite mensual deberá ser adecuado, para efectos de que se alcance ou non supere a contía íntegra anual de 37.904,86 euros.

Dous. Cando un mesmo titular cause asemade dereito a dúas ou máis pensións públicas, o importe conxunto que se percibirá como consecuencia do sinalamento inicial de todas elas estará suxeito aos mesmos límites que se establecen no punto anterior.

Para tal efecto determinarase, en primeiro lugar, o importe íntegro de cada unha das pensións públicas de que se trate e, se a suma de todas elas excede os 2.707,49 euros mensuais, reduciranse proporcionalmente até absorber o dito exceso.

Non obstante, se algunha das pensións que se causen está por conta do fondo especial dunha das mutualidades de funcionarios incluídas no artigo 42.1.c) da Lei 37/1988, do 28 de decembro, a minoración ou supresión efectuarase preferentemente sobre o importe íntegro desta pensión e, de ser posible, no momento do seu recoñecemento; con posterioridade, se for necesario, reduciranse proporcionalmente as restantes pensións para que a suma de todas elas non supere o indicado límite máximo.

Tres. Cando se efectúe o sinalamento inicial dunha pensión pública en favor de quen xa estivese percibindo outra ou outras pensións públicas, se a suma conxunta do importe íntegro de todas elas supera os límites establecidos no punto un deste artigo, minorarase ou suprimirase do importe íntegro da nova pensión a contía que exceda o referido límite.

Non obstante, se a nova pensión, no presente ou en anteriores exercicios económicos, tiver a consideración de renda exenta de acordo co disposto na lexislación reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, por solicitude do seu titular, minorarase ou

suprimírase a pensión ou pensións públicas que o interesado causase anteriormente. En tales supostos, os efectos da regularización retrotraeranse ao día 1 de xaneiro do ano en que se solicite ou á data inicial de aboamento da nova pensión, se esta for posterior.

Catro. Se no momento do sinalamento inicial a que se refiren os puntos anteriores, os organismos ou entidades competentes non poden coñecer a contía e natureza das outras pensións que correspondan ao beneficiario, o dito sinalamento inicial realizarase con carácter provisional até que se practiquen as oportunas comprobacións.

A regularización definitiva dos sinalamentos provisionais suporá, de ser o caso, a existencia do reintegro do percibido indebidamente polo titular da pensión. Este reintegro poderá practicarse con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

Cinco. Se con posterioridade á minoración ou supresión do importe do sinalamento inicial a que se refiren os puntos dous e tres deste artigo se modifica, por calquera circunstancia, a contía ou composición das outras pensións públicas percibidas polo titular, revisaranse de oficio ou por instancia de parte as limitacións que se efectuasen, con efectos do primeiro día do mes seguinte ao da variación.

En todo caso, os sinalamentos iniciais realizados en supostos de concorrencia de pensións públicas estarán suxeitos a revisión periódica.

Seis. A minoración ou supresión do importe dos sinalamentos iniciais de pensións públicas que se poidan efectuar por aplicación das normas limitativas non significará mingua ou prexuízo doutros dereitos anexos ao recoñecemento da pensión.

Sete. O límite máximo de percepción establecido neste artigo non se aplicará ás seguintes pensións públicas que se causen durante o ano 2021:

- a) Pensións extraordinarias do sistema da Seguridade Social e do réxime de clases pasivas do Estado orixinadas por actos terroristas.
- b) Pensións extraordinarias recoñecidas ao abeiro da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- c) Pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño.

Oito. Cando no momento do sinalamento inicial das pensións públicas concorran nun mesmo titular algunha ou algunhas das pensións mencionadas no punto anterior, ou das recoñecidas por actos terroristas en favor daqueles que non teñan dereito a pensión en calquera réxime público de Seguridade Social ao abeiro do título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo, con outra ou outras pensións públicas, as normas limitativas deste artigo só se aplicarán respecto das non procedentes de actos terroristas.

CAPÍTULO IV

Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas

Artigo 39. *Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas.*

Un. As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, así como as pensións de clases pasivas do Estado, experimentarán no ano 2021 un incremento do 0,9 por cento, de conformidade co previsto no artigo 35 desta lei, sen prexuízo das excepcións contidas nos artigos seguintes deste capítulo e dos importes de garantía que figuran no precedente artigo 37, respecto das pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial da Guerra Civil.

A contía inicial das pensións de xubilación ou retiro e de viuvez de clases pasivas do Estado causadas durante 2021 ao abeiro da lexislación vixente en 31 de decembro de 1984, calculada de acordo coas bases reguladoras establecidas para esta clase de pensións no presente exercicio económico, corríxirase mediante a aplicación das

porcentaxes do 1 e 2 por cento segundo corresponda, establecidas para os anos 2004, 2006, 2007 e 2008 no punto catro das disposicións adicionais quinta e sexta, así como na disposición adicional décima das leis 61/2003, do 30 de decembro; 30/2005, do 29 de decembro; 42/2006, do 28 de decembro; e 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para os anos 2004, 2006, 2007 e 2008, respectivamente.

Dous. De acordo co establecido na disposición adicional sexta, punto un, do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, as pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, causadas con posterioridade ao 31 de decembro de 2015, experimentarán o 1 de xaneiro do ano 2021 unha redución, respecto dos importes percibidos en 31 de decembro de 2020, do 20 por cento da diferenza entre a contía correspondente en 31 de decembro de 1978 –ou de 1977, se se trata do Montepío de Funcionarios da Organización Sindical– e a do 31 de decembro de 1973.

Tres. As pensións aboadas con cargo aos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, e non indicadas nos puntos anteriores deste artigo experimentarán no ano 2021 o incremento que, de ser o caso proceda, segundo a súa normativa reguladora, sobre as contías percibidas en 31 de decembro de 2020, salvo as excepcións contidas nos seguintes artigos deste capítulo.

Artigo 40. *Pensións non revalorizables.*

Un. Durante a vixencia destes orzamentos non se revalorizarán as pensións públicas seguintes:

a) As pensións aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, cuxo importe íntegro mensual, sumado, de ser o caso, ao importe íntegro mensual das outras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda os 2.707,49 euros íntegros en cómputo mensual, cantidade que se entenderá nos termos expostos no precedente artigo 38.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable ás pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado e do sistema da Seguridade Social orixinadas por actos terroristas, nin ás pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas, recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño, nin ás pensións recoñecidas en virtude da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) As pensións de clases pasivas recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado causadas antes do 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só percibise esta pensión como tal legoeiro.

c) As pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado que, en 31 de decembro de 2020, xa alcanzasen as contías correspondentes ao 31 de decembro de 1973.

Dous. No caso de mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social de calquera tipo que integren persoal de empresas ou sociedades con participación maioritaria do Estado, comunidades autónomas, corporacións locais ou organismos autónomos e se financien con fondos procedentes de tales órganos ou entidades públicas, ou no caso de que estes estean aboando directamente ao persoal incluído na acción protectora daquelas pensións complementarias por calquera concepto sobre as que lles correspondería aboar aos réximes xerais que sexan de aplicación, as revalorizacións a que se refire o artigo 39 serán consideradas como límite máximo e poderanse aplicar coeficientes menores e, incluso, inferiores á unidade, ás ditas pensións complementarias, de acordo coas súas regulacións propias ou cos pactos que se produzan.

Artigo 41. *Limitación do importe da revalorización das pensións públicas.*

Un. Para o ano 2021 o importe da revalorización das pensións públicas non poderá supor un valor íntegro anual superior a 37.904,86 euros.

Dous. Cando un mesmo titular perciba dúas ou máis pensións públicas, a suma do importe anual íntegro de todas elas, unha vez revalorizadas as que procedan, non poderá superar o límite máximo sinalado. Se o supera, minorarase proporcionalmente a contía da revalorización até absorber o exceso sobre o dito límite.

Para tal efecto, cada entidade ou organismo competente para revalorizar as pensións determinará o límite máximo de percepción anual para as pensións ao seu cargo. Este límite consistirá nunha cifra que garde coa contía íntegra de 37.904,86 euros anuais a mesma proporción que manteña a pensión ou pensións coa suma de todas as pensións públicas percibidas polo titular.

O referido límite (L) obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$L = P/T \times 37.904,86 \text{ euros anuais}$$

Onde «P» é o valor íntegro teórico anual alcanzado en 31 de decembro de 2020 pola pensión ou pensións por conta do organismo ou entidade competente, e «T» o resultado de engadir á cifra anterior o valor íntegro anual das restantes pensións concorrentes do mesmo titular na mesma data.

Non obstante o anterior, se algunha das pensións públicas que percíbese o interesado estivese por conta do fondo especial dunha das mutualidades de funcionarios incluídas no artigo 42.1.c) da Lei 37/1988, do 28 de decembro, ou se tratase das pensións non revalorizables por conta dalgunha das entidades a que se refire o artigo 40.dous desta lei, a aplicación das regras recollidas nos parágrafos anteriores adaptarase regulamentariamente para alcanzar o límite máximo de percepción.

Tres. O disposto nos puntos catro ao oito, ambos inclusive, do precedente artigo 38 será aplicable cando así proceda aos supostos de revalorización de pensións concorrentes.

CAPÍTULO V

Complementos por mínimos

Artigo 42. *Recoñecemento de complementos por mínimos nas pensións de clases pasivas.*

Un. De acordo co disposto no artigo 27.2 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, terán dereito a percibir os complementos económicos necesarios para alcanzar a contía mínima os pensionistas de clases pasivas do Estado que non perciban, durante 2021, rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as ditas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, ou que, percibíndoos, non excedan os 7.707,00 euros ao ano.

Para os efectos do recoñecemento e revisión dos complementos por mínimos das pensións, dos rendementos íntegros procedentes do traballo, de actividades económicas e de bens inmoebles, percibidos polo pensionista e computados nos termos establecidos na lexislación fiscal, excluíranse os gastos deducibles de acordo coa lexislación fiscal.

Para acreditar as rendas e ingresos poderáselle exixir ao pensionista unha declaración destes e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Non obstante, os pensionistas de clases pasivas do Estado que perciban ingresos polos conceptos indicados en contía superior á cifra sinalada no parágrafo primeiro deste punto terán dereito a un complemento por mínimos cando a suma en cómputo anual de tales ingresos e dos correspondentes á pensión xa revalorizada resulte inferior á suma de 7.707,00 euros máis o importe, en cómputo anual, da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate. Neste caso, o complemento para mínimos consistirá na

diferenza entre os importes de ambas as sumas, sempre que esta diferenza non determine para o interesado unha percepción mensual conxunta de pensión e complemento por importe superior ao da contía mínima de pensión que corresponda en termos mensuais.

Presumírase que concorren os requisitos establecidos nos parágrafos anteriores cando o interesado percíbese durante 2020 ingresos por contía igual ou inferior a 7.638,00 euros anuais. Esta presunción poderase destruír, de ser o caso, polas probas obtidas pola Administración.

Para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equipararanse a ingresos de traballo as pensións públicas que non estean por conta de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

Cando, de conformidade coas previsións legais, se teña recoñecida unha parte proporcional da pensión de viuvez, o complemento para mínimos aplicarase, de ser o caso, na mesma proporción que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión.

Os efectos económicos do recoñecemento dos complementos retrotraeranse ao día 1 de xaneiro do ano en que se soliciten ou á data de inicio da pensión, se esta for posterior ao 1 de xaneiro.

Non obstante, se a solicitude de tal recoñecemento se efectúa con ocasión de exercer o dereito ao cobramento dunha pensión cuxo feito causante se produciu no exercicio anterior, os efectos económicos poderán ser os da súa data de inicio, cunha retroactividade máxima dun ano desde a solicitude.

Dous. Os recoñecementos de complementos económicos que se efectúen en 2021 por declaracións do interesado terán carácter provisional até que se comprobe a realidade ou efectividade do declarado.

A Administración poderá revisar periodicamente, de oficio ou por instancia do interesado, as resolucións de recoñecemento de complementos económicos, o que poderá supor, de ser o caso, a exixencia do reintegro do percibido indebidamente polo titular da pensión. Este reintegro poderá practicarse con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

Tres. Para ter dereito ao complemento para mínimos nos supostos de pensións causadas a partir de xaneiro de 2013, será necesario residir en territorio español. Para as pensións causadas a partir da indicada data, o importe do dito complemento en ningún caso poderá superar a contía fixada para as pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Catro. Durante 2021 as contías mínimas das pensións de clases pasivas quedan fixadas, en cómputo anual, nos importes seguintes:

Clase de pensión	Importe		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Pensión de xubilación ou retiro.	11.914,00	9.655,80	9.164,40
Pensión de viuvez.		9.655,80	
Pensión familiar distinta da de viuvez, onde N é o número de beneficiarios da pensión ou pensións.		9.412,20/N	

No suposto de pensión ou pensións en favor doutros familiares que fosen percibidas por varios beneficiarios, a cifra resultante non será inferior a 210,80 euros mensuais, respecto de cada un daqueles beneficiarios. Non obstante, cando algún dos beneficiarios sexa orfo menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por cento, a contía mínima que se lle recoñecerá ao dito orfo será de 414,70 euros mensuais, sempre que se cumpra o requisito de límite de ingresos citado.

Nas pensións de viuvez, os incrementos por fillos que se poidan ter recoñecido ao abeiro da Lei 19/1974, do 27 de xuño, e da Lei 74/1980, do 29 de decembro, non se computarán para efectos da aplicación do mínimo establecido no cadro anterior.

Entenderase que existe cónxuxe a cargo do titular cando este estea convivindo co pensionista e dependa economicamente del. Presumirase a convivencia sempre que se conserve o vínculo matrimonial, sen prexuízo de que esta presunción poida destruírse de comprobar o contrario a Administración e, para os mesmos efectos, entenderase que existe dependencia económica cando os ingresos do cónxuxe, por calquera concepto, non superen o salario mínimo interprofesional vixente.

Cinco. Os complementos económicos regulados nos puntos precedentes deste artigo non se aplicarán ás pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial derivada da Guerra Civil, cuxas contías se fixan no artigo 37 desta lei, excepto ás pensións de orfandade recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, así como ás recoñecidas a favor de orfos non incapacitados maiores de 21 anos, causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, e 35/1980, do 26 de xuño.

Artigo 43. *Recoñecemento dos complementos por mínimos nas pensións da Seguridade Social.*

Un. Nos termos que regulamentariamente se determinen, terán dereito a percibir os complementos necesarios para alcanzar a contía mínima de pensións os pensionistas do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, que non perciban durante 2021 rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as ditas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas e computados conforme o artigo 59 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, ou que, percibíndoos, non excedan os 7.707,00 euros ao ano. Estes complementos por mínimos non teñen carácter consolidable e son absorbibles con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorización ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

Para acreditar as rendas e ingresos, a entidade xestora poderá exixir ao pensionista unha declaración destes e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Non obstante, os pensionistas do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva que perciban ingresos polos conceptos indicados en contía superior á cifra sinalada no parágrafo primeiro deste punto terán dereito a un complemento por mínimos cando a suma en cómputo anual de tales ingresos e dos correspondentes á pensión xa revalorizada resulte inferior á suma de 7.707,00 euros máis o importe, en cómputo anual, da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate. Neste caso, o complemento por mínimos consistirá na diferenza entre os importes de ambas as sumas, sempre que esta diferenza non determine para o interesado unha percepción mensual conxunta de pensión e complemento por importe superior ao da contía mínima de pensión que corresponda en termos mensuais. Para os únicos efectos de garantía de complementos por mínimos, equipararanse a ingresos de traballo as pensións públicas que non estean por conta de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

Para os efectos de mínimos, as pensións públicas estranxeiras que estean por conta de calquera dos réximes públicos de previsión social consideraranse concorrentes coas pensións españolas.

As cantidades a tanto global e os pagamentos periódicos aboados, con carácter compensatorio, aos pensionistas españois, ao abeiro do Acordo suscrito entre España e o Reino Unido, o 18 de setembro de 2006, non se computarán para ningún efecto para o recoñecemento dos complementos para alcanzar a contía mínima das pensións.

Dous. Entenderase que concorren os requisitos indicados no punto anterior cando o interesado manifeste que vai percibir durante 2021 rendementos computados na forma sinalada no punto un, por contía igual ou inferior a 7.707,00 euros.

Os pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade contributiva que, ao longo do exercicio 2021, perciban rendas acumuladas superiores ao límite a que se refire o parágrafo anterior están obrigados a comunicar tal circunstancia ás entidades xestoras no prazo dun mes desde que se produza.

Para acreditar as rendas e ingresos, as entidades xestoras da Seguridade Social poderán en todo momento requirir aos perceptores de complementos por mínimos unha declaración destes, así como dos seus bens patrimoniais e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Tres. Para os efectos do previsto neste artigo, considerarase que existe cónxuxe a cargo do titular dunha pensión cando aquel estea convivindo co pensionista e dependa economicamente del.

Entenderase que existe dependencia económica cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que o cónxuxe do pensionista non sexa, pola súa vez, titular dunha pensión por conta dun réxime básico público de previsión social, entendendo comprendidos no dito concepto as pensións recoñecidas por outro Estado, así como os subsidios de garantía de ingresos mínimos e por axuda de terceira persoa, ambos previstos no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e as pensións asistenciais reguladas na Lei 45/1960, do 21 de xullo, pola que se crean determinados fondos nacionais para a aplicación social do imposto e do aforro.

b) Que os rendementos por calquera natureza do pensionista e do seu cónxuxe, computados na forma sinalada no punto un deste artigo, resulten inferiores a 8.990,00 euros anuais.

Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no parágrafo anterior e do importe, tamén en cómputo anual, da pensión que se vaia complementar resulte inferior á suma de 8.990,00 euros e da contía anual da pensión mínima con cónxuxe a cargo de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades que corresponda.

Catro. Con respecto ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, para ter dereito ao complemento para alcanzar a contía mínima das pensións será necesario residir en territorio español. Para as pensións causadas a partir da indicada data, o importe dos ditos complementos en ningún caso poderá superar a contía a que se refire o punto 2 do artigo 59 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Cinco. Durante o ano 2021 as contías mínimas das pensións do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, quedan fixadas, en cómputo anual, clase de pensión e requisitos concorrentes no titular, nos importes seguintes:

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
<i>Xubilación</i>			
Titular con sesenta e cinco anos	11.914,00	9.655,80	9.164,40
Titular menor de sesenta e cinco anos	11.170,60	9.034,20	8.538,60
Titular con sesenta e cinco anos procedente de grande invalidez.	17.871,00	14.484,40	13.746,60
<i>Incapacidade permanente</i>			

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Grande invalidez	17.871,00	14.484,40	13.746,60
Absoluta	11.914,00	9.655,80	9.164,40
Total: titular con sesenta e cinco anos	11.914,00	9.655,80	9.164,40
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	11.170,60	9.034,20	8.538,60
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos	7.119,00	7.119,00	7.056,00
Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular con sesenta e cinco anos	11.914,00	9.655,80	9.164,40
<i>Viuvez</i>			
Titular con cargas familiares	–	11.170,60	–
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100	–	9.655,80	–
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	–	9.034,20	–
Titular con menos de sesenta anos	–	7.315,00	–

Clase de pensión	Euros/ano
<i>Orfandade</i>	
Por beneficiario	2.951,20
Por beneficiario menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100	5.805,80
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 7.315,00 euros/ano, distribuídos, de ser o caso, entre os beneficiarios.	
<i>Prestación de orfandade</i>	
Un beneficiario	(1)
Varios beneficiarios: para repartir entre número de beneficiarios 100	(1)
<i>En favor de familiares</i>	
Por beneficiario	2.951,20
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
Un só beneficiario con sesenta e cinco anos	7.131,60
Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos	6.721,40
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 4.363,80 euros/ano entre o número de beneficiarios.	

(1) Contía en función da base mínima de cotización.

CAPÍTULO VI

Outras disposicións en materia de pensións públicas

Artigo 44. *Revalorización das pensións non contributivas e outras prestacións da Seguridade Social.*

Un. Para o ano 2021, a contía das pensións de xubilación e invalidez do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, incrementarase no 1,8 por cento respecto da contía establecida para 2020, polo que queda nun importe anual de 5.639,20 euros.

Dous. Para o ano 2021, establécese un complemento para as pensións non contributivas, fixado en 525,00 euros anuais, para o pensionista que acredite fidedignamente carecer de vivenda en propiedade e ter, como residencia habitual, unha vivenda alugada ao pensionista cuxo propietario non teña con el relación de parentesco até o terceiro grao, nin sexa cónxuxe ou persoa coa que constitúa unha unión estable e conviva con análoga relación de afectividade á conxugal. No caso de unidades familiares en que convivan varios perceptores de pensións non contributivas, só poderá percibir o complemento o titular do contrato de alugamento ou, de ser varios, o primeiro deles.

As normas para o recoñecemento deste complemento serán as establecidas no Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o alugamento de vivenda a favor dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva. Enténdese que as referencias feitas ao ano 2012 deben considerarse realizadas ao ano 2021.

Tres. As prestacións de orfandade causadas por violencia contra a muller, previstas no terceiro parágrafo do artigo 224.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, experimentarán en 2021 un incremento igual ao que se aprobe para o salario mínimo interprofesional para o dito ano.

Artigo 45. *Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.*

Un. A partir do 1 de xaneiro do ano 2021, a contía das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, non concorrentes con outras pensións públicas, queda fixada en cómputo anual en 6.183,80 euros.

Para os ditos efectos, non se considerarán pensións concorrentes a prestación económica recoñecida ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro durante a súa minoría de idade como consecuencia da Guerra Civil, nin a pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que fose a lexislación reguladora, nin o subsidio por axuda de terceira persoa previsto no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, nin as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

Dous. O importe das pensións de vellez ou invalidez do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez será, en cómputo anual, de 6.001,80 euros cando concorran con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez, sen prexuízo da aplicación, á suma dos importes de todas elas, do límite establecido na disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, salvo que os interesados tivesen recoñecidos importes superiores con anterioridade ao 1 de setembro de 2005, caso en que se aplicarán as normas xerais sobre revalorización, sempre que, por efecto destas normas, a suma das contías das pensións concorrentes siga sendo superior ao mencionado límite.

Tres. As pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non experimentarán revalorización en 2021 cando entren en concorrencia con outras pensións públicas diferentes ás mencionadas no precedente punto.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando a suma de todas as pensións concorrentes, unha vez revalorizadas, e as do referido seguro obrigatorio de vellez e invalidez sexa inferior á contía fixada para a pensión de tal seguro no punto un deste artigo, a pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante entre ambas as cantidades. Esta diferenza non ten carácter consolidable e será absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

Catro. Cando, para o recoñecemento dunha pensión do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, se totalizasen períodos de seguro ou de residencia cumpridos noutros países vinculados a España por norma internacional de Seguridade Social que prevexa a dita totalización, o importe da pensión rateada por conta de España non poderá ser inferior ao 50 por 100 da contía da pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez que en cada momento corresponda.

Esta mesma garantía aplicarase en relación cos titulares doutras pensións distintas das do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez que opten por algunha destas pensións, sempre que na data do feito causante da pensión que se veña percibindo reunisen todos os requisitos exixidos polo dito seguro.

TÍTULO V

Das operacións financeiras

CAPÍTULO I

Débeda pública

Artigo 46. *Débeda pública.*

Un. Autorízase á persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital un incremento anual do saldo vivo da débeda do Estado en 132.047.108,55 miles de euros. O cómputo realizarase mediante comparación do saldo vivo da débeda do Estado, en termos efectivos, entre o inicio e a fin do exercicio orzamentario.

Dous. Este límite será efectivo ao termo do exercicio, poderá ser excedido no seu curso e quedará automaticamente revisado:

- a) Polo importe das modificacións netas de créditos orzamentarios correspondentes aos capítulos I ao VIII.
- b) Polas desviacións entre as previsións de ingresos contidas na presente lei e a súa evolución real.
- c) Pola diferenza entre os créditos orzamentarios totais dos capítulos I ao VIII e o importe global das obrigacións recoñecidas dos citados capítulos no exercicio.
- d) Polos anticipos de tesouraría e a variación neta das operacións non orzamentarias con impacto na tesouraría do Estado, previstas legalmente.
- e) Pola variación neta nos dereitos e nas obrigacións do Estado recoñecidos e pendentes de ingreso e pagamento no exercicio, así como os dereitos recadados e as obrigacións pagadas correspondentes a exercicios anteriores.
- f) Polo importe neto imputado aos conceptos englobados no capítulo IX que non forman parte da emisión e amortización de débeda pública.

As citadas revisións incrementarán ou reducirán o límite sinalado no punto anterior segundo supoñan un aumento ou unha diminución, respectivamente, da necesidade de financiamento do Estado.

Artigo 47. Operacións de crédito autorizadas a organismos e entidades integrantes do sector público institucional estatal.

Un. Autorízanse os organismos públicos que figuran no anexo III desta lei para concertar operacións de crédito durante o ano 2021 polos importes que para cada un figuran no anexo citado.

Así mesmo, autorízanse os demais organismos e entidades integrantes do sector público institucional estatal que figuran nese mesmo anexo III para concertar operacións de crédito durante o ano 2021 polos importes que para cada un figuran no dito anexo. A autorización refírese, neste caso, de acordo co establecido no artigo 111.2 da Lei xeral orzamentaria, ás operacións de crédito que non se concerten e cancelen dentro do ano.

Dous. Os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado e as universidades públicas non transferidas, así como os consorcios, fundacións e outras entidades de dereito público que sexan axentes de execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación e se encontren adscritos ao Estado, poderán concertar operacións de crédito como consecuencia dos anticipos reembolsables que se lles conceden con cargo ao capítulo 8 do orzamento da Administración xeral do Estado.

Esta autorización será aplicable unicamente aos anticipos que se concedan co fin de facilitar a dispoñibilidade de fondos para o pagamento da parte dos gastos que, unha vez xustificadas, se financien con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ou ao Fondo Social Europeo.

Tres. Os organismos dependentes do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico que figuran no citado anexo III, con carácter previo á concertación das operacións correspondentes e co fin de verificar o destino do endebedamento, deberán solicitar autorización da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, achegando un plan económico financeiro xustificativo da operación, incluídos os supostos en que o endebedamento se solicite para cubrir déficits de tesouraría que se produzan por desfase entre os pagamentos que realice o organismo en actuacións cofinanciadas con fondos europeos e os retornos comunitarios correspondentes a tales pagamentos.

Artigo 48. Información da evolución da débeda do Estado ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e ao Congreso dos Deputados e ao Senado; e das contas abertas polo Tesouro no Banco de España ou noutras entidades financeiras ao Congreso dos Deputados e ao Senado.

Os organismos públicos que teñen ao seu cargo a xestión de débeda do Estado ou asumida por este, mesmo cando o asumido sexa unicamente a carga financeira, remitirán á Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a seguinte información: trimestralmente, sobre os pagamentos efectuados e sobre a situación da débeda o día último do trimestre, e ao comezo de cada ano, sobre a previsión de gastos financeiros e amortizacións para o exercicio.

O Goberno comunicará trimestralmente ás Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, o saldo detallado das operacións financeiras concertadas polo Estado e polos organismos autónomos e o número de contas abertas polo Tesouro no Banco de España ou noutras entidades financeiras, así como os importes e a evolución dos saldos. A Oficina porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

Artigo 49. Recursos alleos do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

De acordo co disposto no artigo 53.5 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, durante o exercicio orzamentario de 2021 os recursos alleos do FROB non superarán o importe de 12.451.737 miles de euros.

CAPÍTULO II

Avais públicos e outras garantías

Artigo 50. *Importe dos avais do Estado.*

Un. O importe máximo dos avais que outorgará o Consello de Ministros, segundo o establecido nos artigos 114.2 e 115 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, durante o exercicio do ano 2021, non poderá exceder os 500.000 miles de euros.

Dous. Autorízase a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional para que, na execución dos avais do Estado a que se refiren o punto dous.e) do artigo 52 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, e o punto dous.b) do artigo 54 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2013, poida efectuar os pagamentos correspondentes ás obrigacións garantidas mediante operacións de tesouraría con cargo ao concepto específico establecido para tal fin.

Con posterioridade á súa realización, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional procederá á aplicación definitiva ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados no mes de decembro de cada ano, que se aplicarán ao orzamento no ano seguinte.

Artigo 51. *Avais das entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais.*

Autorízase a Sociedade Estatal de Participacións Industriais para prestar avais no exercicio do ano 2021, en relación coas operacións de crédito que concerten e coas obrigacións derivadas de concursos de adjudicación en que participen durante o citado exercicio as sociedades mercantís en cuxo capital participe directa ou indirectamente, até un límite máximo de 1.210.000 miles de euros.

Artigo 52. *Información sobre avais públicos outorgados*

O Goberno comunicará trimestralmente ás Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, o saldo vivo e as características principais dos avais públicos outorgados. A Oficina porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

CAPÍTULO III

Relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial

Artigo 53. *Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (Fonprode).*

Un. Durante a vixencia destes orzamentos, a dotación anual ao Fondo para a Promoción do Desenvolvemento ascenderá a 199.230 miles de euros, con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.143A.874 «Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (Fonprode)», que se destinarán aos fins previstos no artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

Dous. O Consello de Ministros poderá autorizar operacións de carácter reembolsable con cargo ao Fonprode por un importe de até 375.000 miles de euros. De acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, dentro deste límite de 375.000 miles de euros poderán autorizarse con cargo ao Fonprode até 7.000 miles de euros en concepto de asistencia técnica que, polo seu carácter non reembolsable, implique axuste no déficit público.

Tres. Así mesmo, o Consello de Ministros poderá autorizar o pagamento con cargo ao Fondo dos gastos necesarios para a xestión do propio fondo, así como outros gastos asociados ás operacións de préstamo ou investimento financiadas con cargo a este.

Catro. Poderán autorizarse, igualmente, as operacións de refinanciamento de créditos concedidos con anterioridade con cargo ao Fondo que se leven a cabo en cumprimento dos oportunos acordos bilaterais ou multilaterais de renegociación da débeda exterior dos países prestameiros, de que España sexa parte.

Cinco. Serán recursos adicionais á dotación prevista para o Fonprode todos os retornos procedentes dos seus activos e que teñan a súa orixe en operacións aprobadas por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. Serán igualmente recursos do fondo os importes depositados nas contas correntes do Fonprode.

Seis. A compensación anual ao ICO establecida no artigo 14 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, será efectuada con cargo aos recursos do propio Fonprode, logo de autorización por acordo do Consello de Ministros, polos gastos en que incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda.

Artigo 54. Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento (FCAS).

A dotación ao Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento a que se refire a disposición adicional sexaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, ascenderá, no ano 2021, a 15.000 miles de euros e destinarase aos fins previstos no punto tres da dita disposición adicional.

Serán recursos adicionais á dotación prevista para o FCAS os retornos procedentes de reintegros de programas do FCAS aprobados por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. Serán igualmente recursos do FCAS os importes depositados nas súas contas correntes.

O Consello de Ministros poderá autorizar operacións con cargo ao Fondo por un importe anual de 65.000 miles de euros ao longo do ano 2021, tendo en conta os recursos adicionais recollidos no parágrafo anterior.

Só se poderán autorizar con cargo ao FCAS operacións de carácter reembolsable, coas seguintes excepcións:

– As operacións necesarias para facer fronte aos gastos derivados da xestión do fondo, isto é, os gastos de avaliación, seguimento, inspección e asistencia técnica ou outros gastos asociados ás operacións formalizadas polo Fondo.

– As operacións de carácter non reembolsable que se financien cos recursos extraordinarios procedentes de reintegros de programas bilaterais que non se puidesen levar a cabo total ou parcialmente, así como de excedentes de programas xa finalizados, sempre que tales operacións se realicen no mesmo exercicio en que se produza o reintegro. Excepcionalmente, en 2021 poderán utilizarse reintegros de fondos rendidos en 2020.

O Goberno informará as Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, durante o primeiro semestre do ano, das operacións autorizadas polo Consello de Ministros con cargo a este fondo do ano anterior. A Oficina porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

Artigo 55. Fondo para a Internacionalización da Empresa (Fiem).

Un. Durante a vixencia destes orzamentos, a dotación ao Fondo para a Internacionalización da Empresa ascenderá a 120.087,60 miles de euros con cargo á aplicación orzamentaria 20.06.431A.871 «Ao Fondo para a Internacionalización da Empresa (Fiem)», que se destinarán aos fins previstos no artigo 4 da Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española.

Dous. Poderanse autorizar operacións con cargo ao Fiem por un importe anual de até 500.000 miles de euros.

Quedan expresamente excluídas desta limitación as operacións de refinanciamento de créditos concedidos con anterioridade con cargo ao Fondo que se leven a cabo en

cumprimento dos oportunos acordos bilaterais ou multilaterais de renegociación da débeda exterior dos países prestameiros, en que España sexa parte.

O Consello de Ministros poderá autorizar proxectos individuais de especial relevancia para a internacionalización atendendo ao seu importe. De ser o caso, acordará a imputación de parte do proxecto dentro do límite previsto no parágrafo primeiro deste punto e os sucesivos importes do proxecto quedarán para imputación en exercicios posteriores, dentro dos límites previstos nas correspondentes leis de orzamentos anuais.

Non se poderán autorizar con cargo ao Fiem operacións de carácter non reembolsable; quedan excluídas desta limitación as operacións necesarias para facer fronte aos gastos derivados da xestión do Fondo, que, en calquera caso, axustará a súa actividade de forma que non presente necesidade de financiamento medida segundo o Sistema europeo de contas nacionais.

Tres. Serán recursos adicionais á dotación prevista para o Fiem os retornos que teñan lugar durante o exercicio económico en curso e que teñan a súa orixe en operacións do Fiem ou en operacións aprobadas con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento, por iniciativa do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Catro. A compensación anual ao ICO establecida no artigo 11.3 da Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española, será efectuada con cargo aos recursos do propio Fiem, logo de autorización do Consello de Ministros, polos gastos en que incorra no desenvolvemento e na execución da función que se lle encomenda.

Cinco. O Goberno informará anualmente as Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, e o Consello Económico e Social das operacións, proxectos e actividades autorizadas con cargo ao Fiem, dos seus obxectivos e beneficiarios do financiamento, condicións financeiras e avaliacións, así como sobre o desenvolvemento das operacións en curso ao longo do período citado. A Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

Artigo 56. *Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial.*

Un. Convenio de axuste recíproco de xuros (CARX).

O Estado reembolsará durante o ano 2021 ao Instituto de Crédito Oficial tanto as cantidades que este lles satisfixese ás institucións financeiras en pagamento das operacións de axuste de xuros previstas na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, como os custos de xestión das ditas operacións en que aquel incorrese.

Para este propósito, a dotación para o exercicio económico 2021 ao sistema CARX (Convenio de axuste recíproco de xuros) será a que figura na aplicación orzamentaria 20.06.431A.444.

No caso de que existan saldos positivos do sistema a favor do Instituto de Crédito Oficial en 31 de decembro do ano 2021, unha vez deducidos os custos de xestión en que incorrese o ICO, estes ingresaranse no Tesouro.

Autorízase, de maneira excepcional, a poder compensar ao ICO polos saldos negativos de exercicios anteriores pendentes de liquidación con cargo aos resultados positivos que, de ser o caso, amose o instrumento a partir da entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2021.

Dentro do conxunto de operacións de axuste de xuros aprobadas ao longo do exercicio 2021, o importe dos créditos á exportación a que se refire o artigo 4.2 do regulamento aprobado polo Real decreto 677/1993, do 7 de maio, que poderán ser aprobados durante o ano 2021 ascende a 480.000 miles de euros.

Coa finalidade de optimizar a xestión financeira das operacións de axuste recíproco de xuros, o Instituto de Crédito Oficial poderá, con cargo aos mesmos ingresos e dotacións sinalados no parágrafo anterior e conforme os seus estatutos e normas de actuación, concertar por si ou a través de axentes financeiros de intermediación,

operacións de intercambio financeiro que teñan por obxecto cubrir o risco que para o Tesouro poida supor a evolución dos tipos de xuro, logo de informe favorable da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional e autorización da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Dous. Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial como consecuencia doutras actividades:

Nos supostos de xuros subvencionados polo Estado, en operacións financeiras instrumentadas a través do Instituto de Crédito Oficial, os acordos do Consello de Ministros ou da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos incluírán información acerca da reserva de créditos ou da forma de financiar o gasto que deles derive.

Artigo 57. *Adquisición de accións e participacións de institucións financeiras multilaterais.*

Un. Non se poderán realizar operacións de adquisición de accións e participacións de institucións financeiras multilaterais ou de achegas a fondos constituídos nelas con impacto en déficit público e financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 27.04.923P.895 «Institucións financeiras multilaterais».

Dous. Para os efectos do cumprimento do previsto no punto anterior, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional xuntará coas propostas de financiamento con cargo á dita aplicación orzamentaria un informe sobre o seu impacto no déficit público, que será elaborado, logo da correspondente solicitude, pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

TÍTULO VI

Normas tributarias

CAPÍTULO I

Impostos directos

Sección 1.ª Imposto sobre a renda das persoas físicas

Artigo 58. *Escala xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 e vixencia indefinida, modifícase o punto 1 do artigo 63 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A parte da base liquidable xeral que exceda o importe do mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei será gravada da seguinte forma:

1.º Á base liquidable xeral aplicaráselle os tipos que se indican na seguinte escala:

Base liquidable – Até euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	9,50
12.450,00	1.182,75	7.750,00	12,00
20.200,00	2.112,75	15.000,00	15,00
35.200,00	4.362,75	24.800,00	18,50

Base liquidable – Até euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
60.000,00	8.950,75	240.000,00	22,50
300.000,00	62.950,75	En diante	24,50

2.º A contía resultante minorarase no importe derivado de aplicar, á parte da base liquidable xeral correspondente ao mínimo persoal e familiar, a escala prevista no ordinal 1.º anterior.»

Artigo 59. *Tipos de gravame do aforro no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o artigo 66, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 66. *Tipos de gravame do aforro.*

1. A parte de base liquidable do aforro que exceda, de ser o caso, o importe do mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei será gravada da seguinte forma:

1.º Á base liquidable do aforro aplicaráselle os tipos que se indican na seguinte escala:

Base liquidable do aforro – Até euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable do aforro – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	6.000	9,5
6.000,00	570	44.000	10,5
50.000,00	5.190	150.000	11,5
200.000,00	22.440	En diante	13,00

2.º A contía resultante minorarase no importe derivado de aplicar, á parte da base liquidable do aforro correspondente ao mínimo persoal e familiar, a escala prevista no ordinal 1.º anterior.

2. No caso dos contribuíntes que tivesen a súa residencia habitual no estranxeiro por concorrer algunha das circunstancias a que se refiren o punto 2 do artigo 8 e o punto 1 do artigo 10 desta lei, a parte de base liquidable do aforro que exceda, de ser o caso, o importe do mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei será gravada da seguinte forma:

1.º Á base liquidable do aforro aplicaráselle os tipos que se indican na seguinte escala:

Base liquidable do aforro – Até euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable do aforro – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	6.000	19
6.000,00	1.140	44.000	21

Base liquidable do aforro – Até euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable do aforro – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
50.000,00	10.380	150.000	23
200.000,00	44.880	En diante	26

2.º A contía resultante minorarase no importe derivado de aplicar, á parte da base liquidable do aforro correspondente ao mínimo persoal e familiar, a escala prevista no ordinal 1.º anterior.»

Dous. Modifícase o artigo 76, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 76. *Tipos de gravame do aforro.*

A parte de base liquidable do aforro que exceda, de ser o caso, o importe do mínimo persoal e familiar que resulte dos incrementos ou diminucións a que se refire o artigo 56.3 desta lei será gravada da seguinte forma:

1.º Á base liquidable do aforro aplicaráselle os tipos que se indican na seguinte escala:

Base liquidable do aforro – Até euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable do aforro – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	6.000	9,5
6.000,00	570	44.000	10,5
50.000,00	5.190	150.000	11,5
200.000,00	22.440	En diante	13,00

2.º A contía resultante minorarase no importe derivado de aplicar, á parte da base liquidable do aforro correspondente ao mínimo persoal e familiar que resulte dos incrementos ou diminucións a que se refire o artigo 56.3 desta lei, a escala prevista no ordinal 1.º anterior.»

Artigo 60. *Escala de retencións e ingresos á conta aplicable aos perceptores de rendas do traballo.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 e vixencia indefinida, modifícase o punto 1 do artigo 101 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo derivados de relacións laborais ou estatutarias e de pensións e haberes pasivos determinarase consonte o procedemento que se estableza regulamentariamente.

Para determinar a porcentaxe de retención ou ingreso á conta poderanse ter en consideración as circunstancias persoais e familiares e, de ser o caso, as rendas do cónxuxe e as reducións e deducións, así como as retribucións variables

previsibles, nos termos que regulamentariamente se establezan, e aplicarase a seguinte escala:

Base para calcular o tipo de retención – Até euros	Cota de retención – Euros	Resto base para calcular o tipo de retención – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	19,00
12.450,00	2.365,50	7.750,00	24,00
20.200,00	4.225,50	15.000,00	30,00
35.200,00	8.725,50	24.800,00	37,00
60.000,00	17.901,50	240.000,00	45,00
300.000,00	125.901,50	En diante	47,00

Para estes efectos, presumíranse retribucións variables previsibles, como mínimo, as obtidas no ano anterior, salvo que concorran circunstancias que permitan acreditar de maneira obxectiva un importe inferior.

De se tratar de atrasos que corresponda imputar a exercicios anteriores, a porcentaxe de retención e ingreso á conta será do 15 por cento, salvo que resulten de aplicación as porcentaxes previstas nos puntos 2 e 3 deste artigo.

As porcentaxes de retención e ingreso á conta previstas neste punto reduciranse nun 60 por cento cando se trate de rendementos obtidos en Ceuta ou Melilla que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.»

Artigo 61. Escalas aplicables aos traballadores desprazados a territorio español.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 e vixencia indefinida, modifícanse as letras e) e f) do punto 2 do artigo 93 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que quedan redactadas da seguinte forma:

«e) Para determinar a cota íntegra:

1.º Á base liquidable, salvo a parte dela correspondente ás rendas a que se refire o artigo 25.1.f) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aplicaráselle os tipos que se indican na seguinte escala:

Base liquidable – Euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
Até 600.000 euros	24
Desde 600.000,01 euros en diante	47

2.º Á parte da base liquidable correspondente ás rendas a que se refire o artigo 25.1.f) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes aplicaráselle os tipos que se indican na seguinte escala:

Base liquidable do aforro – Até euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable do aforro – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	6.000	19

Base liquidable do aforro – Até euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable do aforro – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
6.000,00	1.140	44.000	21
50.000,00	10.380	150.000	23
200.000,00	44.880	En diante	26

f) As retencións e ingresos á conta en concepto de pagamentos á conta do imposto practicaranse, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coa normativa do imposto sobre a renda de non residentes.

Non obstante, a porcentaxe de retención ou ingreso á conta sobre rendementos do traballo será o 24 por cento. Cando as retribucións satisfeitas por un mesmo pagador de rendementos do traballo durante o ano natural excedan os 600.000 euros, a porcentaxe de retención aplicable ao exceso será o 47 por cento.»

Artigo 62. Límites de redución na base imponible das achegas e contribucións a sistemas de previsión social.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 e vixencia indefinida, modifícase a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícanse os puntos 5 e 7 do artigo 51, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 51. *Reducións por achegas e contribucións a sistemas de previsión social.*

[...]

5. As primas satisfeitas aos seguros privados que cubran exclusivamente o risco de dependencia severa ou de gran dependencia, conforme o disposto na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Igualmente, as persoas que teñan co contribuínte unha relación de parentesco en liña directa ou colateral até o terceiro grao inclusive, ou polo seu cónxuxe, ou por aquelas persoas que tivesen o contribuínte ao seu cargo en réxime de tutela ou acollemento, poderán reducir na súa base imponible as primas satisfeitas a estes seguros privados, tendo en conta o límite de redución previsto no artigo 52 desta lei.

O conxunto das reducións practicadas por todas as persoas que satisfagan primas a favor dun mesmo contribuínte, incluídas as do propio contribuínte, non poderán exceder os 2.000 euros anuais.

Estas primas non estarán suxeitas ao imposto sobre sucesións e doazóns.

O contrato de seguro deberá cumprir, en todo caso, o disposto nas letras a) e c) do punto 3 anterior.

Nos aspectos non especificamente regulados nos parágrafos anteriores e nas súas normas de desenvolvemento, resultará de aplicación o disposto no último parágrafo do punto 3 anterior.

De se tratar de seguros colectivos de dependencia efectuados de acordo co previsto na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, como tomador do seguro figurará exclusivamente a empresa e a condición de asegurado e beneficiario corresponderá ao traballador. As primas satisfeitas pola empresa en virtude destes contratos de seguro e imputadas ao traballador terán un límite de redución propio e independente de 5.000 euros anuais.

Desenvolverase regulamentariamente o previsto neste punto.»

[...]

«7. Ademais das reducións realizadas cos límites previstos no artigo seguinte, os contribuíntes cuxo cónxuxe non obteña rendementos netos do traballo nin de actividades económicas, ou os obteña en contía inferior a 8.000 euros anuais, poderán reducir na base impositiva as achegas realizadas aos sistemas de previsión social previstos neste artigo de que sexa partícipe, mutualista ou titular o dito cónxuxe, co límite máximo de 1.000 euros anuais.

Estas achegas non estarán suxeitas ao imposto sobre sucesións e doazóns.»

Dous. Modifícase o punto 1 do artigo 52, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 52. *Límite de redución.*

1. Como límite máximo conxunto para as reducións previstas nos puntos 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 51 desta lei, aplicarase a menor das cantidades seguintes:

- a) O 30 por 100 da suma dos rendementos netos do traballo e de actividades económicas percibidos individualmente no exercicio.
- b) 2.000 euros anuais.

Este límite incrementarase en 8.000 euros, sempre que tal incremento proveña de contribucións empresariais.

As achegas propias que o empresario individual realice a plans de pensións de emprego ou a mutualidades de previsión social dos cales, pola súa vez, sexa promotor e partícipe ou mutualista, así como as que realice a plans de previsión social empresarial ou seguros colectivos de dependencia dos cales, pola súa vez, sexa tomador e asegurado, consideraranse como contribucións empresariais, para os efectos do cómputo deste límite.

Ademais, 5.000 euros anuais para as primas a seguros colectivos de dependencia satisfeitas pola empresa.»

Tres. Modifícase a disposición adicional décimo sexta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo sexta. *Límite financeiro de achegas e contribucións aos sistemas de previsión social.*

O importe anual máximo conxunto de achegas e contribucións empresariais aos sistemas de previsión social previstos nos puntos 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 51 da disposición adicional novena e do punto dous da disposición adicional décimo primeira desta lei será de 2.000 euros anuais.

Este límite incrementarase en 8.000 euros, sempre que tal incremento proveña de contribucións empresariais.

As achegas propias que o empresario individual realice a plans de pensións de emprego ou a mutualidades de previsión social dos cales, pola súa vez, sexa promotor e partícipe ou mutualista, así como as que realice a plans de previsión social empresarial ou seguros colectivos de dependencia dos cales, pola súa vez, sexa tomador e asegurado, consideraranse como contribucións empresariais, para os efectos do cómputo deste límite.

Ademais, para seguros colectivos de dependencia contratados por empresas para cubrir compromisos por pensións, establécese un límite adicional de 5.000 euros anuais para as primas satisfeitas pola empresa.»

Artigo 63. *Prórroga dos límites excluíntes do método de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 e vixencia indefinida, modifícase a disposición transitoria trixésimo segunda da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto

sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo segunda. *Límites para a aplicación do método de estimación obxectiva nos exercicios 2016 a 2021.*

Para os exercicios 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, as magnitudes de 150.000 e 75.000 euros a que se refire a alínea a') da letra b) da norma 3.^a do punto 1 do artigo 31 desta lei quedan fixadas en 250.000 e 125.000 euros, respectivamente.

Así mesmo, para os ditos exercicios, a magnitude de 150.000 euros a que se refire a letra c) da norma 3.^a do punto 1 do artigo 31 desta lei queda fixada en 250.000 euros.»

Sección 2.^a Imposto sobre a renda de non residentes

Artigo 64. Rendas exentas.

Con efectos a partir da data de entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícanse as letras c) e h) do punto 1 do artigo 14, que quedan redactadas como segue:

«Artigo 14. *Rendas exentas.*

[...]

c) Os xuros e demais rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios a que se refire o artigo 25.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, así como as ganancias patrimoniais derivadas de bens mobles obtidos sen mediación de establecemento permanente, por residentes noutro Estado membro da Unión Europea ou noutro Estado integrante do Espazo Económico Europeo ou por establecementos permanentes de tales residentes situados noutro Estado membro da Unión Europea ou noutro Estado integrante do Espazo Económico Europeo.

No caso de Estados que formen parte do Espazo Económico Europeo que non sexan Estados membros da Unión Europea, aplicarase o disposto no parágrafo anterior sempre que exista un efectivo intercambio de información tributaria nos termos previstos no punto 4 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal.

O disposto nos parágrafos anteriores non resultará de aplicación ás ganancias patrimoniais derivadas da transmisión de accións, participacións ou outros dereitos nunha entidade nos seguintes casos:

1. Que o activo da entidade consista principalmente, directa ou indirectamente, en bens inmoables situados en territorio español.

2. No caso de contribuíntes persoas físicas, que nalgún momento anterior, durante o período de 12 meses precedente á transmisión, o contribuínte participase, directa ou indirectamente, en ao menos o 25 por cento do capital ou patrimonio da entidade.

3. No caso de entidades non residentes, que a transmisión non cumpra os requisitos para a aplicación da exención prevista no artigo 21 da Lei do imposto sobre sociedades.»

[...]

«h) Os beneficios distribuídos polas sociedades filiais residentes en territorio español ás súas sociedades matrices residentes noutros Estados membros da Unión Europea ou aos establecementos permanentes destas últimas situados noutros Estados membros, cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Que ambas as sociedades estean suxeitas e non exentas dalgún dos tributos que gravan os beneficios das entidades xurídicas nos Estados membros da Unión Europea, mencionados no artigo 2.c) da Directiva 2011/96/UE do Consello, do 30 de xuño de 2011, relativa ao réxime aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, e os establecementos permanentes estean suxeitos e non exentos a imposición no Estado en que estean situados.

2.º Que a distribución do beneficio non sexa consecuencia da liquidación da sociedade filial.

3.º Que ambas as sociedades revistan algunha das formas previstas no anexo da Directiva 2011/96/UE do Consello, do 30 de xuño de 2011, relativa ao réxime aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, modificada pola Directiva 2014/86/UE do Consello, do 8 de xullo de 2014.

Terá a consideración de sociedade matriz aquela entidade que posúa no capital doutra sociedade unha participación directa ou indirecta de, ao menos, o 5 por cento. Esta última terá a consideración de sociedade filial. A mencionada participación deberá terse mantido de forma ininterrompida durante o ano anterior ao día en que sexa exixible o beneficio que se distribúa ou, na súa falta, que se manteña durante o tempo que sexa necesario para completar un ano.

Para o cómputo do prazo, terase tamén en conta o período en que a participación fose posuída ininterrompidamente por outras entidades que reúnan as circunstancias a que se refire o artigo 42 do Código de comercio para formar parte do mesmo grupo de sociedades, con independencia da residencia e da obrigaición de formular contas anuais consolidadas. Neste último caso, a cota tributaria ingresada será devolta unha vez cumprido o dito prazo.

A residencia determinarase consonte a lexislación do Estado membro que corresponda, sen prexuízo do establecido nos convenios para evitar a dobre imposición.

Non obstante o previsto anteriormente, a ministra de Facenda poderá declarar, coa condición de reciprocidade, que o establecido nesta letra h) sexa de aplicación ás sociedades filiais que revistan unha forma xurídica diferente das previstas no anexo da directiva e aos dividendos distribuídos a unha sociedade matriz que posúa no capital dunha sociedade filial residente en España unha participación directa ou indirecta de, ao menos, o 5 por cento, sempre que se cumpran as restantes condicións establecidas nesta letra h).

O establecido nesta letra h) non será de aplicación cando a maioría dos dereitos de voto da sociedade matriz os posúan, directa ou indirectamente, persoas físicas ou xurídicas que non residan en Estados membros da Unión Europea ou en Estados integrantes do Espazo Económico Europeo cos cales exista un efectivo intercambio de información en materia tributaria nos termos previstos no punto 4 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, excepto cando a constitución e operativa daquela responde a motivos económicos válidos e razóns empresariais substantivas.

O disposto nesta letra h) aplicarase igualmente aos beneficios distribuídos polas sociedades filiais residentes en territorio español ás súas sociedades matrices residentes nos Estados integrantes do Espazo Económico Europeo ou aos establecementos permanentes destas últimas situados noutros Estados integrantes, cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Que os Estados integrantes do Espazo Económico Europeo onde residan as sociedades matrices teñan un efectivo intercambio de información en materia

tributaria nos termos previstos no punto 4 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal.

2.º Que se trate de sociedades suxeitas e non exentas a un tributo equivalente aos que gravan os beneficios das entidades xurídicas nos Estados membros da Unión Europea, mencionados no artigo 2.c) da Directiva 2011/96/UE do Consello, do 30 de xuño de 2011, relativa ao réxime aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, e os establecementos permanentes estean suxeitos e non exentos a imposición no Estado en que estean situados.

3.º Que as sociedades matrices residentes nos Estados integrantes do Espazo Económico Europeo revistan algunha forma equivalente ás previstas no anexo da Directiva 2011/96/UE do Consello, do 30 de xuño de 2011, relativa ao réxime aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes.

4.º Que se cumpran os restantes requisitos establecidos nesta letra h).»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria, que se numera como segunda, polo que pasa a actual disposición transitoria única a numerarse como primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio da exención do artigo 14.1.h).*

A exención a que se refire a letra h) do punto 1 do artigo 14 será de aplicación, durante os anos 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025, ás participacións adquiridas antes do 1 de xaneiro de 2021 cuxo valor de adquisición sexa superior a 20 millóns de euros, sen que sexa necesario que a participación, directa ou indirecta, alcance o 5 por cento no capital e sempre que se cumpran os restantes requisitos establecidos no dito artigo 14.1.h).»

Sección 3.^a Imposto sobre sociedades

Artigo 65. *Limitación da exención sobre dividendos e rendas positivas derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades residentes e non residentes en territorio español.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2021 que non conclúsen no momento da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 16, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os gastos financeiros netos serán deducibles co límite do 30 por cento do beneficio operativo do exercicio.

Para estes efectos, entenderase por gastos financeiros netos o exceso de gastos financeiros respecto dos ingresos derivados da cesión a terceiros de capitais propios devindicados no período impositivo, excluídos aqueles gastos a que se refiren as letras g), h) e j) do artigo 15 desta lei.

O beneficio operativo determinarase a partir do resultado de explotación da conta de perdas e ganancias do exercicio determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, eliminando a amortización do inmovilizado, a imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras, a deterioración e resultado por alleamentos de inmovilizado, e adicionando os ingresos financeiros de participacións en instrumentos de patrimonio, sempre que se correspondan con dividendos ou participacións en beneficios de entidades en que a porcentaxe de participación, directa ou indirecta, sexa ao menos o 5 por cento, excepto que esas participacións fosen adquiridas con débedas cuxos gastos financeiros non resulten deducibles por aplicación da letra h) do punto 1 do artigo 15 desta lei.

En todo caso, serán deducibles gastos financeiros netos do período impositivo por importe de 1 millón de euros.

Os gastos financeiros netos que non fosen obxecto de dedución poderanse deducir nos períodos impositivos seguintes, conxuntamente cos do período impositivo correspondente, e co límite previsto neste punto.»

Dous. Modifícanse o primeiro parágrafo da letra a) do punto 1 e a letra a) do punto 6 e engádense os puntos 10 e 11, novos, no artigo 21, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 21. *Exención sobre dividendos e rendas derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades residentes e non residentes en territorio español.*

1. Estarán exentos os dividendos ou participacións en beneficios de entidades, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a porcentaxe de participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade sexa, ao menos, do 5 por cento.»

[...]

«6. Non se integrarán na base imponible as rendas negativas derivadas da transmisión da participación nunha entidade respecto da cal se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se cumpran os requisitos establecidos no punto 3 deste artigo. Non obstante, o requisito relativo á porcentaxe de participación entenderase cumprido cando se alcanzase nalgún momento durante o ano anterior ao día en que se produza a transmisión.»

[...]

«10. O importe dos dividendos ou participacións en beneficios de entidades e o importe da renda positiva obtida na transmisión da participación nunha entidade e no resto de supostos a que se refire o punto 3 anterior, a que resulte de aplicación a exención prevista neste artigo, reducirase, para os efectos da aplicación da dita exención, nun 5 por cento en concepto de gastos de xestión referidos ás ditas participacións.

11. A redución aplicable a dividendos ou participacións en beneficios de entidades a que se refire o punto anterior non será de aplicación cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que os dividendos ou participacións en beneficios sexan percibidos por unha entidade cuxo importe neto da cifra de negocios resultante no período impositivo inmediato anterior sexa inferior a 40 millóns de euros.

Para os efectos de determinar o importe neto da cifra de negocios, será de aplicación o disposto no punto 2 do artigo 101 desta lei.

A entidade a que se refire esta letra deberá cumprir os seguintes requisitos:

i) non ter a consideración de entidade patrimonial nos termos establecidos no punto 2 do artigo 5 desta lei;

ii) non formar parte, con carácter previo á constitución da entidade a que se refire a letra b) deste punto, dun grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaición de formular contas anuais consolidadas;

iii) non ter, con carácter previo á constitución da entidade a que se refire a letra b) deste punto, unha porcentaxe de participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios doutra entidade igual ou superior ao 5 por cento

b) Que os dividendos ou participacións en beneficios procedan dunha entidade constituída con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 en que se posúa, de forma directa e desde a súa constitución, a totalidade do capital ou os fondos propios.

c) Que os dividendos ou participacións en beneficios se perciban nos períodos impositivos que conclúan nos 3 anos inmediatos e sucesivos ao ano de constitución da entidade que os distribúa.»

Tres. Modifícanse a letra a) do punto 1 e o punto 4 do artigo 32, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 32. *Dedución para evitar a dobre imposición económica internacional: dividendos e participacións en beneficios.*

[...]

a) Que a porcentaxe de participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade non residente sexa, ao menos, do 5 por cento.»

[...]

«4. Esta dedución, conxuntamente coa establecida no artigo anterior respecto dos dividendos ou participacións nos beneficios, non poderá exceder a cota íntegra que correspondería pagar en España por estas rendas se se obtivesen en territorio español. Para calcular a dita cota íntegra, os dividendos ou participacións nos beneficios reduciranse nun 5 por cento en concepto de gastos de xestión referidos ás ditas participacións. Esta redución non se practicará no caso dos dividendos ou participacións nos beneficios en que concorran as circunstancias establecidas no punto 11 do artigo 21 desta lei.

O exceso sobre o dito límite non terá a consideración de gasto fiscalmente deducible, sen prexuízo do establecido no punto 2 do artigo 31 desta lei.»

Catro. Modifícase o artigo 64, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 64. *Eliminacións.*

As eliminacións realizaranse de acordo cos criterios establecidos nas normas para a formulación de contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro, sempre que afecten as bases impositibles individuais e coas especificidades previstas nesta lei.

Non serán obxecto de eliminación os importes que deban integrarse nas bases impositibles individuais por aplicación do establecido no punto 10 do artigo 21 desta lei.»

Cinco. Modifícanse os puntos 10 e 12 do artigo 100, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 100. *Imputación de rendas positivas obtidas por entidades non residentes.*

[...]

10. Non se integrarán na base impositible os dividendos ou participacións en beneficios na parte que corresponda á renda positiva que fose incluída na base impositible. Para estes efectos, o importe dos dividendos ou participacións en beneficios reducirase nun 5 por cento en concepto de gastos de xestión referidos ás ditas participacións, salvo que concorran as circunstancias establecidas no punto 11 do artigo 21 desta lei. O mesmo tratamento se aplicará aos dividendos á conta.

En caso de distribución de reservas, atenderase á designación contida no acordo social, entendéndose aplicadas as últimas cantidades aboadas ás ditas reservas.

Unha mesma renda positiva soamente poderá ser obxecto de imputación por unha soa vez, calquera que sexa a forma e a entidade en que se manifeste.»

[...]

«12. Para calcular a renda derivada da transmisión da participación, directa ou indirecta, o valor de adquisición incrementarase no importe dos beneficios sociais que, sen efectiva distribución, se correspondan con rendas que fosen imputadas aos socios como rendas das súas accións ou participacións no período de tempo comprendido entre a súa adquisición e transmisión. Para estes efectos, o importe dos beneficios sociais a que se refire este parágrafo reducirase nun 5 por cento en concepto de gastos de xestión referidos ás ditas participacións.

No caso de entidades que teñan a consideración de entidade patrimonial nos termos establecidos no punto 2 do artigo 5 desta lei, o valor de transmisión que se computará será, como mínimo, o valor do patrimonio neto que corresponda aos valores transmitidos resultante do último balance cerrado, unha vez substituído o valor contable dos activos polo valor que terían para efectos do imposto sobre o patrimonio ou polo valor de mercado, se este for inferior.»

Seis. Engádesse unha disposición transitoria cuadraxésima, nova, coa seguinte redacción

«Disposición transitoria cuadraxésima. *Réxime de tributación das participacións cun valor de adquisición superior a 20 millóns.*

As participacións adquiridas nos períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 que tivesen un valor de adquisición superior a 20 millóns de euros, sen alcanzar a porcentaxe establecida no primeiro parágrafo da letra a) do punto 1 do artigo 21 desta lei ou na letra a) do punto 1 do artigo 32 desta lei, aplicarán o réxime fiscal establecido en tales artigos, segundo proceda, sempre que cumpran o resto dos requisitos previstos neles durante os períodos impositivos que se inicien dentro dos anos 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025.»

Sección 4.^a Imposto sobre o patrimonio

Artigo 66. *Escala de gravame do imposto sobre o patrimonio.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o artigo 30 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 30. *Cota íntegra.*

A base liquidable do imposto será gravada aos tipos da seguinte escala:

1. A base liquidable do imposto será gravada aos tipos da escala que fose aprobada pola comunidade autónoma.

2. Se a comunidade autónoma non aprobase a escala a que se refire o punto anterior, a base liquidable do imposto será gravada aos tipos da seguinte escala:

Base liquidable – Até euros	Cota – Euros	Resto base liquidable – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	167.129,45	0,2
167.129,45	334,26	167.123,43	0,3
334.252,88	835,63	334.246,87	0,5
668.499,75	2.506,86	668.499,76	0,9
1.336.999,51	8.523,36	1.336.999,50	1,3
2.673.999,01	25.904,35	2.673.999,02	1,7
5.347.998,03	71.362,33	5.347.998,03	2,1
10.695.996,06	183.670,29	En diante	3,5

3. No caso de obrigación real de contribuír, a tarifa aplicable será a establecida no punto anterior. A mesma tarifa será aplicable no caso de suxeitos pasivos non residentes que tributen por obrigación persoal de contribuír.»

Sección 5.^a Impostos locais

Artigo 67. Imposto sobre actividades económicas.

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a Instrución do imposto sobre actividades económicas, da seguinte forma:

Un. Modifícase o título da agrupación 15 da sección primeira das tarifas, que queda redactado da seguinte forma:

«Agrupación 15. Producción, transporte, distribución e comercialización de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente.»

Dous. Modifícase o título do grupo 151 da agrupación 15 da sección primeira das tarifas, que queda redactado da seguinte forma:

«Grupo 151. Producción, transporte, distribución e comercialización de enerxía eléctrica.»

Tres. Engádese unha epígrafe 151.6, nova, dentro do grupo 151 da agrupación 15, da sección primeira das tarifas, coa seguinte redacción:

«Epígrafe 151.6. Comercialización de enerxía eléctrica.

Cota.

Cota mínima municipal de:

Por cada 1.000 abonados ou fracción: 62,20 euros.

Cota provincial de:

Por cada 1.000 abonados ou fracción: 137,48 euros.

Cota nacional de:

Por cada 1.000 abonados ou fracción: 137,48 euros.»

Catro. Modifícase o grupo 152 da agrupación 15 da sección primeira das tarifas, que queda redactado da seguinte forma:

«Grupo 152. Fabricación, distribución e comercialización de gas.

Epígrafe 152.1. Fabricación e distribución de gas.

Cota de:

Por cada kW: 15,86 euros.

Nota: esta epígrafe comprende a instalación de redes de distribución do gas.

Epígrafe 152.2. Comercialización de gas.

Cota.

Cota mínima municipal de:

Por cada 1.000 abonados ou fracción: 62,20 euros.

Cota provincial de:

Por cada 1.000 abonados ou fracción: 137,48 euros.

Cota nacional de:

Por cada 1.000 abonados ou fracción: 137,48 euros.»

Cinco. Engádesse unha epígrafe 661.9, nova, no grupo 661 da sección primeira das tarifas, que queda redactada coa seguinte redacción:

«Epígrafe 661.9. Outro comercio mixto ou integrado en grandes superficies, entendendo por tal o realizado de forma especializada en establecementos cunha superficie útil para a exposición e venda ao público igual ou superior aos 2.500 m² de produtos tales como os relacionados coa bricolaxe e o equipamento do fogar, mobiliario para o fogar e a oficina, artigos electrónicos e electrodomésticos, artigos para o automóbil, artigos para o deporte ou outros.

Cota de:

Até 10.000 m²: 1,40 euros por m².

De 10.001 a 20.000 m²: 1,35 euros por m².

De 20.001 a 30.000 m²: 1,25 euros por m².

Exceso de 30.000 m²: 1,15 por m².

Nota: entenderase por superficie útil para a exposición e venda ao público aquela en que se expoñen artigos para a súa venda directa, estea cuberta ou non e sexa utilizable efectivamente polo consumidor.»

Seis. Modifícase a nota común 2.^a ao grupo 661 da sección primeira das tarifas, que queda redactada da seguinte forma:

«2.^a Para os efectos do cálculo das cotas deste grupo, computarase a superficie íntegra do establecemento (grande almacén, hipermercado, almacén popular ou outra gran superficie), incluíndo as zonas destinadas a oficinas, aparcadoiro cuberto, almacéns, etc. Así mesmo, computaranse as zonas ocupadas por terceiros en virtude de cesión de uso ou por calquera outro título. Non se computarán, porén, as superficies descubertas calquera que sexa o seu destino.»

Sete. Engádesse unha nova epígrafe 664.2 no grupo 664 da sección primeira das tarifas, coa seguinte redacción:

«Epígrafe 664.2. Puntos de recarga de vehículos eléctricos.

Cota mínima municipal de: 13,56 euros por cada punto de recarga.

Esta cota satisfaraa, exclusivamente, o titular do establecemento ou local en que o punto de recarga estea instalado.

Cota nacional de: 13,56 euros por cada punto de recarga.

Esta cota satisfaraa, exclusivamente, o propietario dos puntos de recarga.»

CAPÍTULO II

Impostos indirectos*Sección 1.ª Imposto sobre o valor engadido***Artigo 68. Lugar de realización de determinadas prestacións de servizos.**

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o punto dous do artigo 70 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. Así mesmo, consideraranse prestados no territorio de aplicación do imposto os servizos que se enumeran a continuación cando, conforme as regras de localización aplicables a estes servizos, non se entendan realizados na comunidade, illas Canarias, Ceuta ou Melilla, pero a súa utilización ou explotación efectivas se realicen no dito territorio:

1.º Os enunciados no punto dous do artigo 69 desta lei, cuxo destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal.

2.º Os de mediación en nome e por conta allea cuxo destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal.

3.º Os de arrendamento de medios de transporte.

4.º Os prestados por vía electrónica, os de telecomunicacións, de radiodifusión e de televisión.»

Artigo 69. Tipos impositivos reducidos.

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o ordinal 1.º do punto un.1 do artigo 91 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado da seguinte forma:

«1.º As substancias ou produtos, calquera que sexa a súa orixe que, polas súas características, aplicacións, compoñentes, preparación e estado de conservación, sexan susceptibles de seren habitual e adecuadamente utilizados para a nutrición humana ou animal, de acordo co establecido no Código alimentario e nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Exclúense do disposto no parágrafo anterior:

a) As bebidas alcohólicas.

Enténdese por bebida alcohólica todo líquido apto para o consumo humano por inxestión que conteña alcohol etílico.

b) As bebidas refrescantes, zumes e gasosas con azucres ou edulcorantes engadidos.

Para os efectos deste número, non terán a consideración de alimento o tabaco nin as substancias non aptas para o consumo humano ou animal no mesmo estado en que fosen obxecto de entrega, adquisición intracomunitaria ou importación.»

Artigo 70. *Límites para a aplicación do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandaría e pesca no exercicio 2021.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 e vixencia indefinida, modifícase a disposición transitoria décimo terceira da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo terceira. *Límites para a aplicación do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandaría e pesca nos exercicios 2016 a 2021.*

Para os exercicios 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, a magnitude de 150.000 euros a que se refire o primeiro guión do número 2.º e o número 3.º do punto dous do artigo 122, e o número 6.º do punto dous do artigo 124 desta lei, queda fixada en 250.000 euros.»

Sección 2.ª Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Artigo 71. *Escala por transmisións e rehabilitacións de grandezas e títulos nobiliarios.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei, a escala a que fai referencia o parágrafo primeiro do artigo 43 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, será a seguinte:

Escala	Transmisións directas – Euros	Transmisións transversais – Euros	Rehabilitacións e recoñecemento de títulos estranxeiros – Euros
1.º Por cada título con grandeza	2.837	7.110	17.047
2.º Por cada grandeza sen título	2.028	5.083	12.171
3.º Por cada título sen grandeza	809	2.028	4.879

Sección 3.ª Impostos especiais.

Artigo 72. *Imposto especial sobre a electricidade.*

Primeiro. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2015 e vixencia indefinida, engádese un punto 8 ao artigo 94 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, coa seguinte redacción:

«8. A enerxía eléctrica consumida nas embarcacións por ter sido xerada a bordo delas.»

Segundo. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Engádese un punto 9 ao artigo 94, coa seguinte redacción:

«9. A enerxía eléctrica subministrada que sexa obxecto de compensación coa enerxía horaria excedentaria, na modalidade de autoconsumo con excedentes acollida a compensación, conforme o establecido no Real decreto 244/2019, do 5 de

abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.»

Dous. Engádesse un punto 3 ao artigo 98, coa seguinte redacción:

«3. A base liquidable será o resultado de practicar, de ser o caso, sobre a base impositible unha redución do 100 por cento, que será aplicable, sempre que se cumpran os requisitos e condicións que regulamentariamente se establezan, sobre a cantidade de enerxía eléctrica subministrada ou consumida no transporte por ferrocarril.»

Tres. Modifícase a letra a) do punto 2 do artigo 99, que queda redactada da seguinte forma:

«a) 0,5 euros por megawatt-hora (MWh), cando a electricidade subministrada ou consumida se utilice en usos industriais, en embarcacións atracadas en porto que non teñan a condición de embarcacións privadas de recreo ou no transporte por ferrocarril.»»

Sección 4.^a Imposto sobre as primas de seguros

Artigo 73. *Tipo de gravame do imposto sobre as primas de seguros.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o número 1) do punto once do artigo 12 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado como segue:

«1) O imposto exíxrase ao tipo do 8 por 100.»

CAPÍTULO III

Outros tributos

Artigo 74. *Taxas.*

Un. Elévanse, con efectos desde a entrada en vigor desta lei, os tipos de contía fixa das taxas da Facenda estatal até a contía que resulte da aplicación do coeficiente 1,01 ao importe exixible durante o ano 2020, tendo en conta o disposto polo artigo 86 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Exceptúanse do previsto no parágrafo anterior as taxas que fosen creadas ou obxecto de actualización específica por normas ditadas desde o 1 de xaneiro de 2019.

As taxas exixibles pola Xefatura Central de Tráfico axustaranse, unha vez aplicado o coeficiente anteriormente indicado, ao céntimo de euro inmediato superior ou inferior segundo resulte máis próximo, cando o importe orixinado da aplicación conste de tres decimais.

Dous. Considéranse tipos de contía fixa aqueles que non se determinen por unha porcentaxe da base ou cuxa base non se valore en unidades monetarias.

Tres. Desde a entrada en vigor desta lei, o punto cuarto do artigo 3 do Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar, terá a seguinte redacción:

«Cuarto. A partir da entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, rexerán os seguintes tipos e cotas fixas:

Tipos tributarios e cotas fixas.

Un. Tipos tributarios.

a) O tipo tributario xeral será do 10 por 100.

b) Nos casinos de xogo aplicarase a seguinte tarifa:

Porción da base imponible comprendida entre en euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
Entre 0 e 1.322.226,63	10,0
Entre 1.322.226,64 e 2.187.684,06	17,5
Entre 2.187.684,07 e 4.363.347,88	22,5
Máis de 4.363.347,88	27,555

Dous. Cotas fixas.

Nos casos de explotación de máquinas ou aparellos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das máquinas realizada polo Regulamento de máquinas recreativas e de azar, aprobado polo Real decreto 2110/1998, do 2 de outubro, segundo as normas seguintes:

A) Máquinas tipo B ou recreativas con premio:

a) Cota anual: 1.765,5 euros.

b) Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos tipo B en que poidan intervir dous ou máis xogadores de forma simultánea e sempre que o xogo de cada un deles sexa independente do realizado por outros xogadores, serán de aplicación as seguintes cotas:

Máquinas ou aparellos de dous xogadores: dúas cotas consonte o previsto na letra a) anterior.

Máquinas ou aparellos de tres ou máis xogadores: a cota incrementarase nun 50 % por cada xogador adicional a partir do terceiro.

B) Máquinas tipo C ou de azar:

a) Cota anual: 2.010,38 euros.»

Catro. Exceptúase do previsto no primeiro punto a contía da taxa de regularización catastral prevista na disposición adicional terceira, punto oito, letra d), do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.

Artigo 75. *Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.*

Un. A taxa por reserva de dominio público radioeléctrico establecida no punto 3 do anexo I da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións (en diante, Lei xeral de telecomunicacións), debe calcularse mediante a expresión:

$$T = [N \times V] / 166,386 = [S \text{ (km}^2\text{)} \times B \text{ (kHz)} \times F (C_1, C_2, C_3, C_4, C_5)] / 166,386$$

onde:

T = importe da taxa anual en euros.

N = número de unidades de reserva radioeléctrica (URR) calculado como o produto de S x B, é dicir, superficie en quilómetros cadrados da zona de servizo, por largo de banda reservado expresado en kHz.

V = valor da URR, determinado en función dos cinco coeficientes Ci, establecidos na Lei xeral de telecomunicacións, e cuxa cuantificación, de conformidade coa dita lei, será establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado.

F (C₁, C₂, C₃, C₄, C₅) = esta función é o produto dos cinco coeficientes indicados anteriormente.

Nos casos de reservas de dominio público radioeléctrico que afecten todo o territorio nacional, o valor da superficie S que se considerará para o cálculo da taxa é o de 505.990 quilómetros cadrados.

Nos servizos de radiocomunicacións que proceda, a superficie S que se considerará poderá incluír, de ser o caso, a correspondente ao mar territorial español ou espazo aéreo baixo xurisdición española.

O importe mínimo que se deberá ingresar en concepto de taxa por reserva do dominio público radioeléctrico mantense en 100 euros.

Para fixar o valor dos coeficientes C_1 a C_5 en cada servizo de radiocomunicacións, tívose en conta o significado que lles atribúe a Lei xeral de telecomunicacións e as normas regulamentarias que a desenvolven, é dicir:

1.º Coeficiente C_1 : grao de utilización e conxestión das distintas bandas e nas distintas zonas xeográficas. Valóranse os seguintes conceptos:

- Número de frecuencias por concesión ou autorización.
- Zona urbana ou rural.
- Zona de servizo.

2.º Coeficiente C_2 : tipo de servizo para o cal se pretende utilizar e, en particular, se este comporta para quen o preste as obrigacións de servizo público recollidas no título III da Lei xeral de telecomunicacións. Valóranse os seguintes conceptos:

- Soporte a outras redes (infraestrutura).
- Prestación a terceiros.
- Autoprestación.
- Servizos de telefonía con dereitos exclusivos.
- Servizos de radiodifusión.

3.º Coeficiente C_3 : banda ou sub-banda do espectro. Valóranse os seguintes conceptos:

- Características radioeléctricas da banda (idoneidade da banda para o servizo solicitado).
- Previsións de uso da banda.
- Uso exclusivo ou compartido da banda ou sub-banda.

4.º Coeficiente C_4 : equipamentos e tecnoloxía que se empregan. Valóranse os seguintes conceptos:

- Redes convencionais.
- Redes de asignación aleatoria.
- Modulación en radioenlaces.
- Diagrama de radiación.

5.º Coeficiente C_5 : valor económico derivado do uso ou aproveitamento do dominio público reservado. Valóranse os seguintes conceptos:

- Experiencias non comerciais.
- Rendibilidade económica do servizo.
- Interese social da banda.
- Usos derivados da demanda de mercado.
- Densidade de poboación.

Considerando os distintos factores que afectan a determinación da taxa, establecéronse diversas modalidades para cada servizo a cada unha das cales se lle asigna un código identificativo.

A seguir, indícanse cales son os factores de ponderación dos distintos coeficientes, así como a súa posible marxe de valoración respecto ao valor de referencia. O valor de referencia

tómase por defecto e aplícase naqueles casos en que, pola natureza do servizo ou da reserva efectuada, o coeficiente correspondente non é de aplicación.

Coeficiente C_1 : mediante este coeficiente tense en conta o grao de ocupación das distintas bandas de frecuencia para un determinado servizo. Para estes efectos, fíxose unha tabulación en marxes de frecuencia cuxos extremos inferiores e superior comprenden as bandas tipicamente utilizadas nos respectivos servizos. Tamén inclúe este coeficiente a zona xeográfica de utilización, distinguindo xeralmente entre zonas de elevado interese e alta utilización, as cales se asimilan aos grandes municipios e zonas de baixo interese e escasa utilización, como poden ser os pequenos municipios e os contornos rurais. Pártese dun valor unitario ou de referencia para as bandas menos conxestionadas e nas zonas xeográficas de escasa utilización, e o custo relativo sobe até un máximo de dous por estes conceptos para as bandas de frecuencia máis demandadas e en zonas de alto interese ou utilización.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores	1 a 2	–
Zona alta/baixa utilización	+ 25 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.
Demanda da banda	Até + 20 %	
Concesións e usuarios	Até + 30 %	

Coeficiente C_2 : mediante este coeficiente faise unha distinción entre as redes de autoprestación e as que teñen por finalidade a prestación a terceiros dun servizo de radiocomunicacións con contraprestación económica. Dentro destes últimos tívose en conta, de ser o caso, a consideración de servizo público, tomándose en consideración no valor deste coeficiente a bonificación por servizo público que se establece no anexo I da Lei xeral de telecomunicacións, que queda incluída no valor que se establece para este parámetro.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	–
Prestación a terceiros/ autoprestación.	Até + 10 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.

Coeficiente C_3 : co coeficiente C_3 considéranse as posibles modalidades de outorgamento da reserva de dominio público radioeléctrico dunha determinada frecuencia ou sub-banda de frecuencias, con carácter exclusivo ou compartido con outros usuarios nunha determinada zona xeográfica. Estas posibilidades son de aplicación no caso do servizo móbil. Para outros servizos a reserva de dominio público radioeléctrico debe ser con carácter exclusivo pola natureza daquel. Aquelas reservas solicitadas en bandas non adecuadas ao servizo, en función das tendencias de utilización e previsións do Cadro nacional de atribución de frecuencias (CNAF), penalízanse cunha taxa máis elevada, co fin de favorecer a tendencia cara á harmonización das utilizacións radioeléctricas, o cal se reflicte na valoración deste coeficiente.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	–
Frecuencia exclusiva/compartida.	Até + 75 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.
Idoneidade da banda de frecuencia.	Até + 60 %	

Coeficiente C_4 : con este coeficiente é posible ponderar dunha maneira distinta as diferentes tecnoloxías ou sistemas empregados, favorecendo aquelas que fan un uso máis eficiente do espectro radioeléctrico. Así, por exemplo, en redes móbiles, favorécese a utilización de sistemas de asignación aleatoria de canle fronte aos tradicionais de asignación fixa. No caso de radioenlaces, o tipo de modulación utilizado é un factor determinante á hora de valorar a capacidade de transmisión de información por unidade de largura de banda e isto tívose en conta de maneira xeral, considerando as tecnoloxías dispoñibles segundo a banda de frecuencias. En radiodifusión recolléronse os novos sistemas de radiodifusión sonora, ademais dos clásicos analóxicos.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	2	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	–
Tecnoloxía utilizada / tecnoloxía de referencia.	Até + 50 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.

Coeficiente C_5 : este coeficiente considera os aspectos de relevancia social dun determinado servizo fronte a outros servizos de similar natureza desde o punto de vista radioeléctrico. Tamén considera o relativo interese económico ou rendibilidade do servizo prestado, gravando máis por unidade de largura de banda aqueles servizos de alto interese e rendibilidade fronte a outros que, mesmo sendo similares desde o punto de vista radioeléctrico, ofrezan unha rendibilidade moi distinta e teñan diferente consideración desde o punto de vista de relevancia social.

En radiodifusión, dadas as peculiaridades do servizo, considerouse un factor determinante para fixar a taxa dunha determinada reserva de dominio público radioeléctrico a densidade de poboación dentro da zona de servizo da emisora considerada.

Cando a reserva de frecuencias se destine á realización de emisións de carácter experimental e sen contraprestación económica para o seu titular, nin outra finalidade que a investigación e o desenvolvemento de novas tecnoloxías durante un período de tempo limitado e definido, o valor do coeficiente C_5 nestes casos será o 15 % do valor xeral.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores	> 0	–

Concepto	Escala de valores	Observacións
Rendibilidade económica	Até + 30 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.
Interese social servizo	Até - 20 %	
Poboación	Até + 100 %	
Experiencias non comerciais	- 85 %	

Cálculo da taxa por reserva de dominio público radioeléctrico.
 Servizos radioeléctricos e modalidades consideradas.
 Considéranse os seguintes grupos ou clasificacións:

1. Servizos móbiles.
 - 1.1 Servizo móbil terrestre e servizos asociados.
 - 1.2 Servizo móbil terrestre de cobertura nacional.
 - 1.3 Servizos de comunicacións electrónicas (prestación a terceiros).
 - 1.4 Servizo móbil marítimo.
 - 1.5 Servizo móbil aeronáutico.
 - 1.6 Servizos móbiles por satélite.
 - 1.7 Sistemas de comunicacións móbiles terrestres de banda larga.
 - 1.8 Sistema europeo de comunicacións en ferrocarrís (GSM-R).
2. Servizo fixo.
 - 2.1 Servizo fixo punto a punto.
 - 2.2 Servizo fixo punto a multipunto.
 - 2.3 Servizo fixo por satélite.
 - 2.4 Servizo fixo na banda de frecuencias de 57 a 64 GHz.
3. Servizo de radiodifusión.
 - 3.1 Radiodifusión sonora.
 - 3.2 Televisión.
 - 3.3 Servizos auxiliares á radiodifusión.
4. Outros servizos.
 - 4.1 Radionavegación.
 - 4.2 Radiodeterminación.
 - 4.3 Radiolocalización.
 - 4.4 Servizos por satélite, tales como de operacións espaciais, exploración da terra por satélite e outros.
 - 4.5 Servizos non recollidos en puntos anteriores.

Tendo en conta estes grupos de servizos radioeléctricos, as posibles bandas de frecuencias para a prestación do servizo e os cinco coeficientes cos seus correspondentes conceptos ou factores que se deben considerar para calcular a taxa de diferentes reservas de dominio público radioeléctrico dun servizo dado obtéñense as modalidades que se indican a continuación.

1. Servizos móbiles.
 - 1.1 Servizo móbil terrestre e servizos asociados.

Inclúense nesta clasificación as reservas de dominio público radioeléctrico para redes do servizo móbil terrestre e outras modalidades, como operacións portuarias e de movemento de barcos e os enlaces monocanle do servizo fixo de banda estreita.

Os cinco coeficientes establecidos no punto 3.1 do anexo I da Lei xeral de telecomunicacións obrigan a distinguir, en redes do servizo móbil terrestre, diversas modalidades e avaliar diferenciadamente os criterios para fixar a taxa dunha determinada reserva.

En cada modalidade tabuláronse as marxes de frecuencia que é preciso distinguir para efectos de calcular a taxa para ter en conta a ocupación relativa das distintas bandas de frecuencia e outros aspectos recollidos na Lei xeral de telecomunicacións, como por exemplo a idoneidade ou non dunha determinada banda de frecuencias para o servizo considerado.

Dentro destas marxes de frecuencia unicamente se outorgarán reservas de dominio público radioeléctrico nas bandas de frecuencias reservadas no CNAF ao servizo considerado.

Con carácter xeral, para redes do servizo móbil aplícase, para os efectos de calcular a taxa, a modalidade de zona xeográfica de alta utilización, sempre que a cobertura da rede comprenda, total ou parcialmente, municipios con máis de 50.000 habitantes. Para redes con frecuencias en diferentes bandas, o concepto de zona xeográfica aplicarase de forma independente para cada unha delas.

Sen prexuízo do establecido no punto 1.1.9, para as modalidades incluídas nesta epígrafe, o largo de banda B que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización polo número de frecuencias utilizadas.

1.1.1 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia compartida/zona de baixa utilización/autoprestación.

A superficie S que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para os efectos de cálculo, establécese unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,2	1,25	1	1,3	0,4707	1111
100-200 MHz	1,7	1,25	1	1,3	0,5395	1112
200-400 MHz	1,6	1,25	1,1	1,3	0,4937	1113
400-1.000 MHz	1,5	1,25	1,2	1,3	0,5049	1114
1.000-3.000 MHz	1,1	1,25	1,1	1,3	0,4590	1115
> 3.000 MHz	1	1,25	1,2	1,3	0,4590	1116

1.1.2 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia compartida/zona de alta utilización/autoprestación.

A superficie S que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para os efectos de cálculo, establécese unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,4	1,25	1	1,3	0,4707	1121
100-200 MHz	2	1,25	1	1,3	0,5395	1122
200-400 MHz	1,8	1,25	1,1	1,3	0,4937	1123
400-1.000 MHz	1,7	1,25	1,2	1,3	0,5049	1124

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
1.000-3.000 MHz	1,25	1,25	1,1	1,3	0,4590	1125
> 3.000 MHz	1,15	1,25	1,2	1,3	0,4590	1126

1.1.3 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia exclusiva/zona de baixa utilización/autoprestación.

A superficie *S* que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para os efectos de cálculo, establécese unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,2	1,25	1,5	1,3	0,4707	1131
100-200 MHz	1,7	1,25	1,5	1,3	0,5395	1132
200-400 MHz	1,6	1,25	1,65	1,3	0,4937	1133
400-1.000 MHz	1,5	1,25	1,8	1,3	0,5049	1134
1.000-3.000 MHz	1,1	1,25	1,65	1,3	0,4590	1135
> 3.000 MHz	1	1,25	1,8	1,3	0,4590	1136

1.1.4 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia exclusiva/zona de alta utilización/autoprestación.

A superficie *S* que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para os efectos de cálculo, establécese unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,4	1,25	1,5	1,3	0,4707	1141
100-200 MHz	2	1,25	1,5	1,3	0,5395	1142
200-400 MHz	1,8	1,25	1,65	1,3	0,4937	1143
400-1.000 MHz	1,7	1,25	1,8	1,3	0,5049	1144
1.000-3.000 MHz	1,25	1,25	1,65	1,3	0,4590	1145
> 3.000 MHz	1,15	1,25	1,8	1,3	0,4590	1146

1.1.5 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros.

A superficie *S* que se considerará é a que figura na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para os efectos de cálculo, establécese unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,4	1,375	1,5	1,3	0,4707	1151
100-200 MHz	2	1,375	1,5	1,3	0,5395	1152
200-400 MHz	1,8	1,375	1,65	1,3	0,4937	1153
400-1.000 MHz	1,7	1,375	1,8	1,3	0,5049	1154
1.000-3.000 MHz	1,25	1,375	1,65	1,3	0,4590	1155
> 3.000 MHz	1,15	1,375	1,8	1,3	0,4590	1156

1.1.6 Servizo móbil asignación aleatoria/frecuencia exclusiva/calquera zona/autoprestación.

A superficie S que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para os efectos de cálculo, establécese unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,1	1,25	2	1	0,1491	1161
100-200 MHz	1,6	1,25	2	1	0,21468	1162
200-400 MHz	1,7	1,25	2	1	0,1491	1163
400-1.000 MHz	1,4	1,25	2	1	0,1640	1164
1.000-3.000 MHz	1,1	1,25	2	1	0,1491	1165
> 3.000 MHz	1	1,25	2	1	0,1491	1166

1.1.7 Servizo móbil asignación aleatoria/frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros.

A superficie S que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para os efectos de cálculo, establécese unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,1	1,375	2	1	0,1491	1171
100-200 MHz	1,6	1,375	2	1	0,1491	1172
200-400 MHz	1,7	1,375	2	1	0,1097	1173
400-1.000 MHz	1,4	1,375	2	1	0,1491	1174
1.000-3.000 MHz	1,1	1,375	2	1	0,1491	1175
> 3.000 MHz	1	1,375	2	1	0,1491	1176

1.1.8 Radiobusca (frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros).

A superficie S que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 50 MHz	1	2	1	2	19,5147	1181
50-174 MHz	1	2	1	1,5	0,3444	1182
> 174 MHz	1	2	1,3	1	0,3444	1183

1.1.9 Dispositivos de curto alcance: telemandos, alarmas, datos, etc./calquera zona.

Inclúense neste punto os sistemas de curto alcance sempre que o raio de servizo da rede non sexa maior que 3 quilómetros. A superficie *S* que se considerará será a da zona de servizo.

Para redes de maior cobertura aplicarase a modalidade correspondente entre o resto de servizos móbiles ou servizo fixo en función da natureza do servizo e das características propias da rede.

O largo de banda *B* que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización nos casos en que sexa de aplicación polo número de frecuencias utilizadas. Se en virtude das características técnicas da emisión non é aplicable ningunha canalización entre as indicadas, tomarase o largo de banda da denominación da emisión ou, na súa falta, aplicarase a totalidade da correspondente banda de frecuencias destinada no CNAF para estas aplicacións.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 50 MHz	1,7	1,25	1,5	1	19,5147	1191
50-174 MHz	2	1,25	1,5	1	19,5147	1192
406-470 MHz	2	1,25	1,5	1	19,5147	1193
862-870 MHz	1,7	1,25	1,5	1	19,5147	1194
> 1.000 MHz	1,7	1,25	1,5	1	19,5147	1195

1.2 Servizo móbil terrestre de cobertura nacional.

O largo de banda *B* que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización polo número de frecuencias utilizadas.

1.2.1 Servizo móbil asignación fixa/redes de cobertura nacional.

A superficie *S* que se considerará é a correspondente a todo o territorio nacional.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,4	1,375	2	1,25	$22,704 \cdot 10^{-3}$	1211
100-200 MHz	1,6	1,375	2	1,25	$22,704 \cdot 10^{-3}$	1212
200-400 MHz	1,44	1,375	2	1,25	$22,704 \cdot 10^{-3}$	1213
400-1.000 MHz	1,36	1,375	2	1,25	$22,704 \cdot 10^{-3}$	1214
1.000-3.000 MHz	1,25	1,375	2	1,25	$22,704 \cdot 10^{-3}$	1215
> 3.000 MHz	1,15	1,375	2	1,25	$22,704 \cdot 10^{-3}$	1216

1.2.2 Servizo móbil asignación aleatoria/redes de cobertura nacional.

A superficie *S* que se considerará é a correspondente a todo o territorio nacional.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,1	1,375	2	1	0,164010	1221
100-200 MHz	1,6	1,375	2	1	0,236148	1222
200-400 MHz	1,7	1,375	2	1	0,164010	1223
400-1.000 MHz	1,4	1,375	2	1	0,164010	1224
1.000-3.000 MHz	1,1	1,375	2	1	0,164010	1225
> 3.000 MHz	1	1,375	2	1	0,164010	1226

1.3 Servizos de comunicacións electrónicas (prestación a terceiros).

1.3.1 Sistemas terrestres de comunicacións electrónicas (prestación a terceiros).

A superficie *S* e o largo de banda *B* que se considerarán serán os que figuren na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Bandas 703 a 733 MHz, 738 a 753 MHz, 758 a 788 MHz, 790 a 821 MHz, 832 a 862 MHz, 880 a 915 MHz, e 925 a 960 MHz	2	2	1	1,8	$3,543 \cdot 10^{-2}$	1321
Bandas 1710 a 1785 MHz e 1805 a 1880 MHz	2	2	1	1,6	$3,190 \cdot 10^{-2}$	1331
Bandas 1900 a 1980, 2010 a 2025 e 2110 a 2170 MHz	2	2	1	1,5	$4,251 \cdot 10^{-2}$	1351
Banda de 2500 a 2690 MHz	2	2	1	1,5	$9,182 \cdot 10^{-3} K$	1381
Banda 1427 a 1517 MHz	2	2	1	1,5	$2,041 \cdot 10^{-2}$	1322
Banda de 3400 a 3800 MHz	2	2	1	1,5	$1,19 \cdot 10^{-2}$	1323

Na banda de 2500 a 2690 MHz, para as concesións de ámbito autonómico outorgadas por un procedemento de licitación, naquelas comunidades autónomas con baixos niveis de poboación, o coeficiente C5 pondérase cun factor *K* función da poboación. Os valores puntuais do coeficiente *K* e as comunidades autónomas afectadas son as seguintes: Castilla-La Mancha, $K=0,284$; Extremadura, $K=0,286$; Castilla y León, $K=0,293$; Aragón, $K=0,304$; Navarra, $K=0,66$, e La Rioja $K=0,688$.

1.3.2 Servizos de comunicacións móbiles a bordo de aeronaves (prestación a terceiros).

A superficie *S* que se considerará será de 1 quilómetro cadrado por cada 200 aeronaves ou fracción.

O largo de banda *B* que se terá en conta será o total reservado en función da tecnoloxía utilizada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1,4	2	1	1	1,20	1371

1.3.3 Servizos de comunicacións móbiles a bordo de buques (prestación a terceiros).

A superficie S que se considerará será de 1 quilómetro cadrado por cada 200 buques ou fracción.

O largo de banda B que se terá en conta será o total reservado en función da tecnoloxía utilizada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1,4	2	1	1	1,40	1391

1.4 Servizo móbil marítimo.

A superficie S que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

O largo de banda B que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
$f < 30$ MHz	1	1,25	1,25	1	0,212355	1411
$f \geq 30$ MHz	1,3	1,25	1,25	1	0,9730	1412

1.5 Servizo móbil aeronáutico.

A superficie S que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

O largo de banda que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
$f < 30$ MHz	1,3	1,25	1,25	1	0,1146	1511
$f \geq 30$ MHz	1,3	1,25	1,25	1	0,1146	1512

1.6 Servizos móbiles por satélite.

A superficie S que se considerará será a correspondente á área da zona de servizo autorizada do sistema ou da estación de que se trate; para os efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 100.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda B que se terá en conta será a suma da largura de banda reservada ao sistema para cada frecuencia, e computarase tanto o enlace ascendente como o descendente.

1.6.1 Servizo móbil terrestre por satélite.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1	1,25	1	1	$1,950 \cdot 10^{-3}$	1611

1.6.2 Servizo móbil aeronáutico por satélite.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Banda 10-15 GHz	1	1	1	1	$0,865 \cdot 10^{-5}$	1621
Banda 1500-1700 MHz	1	1	1	1	$7,852 \cdot 10^{-5}$	1622

1.6.3. Servizo móbil marítimo por satélite.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Banda 1500-1700 MHz	1	1	1	1	$2,453 \cdot 10^{-4}$	1631

1.6.4 Sistemas de comunicacións electrónicas por satélite, incluíndo, de ser o caso, compoñente terrestre subordinada (prestación a terceiros).

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro para sistemas integrados de móbil por satélite, incluíndo, de ser o caso, unha rede terrestre subordinada para reforzar os servizos ofrecidos vía satélite en zonas en que pode que non sexa posible manter unha visión directa continua co satélite e que utiliza as mesmas frecuencias que o sistema de satélite, acordos coa Decisión 2008/626/CE.

A superficie *S* que se considerará é a correspondente a todo o territorio nacional.

O largo de banda *B* que se considerará será o que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

Para outras estacións, distintas das indicadas no parágrafo primeiro deste punto que, de ser o caso, puidesen ser autorizadas para engadir capacidade ao sistema, consideraranse a superficie correspondente á zona de servizo de cada unha delas e o largo de banda autorizado, así como os coeficientes indicados na táboa seguinte.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Bandas 1980 a 2010 MHz e 2170 a 2200 MHz (sistema de satélite).	1	1,25	1	1	$0,65 \cdot 10^{-3}$	1641
Estacións en terra para capacidade engadida ao sistema de satélite.	1	1,25	1	1	$0,98 \cdot 10^{-3}$	1642

1.7 Sistemas de comunicacións móbiles terrestres de banda larga.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro para sistemas terrestres de comunicacións móbiles que funcionen en bandas de frecuencia distintas das especificadas na epígrafe 1.3.1 e que utilicen canles radioeléctricas con largos de banda de transmisión superiores a 1 MHz

A superficie S que se considerará é a que figura na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para os efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 1 quilómetro cadrado.

O largo de banda B que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,4	1,375	1,5	1	0,1377	1711
100-200 MHz	2	1,375	1,5	1	0,1620	1712
200-400 MHz	1,8	1,375	1,6	1	0,1725	1713
400-1.000 MHz	1,7	1,375	1,8	1	0,1725	1714
1.000-3.000 MHz	1,25	1,375	1,6	1	0,1411	1715
> 3.000 MHz	1,15	1,375	1,6	1	0,1411	1716

1.8 Sistema europeo de comunicacións en ferrocarrís (GSM-R).

A superficie S que se considerará é a que resulte de multiplicar a suma das lonxitudes de todos os traxectos viarios para os cales se efectúa a reserva das frecuencias, expresados en quilómetros, por unha largura de dez quilómetros.

O largo de banda B que se terá en conta será o largo de banda total que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
CNAF UN 40.	2	2	1	1,8	0,02812	1361

2. Servizo fixo.

Inclúense neste punto, ademais das reservas puntuais de frecuencias para as diferentes modalidades do servizo, as denominadas reservas de banda en que a reserva alcanza porcións de espectro que permiten a utilización de diversas canles radioeléctricas de forma simultánea polo operador nunha mesma zona xeográfica.

As reservas de banda están xustificadas, exclusivamente, en casos de despregamentos masivos de infraestruturas radioeléctricas por parte dun operador, para redes de comunicacións electrónicas de prestación de servizos a terceiros ou transportes de sinal de servizos audiovisuais, naquelas zonas xeográficas en que por necesidades de concentración de tráfico se precise dispor de grupos de canles radioelectricamente compatibles entre si.

2.1 Servizo fixo punto a punto.

Con carácter xeral, aplicarase a modalidade de zona xeográfica de alta utilización naqueles vans, individuais ou que forman parte dunha rede radioeléctrica extensa, en que algunha das estacións extremo do van está situada nalgún municipio de máis de 250.000 habitantes ou o feixe principal do radioenlace do van atravesase a vertical da dita zona.

Para cada frecuencia utilizada tomarase o seu valor nominal, con independencia de que os extremos da canle poidan comprender dúas das marxes de frecuencias tabuladas, e se este valor nominal coincide cun dos ditos extremos, tomarase a marxe para a cal resulte unha menor contía da taxa.

2.1.1 Servizo fixo punto a punto/frecuencia exclusiva/zona de baixa utilización/autoprestación.

O importe total da taxa obterase como o sumatorio da taxa individual de cada un dos vans radioeléctricos que compoñen a rede, calculada en función das características do dito van.

A superficie *S* que se considerará para cada van é a que resulte de multiplicar a súa lonxitude en quilómetros por unha largura dun quilómetro.

O largo de banda *B* que se considerará en cada van é o resultante de multiplicar o valor da canalización utilizada ou, na súa falta, o largo de banda segundo a denominación da emisión polo número de frecuencias usadas en ambos os sentidos de transmisión. Para aqueles vans radioeléctricos onde se reserven frecuencias con dobre polarización considerarase, para efectos do cálculo da taxa, como se se tratase da reserva dun dobre número de frecuencias; non obstante, aplicarase unha redución do 25 % ao valor da taxa individual.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	0,4	2111
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,45	1,2	0,23429	2112
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,21971	2113
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,19770	2114
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,1	0,19770	2115
39,5-57 GHz, e > 64 GHz	1	1	1	1	0,04483	2116

2.1.2 Servizo fixo punto a punto/frecuencia exclusiva/zona de alta utilización/autoprestación.

O importe total da taxa obterase como o sumatorio da taxa individual de cada un dos vans radioeléctricos que compoñen a rede, calculada en función das características do dito van.

A superficie *S* que se considerará para cada van é a que resulte de multiplicar a súa lonxitude en quilómetros por unha largura dun quilómetro.

O largo de banda *B* que se considerará en cada van é o resultante de multiplicar o valor da canalización utilizada ou, na súa falta, o largo de banda segundo a denominación da emisión polo número de frecuencias usadas en ambos os sentidos de transmisión. Para aqueles vans radioeléctricos onde se reserven frecuencias con dobre polarización considerarase, para os efectos do cálculo da taxa, como se se tratase da reserva dun dobre número de frecuencias; non obstante, aplicarase unha redución do 25 % ao valor da taxa individual.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,6	1	1,3	1,25	0,235	2121
1.000-3.000 MHz	1,55	1	1,45	1,2	0,235	2122
3.000-10.000 MHz	1,55	1	1,15	1,15	0,22	2123
10-24 GHz	1,5	1	1,1	1,15	0,198	2124
24-39,5 GHz	1,3	1	1,05	1,1	0,198	2125
39,5-57 GHz, e > 64 GHz	1,2	1	1	1	0,045	2126

2.1.3 Servizo fixo punto a punto/frecuencia exclusiva/prestación a terceiros.

O importe total da taxa obterase como o sumatorio da taxa individual de cada un dos vans radioeléctricos que compoñen a rede, calculada en función das características do dito van.

A superficie *S* que se considerará para cada van é a que resulte de multiplicar a súa lonxitude en quilómetros por unha largura dun quilómetro.

O largo de banda *B* que se considerará en cada van é o resultante de multiplicar o valor da canalización utilizada ou, na súa falta, o largo de banda segundo a denominación da emisión polo número de frecuencias usadas en ambos os sentidos de transmisión. Para aqueles vans radioeléctricos onde se reserven frecuencias con dobre polarización considerárase, para efectos do cálculo da taxa, como se se tratase da reserva dun dobre número de frecuencias; non obstante, aplicarase unha redución do 25 % ao valor da taxa individual.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,3	1,05	1,3	1,25	0,2310365	2151
1.000-3.000 MHz	1,25	1,05	1,7	1,2	0,22083	2152
3.000-10.000 MHz	1,25	1,05	1,15	1,15	0,215526	2153
10-24 GHz	1,2	1,05	1,1	1,15	0,193902	2154
24-39,5 GHz	1,1	1,05	1,05	1,1	0,193902	2155
39,5-57 GHz, e > 64 GHz	1	1,05	1	1	0,044064	2156

2.1.4 Servizo fixo punto a punto/reservas de banda en todo o territorio nacional.

Para os efectos do cálculo da taxa, considerárase o largo de banda reservado, sobre a superficie correspondente a todo o territorio nacional, con total independencia da reutilización efectuada de toda ou parte da banda asignada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	$2,5515 \cdot 10^{-3}$	2161
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,2	1,2	$2,5515 \cdot 10^{-3}$	2162
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	$2,5515 \cdot 10^{-3}$	2163
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	$2,5515 \cdot 10^{-3}$	2164
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	$2,5515 \cdot 10^{-3}$	2165
39,5-57 GHz, e > 64 GHz	1	1	1	1	$0,6248 \cdot 10^{-3}$	2166

2.1.5 Servizo fixo punto a punto/reservas de banda de ámbito provincial ou multiprovincial.

Este punto é de aplicación ás reservas de banda para unha ou máis provincias, cun límite máximo de zona de cobertura de 250.000 quilómetros cadrados.

Para os efectos de calcular a correspondente taxa, considerárase o largo de banda reservado, sobre a superficie da zona de servizo, independentemente da reutilización efectuada de toda ou parte das frecuencias asignadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	4,858 10 ⁻³	2181
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,2	1,2	4,858 10 ⁻³	2182
3-10 GHz	1,25	1	1,15	1,15	4,858 10 ⁻³	2183
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	4,858 10 ⁻³	2184
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	4,858 10 ⁻³	2185
39,5-57 GHz, e > 64 GHz	1	1	1	1	1,215 10 ⁻³	2186

2.2 Servizo fixo punto a multipunto.

Para cada frecuencia utilizada tomarase o seu valor nominal, con independencia de que os extremos da canle poidan comprender dúas das marxes de frecuencias tabuladas e, se este valor nominal coincide cun dos ditos extremos, tomarase a marxe para a cal resulte unha menor contía da taxa.

2.2.1 Servizo fixo punto a multipunto/frecuencia exclusiva/calquera zona/autoprestación.

A superficie *S* que se considerará será a zona de servizo indicada na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

O largo de banda *B* que se terá en conta obterase das características técnicas da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,5	1	1,3	1,25	0,1	2211
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	0,04038	2212
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,0238	2213
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,03569	2214
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,1	0,04406	2215
39,5-57 GHz, e > 64 GHz	1	1	1	1	0,0042	2216

2.2.2 Servizo fixo punto a multipunto/frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros.

A superficie *S* que se considerará é a zona de servizo indicada na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, coa excepción das reservas código de modalidade 2235, para as cales se establece unha superficie mínima, para os efectos de cálculo, de 80 quilómetros cadrados.

O largo de banda *B* que se terá en conta obterase das características técnicas da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,5	1	1,3	1,25	0,0505	2231
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	0,0428	2232

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,0253	2233
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,0377	2234
24-39,5 GHz	1,38	1	1,05	1,1	0,0377	2235
39,5-57 GHz, e > 64 GHz	1	1	1	1	0,0062	2236

2.2.3 Servizo fixo punto a multipunto/reservas de banda en todo o territorio nacional.

O largo de banda *B* que se considerará será o indicado na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico sobre a superficie *S* correspondente a todo o territorio nacional, con total independencia da reutilización efectuada de toda ou parte da banda asignada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	2,86722 10 ⁻³	2241
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	2,86722 10 ⁻³	2242
3.000-10.000 MHz, excluído de 3400 a 3800 MHz	1,25	1	1,15	1,15	2,86722 10 ⁻³	2243
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	2,86722 10 ⁻³	2244
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	2,86722 10 ⁻³	2245
39,5-57 GHz, e > 64 GHz	1	1	1	1	0,70278 10 ⁻³	2246

2.2.4 Servizo fixo punto a multipunto/reservas de banda de ámbito provincial ou multiprovincial.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro para unha ou máis provincias, cun límite máximo de zona de servizo de 250.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda *B* que se considerará será o indicado na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico sobre a superficie cuberta, independentemente da reutilización efectuada de toda ou parte da banda asignada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	0,27243	2251
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	0,27243	2252
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,27243	2253
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,27243	2254
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	0,27243	2255
39,5-57 GHz, e > 64 GHz	1	1	1	1	0,06809	2256

2.3 Servizo fixo por satélite.

A superficie *S* que se considerará será a correspondente á da zona de servizo que, en xeral ou en caso de non especificarse outra, corresponderá coa superficie de todo o

territorio nacional. En calquera caso, para os efectos de cálculo, serán de aplicación as superficies mínimas que a continuación se especifican para as distintas epígrafes.

O largo de banda que se considerará para cada frecuencia será o especificado na denominación da emisión, e computarase tanto o largo de banda do enlace ascendente como o largo de banda do enlace descendente, cada un coas súas superficies respectivas; exceptúanse os enlaces de conexión de radiodifusión, que, por tratarse dun enlace unicamente ascendente, só se computará o largo de banda daquel.

2.3.1 Servizo fixo por satélite punto a punto, incluíndo enlaces de conexión do servizo móbil por satélite e enlaces de contribución de radiodifusión vía satélite (punto a multipunto).

Nos enlaces punto a punto, tanto para o enlace ascendente como para o descendente, considerarase unha superficie S de 31.416 quilómetros cadrados. Nesta categoría considéranse incluídos os enlaces de contribución de radiodifusión punto a punto. Nos enlaces de contribución punto a multipunto considerarase unha superficie S de 31.416 quilómetros cadrados para o enlace ascendente e para o enlace descendente considerarase a área da zona de servizo que, en xeral, corresponderá coa superficie de todo o territorio nacional; en calquera caso, establécese unha superficie mínima, para os efectos de cálculo, de 100.000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
$f < 3.000$ MHz	1,50	1,25	1,50	1,20	$1,950 \cdot 10^{-4}$	2311
3-17 GHz	1,25	1,25	1,15	1,15	$1,950 \cdot 10^{-4}$	2312
> 17 GHz	1,0	1,25	1,0	1,20	$0,360 \cdot 10^{-4}$	2315

2.3.2 Enlaces de conexión do servizo de radiodifusión (sonora e de televisión) por satélite.

Para os enlaces de conexión (enlace ascendente) do servizo de radiodifusión (sonora e de televisión) por satélite, considerarase unha superficie S , para os efectos de cálculo, de 31.416 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
$f < 3.000$ MHz	1,50	1,25	1,50	1,20	$1,7207 \cdot 10^{-4}$	2321
3-30 GHz	1,25	1,25	1,50	1,20	$1,7207 \cdot 10^{-4}$	2322
> 30 GHz	1,0	1,25	1,0	1,20	$1,7207 \cdot 10^{-4}$	2324

2.3.3 Servizos tipo VSAT (redes de datos por satélite) e SNG (enlaces transportables de reportaxes por satélite).

Considerarase a superficie da zona de servizo, establecéndose unha superficie mínima, para os efectos de cálculo, de 12.500 quilómetros cadrados. No caso dos enlaces SNG, considerarase unha superficie de 20.000 quilómetros cadrados. En todos os casos anteriores, a superficie tomarase tanto en transmisión como en recepción, e todo iso independentemente do número de estacións transmisoras e receptoras.

Este punto tamén é de aplicación aos casos de utilización de frecuencias do servizo fixo por satélite por estacións móbiles a bordo de buques e aeronaves, en espazos baixo xurisdición española. Para estes efectos, considerarase unha superficie máxima de 120.000 quilómetros cadrados e o coeficiente C_5 que corresponda multiplicarase por 0,35.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 3.000 MHz	1,50	1,25	1,50	1,20	$1,7207 \cdot 10^{-4}$	2331
3-17 GHz	1,25	1,25	1,50	1,20	$1,7207 \cdot 10^{-4}$	2332
> 17 GHz	1,0	1,25	1,0	1,20	$4,21 \cdot 10^{-5}$	2334

2.4 Servizo fixo na banda de frecuencias de 57 a 64 GHz.

Considerarase a superficie da zona de servizo, establecéndose unha superficie mínima, para os efectos de cálculo, de 1 quilómetro cadrado.

O largo de banda *B* que se considerará será o indicado na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico sobre a superficie cuberta, independentemente da reutilización efectuada de todo ou parte do espectro asignado, establecéndose un largo de banda mínimo para os efectos de cálculo de 150 MHz.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
57-64 GHz (UN-126).	1	1	1	1	4,69	2341

3. Servizo de radiodifusión.

As consideracións seguintes son de aplicación ao servizo de radiodifusión, tanto na súa modalidade de radiodifusión sonora como de televisión.

A superficie *S* que se considerará será a correspondente á zona de servizo. Polo tanto, nos servizos de radiodifusión que teñen por obxecto a cobertura nacional, a superficie da zona de servizo será a superficie do territorio nacional e non se avaliará a taxa individualmente por cada unha das estacións necesarias para alcanzar a dita cobertura. Igualmente, nos servizos de radiodifusión (sonora e de televisión) que teñen por obxecto a cobertura autonómica, a superficie da zona de servizo será a superficie do territorio autonómico correspondente e non se avaliará a taxa individualmente por cada unha das estacións necesarias para alcanzar a dita cobertura.

Nos servizos de radiodifusión que teñen por obxecto a cobertura nacional ou calquera das coberturas autonómicas, a largura de banda *B* aplicable será a correspondente ao tipo de servizo de que se trate e igual á que se aplicaría a unha estación do servizo considerada individualmente.

Nas modalidades de servizo para as cales se cualifica a zona xeográfica, considérase que se trata dunha zona de alto interese e rendibilidade cando a zona de servizo inclúa algunha capital de provincia ou autonómica ou outras localidades con máis de 50.000 habitantes.

No servizo de radiodifusión, o coeficiente C_5 pondérase cun factor k , función da densidade de poboación, obtida con base no censo de poboación en vigor, na zona de servizo, de acordo coa seguinte táboa:

Densidade de poboación	Factor k
Até 100 habitantes/km ²	0,015
Superior a 100 hb/km ² e até 250 hb/km ²	0,05
Superior a 250 hb/km ² e até 500 hb/km ²	0,085
Superior a 500 hb/km ² e até 1.000 hb/km ²	0,12
Superior a 1.000 hb/km ² e até 2.000 hb/km ²	0,155
Superior a 2.000 hb/km ² e até 4.000 hb/km ²	0,19
Superior a 4.000 hb/km ² e até 6.000 hb/km ²	0,225
Superior a 6.000 hb/km ² e até 8.000 hb/km ²	0,45
Superior a 8.000 hb/km ² e até 10.000 hb/km ²	0,675
Superior a 10.000 hb/km ² e até 12.000 hb/km ²	0,9
Superior a 12.000 hb/km ²	1,125

As bandas de frecuencias para prestar servizos de radiodifusión serán, en calquera caso, as especificadas no CNAF; con todo, o secretario de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais poderá autorizar usos de carácter temporal ou experimental diferentes aos sinalados no dito cadro que non causen perturbacións a estacións radioeléctricas legalmente autorizadas. Estes usos, de carácter temporal ou experimental, estarán igualmente gravados cunha taxa por reserva de dominio público radioeléctrico, cuxo importe se avaliará seguindo os criterios xerais do servizo a que se poida asimilar ou, de ser o caso, os criterios que correspondan á banda de frecuencias reservada.

Para o servizo de radiodifusión por satélite consideraranse unicamente os enlaces ascendentes desde o territorio nacional, que están tipificados como enlaces de conexión dentro do punto 2.3.2 do servizo fixo por satélite.

Os enlaces de contribución de radiodifusión vía satélite están igualmente tipificados como tales dentro do punto 2.3.1 do servizo fixo por satélite.

3.1 Radiodifusión sonora.

3.1.1 Radiodifusión sonora de onda longa e de onda media.

A superficie S será a correspondente á zona de servizo.

A largura de banda B que se considerará será de 9 kHz nos sistemas de modulación con dobre banda lateral e, de 4,5 kHz nos sistemas de modulación con banda lateral única.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
148,5 a 283,5 kHz	1	1	1	1,25	650,912 k	3111
526,5 a 1.606,5 kHz	1	1	1,5	1,25	650,912 k	3112

3.1.2 Radiodifusión sonora de onda curta.

Considerarase a superficie S correspondente á superficie do territorio nacional e a densidade de poboación correspondente á densidade de poboación nacional.

A largura de banda B que se considerará será de 9 kHz nos sistemas de modulación con dobre banda lateral e de 4,5 kHz nos sistemas de modulación con banda lateral única.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
3 a 30 MHz segundo CNAF.	1	1	1	1,25	325,453 k	3121

3.1.3 Radiodifusión sonora con modulación de frecuencias en zonas de alto interese e rendibilidade.

A superficie *S* será a correspondente á zona de servizo.

A largura de banda *B* que se considerará será de 180 kHz nos sistemas monofónicos, de 256 kHz nos sistemas estereofónicos e de 300 kHz nos sistemas con subportadoras suplementarias.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
87,5 a 108 MHz	1,25	1	1,5	1,25	13,066 k	3131

3.1.4 Radiodifusión sonora con modulación de frecuencia noutras zonas.

A superficie *S* será a correspondente á zona de servizo.

A largura de banda *B* que se considerará será de 180 kHz nos sistemas monofónicos, de 256 kHz nos sistemas estereofónicos e de 300 kHz nos sistemas con subportadoras suplementarias.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
87,5 a 108 MHz	1	1	1,5	1,25	13,066 k	3141

3.1.5 Radiodifusión sonora dixital terrestre en zonas de alto interese e rendibilidade.

A superficie *S* será a correspondente á zona de servizo.

A largura de banda *B* que se considerará será de 1.536 kHz nos sistemas con norma UNE ETS 300 401.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
195 a 223 MHz	1,25	1	1,5	1	0,3756 k	3151

3.1.6 Radiodifusión sonora dixital terrestre noutras zonas.

A superficie *S* será a correspondente á zona de servizo.

A largura de banda *B* que se considerará será de 1.536 kHz nos sistemas con norma UNE ETS 300 401.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
195 a 223 MHz	1	1	1,5	1	0,3756 k	3161

3.2 Televisión.

A superficie *S* será en todos os casos a correspondente á zona de servizo.

3.2.1 Televisión dixital terrestre en zonas de alto interese e rendibilidade.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito nacional e autonómico.

A largura de banda *B* que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
470 a 694 MHz	1,25	1	1,3	1	0,7023 k	3231

3.2.2 Televisión dixital terrestre noutras zonas.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito nacional e autonómico.

A largura de banda *B* que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
470 a 694 MHz	1	1	1,3	1	0,7023 k	3241

3.2.3 Televisión dixital terrestre de ámbito local en zonas de alto interese e rendibilidade.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito local.

A largura de banda *B* que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
470 a 694 MHz	1,25	1	1,3	1	0,3512 k	3251

3.2.4 Televisión dixital terrestre de ámbito local noutras zonas.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito local.

A largura de banda *B* que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
470 a 694 MHz	1	1	1,3	1	0,3512 k	3261

3.3 Servizos auxiliares á radiodifusión.

3.3.1 Enlaces móbiles de fonía para reportaxes e transmisión de eventos radiofónicos.

A superficie *S* que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, e establecerase unha superficie mínima de 100 quilómetros cadrados.

A largura de banda *B* computable é a correspondente á da canle utilizada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1	1	1	2	0,8017	3311

3.3.2 Enlaces de transporte de programas de radiodifusión sonora entre estudos e emisoras.

A superficie *S* que se considerará é a que resulte de multiplicar a suma das lonxitudes de todos os vans por unha largura dun quilómetro, e establecerase unha superficie mínima de 10 quilómetros cadrados.

A largura de banda *B* é a correspondente á da canle utilizada.

	C1	C2	C3	C4	C5	
CNAF UN 111.	1,25	1	1,25	2	5,72	3321
CNAF UN 47.	1,15	1	1,10	1,90	5,72	3322
CNAF UN 88.	1,05	1	0,75	1,60	5,72	3323
CNAF UN 105 e 106.	1,5	1	1,3	2	5,72	3324

3.3.3 Enlaces móbiles de televisión (ENG).

Establécese, para os efectos de cálculo, unha superficie de 10 quilómetros cadrados por cada reserva de frecuencias, independentemente do número de equipamentos que funcionen na mesma frecuencia e uso en calquera punto do territorio nacional.

A largura de banda *B* que se considerará será a correspondente á canle utilizada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1,25	1	1,25	2	0,7177	3331

4. Outros servizos.

4.1 Servizo de radionavegación.

A superficie *S* que se considerará será a do círculo que ten como raio o de servizo autorizado.

O largo de banda *B* obterase directamente da denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1	1	1	1	0,0100	4111

4.2 Servizo de radiodeterminación.

A superficie *S* que se considerará será a do círculo que ten como raio o de servizo autorizado.

O largo de banda *B* obterase directamente da denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1	1	1	1	0,0602	4211

4.3 Servizo de radiolocalización.

A superficie *S* que se considerará neste servizo será a do círculo que ten como raio o de servizo autorizado.

O largo de banda *B* obterase directamente da denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1	1	1	1	0,03090	4311

4.4 Servizos por satélite, tales como operacións espaciais, exploración da terra por satélite e outros.

A superficie *S* que se considerará será a correspondente á zona de servizo; para os efectos de cálculo, establécese unha superficie mínima de 31.416 quilómetros cadrados, tanto en transmisión como en recepción.

O largo de banda *B* que se considerará, tanto en transmisión como en recepción, será o exixido polo sistema solicitado en cada caso.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Operacións espaciais (telemando, telemida e seguimento).	1	1	1	1	$1,977 \cdot 10^{-4}$	4412
Exploración da Terra por satélite.	1	1	1	1	$0,7973 \cdot 10^{-4}$	4413
Outros servizos espaciais.	1	1	1	1	$3,904 \cdot 10^{-3}$	4411

5. Servizos non recollidos en puntos anteriores.

Para os servizos e sistemas que se poidan presentar e non estean recollidos nos puntos anteriores ou aos cales razoablemente non se lles poidan aplicar as regras anteriores, fíxase a taxa en cada caso en función dos seguintes criterios:

- Comparación con algún dos servizos citados anteriormente con características técnicas parecidas.
- Cantidade de dominio radioeléctrico tecnicamente necesaria.
- Superficie cuberta pola reserva efectuada.
- Importe da taxa devindicada por sistemas que, baixo tecnoloxías diferentes, resulten similares en canto aos servizos que prestan.

Dous. As disposicións regulamentarias reguladoras da taxa por reserva de dominio público radioeléctrico conservarán a súa vixencia en todo o que non se opoña ao previsto no presente artigo.

Artigo 76. *Taxa por licenza de empresa ferroviaria.*

A taxa por licenza de empresa ferroviaria establecida no artigo 76 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, queda fixada nos seguintes importes:

Por outorgamento de licenza.	6.000 euros
Por modificación de licenza.	3.000 euros
Por renovación de licenza.	6.000 euros

Artigo 77. *Taxa por outorgamento de autorización de seguridade e certificado de seguridade.*

A taxa por outorgamento de autorización de seguridade e certificado de seguridade establecida no artigo 80 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, queda fixada nos seguintes importes:

1. Autorizacións de seguridade:
 - Por expedición ou renovación: 50.000 euros.
 - Por modificación ou revisión: 25.000 euros.
2. Certificado de seguridade:
 - Por expedición ou renovación: 30.000 euros.
 - Por ampliación ou revisión: 15.000 euros.

Artigo 78. *Taxa por homologación de centros, certificación de entidades e material rodante, outorgamento de títulos e autorizacións de entrada en servizo.*

A taxa por homologación de centros, certificación de entidades e material rodante, outorgamento de títulos e autorizacións de entrada en servizo establecida no artigo 84 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, queda fixada nos seguintes importes:

1. Homologación de centros de recoñecemento médico e de formación do persoal ferroviario, e as súas renovacións ou ampliacións, xa sexa autorizando novas instalacións ou a impartición de novas disciplinas formativas:
 - Por nova homologación: 6.000 euros.
 - Por ampliación (variacións que requiran a visita a novas instalacións): 2.600 euros.
 - Por renovación ou modificación (xa sexa por variación nas disciplinas ou por variación do persoal): 1.500 euros.
2. Outorgamento de títulos e licenzas de condución e outorgamento de títulos de conselleiros de seguridade en relación co transporte de mercadorías perigosas:
 - Por primeira expedición: 116 euros.
 - Por emisión de duplicados, renovación ou modificación: 80 euros.
3. Por organización de convocatorias de exame para persoal ferroviario, previos ao outorgamento de títulos, licenzas de condución e conselleiro de seguridade.
 - Por convocatoria: 2.000 euros.
 - Por aspirante presentado á convocatoria: 35 euros.
 - Por examinador do tribunal: 45 euros por asistencia.
 - Por membro do tribunal, en concepto de gastos de desprazamentos, sempre e cando os exames se leven a cabo fóra de Madrid: 300 euros.

No caso de exames para a obtención do título de conselleiro de seguridade, será de aplicación unicamente a taxa por aspirante que se presente á convocatoria.

Para os efectos do aboamento da taxa, nas convocatorias de exames para o outorgamento de títulos e licenzas de condución estableceranse o número de examinadores do tribunal, o número de asistencias, os membros do tribunal que deban desprazarse fóra de Madrid, así como a repartición establecida nos casos recollidos no punto final do artigo 84.4.c) da Lei 38/2015, do 29 de setembro.

4. Homologación de centros de mantemento do material rodante ferroviario:

- Por nova homologación: 6.000 euros.
- Por ampliación, modificación ou renovación: 1.500 euros.

5. Certificación de entidades encargadas do mantemento de vehículos ferroviarios ou das funcións de mantemento delegables:

- Por nova certificación de entidade encargada de mantemento: 7.540 euros.
- Por renovación de certificación de entidade encargada de mantemento: 4.680 euros.
- Por ampliación ou modificación de certificación de entidade encargada de mantemento: 1.300 euros.
- Por nova certificación de función delegable de mantemento: 5.200 euros.
- Por renovación de certificación de función delegable de mantemento: 2.600 euros.
- Por ampliación ou modificación de certificación de función delegable de mantemento: 1.300 euros.

6. Por autorización de vehículos ferroviarios:

– Locomotoras:

- Autorización de tipo de vehículo (primeira autorización): 9.180 euros.
- Modificación de tipo de vehículo e/ou vehículo (nova autorización): 4.590 euros.
- Autorización de conformidade cun tipo (continuacións de serie): 918 euros.
- Autorización por ampliación da área de uso (sen modificacións): 2.295 euros.
- Opinión técnica de referencia do compromiso previo (emitida como responsable da autorización): 1.836 euros.
- Opinión técnica de referencia do compromiso previo (emitida, unicamente, como ANS de área de uso): 918 euros.

– Unidades autopropulsadas:

- Autorización de tipo de vehículo (primeira autorización): 12.240 euros.
- Modificación de tipo de vehículo e/ou vehículo (nova autorización): 6.120 euros.
- Autorización de conformidade cun tipo (continuacións de serie): 1.224 euros.
- Autorización por ampliación da área de uso (sen modificacións): 3.060 euros.
- Opinión técnica de referencia do compromiso previo (emitida como responsable da autorización): 2.448 euros.
- Opinión técnica de referencia do compromiso previo (emitida, unicamente, como ANS de área de uso): 1.224 euros.

– Coches:

- Autorización de tipo de vehículo (primeira autorización): 2.040 euros.
- Modificación de tipo de vehículo e/ou vehículo (nova autorización): 1.020 euros.
- Autorización de conformidade cun tipo (continuacións de serie): 204 euros.
- Autorización por ampliación da área de uso (sen modificacións): 510 euros.
- Opinión técnica de referencia do compromiso previo (emitida como responsable da autorización): 408 euros.
- Opinión técnica de referencia do compromiso previo (emitida, unicamente, como ANS de área de uso): 204 euros.

– Vagóns:

Autorización de tipo de vehículo (primeira autorización): 2.040 euros.
Modificación de tipo de vehículo e/ou vehículo (nova autorización): 1.020 euros.
Autorización de conformidade cun tipo (continuacións de serie): 204 euros.
Autorización por ampliación da área de uso (sen modificacións): 510 euros.
Opinión técnica de referencia do compromiso previo (emitida como responsable da autorización): 408 euros.
Opinión técnica de referencia do compromiso previo (emitida, unicamente, como ANS de área de uso): 204 euros.

– Material auxiliar:

Autorización de tipo de vehículo (primeira autorización): 2.040 euros.
Modificación de tipo de vehículo e/ou vehículo (nova autorización): 1.020 euros.
Autorización de conformidade cun tipo (continuacións de serie): 204 euros.
Autorización por ampliación da área de uso (sen modificacións): 510 euros.
Opinión técnica de referencia do compromiso previo (emitida como responsable da autorización): 408 euros.
Opinión técnica de referencia do compromiso previo (emitida, unicamente, como ANS de área de uso): 204 euros.

Artigo 79. Taxa pola prestación de servizos e realización de actividades en materia de seguridade ferroviaria.

Un. A taxa pola prestación de servizos e realización de actividades en materia de seguridade ferroviaria establecida no artigo 88 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, debe calcularse de acordo cos seguintes coeficientes:

1. Para os administradores de infraestruturas ferroviarias:

Importe por tren por km totais dos tráfico que circulan pola rede que xestiona: 0,015143 €.

2. Para as empresas ferroviarias:

Importe por tren por km, en servizos de longa distancia clasificados na categoría VL1 (conforme o establecido no punto 7 do artigo 97 da Lei 3/2015, do 29 de setembro): 0,018692 €.

Importe por tren por km, no resto de servizos de transporte de viaxeiros de longa distancia: 0,015731 €.

Importe por tren por km, en servizos de transporte de viaxeiros urbanos, suburbanos e interurbanos: 0,017663 €.

Importe por tren por km, en servizos de transporte de mercadorías: 0,001262 €.

Dous. A taxa devindicase no momento de realización da actividade ou servizo correspondente e será liquidada polo suxeito pasivo mensualmente, dentro do mes seguinte a aquel en que se produce a devindicación.

Coa liquidación mensual correspondente, os suxeitos pasivos remitirán á Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria certificación da cantidade ingresada, en que se indiquen, debidamente desagregados, os tráfico efectuados e os tipos de servizos prestados.

Para os efectos de xestión e control desta taxa, os administradores de infraestruturas deberán informar mensualmente a AESF dos tráfico que se produzan sobre a súa rede, desagregados por empresas ferroviarias e tipos de servizos.

En caso de discrepancias entre os datos proporcionados por empresas ferroviarias e administradores, tomaranse como referencia para o cálculo desta taxa os datos empregados polos administradores para o cálculo dos canons pola utilización das infraestruturas ferroviarias.

Artigo 80. *Canons ferroviarios.*

A partir do primeiro día do mes seguinte á súa publicación no BOE, e cunha vixencia indefinida, serán de aplicación as contías unitarias seguintes para os canons ferroviarios.

Un. Canon por utilización das liñas ferroviarias integrantes da Rede ferroviaria de interese xeral.

1. Modalidades e contías exixibles.

1.1 Canon por adxudicación de capacidade (modalidade A). Polo servizo de asignación daquelas franxas horarias, definidas na declaración sobre a rede, aos correspondentes candidatos co fin de que un tren poida circular entre dous puntos durante un período de tempo determinado.

A contía determinarase multiplicando a tarifa unitaria por cada tren-quilómetro adxudicado, distinguindo por tipo de liña afectada e tipo de servizo.

Establécense dous tipos de tarifa, un para os servizos que se leven a cabo en liñas tipo A e outro para aqueles que se produzan no resto de liñas.

Euros tren-km

Modalidade A	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas tipo A.	1,6767	1,4873	1,7350	1,6069	1,7776	0,5091
Liñas de tipo distinto de A.	0,7273	0,8482	0,7138	1,3645	0,6017	0,0959

1.2 Canon por utilización das liñas ferroviarias (modalidade B). Pola acción e efecto de utilizar unha liña ferroviaria.

A contía determinarase multiplicando a tarifa unitaria por cada tren-quilómetro circulado, distinguindo por tipo de liña e tipo de servizo.

Establécense dous tipos de tarifa, un para os servizos que se leven a cabo en liñas tipo A e outro para aqueles que se produzan no resto de liñas.

Euros tren-km

Modalidade B	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas tipo A.	3,6414	3,0043	3,7855	2,3316	0,9797	1,3512
Liñas de tipo distinto de A.	1,0030	1,1633	0,9846	2,0251	0,5443	0,1451

1.3 Canon por utilización das instalacións de transformación e distribución da enerxía eléctrica de tracción (modalidade C). Pola acción ou efecto de utilizar as instalacións de electrificación dunha liña ferroviaria.

A contía determinarase multiplicando a tarifa unitaria a cada tren-quilómetro circulado por liñas ferroviarias electrificadas, distinguindo por tipo de liña, tipo de servizo e tipo de tracción.

Establécense dous tipos de tarifa, un para os servizos que se leven a cabo en liñas tipo A e outro para aqueles que se produzan no resto de liñas.

Euros tren-km

Modalidade B	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas tipo A.	0,4865	0,4315	0,5044	0,4665	0,5292	0,1982
Liñas de tipo distinto de A.	0,2617	0,3168	0,2606	0,5188	0,2274	0,0371

1.4 Adición ao canon por adxudicación de capacidade (modalidade A) polo uso non eficiente desta.

Co obxecto de que continúen sendo un elemento incentivador do uso eficiente da rede ferroviaria, as porcentaxes de diferenzas mínimas entre capacidade adxudicada e utilizada que serven de base á aplicación desta adición quedan fixadas para 2021 nun 2 por cento para os servizos de viaxeiros e nun 15 por cento para os servizos de mercadorías.

A contía da adición determinarase multiplicando a tarifa unitaria por cada tren-km de diferenza, en valor absoluto, entre o número de trens-quilómetro adxudicados e o número de trens-quilómetro realizados, por tipo de liña e tipo de servizo:

– Para os servizos de viaxeiros, por cada tren quilómetro de diferenza, en valor absoluto, entre a capacidade adxudicada e a utilizada nun mes por tipo de liña e tipo de servizo, cando a dita diferenza sexa superior ao 2 por cento da capacidade adxudicada e en canto exceda a dita porcentaxe.

– Para os servizos de mercadorías, por cada tren quilómetro de diferenza, en valor absoluto, entre a capacidade adxudicada e a utilizada nun mes por tipo de liña, cando a diferenza sexa superior ao 15 por cento da capacidade adxudicada e en canto exceda a dita porcentaxe.

Euros por tren-km circulados en exceso ou en defecto

Tipo de liña	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas A.	10,0439	3,4314	5,7856	3,7779	1,5138	1,5476
Liñas non A.	1,2724	1,4898	1,2527	4,9728	0,7801	0,1830

1.5 Adición ao canon por utilización das liñas ferroviarias (modalidade B) polo uso de redes de altas prestacións ou a explotación de servizos de largo variable ou outras situacións de elevada intensidade de tráfico en determinados períodos horarios.

A contía será a que resulte de multiplicar a tarifa unitaria por cada praza quilómetro, calculada sobre a base do tren quilómetro do canon de utilización e por todas as prazas que ten o tren en cada traxecto, diferenciando por cada unha das liñas tipo A e por tipo de servizo.

Euros/100 prazas-km ofertadas

Liñas tipo A	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liña Madrid-Barcelona-Frontera.	2,2014	0,0000	0,3779	0,6199	0,0000	0,0000
Liña Madrid-Toledo-Sevilla-Málaga.	1,0809	0,0000	0,2453	0,4023	0,0000	0,0000
Resto de liñas A.	0,5404	0,0000	0,1226	0,2011	0,0000	0,0000

Euros tren-km

Liñas de tipo distinto de A	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Adición modalidade B.	0,0000	0,0000	0,0000	2,4187	0,0000	0,0000

1.6 Bonificación para incentivar o crecemento do transporte ferroviario.

Coa finalidade de incentivar a explotación eficaz da rede ferroviaria e fomentar novos servizos de transporte ferroviario conforme o establecido no artigo 97.6 da Lei 38/2015, aplicarase unha bonificación no canon por utilización das liñas integrantes da Rede ferroviaria de interese xeral, modalidades A e B, para os aumentos de tráfico anuais de acordo cos seguintes criterios:

- Para as liñas A aplicarase para cada combinación de liña individual e tipo de servizo.
- Para o resto de liñas B, C, D e E aplicarase para cada combinación de tipo de liña e tipo de servizo. Aplicarase ao conxunto de suxeitos pasivos que operan en cada combinación.

Para a aplicación desta bonificación o administrador de infraestruturas ferroviarias establecerá anualmente na declaración sobre a rede:

a) O tráfico de referencia, Tref, medido en tren-km, será o tráfico que o administrador de infraestruturas ferroviarias considera normal de acordo coa situación preexistente ou a súa previsible evolución.

b) O tráfico obxectivo, Tobx, medido en tren-km, será o tráfico que o administrador de infraestruturas ferroviarias determinará de acordo coas súas expectativas de mercado das infraestruturas e os servizos que utilizan estas.

c) A porcentaxe de bonificación obxectiva para os tráfico incrementais, Bobx, aplicable aos tráfico incrementais cando se alcance o tráfico obxectivo fixado de acordo coas expectativas de crecemento de tráfico. Se o incremento corresponde a un valor intermedio entre o tráfico de referencia e o tráfico obxectivo, aplicarase unha bonificación inferior á bonificación obxectivo, aplicando un sistema progresivo.

A bonificación calcularase aplicando a fórmula que para tal efecto recolle a Lei 38/2015 no seu artigo 97.6.

Dous. Canon por utilización das instalacións de servizo titularidade dos administradores xerais de infraestruturas ferroviarias.

1. Modalidades e contías exíxibles.

1.1 Canon pola utilización das estacións de transporte viaxeiros (modalidade A).

A contía desta modalidade de canon calcularase:

1. En estacións de categoría 1, 2, 3, 4 ou 5, multiplicando a tarifa unitaria polo número de paraxes, considerando a categoría da estación, o tipo de paraxe e o tipo de tren.

Canon por utilización de estacións de viaxeiros-A1

Euros paraxe tren

Categoría estación	Tipo de paraxe	Longa distancia	Interurbano	Urbano
1	Destino.	164,0000	33,7842	8,1082
1	Intermedia.	63,7800	13,1383	3,1532
1	Orixe.	182,2200	37,5380	9,0091

Categoría estación	Tipo de paraxe	Longa distancia	Interurbano	Urbano
2	Destino.	78,1100	16,0904	3,8617
2	Intermedia.	30,3800	6,2574	1,5018
2	Orixe.	86,7900	17,8782	4,2908
3	Destino.	75,2111	15,0422	3,6101
3	Intermedia.	29,2487	5,8497	1,4039
3	Orixe.	83,5678	16,7136	4,0113
4	Destino.	33,4830	6,6966	1,6072
4	Intermedia.	13,0212	2,6042	0,6250
4	Orixe.	37,2034	7,4407	1,7858
5	Destino.	13,4793	2,6959	0,6470
5	Intermedia.	5,2419	1,0484	0,2516
5	Orixe.	14,9770	2,9954	0,7189

2. En estacións de categoría 6, aplicando a cada núcleo de proximidades os importes tarifarios resultantes dos custos de explotación do conxunto das estacións desta categoría por núcleo de proximidades, fraccionando o seu pagamento en 12 mensualidades.

Núcleo	Importe mensual – Euros
Asturias.	6.817
Barcelona.	152.411
Bilbao/Bilbo.	16.368
Cádiz.	451
Madrid.	214.246
Málaga.	16.232
Murcia.	202
Donostia/San Sebastián.	13.135
Santander.	1.226
Sevilla.	1.527
Valencia.	8.904
Asturias (RAM).	12.981
Murcia (RAM).	1.047
Cantabria (RAM).	6.247
Bizkaia (RAM).	1.709
León (RAM).	2.967
Total mensual.	456.470

3. Por servizos fóra do horario de apertura das estacións, multiplicando a tarifa unitaria polo número de horas ou fracción de apertura extraordinaria das estacións, por categoría de estación.

Apertura extraordinaria de estacións-A 3

	Euros por hora
Estacións de categoría 1.	632
Estacións de categoría 2.	108
Estacións de categoría 3.	51
Estacións de categoría 4.	23
Estacións de categoría 5.	10
Estacións de categoría 6.	7

1.2 Adición por intensidade de uso das instalacións das estacións de viaxeiros.

Esta adición aplicarase a todas as estacións de viaxeiros das categorías 1 a 5 e calcúlase multiplicando a tarifa unitaria polo número de viaxeiros que efectivamente subiron ou baixaron, en cada paraxe na estación, diferenciando por tipo de viaxeiro.

Adición por intensidade de uso das instalacións de estacións

	Longa distancia	Interurbano	Urbano-Suburbano
Euros por viaxeiro que subiu e baixou	0,4674	0,0935	0,0224

1.3 Canon de paso por cambiadores de largo (modalidade B).

A contía desta modalidade será a que resulte de multiplicar a tarifa unitaria ao número de pasos de tren por un cambiador de largo en calquera dos sentidos.

Paso por cambiadores de largo B

Euros por paso de cambiador.	141,5622
------------------------------	----------

1.4 Canon pola utilización de vías con plataforma en estacións para o estacionamento de trens para servizos comerciais de viaxeiros ou outras operacións (modalidade C).

C.1 Por estacionamento de trens para servizos comerciais de viaxeiros sen outras operacións.

Con carácter xeral, establécese un período de 15 minutos durante o cal o canon non será aplicable.

Para os efectos de cómputo do tempo de estacionamento en plataformas, non se considerarán as paraxes intermedias dun traxecto comercial, nin aquelas en que o administrador de infraestruturas ferroviarias decida a permanencia do tren na vía de estacionamento.

Distínguense dous períodos horarios en función da saturación nas estacións: o período de saturación ordinaria comprendido entre as 5.00 horas e as 23.59 horas e o período horario de menor saturación comprendido entre as 0.00 horas e as 4.59 horas, para o cal se establece unha tarifa reducida.

A contía do canon será a que resulte de aplicar a cada tren a tarifa unitaria polo tempo de estacionamento, en función do período horario e da categoría da estación.

	Saturación ordinaria. De 5.00 h a 23.59 h Tipo de estacionamento – Euros/tren			Saturación baixa. De 00.00 h a 04.59 h. Tipo de estacionamento – Euros/tren		
	A	B	C	A	B	C
Estacións de categoría 1	2,2458	3,3688	4,4917	1,1229	1,6844	2,2459
Estacións de categoría 2	1,1229	1,6998	2,2458	0,5615	0,8499	1,1229

Tipo de estacionamento:

- A. Por cada 5 minutos adicionais ou fracción entre 15 e 45 min.
- B. Por cada 5 minutos adicionais ou fracción entre 45 e 120 min.
- C. Por cada 5 minutos adicionais ou fracción a partir de 120 min.

C.2 Por estacionamento de trens para outras operacións.

A contía do canon será a que resulte de aplicar a tarifa unitaria, determinada en función da categoría da estación e do tipo de operación que se vaia realizar no tren, ao número de operacións de cada tipo realizadas durante o tempo de estacionamento.

Estacionamento de trens para outras operacións-C2

	Euros por operación
Operación de limpeza de tren en estacións de categoría 1-2.	0,7158
Operación de limpeza de tren no resto de estacións.	0,5965
Carga e descarga a bordo do tren en estacións de categoría 1-2.	0,7058
Carga e descarga a bordo do tren no resto de estacións.	0,5881
Por outras operacións.	0,4144

1.5 Canon por utilización de vías noutras instalacións de servizo: de apartado, de formación de trens e manobras, de mantemento, lavado e limpeza, de subministración de combustible (modalidade D).

Establécese segundo o tempo de utilización da vía da instalación de servizo, a vía cos seus compoñentes básicos, como son a vía, a catenaria, os desvíos e o equipamento adicional.

A contía desta modalidade será a resultante de computar o importe por utilización da vía completa autorizada, o importe asociado ao equipamento con que está dotada esa vía e o importe do equipamento opcional solicitado, aplicando o importe unitario de cada concepto polas unidades correspondentes, rateando para o período solicitado e afectado polo coeficiente de rendemento establecido no artigo 98.4.D) da Lei 38/2015.

Canon por utilización de vías de apartado e outros-D

Compoñentes base.		
C vía.	5,6721	Euros/m de vía-ano.
C catenaria.	1,9173	Euros/m de catenaria-ano.
C desvío tipo I (manual).	592,9928	Euros/ud.–ano.
C desvío tipo II (telemandado).	2.274,2517	Euros/ud.–ano.
Compoñentes de equipamento asociados á vía.		

C corredor entrevías.	1,2506	Euros/m de vía-ano.
C iluminación vía.	1,4364	Euros/m de vía-ano.
C iluminación praia.	2,1273	Euros/m de vía-ano.
C rede de protección contra incendios.	6,2507	Euros/m de vía-ano.
C peirao de carga/descarga.	55,1145	Euros/m de vía-ano.
Compoñentes de equipamento opcionais.		
C bandexa de recollida de graxas.	547,5918	Euros/ud.–ano.
C bandexa de recollida de carburante.	861,0515	Euros/ud.–ano.
C escaleiras de acceso a cabina.	21,9923	Euros/ud.–ano.
C foso-furo de descarga.	123,9525	Euros/ud.–ano.
C foso de mantemento (sen tomas).	197,8074	Euros/ud.–ano.
C rampla para carga/descarga.	632,7437	Euros/ud.–ano.
C toma de subministración de auga, eléctrica ou aire comprimido.	45,9375	Euros/ud.–ano.

Así mesmo, en aplicación do artigo 98.4.D), establécense as seguintes contías mínimas:

– A contía mínima por utilización de instalacións de servizo para reposición de combustible, para todos os puntos de subministración de combustible do ADIF, fixos e móbiles, será de 3,9375 €.

– A contía mínima pola utilización do resto de instalacións de servizo suxeitas a esta modalidade será o equivalente ao dun período mínimo de uso de cada instalación de servizo de 4 horas.

1.6 Canon por utilización de puntos de carga para mercadorías (modalidade E).

A contía desta modalidade será a resultante de computar o importe por utilización da vía completa autorizada, o compoñente asociado ao uso da franxa de superficie paralela á vía (praia), o importe asociado ao equipamento con que está dotada esa vía e o importe do equipamento opcional solicitado, aplicando o importe unitario de cada concepto polas unidades correspondentes, rateando para o período solicitado e afectado polo coeficiente de rendemento establecido no artigo 98.4.E) da Lei 38/2015.

Canon por utilización de puntos de carga para mercadorías-E

Compoñentes base.		
C vía.	5,6721	Euros/m de vía-ano.
C catenaria.	1,9173	Euros/m de catenaria-ano.
C desvío tipo I (manual).	592,9928	Euros/ud.–ano.
C desvío tipo II (telemandado).	2.274,2517	Euros/ud.–ano.
C praia tipo I (formigón/lastra).	20,3070	Euros/m-ano.
C praia tipo II (aglomerado).	11,7936	Euros/m-ano.
C praia tipo III (saburras).	5,4506	Euros/m-ano.
Compoñentes de equipamento asociados á vía.		
C corredor entrevías.	1,2506	Euros/m de vía-ano.

C iluminación vía.	1,4364	Euros/m de vía-ano.
C iluminación praia.	2,1273	Euros/m de vía-ano.
C rede de protección contra incendios.	6,2507	Euros/m de vía-ano.
C peirao de carga/descarga.	55,1145	Euros/m de vía-ano.
Compoñentes de equipamento opcionais.		
C bandexa de recollida de graxas.	547,5918	Euros/ud.–ano.
C bandexa de recollida de carburante.	861,0515	Euros/ud.–ano.
C escaleiras de acceso a cabina.	21,9923	Euros/ud.–ano.
C foso-furo de descarga.	123,9525	Euros/ud.–ano.
C foso de mantemento (sen tomas).	197,8074	Euros/ud.–ano.
C rampla para carga/descarga.	632,7437	Euros/ud.–ano.
C toma de subministración de auga, eléctrica ou aire comprimido.	45,9375	Euros /ud.–ano.

Artigo 81. *Bonificacións aplicables nos portos de interese xeral ás taxas de ocupación, do buque, da pasaxe e da mercadoría.*

As bonificacións previstas nos artigos 182 e 245 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, aplicables polas autoridades portuarias ás taxas de ocupación, do buque, da mercadoría e da pasaxe e, de ser o caso, as súas condicións de aplicación serán as indicadas no anexo XII desta lei.

Artigo 82. *Coefficientes correctores de aplicación ás taxas do buque, da pasaxe e da mercadoría nos portos de interese xeral.*

Os coeficientes correctores previstos no artigo 166 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, que deberán aplicar as autoridades portuarias ás taxas do buque, da mercadoría e da pasaxe, serán os indicados no seguinte cadro:

Autoridade portuaria	Taxa do buque	Taxa da pasaxe	Taxa da mercadoría
A Coruña.	1,30	1,00	1,30
Alacant.	1,20	1,10	1,25
Almería.	1,26	1,26	1,24
Avilés.	1,18	1,00	1,05
Baía de Algeciras.	0,90	0,90	0,90
Baía de Cádiz.	1,18	1,10	1,15
Balears.	0,90	0,70	0,90
Barcelona.	0,90	0,70	0,95
Bilbao/Bilbo.	1,05	1,05	1,05
Cartagena.	0,94	0,70	0,95
Castelló.	1,00	0,90	1,00
Ceuta.	1,30	1,30	1,30

Autoridade portuaria	Taxa do buque	Taxa da pasaxe	Taxa da mercadoría
Ferrol-San Cibrao.	1,06	0,80	1,01
Xixón/Gijón.	1,25	1,10	1,20
Huelva.	1,00	0,70	0,90
Las Palmas.	1,00	1,00	1,00
Málaga.	1,15	1,05	1,15
Marín e Ría de Pontevedra.	1,09	1,00	1,12
Melilla.	1,30	1,30	1,30
Motril.	1,30	1,15	1,30
Pasaia.	1,25	0,95	1,15
Santa Cruz de Tenerife.	1,05	1,30	1,05
Santander.	1,05	1,05	1,05
Sevilla.	1,18	1,10	1,15
Tarragona.	1,00	0,70	1,00
Valencia.	0,90	1,00	1,20
Vigo.	1,10	1,00	1,20
Vilagarcía.	1,25	1,00	1,15

Artigo 83. *Coefficientes correctores de aplicación á tarifa fixa de recepción de refugallo xerados por buques.*

Os coeficientes correctores previstos no artigo 132.8 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, aplicables polas autoridades portuarias á tarifa fixa de recepción de refugallo xerados por buques, serán os indicados no seguinte cadro:

Autoridade portuaria	Coefficiente corrector Marpol
A Coruña.	1,00
Alacant.	1,00
Almería.	1,30
Avilés.	1,17
Baía de Algeciras.	1,00
Baía de Cádiz.	1,00
Balears.	1,30
Barcelona.	1,00
Bilbao/Bilbo.	1,03
Cartagena.	1,00
Castelló.	1,00
Ceuta.	1,30
Ferrol-San Cibrao.	1,28

Autoridade portuaria	Coefficiente corrector Marpol
Xixón/Gijón.	1,00
Huelva.	1,00
Las Palmas.	1,30
Málaga.	1,00
Marín e Ría de Pontevedra.	1,00
Melilla.	1,00
Motril.	1,30
Pasaia.	1,30
Santa Cruz de Tenerife.	1,00
Santander.	1,00
Sevilla.	1,00
Tarragona.	1,10
Valencia.	1,00
Vigo.	1,00
Vilagarcía.	1,00

Artigo 84. *Revisión das taxas aplicables ao sistema portuario de interese xeral.*

De acordo co previsto na disposición adicional vixésimo segunda do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, as contías básicas das taxas do buque, da pasaxe, da mercadoría, das embarcacións deportivas e de recreo, da taxa por utilización da zona de tránsito e da tarifa fixa de recepción de refugallos xerados por buques, establecidas na citada norma, non son obxecto de revisión.

Así mesmo, non se varían os valores dos terreos e as augas dos portos, as cotas íntegras da taxa de ocupación, os tipos de gravame da taxa de actividade e as contías básicas da taxa de axudas á navegación, de conformidade co establecido nos artigos 177, 178, 190 e 240, respectivamente, da citada norma.

TÍTULO VII

Dos entes territoriais

CAPÍTULO I

Entidades locais

Sección 1.^a *Revisión cuadrienal do ámbito subxectivo de aplicación dos modelos de financiamento*

Artigo 85. *Regra xeral.*

Un. En virtude do disposto no artigo 126 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en 1 de xaneiro de 2020 procede revisar o conxunto de municipios que se incluírán nos ámbitos subxectivos de aplicación dos artigos 111 e 122 da mencionada norma, tendo en conta a

poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2020 e aprobado oficialmente polo Goberno.

Dous. En virtude do disposto nos artigos 122, 125 e 126 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en 1 de xaneiro de 2020 débese revisar o conxunto de municipios que terán a consideración de municipios turísticos, tendo en conta a poboación de dereito nos termos citados no punto anterior.

Considerarase o ano 2020 como exercicio inicial de referencia para os efectos da aplicación do artigo 125.4 do mencionado texto refundido a aqueles municipios que, en 1 de xaneiro de 2020, cumpran, por vez primeira, as condicións do punto 1 do dito precepto.

Artigo 86. Determinación do Fondo Complementario de Financiamento do ano base 2004 dos municipios que se incluírán por vez primeira no modelo de cesión de recadación de impostos do Estado.

Un. Para cada un dos municipios a que se refire este precepto, a participación no Fondo Complementario de Financiamento correspondente ao ano 2020 calcularase deducindo o importe correspondente á cesión do rendemento recadatorio de impostos estatais determinado consonte o establecido nos artigos 89, 90, 91 e 92 da participación total que resulta de incrementar a participación en tributos do Estado do ano 2019 no índice de evolución establecido consonte o disposto no artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo:

$$\text{PIE2020m} = \text{PIE2019m} \times \text{IE2020/2019}$$

$$\text{PFC2020m} = \text{PIE2020m} - \text{PIRPF2020m} - \text{PIVE2020m} - \Sigma \text{PIIEE(h)2020m}$$

Onde representan:

PIE2019m e PIE2020m, a participación total nos ingresos do Estado correspondente ao municipio m no ano 2019, último en que se lle aplicou o modelo definido nos artigos 122 a 124 do citado texto refundido, e no ano 2020, primeiro en que se lle aplicará o modelo de cesión da recadación de impostos estatais, respectivamente, sen incluír as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

IE2020/2019, o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre os anos 2019 e 2020.

PFC2020m, a participación do municipio m no Fondo Complementario de Financiamento no ano 2020, sen incluír as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

PIRPF2020m, PIVE2020m e PIIEE(h)2020m, os importes dos rendementos recadatorios cedidos ao municipio m en relación cos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre o valor engadido e co conxunto de impostos especiais sobre alcohol e bebidas alcohólicas, sobre os elaborados do tabaco e sobre hidrocarburos, correspondentes ao ano 2020 e determinados consonte o disposto nos artigos 115, 116 e 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Para o cálculo das entregas á conta do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2021 dos concellos a que se refire este precepto aplicaranse os criterios anteriores, considerando o ano 2021 en lugar de 2020.

Dous. A participación no Fondo Complementario de Financiamento correspondente ao ano base 2004 calcularase a partir da participación no Fondo Complementario de Financiamento do ano 2020, aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{PFC2004m} = \text{PFC2020m} / \text{IE2020/2004}$$

Onde:

PFC2004m e PFC2020m son a participación no Fondo Complementario de Financiamento do municipio m nos anos 2004 e 2020, respectivamente, sen considerar as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

IE2020/2004 é o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre o ano base 2004 e o ano 2020.

Artigo 87. Determinación da participación total nos tributos do Estado do ano base 2004 de todos os municipios non incluídos o 1 de xaneiro de 2020 no modelo de cesión da recadación de impostos estatais.

Un. Para os efectos da aplicación do modelo de participación nos tributos do Estado aos municipios non incluídos o 1 de xaneiro de 2020 no modelo de cesión da recadación de impostos estatais, a participación total do ano base 2004 correspondente a todos eles determinarase consonte o disposto nos puntos seguintes.

Dous. A participación total nos tributos do Estado do ano base 2004 dos municipios incluídos, no dito exercicio, no ámbito subxectivo do artigo 122 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tendo en conta o disposto no artigo 83 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, diminuírá na parte que corresponda aos municipios que, como consecuencia da revisión establecida no artigo 85 da presente lei, pasen a estar incluídos a partir do 1 de xaneiro de 2020 no modelo de cesión de rendementos recadatorios de impostos do Estado.

Para estes efectos, considerarase a participación total que lles corresponda como consecuencia da liquidación definitiva do ano 2019, en aplicación do modelo de financiamento definido nos artigos 122 a 124 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sen considerar as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas. Esta participación total converterase a valores do ano base 2004 aplicando o índice de evolución correspondente segundo o artigo 123 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tres. Así mesmo, a participación total nos tributos do Estado do ano base 2004 dos municipios incluídos, no dito exercicio, no ámbito subxectivo do artigo 122 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tendo en conta o disposto no artigo 83 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, incrementarase na parte que corresponda aos municipios que, como consecuencia da revisión establecida no artigo 85 da presente lei, pasen de estar incluídos no modelo de cesión de recadación de impostos do Estado ao regulado nos artigos 122 a 124 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Para iso, calcularase o financiamento total obtido polos ditos municipios en 2019 mediante a suma do que corresponda a cada un deles consonte a seguinte fórmula:

$$\text{PIE2019m} = \text{PFC2019m} + \text{PIRPF2019m} + \text{PIVE2019m} + \Sigma \text{PIIEE}(h)2019m$$

Onde representan:

PIE2019m, a participación total nos tributos do Estado correspondente ao municipio m no último ano de aplicación do modelo anterior, ano 2019, sen considerar as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

PFC2019m, a participación do municipio m no Fondo Complementario de Financiamento no ano 2019, sen considerar as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

PIRPF2019m, PIVE2019m e PIIEE(h)2019m, os importes dos rendementos cedidos ao municipio m en relación cos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre o valor engadido e co conxunto de impostos especiais sobre alcohol e bebidas alcohólicas, sobre os elaborados do tabaco e sobre hidrocarburos, correspondentes ao ano 2019 e determinados consonte o disposto nos artigos 115, 116 e 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como na normativa reguladora da liquidación definitiva da cesión de impostos estatais correspondente a 2019, e a disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Unha vez aplicada esta fórmula, calcularase a participación total dos municipios que pasen ao modelo regulado nos artigos 122 a 124 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no ano base 2004 aplicando a seguinte relación:

$$PIE2004m = PIE2019m / IE2019/2004$$

Onde representan:

PIE2004m e PIE2019m, a participación total nos ingresos do Estado correspondente ao municipio m no ano base 2004 de aplicación do modelo e no ano 2019, respectivamente, sen considerar as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

IE2019/2004, o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre os anos 2004 e 2019.

Sección 2.ª Liquidación definitiva da participación en tributos do Estado correspondente ao ano 2019

Artigo 88. Réxime xurídico e saldos debedores.

Un. Unha vez coñecida a variación dos ingresos tributarios do Estado do ano 2019 respecto de 2004, e os demais datos necesarios, procederase ao cálculo da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado, correspondente ao exercicio 2019, nos termos dos artigos 111 a 124 e 135 a 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tendo ademais en conta as normas recollidas nos artigos 100 a 103, 105 e 106, 108 a 111, 113 e 115 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, actualizándose as referencias temporais ao ano 2019. Así mesmo, as referencias ao ano 2016 recollidas no punto b.2 do artigo 106.tres daquela lei, relativas ao esforzo fiscal municipal, deben entenderse actualizadas a 2017.

Os saldos debedores que puideren derivar da liquidación a que se refire o punto anterior, no compoñente de financiamento que non corresponda á cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais, serán reembolsados polas entidades locais afectadas mediante compensación con cargo ás entregas á conta que, en concepto de participación nos tributos do Estado definida na sección 4.ª e na subsección 1.ª da sección 6.ª deste capítulo, se perciban con posterioridade á mencionada liquidación, nun período máximo de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ao 25 por cento dunha entrega mensual, salvo que, aplicando este criterio, se exceda o prazo sinalado, caso en que se axustarán a frecuencia e a contía das retencións correspondentes co obxecto de que non se produza esta situación.

Dous. Os saldos debedores que puideren derivar da liquidación a que se refire o punto anterior, no compoñente de financiamento que corresponda á cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais, serán reembolsados polas entidades locais afectadas mediante compensación con cargo aos posibles saldos acredores que deriven da liquidación do compoñente correspondente ao concepto de participación nos

tributos do Estado definida na sección 4.^a e na subsección 1.^a da sección 6.^a deste capítulo. Os saldos debedores restantes despois de aplicar a compensación anteriormente citada serán reembolsados polas entidades locais mediante compensación nas entregas á conta que perciban por cada imposto estatal incluído naquela cesión, sen as limitacións de porcentaxes e prazos establecidos no punto anterior.

Tres. Se o importe das liquidacións definitivas a que se refire o punto dous deste artigo for a favor do Estado, reflectirase como dereito no capítulo IV do orzamento de ingresos do Estado.

Catro. O importe da liquidación definitiva das compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas a favor das comunidades autónomas uniprovinciais de Cantabria, Madrid e La Rioja poderá ser obxecto de integración nas contías que lles correspondan en aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía, por acordo da respectiva comisión mixta, logo de informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

Cinco. Cando as retencións citadas neste artigo concorran coas reguladas no artigo 113, terán carácter preferente fronte a aquelas e non computarán para o cálculo das porcentaxes establecidas no punto dous do citado artigo.

Sección 3.^a Cesión a favor dos municipios da recadación de impostos estatais no ano 2021

Artigo 89. Cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.

Un. Os municipios incluídos no ámbito subxectivo do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña en 2021 mediante doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva. O importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIRPF_m = 0,021336 \times CL_{2018m} \times IA_{2021/2018} \times 0,95$$

Onde:

– $ECIRPF_m$ é o importe anual de entregas á conta por cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas do municipio m.

– CL_{2018m} é a cota líquida estatal do imposto sobre a renda das persoas físicas no municipio m no ano 2018, último coñecido.

– $IA_{2021/2018}$ é o índice de actualización da cota líquida estatal entre o ano 2018, último coñecido, e o ano 2021. Este índice é o resultado de dividir o importe da previsión orzamentaria, para 2021, por retencións, pagamentos á conta e pagamentos fraccionados, entre o importe dos dereitos liquidados por estes conceptos, correspondentes ao ano 2018, último do cal se coñecen as cotas líquidas dos municipios.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada municipio tramitándose como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da cota líquida correspondente a cada municipio, determinada nos termos do artigo 115 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 90. *Cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. Os municipios a que se refire o artigo precedente participarán na recadación líquida que se obteña, polo imposto sobre o valor engadido, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIVE_m = PCIVE^* \times RPIVE \times ICP_i \times (P_m / P_i) \times 0,95$$

Onde:

– PCIVE* é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre o valor engadido a favor dos municipios, que, para estas entregas á conta, será do 2,3266 por cento.

– ECIVE_m é o importe anual das entregas á conta do municipio m, en concepto de cesión da recadación do imposto sobre o valor engadido prevista para o ano 2021.

– RPIVE é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida que corresponde ao Estado do imposto sobre o valor engadido para o ano 2021.

– ICP_i é o índice provisional de consumo da Comunidade Autónoma i para o ano 2021. Para estes efectos, terase en conta o último dato dispoñible, que corresponde ao utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2018.

– P_m e P_i son as poboacións do municipio m e da comunidade autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2021 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada municipio tramitándose como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre o valor engadido.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida por IVE que resulte da aplicación do disposto no artigo 116 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 91. *Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. Os municipios a que se refire o artigo 89 participarán na recadación líquida que se obteña polos impostos sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios e sobre o alcohol e bebidas derivadas, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(h)_m = PCIIIEE^* \times RPIIEE(h) \times ICP_i(h) \times (P_m / P_i) \times 0,95$$

Onde:

– PCIIIEE* é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre o alcohol e bebidas derivadas, que, para estas entregas á conta, será do 2,9220 por cento.

– $ECIIIEE(h)_m$ é o importe anual das entregas á conta do municipio m , en concepto de cesión da recadación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto prevista no ano 2021.

– $RPIIEE(h)$ é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida que corresponde ao Estado do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto para o ano 2021.

– $ICP_i(h)$ é o índice provisional de consumo da comunidade autónoma i a que pertence o municipio m , elaborado, para o ano 2021, para os efectos da asignación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto. Para estes efectos, teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2018.

– P_m e P_i son as poboacións do municipio m e da comunidade autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2021 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada municipio tramitándose como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste punto.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do punto anterior que resulte da aplicación do disposto nos puntos 1 e 2 do artigo 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 92. Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.

Un. Os municipios a que se refire o artigo 89 participarán na recadación líquida que se obteña polos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(k)_m = PCIIEE^* \times RPIIEE(k) \times IP_m(k) \times 0,95$$

Onde:

– $PCIIEE^*$ é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco, que, para estas entregas á conta, será do 2,9220 por cento.

– $ECIIIEE(k)_m$ é o importe anual das entregas á conta do municipio m , en concepto de cesión da recadación do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto prevista no ano 2021.

– $RPIIEE(k)$ é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida que corresponde ao Estado do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto para o ano 2021.

– $IP_m(k)$ é o índice provisional, para o ano 2021, referido ao municipio m , de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos, e o de vendas a expendedorías de tabaco, ponderadas ambas polos correspondentes tipos impositivos. Para estes efectos, considerarase índice provisional o que corresponda ao último ano dispoñible.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada municipio tramitándose como devolucions de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste punto.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do punto anterior que resulte da aplicación do disposto no artigo 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Sección 4.^a Participación dos municipios nos tributos do Estado

Subsección 1.^a Participación dos municipios no Fondo Complementario de Financiamento

Artigo 93. Determinación das entregas á conta.

Un. O importe total das entregas á conta da participación de cada municipio incluído no ámbito subxectivo do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Fondo Complementario de Financiamento correspondente a 2021 recoñecerase con cargo ao crédito específico consignado na sección 38, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942 M Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado.

Dous. O citado importe será o 95 por cento do Fondo Complementario de Financiamento do ano base 2004 multiplicado polo índice de evolución correspondente segundo o artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e tendo en conta a disposición adicional centésimo quinta da presente norma. Así mesmo, de ser o caso, terase en conta o disposto no artigo 86 desta lei.

Tres. Á contía calculada segundo o punto anterior para cada municipio engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2004.

b. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2006.

Catro. As entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento para o exercicio 2021 serán aboadas mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do importe total que resulte da aplicación das normas recollidas nos puntos anteriores.

Artigo 94. Liquidación definitiva.

Un. A práctica da liquidación definitiva do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2021 a favor dos municipios realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 38, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, consonte as regras contidas nos artigos 119 e 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado

polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Así mesmo, de ser o caso, terase en conta o disposto no artigo 86 desta lei.

Dous. Á contía calculada para cada municipio nos termos do punto anterior engadiránselle as compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2004.

b. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2006.

Tres. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre os importes das entregas á conta calculadas consonte o disposto no artigo anterior e da participación definitiva calculada nos termos dos puntos anteriores.

Subsección 2.^a Participación do resto de municipios

Artigo 95. *Participación dos municipios nos tributos do Estado para o exercicio 2021.*

Un. O importe total destinado a pagar as entregas á conta aos municipios incluídos no ámbito subxectivo do artigo 122 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, será o equivalente ao 95 por cento da súa participación total nos tributos do Estado para o ano base 2004, multiplicado polo índice de evolución correspondente segundo o artigo 123 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e tendo en conta a disposición adicional centésimo quinta da presente norma. Recoñecerase con cargo ao crédito específico consignado na sección 38, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado. Para estes efectos, terase en conta o disposto no artigo 87 desta lei.

Dous. A práctica da liquidación definitiva correspondente ao ano 2021 a favor dos municipios antes citados realizarase consonte as regras contidas nos artigos 123 e 124 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e con cargo ao crédito que se dote no concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, incluído na sección, servizo e programa citados no punto anterior.

Tres. O importe total que resulte da aplicación das regras contidas nos puntos anteriores distribuirase de acordo cos seguintes criterios:

a. Como regra xeral, cada concello percibirá unha cantidade igual á resultante da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 2003, calculada consonte o disposto nos puntos dous, tres, catro e cinco do artigo 65 da Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.

b. O resto distribuirase proporcionalmente ás diferenzas positivas entre a cantidade que cada concello obtería dunha repartición en función das variables e porcentaxes que a continuación se mencionan e das cantidades previstas no parágrafo anterior. Para estes efectos, as variables e porcentaxes aplicables serán as seguintes:

1. O 75 por cento en función do número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón da poboación municipal vixente en 31 de decembro de 2021 e aprobado

oficialmente polo Goberno, ponderado polos seguintes coeficientes, segundo estratos de poboación:

Estrato	Número de habitantes	Coefficientes
1	De máis de 50.000.	1,40
2	De 20.001 a 50.000.	1,30
3	De 5.001 a 20.000.	1,17
4	Até 5.000.	1,00

2. O 12,5 por cento en función do esforzo fiscal medio de cada municipio no exercicio 2019 ponderado polo número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2021 e oficialmente aprobado polo Goberno.

Para estes efectos, considérase esforzo fiscal municipal no ano 2019 o resultante da aplicación da fórmula seguinte:

$$Efm = [\sum a(RcO/RPm)] \times Pi$$

No desenvolvemento desta fórmula teranse en conta os seguintes criterios:

A. O factor a representa o peso medio relativo de cada tributo en relación coa recadación líquida total obtida no exercicio económico de 2019, durante o período voluntario, polo imposto sobre bens inmobles, polo imposto sobre actividades económicas, excluídas as cantidades percibidas como consecuencia da distribución das cotas nacionais e provinciais do imposto sobre actividades económicas e a recarga provincial atribuíble ás respectivas deputacións provinciais, e polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica, para todos os municipios integrados nesta forma de financiamento.

B. A relación RcO/RPm calcularase, para cada un dos tributos citados no parágrafo precedente e en relación con cada municipio, da seguinte maneira:

i. No imposto sobre bens inmobles urbanos ou rústicos, multiplicando o factor a polo tipo impositivo real fixado polo Pleno da corporación para o período de referencia, dividido por 0,4 ou 0,3, respectivamente, que representan os tipos mínimos exixibles en cada caso e dividíndoo, pola súa vez, polo tipo máximo potencialmente exixible en cada municipio. Para estes efectos, aplicaranse os tipos de gravame real e máximo, segundo o disposto nos puntos 1 e 3 do artigo 72 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

O resultado así obtido no imposto sobre bens inmobles urbanos ponderarase pola razón entre a base imponible media por habitante de cada concello e a base imponible media por habitante do estrato en que se encadre, incluíndo, de ser o caso, a que corresponda aos bens inmobles de características especiais. Para estes efectos, deberase ter en conta o establecido na disposición adicional novena do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e que, ademais, os tramos de poboación se identificarán cos utilizados para a distribución do 75 por cento asignado á variable poboación.

ii. No imposto sobre actividades económicas, multiplicando o factor a polo importe do padrón municipal do imposto incluída a incidencia da aplicación do coeficiente de situación a que se refire o artigo 87 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, vixente no período impositivo de 2019 e dividíndoo pola suma das cotas mínimas fixadas nas tarifas do imposto, en relación con cada suposto de suxeición a este, e ponderadas polos coeficientes recollidos no artigo 86 da mesma norma.

iii. No imposto sobre vehículos de tracción mecánica, multiplicando o factor a por 1.

iv. A suma $\sum a(RcO/RPm)$ multiplicarase polo factor P_i , e será este a súa poboación de dereito deducida do padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2021 e aprobado oficialmente polo Goberno.

C. O coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante, para cada municipio, en ningún caso poderá ser superior ao quintuplo do menor valor calculado do coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante dos concellos incluídos no estrato de poboación superior a 50.000 habitantes.

3. O 12,5 por cento en función do inverso da capacidade tributaria. Entenderase como capacidade tributaria a resultante da relación existente entre as bases impositivas medias do imposto sobre bens inmobles urbanos por habitante de cada concello e a estrato en que este se encadre, ponderada pola relación entre a poboación de dereito de cada municipio e a poboación total dos incluídos nesta modalidade de participación, deducidas do padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2021 e aprobado oficialmente polo Goberno. Para estes efectos, os tramos de poboación identificaranse cos utilizados para a distribución do 75 por cento asignado á variable poboación.

Para o cálculo desta variable teranse en conta os datos relativos ás bases impositivas do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e de características especiais, das entidades locais, correspondentes ao exercicio 2019.

Catro. Á contía que resulte da aplicación das normas do punto anterior engadiránselle as compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2004.

b. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2006.

Cinco. A participación dos municipios turísticos determinarase consonte o punto 4 do artigo 125 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o disposto nos puntos tres e catro anteriores. Para estes efectos, teranse en conta as porcentaxes de cesión recollidas no artigo 92 da presente norma. O importe da cesión así calculada non poderá supor, en ningún caso, minoración da participación que resulte da aplicación dos puntos tres e catro do presente artigo. Consideraranse municipios turísticos os que cumpran as condicións recollidas no punto 1 do mencionado artigo 125, referidas a 1 de xaneiro de 2020.

Seis. Para os municipios turísticos resultantes da revisión que debeu resultar en 1 de xaneiro de 2020, a cesión da recadación dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco calculada para o ano base 2004, a que fai referencia o artigo 125.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, será o resultado de dividir a cesión da recadación líquida dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco correspondente a cada municipio no exercicio 2021 pola evolución dos ingresos tributarios do Estado neste último respecto a 2004.

Artigo 96. *Entregas á conta.*

Un. As entregas á conta da participación nos tributos do Estado para o exercicio de 2021 a que se refire o artigo anterior serán aboadas aos concellos mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do respectivo crédito. Para determinar o importe total terase en conta o disposto no artigo 87 desta lei.

Dous. A participación individual de cada municipio determinarase de acordo cos criterios establecidos para a distribución da liquidación definitiva, coas seguintes variacións:

a. Empregarase a poboación do padrón municipal vixente e oficialmente aprobado polo Goberno en 1 de xaneiro do ano 2021. As variables esforzo fiscal e inverso da capacidade tributaria referiranse aos datos da última liquidación definitiva practicada. En todo caso, considerarase como entrega mínima á conta da participación nos tributos do Estado para cada municipio unha cantidade igual ao 95 por cento da participación total definitiva correspondente ao ano 2003, calculada consonte o disposto nos puntos dous, tres, catro e cinco do artigo 65 da Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.

b. Á contía calculada segundo o parágrafo anterior para cada municipio engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

1. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2004.

2. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2006.

Tres. A participación individual de cada municipio turístico determinarase de acordo co punto anterior. O importe resultante reducirase na contía da cesión da recadación dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco calculada no ano base 2004, incrementada nos mesmos termos que a previsión de crecemento dos ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2004, e ao resultado anterior sumarase a cesión que, por aqueles impostos, lles correspondese, en concepto de entregas á conta en 2021, aplicando as normas do punto un do artigo 92 desta lei, sen que, en ningún caso, a contía que se vaia transferir sexa inferior á calculada consonte o disposto no punto anterior.

Sección 5.^a Cesión a favor das provincias, comunidades autónomas uniprovinciais, cabidos e consellos insulares da recadación de impostos estatais

Artigo 97. Cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.

Un. As provincias e os entes asimilados incluídos no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña en 2021 mediante o pagamento de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo global da contía destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIRPF_p = 0,012561 \times CL_{2018p} \times IA_{2021/2018} \times 0,95$$

Onde:

– ECIRPF_p é o importe anual de entregas á conta por cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas da entidade provincial ou asimilada p.

– CL_{2018p} é a cota líquida estatal do imposto sobre a renda das persoas físicas no ámbito da entidade provincial ou asimilada p no ano 2018, último coñecido.

– IA_{2021/2018} é o índice de actualización da cota líquida estatal entre o ano 2018, último coñecido, e o ano 2021. Este índice é o resultado de dividir o importe da previsión

orzamentaria, para 2021, por retencións, pagamentos á conta e pagamentos fraccionados, entre o importe dos dereitos liquidados por estes conceptos, correspondentes ao ano 2018, último de que se coñecen as cotas líquidas no ámbito da entidade provincial ou asimilada.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada provincia ou entidade asimilada mediante transferencia por doceavas partes mensuais e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da cota líquida correspondente a cada provincia ou ente asimilado, determinada nos termos do artigo 137 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 98. Cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.

Un. As provincias e os entes asimilados a que se refire o artigo precedente participarán na recadación líquida que se obteña, polo imposto sobre o valor engadido, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación, para cada unha daquelas entidades, da contía global destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIVE_p = PCIVE^{**} \times RPIVE \times ICP_i \times (P_p/P_i) \times 0,95$$

Onde:

– PCIVE** é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre o valor engadido a favor das provincias e entes asimilados, que, para estas entregas á conta, será do 1,3699 por cento.

– ECIVE_p é o importe anual das entregas á conta da provincia ou entidade asimilada p, en concepto de cesión da recadación de imposto sobre o valor engadido prevista no ano 2021.

– RPIVE é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida correspondente ao Estado do imposto sobre o valor engadido para o ano 2021.

– ICP_i é o índice provisional de consumo da comunidade autónoma i para o ano 2021. Para estes efectos, teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2018.

– P_p e P_i son as poboacións da provincia ou ente asimilado p e da comunidade autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2021 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada provincia ou entidade asimilada e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto de imposto sobre o valor engadido.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido que resulte da aplicación do disposto no artigo 138 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 99. *Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As entidades incluídas no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña polos impostos sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios e sobre o alcohol e bebidas derivadas, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo, para cada provincia ou ente asimilado, da contía global destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(h)_p = PCIIIEE^{**} \times RPIIEE(h) \times ICP_i(h) \times (P_p / P_i) \times 0,95$$

Onde:

– PCIIIEE** é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre o alcohol e bebidas derivadas a favor das provincias e entes asimilados, que, para estas entregas á conta, será do 1,7206 por cento.

– ECIIIEE(h)_p é o importe anual das entregas á conta da provincia ou ente asimilado p, en concepto de cesión da recadación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto prevista no ano 2021.

– RPIIEE(h) é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida correspondente ao Estado do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto para o ano 2021.

– ICP_i(h) é o índice provisional de consumo da comunidade autónoma i a que pertence a provincia ou entidade asimilada p, elaborado para o ano 2021 para os efectos da asignación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto. Para estes efectos, teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2018.

– P_p e P_i son as poboacións da provincia ou entidade asimilada p e da comunidade autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2021 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada provincia ou entidade asimilada e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste punto.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do punto anterior que resulte da aplicación do artigo 139 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 100. *Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As provincias e entes asimilados incluídos no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo, para cada provincia ou entidade asimilada, do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(k)_p = PCIIIEE^{**} \times RPIIEE(k) \times IPP(k) \times 0,95$$

Onde:

– PCIIIEE** é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco a favor das provincias e entes asimilados, que, para estas entregas á conta, será do 1,7206 por cento.

– ECIIIEE(k)_p é o importe anual das entregas á conta da provincia ou ente asimilado p, en concepto de cesión da recadación do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto prevista no ano 2021.

– RPIIEE(k) é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida correspondente ao Estado do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto para o ano 2021.

– IPP(k) é o índice provisional, para o ano 2021, referido á provincia ou ente asimilado p, de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos, e o de vendas a expendedoras de tabaco, ponderadas ambas polos correspondentes tipos impositivos. Para estes efectos, teranse en conta datos correspondentes ao último ano dispoñible.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada entidade e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste punto.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no artigo anterior que resulte da aplicación do artigo 139 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Sección 6.^a Participación das provincias, comunidades autónomas uniprovinciais e consellos e cabidos insulares nos tributos do Estado

Subsección 1.^a Participación no Fondo Complementario de Financiamento

Artigo 101. Determinación das entregas á conta.

Un. O importe total das entregas á conta da participación de cada provincia e entidade asimilada incluída no ámbito subxectivo do vixente artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Fondo Complementario de Financiamento correspondente a 2021, e tendo en conta a disposición adicional centésimo quinta da presente norma, recoñecerase con cargo ao crédito Transferencias ás deputacións e cabidos insulares. Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares, pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado, por recursos non susceptibles de cesión ás comunidades autónomas, consignado na sección 38, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado.

Dous. O citado importe será o 95 por cento do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2004 aplicando o índice de evolución correspondente segundo o artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tres. Á contía calculada segundo o punto anterior engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2004.

b. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2006.

Catro. As entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento para o exercicio 2021 serán aboadas ás entidades locais a que se refire este artigo, mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do importe total que resulte da aplicación das normas recollidas nos puntos anteriores.

Artigo 102. *Liquidación definitiva.*

Un. A práctica da liquidación definitiva do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2021 a favor das provincias e entidades asimiladas realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 38, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, consonte as regras contidas nos artigos 141 e 143 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Dous. A contía anterior incrementarase, de ser o caso, no importe das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2004.

b. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2021 respecto a 2006.

O importe da liquidación definitiva das compensacións anteriores a favor das comunidades autónomas uniprovinciais de Cantabria, Madrid e La Rioja poderá ser obxecto de integración nas contías que lles corresponden en aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía, por acordo da respectiva comisión mixta, logo de informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

Tres. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre a suma dos importes das entregas á conta calculadas consonte o disposto no artigo anterior e da participación definitiva calculada nos termos dos puntos anteriores.

Subsección 2.^a Participación no Fondo de Achega á Asistencia Sanitaria

Artigo 103. *Determinación das entregas á conta.*

Un. Para o mantemento dos centros sanitarios de carácter non psiquiátrico das deputacións, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e consellos e cabidos insulares asígnanse, con cargo ao crédito Transferencias ás deputacións e cabidos insulares. Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado por recursos non susceptibles de

cesión ás comunidades autónomas consignado na sección 38, servizo 21 Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, a cantidade de 764 millóns de euros en concepto de entregas á conta. As entregas á conta da participación neste fondo para o ano 2021 serán aboadas ás deputacións provinciais, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, cabidos e consellos insulares mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do crédito. A asignación para o mantemento dos centros sanitarios realizarase en proporción ás contías percibidas por este concepto na liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 2004, e librarase simultaneamente coas entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento regulado na subsección anterior.

Dous. Cando a xestión económica e financeira dos centros hospitalarios, nos termos previstos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, se transfira ás correspondentes comunidades autónomas, asignaráselles ás ditas entidades as entregas á conta da participación do ente transferidor do servizo, que poderán ser obxecto de integración na súa participación nos tributos do Estado por acordo da respectiva comisión mixta, logo de informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

Artigo 104. *Liquidación definitiva.*

Un. A práctica da liquidación definitiva da asignación do Fondo de Achega á Asistencia Sanitaria do ano 2021, correspondente ás provincias, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e illas, realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 38, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, consonte as regras contidas nos artigos 143 e 144 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tomando como base de cálculo as contías que, por este concepto, resultaron da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 2004.

Dous. Cando a xestión económica e financeira dos centros hospitalarios, nos termos previstos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, se transfira ás correspondentes comunidades autónomas, asignaráselles na mesma medida ás ditas entidades a participación do ente transferidor do servizo no citado fondo.

Sección 7.ª Réximes especiais

Artigo 105. *Participación dos territorios históricos do País Vasco e Navarra nos tributos do Estado.*

Un. A participación dos municipios do País Vasco e de Navarra nos tributos do Estado fixarase consonte as normas contidas na subsección 2.ª da sección 4.ª deste capítulo, no marco do concerto e convenio económico, respectivamente.

Dous. A participación das deputacións forais do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra nos tributos do Estado determinarase segundo o establecido no artigo 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no marco do concerto e convenio económico, respectivamente.

Artigo 106. *Participación das entidades locais das illas Canarias nos tributos do Estado.*

Un. A cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais a favor dos municipios das illas Canarias incluídos no ámbito subxectivo de aplicación do artigo 111 do

texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como dos cabidos insulares, axustarase ao disposto no artigo 158 desta última norma.

Dous. A participación no Fondo Complementario de Financiamento das entidades locais citadas no punto anterior determinarase consonte o disposto na subsección 1.^a da sección 4.^a, e na subsección 1.^a da sección 5 6.^a deste capítulo, tendo en consideración o disposto no mencionado artigo 158 daquela norma.

Tres. A participación do resto de municipios das illas Canarias nos tributos do Estado determinarase mediante a aplicación das normas contidas na subsección 2.^a, da sección 4.^a, deste capítulo e consonte a mesma proporción que os municipios de réxime común.

Artigo 107. *Participación das cidades de Ceuta e de Melilla nos tributos do Estado.*

Un. As cidades de Ceuta e de Melilla, en canto entidades asimiladas aos municipios, participarán nos tributos do Estado consonte as normas xerais contidas neste capítulo.

Dous. As cidades de Ceuta e de Melilla, en canto entidades asimiladas ás provincias, participarán nos tributos do Estado segundo o establecido no artigo 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sección 8.^a Compensacións, subvencións e axudas

Artigo 108. *Compensación aos concellos dos beneficios fiscais concedidos ás persoas físicas ou xurídicas nos tributos locais.*

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dótese na sección 38, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, concepto 466, do vixente orzamento de gastos do Estado un crédito coa finalidade de compensar os beneficios fiscais en tributos locais de exacción obrigatoria que poida conceder o Estado mediante lei e nos termos previstos no punto dous do citado artigo 9.

As solicitudes de compensación serán obxecto de comprobación previa ao seu pagamento, no caso do imposto sobre actividades económicas coa información existente nas bases de datos da matrícula do dito imposto e, no caso do imposto sobre bens inmoables, nas bases de datos do Catastro inmobiliario.

Para tales efectos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado e a Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda facilitarán a intercomunicación informática coa Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

Autorízase o Ministerio de Facenda para ditar as normas necesarias para o establecemento do procedemento que se deberá seguir en cada caso, co fin de proceder á compensación, en favor dos municipios, das débedas tributarias efectivamente condonadas e das exencións legalmente concedidas.

Artigo 109. *Outras compensacións e subvencións ás entidades locais.*

Un. Con cargo aos créditos consignados na sección 37, servizo 02, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, concepto 461, farase efectiva a compensación das cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica obxecto de condonación no ano 2020, como consecuencia da aplicación dos beneficios fiscais establecidos no vixente convenio de cooperación para a defensa cos Estados Unidos, do 1 de decembro de 1988.

O cálculo da cantidade compensable realizarase consonte o estipulado na resolución ditada para o efecto pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

Dous. Con cargo aos créditos da sección 37, servizo 02, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, Outras transferencias a entidades locais, concepto 464, concédese unha axuda de 8 millóns de euros para a súa asignación ás cidades de Ceuta e de Melilla, destinada aos custos de funcionamento das plantas desalinizadoras ou desalobradoras instaladas para o abastecemento de auga.

As axudas a que se refire o parágrafo anterior faranse efectivas na forma que se estableza no instrumento regulador correspondente que para o outorgamento de subvencións nominativas establece o artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

A anterior contía repartirase entre as cidades de Ceuta e Melilla en función do número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro do exercicio inmediatamente anterior. Á cidade de Ceuta correspóndenlle 3,97 millóns de euros e á de Melilla, 4,03 millóns de euros.

Tres. Con cargo ao crédito consignado na sección 38, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, concepto 464, tamén se fará efectiva a compensación ás cidades de Ceuta e Melilla, por perdas de recadación do imposto sobre a produción, os servizos e a importación (IPSI), correspondente ás importacións e ao gravame complementario sobre os elaborados do tabaco, regulada no artigo 11 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Con periodicidade mensual tramitarase un pagamento a cada unha daquelas cidades por importe equivalente á doceava parte da compensación definitiva recoñecida no exercicio inmediato anterior, en concepto de anticipo á conta da cantidade que resulte a pagar no exercicio 2021.

Unha vez achegada toda a documentación necesaria para efectuar os cálculos establecidos no artigo 11 da Lei 53/2002 antes mencionada, realizarase a liquidación correspondente, e aboarase a diferenza entre o importe da compensación definitiva que resulte e o das entregas á conta realizadas.

Catro. Con cargo ao crédito consignado na sección 38, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, concepto 464, farase efectiva a compensación ás cidades de Ceuta e Melilla, por perdas de recadación do imposto sobre a produción, os servizos e a importación (IPSI), correspondente ao gravame complementario sobre carburantes e combustibles petrolíferos, tomando como base o recadado no exercicio 2010.

A contía da compensación obterase pola diferenza, sempre que sexa negativa, entre a recadación líquida obtida por tal concepto no exercicio 2020 e a producida no ano 2010. Para iso, deberase achegar un certificado do interventor da respectiva cidade autónoma acreditativo da recadación líquida nos ditos exercicios. Unha vez presentada a documentación necesaria, realizarase a correspondente liquidación para o seu aboamento.

Artigo 110. *Anticipos a favor dos concellos por desfases na xestión recadatoria dos tributos locais.*

Un. Cando por circunstancias relativas á emisión dos padróns non se poida liquidar o imposto sobre bens inmoables antes do 1 de agosto do ano 2021, os concellos afectados poderán percibir do Tesouro público anticipos á conta do mencionado imposto, co fin de salvaguardar as súas necesidades mínimas de tesouraría, logo de autorización do Pleno da respectiva corporación.

Tales anticipos serán concedidos por solicitude dos respectivos municipios, logo de informe da Dirección Xeral do Catastro, e serán tramitados e resoltos pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

Na tramitación dos expedientes teranse en conta os seguintes condicionamentos:

- a. Os anticipos non poderán exceder o 75 por cento do importe da recadación previsible como imputable a cada padrón.
- b. O importe anual anticipable a cada corporación mediante esta fórmula non excederá o dobre da última anualidade percibida por ela en concepto de participación nos tributos do Estado.
- c. En ningún caso se poderán solicitar anticipos correspondentes a máis de dous períodos impositivos sucesivos con referencia a un mesmo tributo.
- d. As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais e outros organismos públicos recadadores que, pola súa vez, realizen anticipos aos concellos de referencia, na forma prevista no artigo 149.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderán ser perceptores da contía que corresponda do anticipo, até o importe do efectivamente anticipado e co fin de poder cancelar en todo ou en parte as correspondentes operacións de tesouraría, logo da oportuna xustificación.
- e. Unha vez ditada a correspondente resolución definitiva, os anticipos libranse polo seu importe neto a favor dos concellos ou entidades a que se refire a letra d anterior por cuartas partes mensuais, a partir do día 1 de setembro de cada ano, e suspenderanse as correlativas entregas no mes seguinte a aquel en que se corrixan as deficiencias sinaladas no parágrafo primeiro deste punto.

Os anticipos concedidos consonte o disposto neste punto estarán sometidos, de ser o caso, ás mesmas retencións previstas na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e serán reintegrados polas respectivas entidades locais unha vez recibido informe da Dirección Xeral do Catastro en que se comunique a rectificación dos mencionados padróns.

Dous. Mediante resolución da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local poderá conceder aos concellos, en caso de urxente e extraordinaria necesidade de tesouraría, anticipos reintegrables dentro do exercicio corrente con cargo á súa participación nos tributos do Estado. Para a concesión destes anticipos deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a. Acordo do Pleno da Corporación, en que se autorice ao seu presidente a solicitude do anticipo e fixando os termos de tal solicitude.
- b. Informe da Intervención municipal en que se concrete a situación económico-financeira da entidade local que xustifique con precisión a causa extraordinaria que fai necesario o anticipo.
- c. Informe da Tesouraría municipal da previsión de ingresos e os gastos do exercicio correspondente.

Sección 9.^a Normas instrumentais en relación coas disposicións incluídas neste capítulo

Artigo 111. Normas de xestión orzamentaria de determinados créditos a favor das entidades locais.

Un. Autorízase o Ministerio de Facenda para comprometer gastos con cargo ao exercicio de 2022, até un importe máximo equivalente á doceava parte dos créditos consignados no orzamento para 2021, destinados a satisfacer as entregas á conta da participación en tributos do Estado a favor dos concellos e deputacións provinciais ou entes asimilados, do mes de xaneiro de 2022. As diferenzas que puideren xurdir en relación coa determinación das entregas á conta definitivas imputables ao mencionado exercicio serán obxecto de axuste nas entregas á conta do mes de febreiro do exercicio citado.

Dous. Os expedientes de gasto e as ordes de pagamento conxuntas que se expidan para efectos de cumprir os compromisos que se establecen nos artigos precedentes do presente capítulo tramitaranse, simultaneamente, a favor das corporacións locais afectadas, e o seu cumprimento, en canto á disposición efectiva de fondos, poderá realizarse con cargo ás contas de acredores non orzamentarios que, para estes fins, están habilitadas na Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, de forma que se produza o pagamento conxunto e simultáneo das respectivas obrigacións a todos os perceptores en razón da data das correspondentes resolucións e en igualdade de condicións.

Decláranse de urxente tramitación:

Os expedientes de modificación de crédito con relación aos compromisos sinalados.

Os expedientes de gasto, vinculados aos compromisos de referencia, a que se refire a Orde do 27 de decembro de 1995.

Para estes efectos, deberán ser obxecto de acumulación as distintas fases do procedemento de xestión orzamentaria e adoptaranse en igual medida procedementos especiais de rexistro contable das respectivas operacións.

Tres. Nos supostos previstos no punto anterior, cando proceda a tramitación de expedientes de ampliación de crédito e para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, as solicitudes de incrementos de crédito xustificaranse, en todo caso, con base nas peticións adicionais formuladas polas entidades locais afectadas.

Catro. Os créditos incluídos no orzamento de gastos para os fins sinalados no punto anterior poderanse transferir coa periodicidade necesaria á conta extraorzamentaria correspondente, habilitada para estes efectos na Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional. Este procedemento poderase aplicar co obxecto de materializar o pagamento simultáneo das obrigacións que deriven da participación das entidades locais nos tributos do Estado, tanto en concepto de entregas á conta como de liquidación definitiva, así como para proceder ao pagamento simultáneo das obrigacións que deriven das solicitudes presentadas polas corporacións locais, unha vez que se diten as resolucións pertinentes que dean orixe ao recoñecemento das ditas obrigacións por parte do Estado.

Artigo 112. Información que deberán suministrar as corporacións locais.

Un. Co fin de proceder á liquidación definitiva da participación dos concellos nos tributos do Estado, correspondente a 2021, as respectivas corporacións locais deberán facilitar, antes do 30 de xuño do ano 2021, na forma que determinen os órganos competentes do Ministerio de Facenda, a seguinte documentación:

1. Unha certificación comprensiva da recadación líquida obtida en 2019 polo imposto sobre bens inmoables, polo imposto sobre actividades económicas e polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica. No imposto sobre bens inmoables especificarase a recadación correspondente aos bens inmoables de características especiais.

2. Unha certificación comprensiva das bases impoñibles deducidas dos padróns do ano 2019, así como das altas producidas neles, correspondentes ao imposto sobre bens inmoables, urbanos, e dos tipos exixibles no municipio nos tributos que se citan no parágrafo precedente. En relación co imposto sobre bens inmoables especificarase a información tributaria correspondente aos bens inmoables de características especiais. Ademais, especificarase as reducións que se aplicasen en 2019, a que se refire a disposición adicional novena do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3. Unha certificación das cotas exixibles no imposto sobre actividades económicas en 2019, incluída a incidencia da aplicación do coeficiente a que se refire o artigo 86 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, vixentes naquel período impositivo.

Dous. A documentación transmitirase electronicamente nos modelos habilitados para tal fin, mediante sinatura electrónica do interventor ou, de ser o caso, do titular do órgano da corporación local que teña atribuída a función de contabilidade.

A sinatura electrónica recoñecida, entendida nos termos previstos pola Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, terá respecto dos datos transmitidos pola entidade local o mesmo valor que a sinatura manuscrita, polo que a súa aplicación na transmisión electrónica da información eximirá da obrigaçión de remitir a citada documentación en soporte papel.

Tres. A Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local ditará a correspondente resolución en que estableza os modelos que conteñan o detalle da información necesaria, así como a regulación do procedemento para a presentación telemática da documentación e a súa sinatura electrónica.

Catro. Aos municipios que, estando no ámbito de aplicación da subsección 2.^a da sección 4.^a deste capítulo, non acheguen a documentación que se determina nas condicións sinaladas anteriormente aplicaráselles, de ser o caso, un módulo de ponderación equivalente ao 60 por cento do esforzo fiscal medio aplicable ao municipio con menor coeficiente por este concepto, dentro do tramo de poboación en que se encadre, para os efectos de practicar a liquidación definitiva da súa participación nos tributos do Estado para o ano 2021.

Artigo 113. *Retencións que se lles practicarán ás entidades locais en aplicación da disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Un. Logo de solicitude do órgano competente que teña atribuída legalmente a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local aplicará as retencións que deban practicarse na participación dos municipios e provincias nos tributos do Estado.

Se concorren na retención débedas derivadas de tributos do Estado e débedas por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta con estas, e a contía de todas elas supera a cantidade retida, aquela ratearase en función dos importes destas.

Dous. O importe da retención será o 50 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, tanto en cada entrega á conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación nos tributos do Estado, excepto cando a contía da débeda sexa inferior a esa cantidade.

Cando se trate de débedas derivadas de tributos do Estado que fosen legalmente repercutidos, de ingresos á conta correspondentes a retribucións en especie, de cantidades retidas ou que se deberon reter á conta de calquera imposto, ou de cotizacións sociais que fosen ou deberon ser obxecto de retención, a retención que se practicará será do 100 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, tanto en cada entrega á conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación nos tributos do Estado, excepto cando a contía da débeda sexa inferior a esa cantidade.

Tres. A contía que se reteña no conxunto do exercicio poderá reducirse cando se xustifique a existencia de graves desfases de tesouraría xerados pola prestación daquelas obrigaçións relativas:

- a. Ao cumprimento regular das obrigaçións de persoal.
- b. Á prestación dos servizos públicos obrigatorios en función do número de habitantes do municipio.
- c. Á prestación de servizos sociais, protección civil e extinción de incendios, para cuxa realización non se exixa contraprestación ningunha en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

En ningún caso se poderá establecer unha porcentaxe de retención inferior ao 25 por cento da entrega á conta.

Non será aplicable a redución de retencións a aquelas entidades locais que se integrasen en consorcios de saneamento financeiro de que formen parte institucións doutras administracións públicas.

Nos procedementos de redución da porcentaxe de retención, a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local ditará a resolución correspondente, tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garantir a prestación dos servizos públicos obrigatorios. Para iso, a entidade local deberá presentar, con carácter imprescindible e non exclusivo:

– Certificado expedido polos órganos de recadación das entidades acreedoras mediante o cal se acredite ter atendido o pagamento das obrigacións correntes nos doce meses precedentes ao mes inmediato anterior á data de solicitude da certificación.

– Informe da situación financeira actual suscrito polo interventor local que inclúa o cálculo do remanente de tesouraría na data de solicitude da redución da porcentaxe de retención e poña de manifesto os termos en que a dita situación afecta o cumprimento das obrigacións recollidas no parágrafo primeiro do presente punto.

– Plan de saneamento, aprobado polo Pleno, que inclúa o exercicio en curso. Para estes efectos, considerarase equivalente ao plan de saneamento a existencia dun plan de axuste valorado favorablemente polo Ministerio de Facenda no marco de medidas extraordinarias de liquidez a que se refire a disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Na resolución fixarase o período de tempo en que se deberá reducir a porcentaxe de retención, sen que caiba a extensión deste máis alá da finalización do exercicio económico. En todo caso, tal redución estará condicionada a que a entidade local aprobe un plan de saneamento ou verifique o cumprimento doutro en curso.

Catro. Cando a débeda naza como consecuencia do reintegro de anticipos de financiamento por conta do Tesouro público, a retención deberase adecuar ás condicións fixadas na resolución de concesión do correspondente anticipo, xa sexa mediante a cancelación total do débito en forma singular ou en retencións sucesivas até a definitiva extinción deste.

Cinco. As resolucións que declaren a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retivesen corresponderán, en cada caso, ao órgano legalmente competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, e producirán os seus efectos, na parte concorrente da débeda, desde o momento en que se efectuou a retención.

Seis. As normas contidas neste artigo serán de aplicación nos supostos de débedas firmes contraídas polas entidades locais co Instituto de Crédito Oficial, pola liña de crédito instruída por este último a que se refire a sección segunda do capítulo II do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo. Así mesmo, serán de aplicación as normas deste precepto nos supostos de débedas firmes contraídas con calquera dos compartimentos do Fondo de Financiamento a entidades locais, constituído polo artigo 7 do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

Sete. No caso de que resulte de aplicación a medida contida no artigo 18.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a porcentaxe de retención aplicable será, como máximo, a fixada no primeiro parágrafo do punto dous deste artigo, sempre que as débedas con provedores a que se refire aquel precepto non concorran con outras das entidades locais con acredores públicos ás cales resulte de aplicación este precepto.

No caso de que exista a mencionada concorrencia de débedas, a retención aplicable será, como máximo e con carácter xeral, do 70 por cento, sen que poida reducirse por aplicación do punto tres; o 50 por cento, como máximo, corresponderá aos acredores públicos e o 20 por cento, como máximo, aos provedores das entidades locais a que resulte de aplicación o artigo 18.5 da Lei orgánica 2/2012. O primeiro tramo citado

asignaráselles aos acredores públicos de acordo co criterio recollido nos puntos un e dous deste artigo.

No caso de que exista concorrencia de débedas con provedores e débedas derivadas de tributos do Estado que fosen legalmente repercutidos, de ingresos á conta correspondentes a retribucións en especie, de cantidades retidas ou que se deberon reter á conta de calquera imposto, ou de cotizacións sociais que fosen ou deberon ser obxecto de retención, a retención que se practicará será do 100 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, de acordo co disposto no segundo parágrafo do punto tres anterior, sen que o importe que se asigne para o pagamento a provedores das entidades locais poida exceder o 20 por cento da contía que, en termos brutos, lles corresponda por todos os conceptos que integran a súa participación en tributos do Estado.

CAPÍTULO II

Comunidades autónomas

Artigo 114. *Entregas á conta do Fondo de Suficiencia Global.*

Os créditos orzamentarios destinados a facer efectivas as entregas á conta do Fondo de Suficiencia Global establecidas no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, unha vez tidas en conta as revisións e demais preceptos aplicables a elas, son, para cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, os que se inclúen nos correspondentes servizos da sección 38 «Sistemas de financiamento de entes territoriais», programa 941M «Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado», concepto 451 «Fondo de Suficiencia Global».

Artigo 115. *Liquidación definitiva dos recursos do Sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía e participación nos fondos de converxencia.*

Un. De conformidade co que establece o punto 2 do artigo 11 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, cando se coñezan os valores definitivos no ano 2021 de todos os recursos correspondentes ao ano 2019 regulados no título I da citada lei, practicarase a liquidación do dito exercicio. De acordo co previsto no punto 3 do citado artigo 11, nese momento determinarase, segundo o establecido nos artigos 23 e 24, no parágrafo terceiro do punto sete da disposición transitoria primeira e na disposición adicional primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, a participación de cada comunidade ou cidade con estatuto de autonomía nos fondos de converxencia autonómica regulados no título II da citada lei correspondentes a 2019.

Dous. No suposto de que o saldo global da liquidación correspondente ao ano 2019 sexa a favor da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, realizaranse os pagamentos das liquidacións positivas descontando deles, mediante compensación, o importe das liquidacións a favor do Estado.

Tres. No suposto de que o saldo global da liquidación sexa a favor do Estado, realizaranse, de acordo co establecido no artigo 11.3 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, os pagamentos das liquidacións a favor da comunidade descontando neles, por esta mesma orde de prelación, o saldo a favor do Estado da transferencia do Fondo de Garantía, o saldo dos tributos cedidos e o saldo do Fondo de Suficiencia Global.

Os saldos restantes da liquidación que non puidesen ser obxecto de compensación compensaranse conforme o previsto no artigo 11.3 da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

Catro. En cumprimento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, o Estado compensará, no suposto legalmente previsto, as comunidades autónomas cuxos importes, tanto da transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais como do Fondo de Suficiencia Global, correspondentes

a 2019, sexan negativos, a través do crédito orzamentario sinalado no punto cinco. O importe desta compensación, que terá signo positivo, para cada comunidade autónoma acreedora, será aquel que permita que, despois de se ter repartido a totalidade dos recursos do Fondo de Competitividade, o índice de financiamento descrito no punto 5 do artigo 23 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, alcance a unidade, co límite do importe do valor definitivo do seu Fondo de Suficiencia Global negativo.

Para os efectos do previsto nos puntos anteriores deste artigo, o importe desta compensación incluírase na liquidación definitiva da participación da comunidade no Fondo de Competitividade.

Cinco. Aos créditos dos subconceptos que corresponda dotados na sección 38, servizo 20 – «Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Varias CCAA», programa 941M «Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado», concepto 452 «Liquidación definitiva do financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía de exercicios anteriores», aplicaranse, segundo a súa natureza:

1) O importe das liquidacións definitivas do ano 2019 do Fondo de Suficiencia Global, regulado no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, así como da achega do Estado ao Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, que resulten a favor das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

Se o importe das liquidacións definitivas a que se refire o parágrafo anterior for a favor do Estado, reflectirase como dereito no capítulo IV do orzamento de ingresos do Estado.

2) O importe das liquidacións definitivas do ano 2019 das participacións das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía nos fondos de converxencia autonómica, regulados nos artigos 23, 24, no parágrafo terceiro do punto sete da disposición transitoria primeira e na disposición adicional primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, determinadas conforme o punto un deste artigo.

3) A compensación prevista na disposición adicional terceira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, se resultar esta compensación aplicable, determinada conforme o punto catro deste artigo.

Artigo 116. Transferencias a comunidades autónomas correspondentes ao custo dos novos servizos traspasados.

Se a partir do 1 de xaneiro de 2021 se efectúan novas transferencias de servizos ás comunidades autónomas, dotaranse nos conceptos específicos da sección 38 que, no seu momento, determine a Dirección Xeral de Orzamentos os créditos que se precisen para transferir ás comunidades autónomas o custo efectivo dos servizos asumidos.

Para estes efectos, os reais decretos que aproben as novas transferencias de servizos conterán, como mínimo, os seguintes datos:

a) A data en que a comunidade autónoma debe asumir efectivamente a xestión do servizo transferido.

b) O financiamento anual, en euros, do exercicio 2021, desagregado nos diferentes capítulos de gasto que comprenda.

c) A valoración referida ao ano base 2007, correspondente ao custo efectivo anual deste, para efectos da revisión do valor do Fondo de Suficiencia Global da Comunidade Autónoma que corresponde prevista no artigo 21.1 da Lei 22/2009.

Artigo 117. Dotación adicional de recursos para as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

Un. Na sección 37 dos orzamentos xerais do Estado, servizo 01 «Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Comunidades autónomas», programa 941O «Outras transferencias a comunidades autónomas», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 45 «A comunidades autónomas», concepto 459 «Outras transferencias a comunidades autónomas», subconcepto 01 «Dotación adicional de recursos para as

comunidades autónomas e cidades autónomas de Ceuta e Melilla», inclúese unha dotación orzamentaria por un importe global de 13.486.000.000 euros, destinada a dotar de maior financiamento as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla en 2021.

Dous. A distribución territorial do crédito a que se refire o punto anterior realizarase sobre a base dos criterios de distribución que se aproben mediante real decreto, tras informar o Consello de Política Fiscal e Financeira, o cal conterà as precisións necesarias para a determinación dos importes atribuídos a cada comunidade e cidade e a regulación dos aspectos necesarios para poder efectuar o seu libramento.

Artigo 118. *Fondos de Compensación Interterritorial.*

Un. Na sección 36 dos orzamentos xerais do Estado dótanse dous fondos de Compensación Interterritorial, que ascenden á suma de 432.430,00 miles de euros, en cumprimento do disposto na Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos fondos de compensación interterritorial, modificada pola Lei 23/2009, do 18 de decembro.

Dous. O Fondo de Compensación, dotado con 324.330,61 miles de euros, destinarase a financiar gastos de investimento de acordo co previsto no artigo 2 da Lei 22/2001.

Tres. O Fondo Complementario, dotado con 108.099,39 miles de euros, poderán aplicalo as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía propio ao financiamento dos gastos de posta en marcha ou funcionamento dos investimentos realizados con cargo á sección 36 dos orzamentos xerais do Estado nos termos previstos no artigo 6.2 da Lei 22/2001.

Catro. Co obxecto de determinar a base de cálculo do Fondo de Compensación Interterritorial definida no artigo 3 da Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos fondos de compensación interterritorial, modificada pola Lei 23/2009, do 18 de decembro, considérase investimento civil público novo o recollido nos artigos 60 e 62. A porcentaxe que representa o Fondo de Compensación destinado ás comunidades autónomas sobre a base de cálculo constituída polo investimento público é do 27,98 por cento, de acordo co artigo 2.1.a) da dita lei. Ademais, en cumprimento da disposición adicional única da Lei 22/2001, a porcentaxe que representa a suma do Fondo de Compensación e do Fondo Complementario destinado ás comunidades autónomas é do 37,30 por cento, que se eleva ao 37,89 por cento se se inclúen as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, e alcanza o 38,26 por cento se se ten en conta a variable «rexión ultraperiférica» definida na Lei 23/2009, de modificación da Lei 22/2001.

Cinco. Os proxectos de investimento que poden financiarse con cargo aos fondos anteriores son os que se detallan no anexo á sección 36.

Seis. No exercicio 2021 serán beneficiarias destes fondos as comunidades autónomas de Galicia, Andalucía, Principado de Asturias, Cantabria, Rexión de Murcia, Comunidade Valenciana, Castilla-La Mancha, Canarias, Extremadura, Castilla y León e as cidades de Ceuta e Melilla, de acordo coa disposición adicional única da Lei 22/2001, do 27 de decembro.

Sete. Os remanentes de crédito dos fondos de compensación interterritorial de exercicios anteriores incorporaranse automaticamente ao orzamento do ano 2021 á disposición da mesma Administración a que correspondía a execución dos proxectos en 31 de decembro de 2020.

Oito. Mentres os remanentes de créditos orzamentarios de exercicios anteriores se incorporan ao vixente, o Tesouro público poderá efectuar anticipos de tesouraría ás comunidades autónomas por igual importe ás peticións de fondos efectuadas por elas «á conta» dos recursos que teñan que percibir unha vez que se efectúe a dita incorporación.

TÍTULO VIII

Cotizacións sociais

Artigo 119. *Bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional durante o ano 2021.*

As bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, a partir do 1 de xaneiro de 2021, serán as seguintes:

Un. Topes máximo e mínimo das bases de cotización á Seguridade Social.

1. O tope máximo da base de cotización en cada un dos réximes da Seguridade Social que o teñan establecido queda fixado, a partir do 1 de xaneiro de 2021, na contía de 4.070,10 euros mensuais.

2. De acordo co establecido no artigo 19.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, desde o 1 de xaneiro de 2021, as bases de cotización nos réximes da Seguridade Social e respecto das continxencias que se determinan neste artigo terán como tope mínimo as contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, incrementadas nun sexto, salvo disposición expresa en contrario.

Dous. Bases e tipos de cotización no réxime xeral da Seguridade Social.

1. As bases mensuais de cotización para todas as continxencias e situacións protexidas polo réxime xeral da Seguridade Social, exceptuadas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, estarán limitadas, para cada grupo de categorías profesionais, polas bases mínimas e máximas seguintes:

a) As bases mínimas de cotización, segundo categorías profesionais e grupos de cotización, incrementaranse, desde o 1 de xaneiro de 2021 e respecto das vixentes en 31 de decembro de 2020, na mesma porcentaxe en que aumente o salario mínimo interprofesional.

As bases mínimas de cotización aplicables aos traballadores con contrato a tempo parcial adecuaranse co fin de que a cotización nesta modalidade de contratación sexa equivalente á cotización a tempo completo pola mesma unidade de tempo e similares retribucións.

b) As bases máximas, calquera que sexa a categoría profesional e grupo de cotización, serán, a partir do 1 de xaneiro de 2021, de 4.070,10 euros mensuais ou de 135,67 euros diarios.

2. Os tipos de cotización no réxime xeral da Seguridade Social serán, durante o ano 2021, os seguintes:

a) Para as continxencias comúns, o 28,30 por cento, do cal o 23,60 por cento será por conta da empresa e o 4,70 por cento por conta do traballador.

b) Para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse as porcentaxes da tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, e as primas resultantes serán por conta exclusiva da empresa.

3. Durante o ano 2021, para a cotización adicional por horas extraordinarias, establecida no artigo 149 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aplicaranse os seguintes tipos de cotización:

a) Cando se trate das horas extraordinarias motivadas por forza maior, o 14,00 por cento, do cal o 12,00 por cento será por conta da empresa e o 2,00 por cento por conta do traballador.

b) Cando se trate das horas extraordinarias non comprendidas no parágrafo anterior, o 28,30 por cento, do cal o 23,60 por cento será por conta da empresa e o 4,70 por cento por conta do traballador.

4. A partir do 1 de xaneiro de 2021, a base máxima de cotización por contingencias comúns aplicable aos representantes de comercio será a prevista con carácter xeral no punto dous.1.b).

5. Para os efectos de determinar, a partir do 1 de xaneiro de 2021, a base máxima de cotización por contingencias comúns dos artistas, así como a base e o tipo de cotización durante os períodos de inactividade, aplicarase o seguinte:

a) A base máxima de cotización para todos os grupos correspondentes ás distintas categorías profesionais será de 4.070,10 euros mensuais. Non obstante, o límite máximo das bases de cotización en razón das actividades realizadas por un artista, para unha ou varias empresas, terá carácter anual e determinarase pola elevación a cómputo anual da base mensual máxima sinalada.

O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, tendo en conta a base e o límite máximos establecidos no parágrafo anterior, fixará as bases de cotización para determinar as liquidacións provisionais dos artistas, a que se refire o artigo 32.5.b) do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

b) A base de cotización aplicable durante os períodos de inactividade dos artistas en que se mantexa voluntariamente a situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social será a base mínima vixente en cada momento, por contingencias comúns, correspondente ao grupo 7 da escala de grupos de cotización do dito réxime.

O tipo de cotización aplicable será o 11,50 por cento.

6. Para os efectos de determinar, a partir do 1 de xaneiro de 2021, a base máxima de cotización por contingencias comúns dos profesionais taurinos, aplicarase o seguinte:

a) A base máxima de cotización para todos os grupos correspondentes ás distintas categorías profesionais será de 4.070,10 euros mensuais. Non obstante, o límite máximo das bases de cotización para os profesionais taurinos terá carácter anual e determinarase pola elevación a cómputo anual da base mensual máxima sinalada.

b) O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, tendo en conta a base e o límite máximos establecidos no punto anterior, fixará as bases de cotización para determinar as liquidacións provisionais dos profesionais taurinos, a que se refire o artigo 33.5.b) do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social.

Tres. Cotización no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

1. Os importes das bases mensuais de cotización, tanto por contingencias comúns como profesionais, dos traballadores incluídos neste sistema especial que presten servizos durante todo o mes determinaranse conforme o establecido no artigo 147 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, con aplicación das seguintes bases máximas e mínimas:

a) As bases mínimas de cotización, segundo categorías profesionais e grupos de cotización, incrementaranse, desde o 1 de xaneiro de 2021 e respecto das vixentes en 31 de decembro de 2020, na mesma porcentaxe en que aumente o salario mínimo interprofesional.

b) As bases máximas, calquera que sexa a categoría profesional e grupo de cotización, a partir do 1 de xaneiro de 2021, serán de 4.070,10 euros mensuais.

Cando os traballadores inicien ou finalicen a súa actividade sen coincidir co principio ou coa fin dun mes natural, sempre que a dita actividade teña unha duración de ao

menos 30 días naturais consecutivos, esta modalidade de cotización realizarase con carácter proporcional aos días en que figuren en alta neste sistema especial durante o mes.

2. Os importes das bases diarias de cotización, tanto por contingencias comúns como profesionais, por xornadas reais correspondentes a cada un dos grupos de traballadores que realicen labores agrarios por conta allea e respecto dos cales non se optase pola modalidade de cotización prevista no punto anterior determinarase conforme o establecido no artigo 147 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, para o cal se dividirán entre 23 os importes das bases máximas e mínimas establecidos no punto tres.1.

Independentemente do número de horas realizadas en cada xornada, a base de cotización non poderá ter unha contía inferior á base mínima diaria do grupo 10 de cotización.

Cando se realicen no mes natural 22 ou máis xornadas reais, a base de cotización correspondente a estas será a establecida no punto tres.1.

3. A partir do 1 de xaneiro de 2021, o importe da base mensual de cotización dos traballadores agrarios por conta allea incluídos neste sistema especial será, durante os períodos de inactividade dentro do mes natural, o establecido para a base mínima por contingencias comúns correspondente ao grupo 7 da escala de grupos de cotización do réxime xeral da Seguridade Social.

Para estes efectos, entenderase que existen períodos de inactividade dentro dun mes natural cando o número de días naturais en que o traballador figure de alta no sistema especial no dito mes sexa superior ao número de xornadas reais nel multiplicado por 1,3636.

O número de días de inactividade do mes é a diferenza entre os días en alta laboral no mes e o número de xornadas reais no mes multiplicadas por 1,3636.

A cotización polos días de inactividade no mes é o resultado de multiplicar o número de días de inactividade no mes pola base de cotización diaria correspondente e polo tipo de cotización aplicable.

4. Os tipos aplicables á cotización dos traballadores por conta allea incluídos neste sistema especial serán, durante o ano 2021, os seguintes:

a) Durante os períodos de actividade:

Para a cotización por contingencias comúns respecto aos traballadores encadrados no grupo de cotización 1, o 28,30 por cento, do cal o 23,60 por cento será por conta da empresa e o 4,70 por cento por conta do traballador.

Respecto aos traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, o 24,70 por cento, do cal o 20,00 por cento será por conta da empresa e o 4,70 por cento por conta do traballador.

Para a cotización por contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aplicaranse os tipos de cotización da tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, e as primas resultantes serán por conta exclusiva da empresa.

b) Durante os períodos de inactividade, o tipo de cotización será o 11,50 por cento e a cotización resultante será por conta exclusiva do traballador.

5. A partir do 1 de xaneiro de 2021, aplicaranse as seguintes reducións nas achegas empresariais á cotización a este sistema especial durante os períodos de actividade con prestación de servizos:

a) Na cotización respecto aos traballadores encadrados no grupo de cotización 1, aplicarase unha redución de 8,10 puntos porcentuais da base de cotización, do cal resultará un tipo efectivo de cotización por contingencias comúns do 15,50 por cento. En ningún caso a cota empresarial resultante será superior a 279,00 euros ao mes ou 12,68 euros por xornada real traballada.

b) Na cotización respecto dos traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, a redución axustarase ás seguintes regras:

Para bases mensuais de cotización, a fórmula aplicable será:

$$\% \text{ redución mes} = 7,36 \% \times \left(1 + \frac{\text{Base mes} - 986,70}{\text{Base mes}} \times 2,52 \times \frac{6,15 \%}{7,36 \%} \right)$$

Para bases de cotización por xornadas reais, a fórmula aplicable será:

$$\% \text{ redución xornada} = 7,36 \% \times \left(1 + \frac{\text{Base xornada} - 42,90}{\text{Base xornada}} \times 2,52 \times \frac{6,15 \%}{7,36 \%} \right)$$

Non obstante, a cota empresarial resultante non poderá ser inferior a 101,47 euros mensuais ou 4,61 euros por xornada real traballada.

6. Con efectos do 1 de xaneiro de 2021, aos traballadores que realizasen un máximo de 55 xornadas reais cotizadas no ano 2020 aplicaráselles ás cotas resultantes durante os períodos de inactividade en 2021 unha redución do 19,11 por cento.

7. Durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, así como de nacemento e coidado do menor e corresponsabilidade no coidado do lactante causadas durante a situación de actividade, a cotización efectuarase en función da modalidade de contratación dos traballadores:

a) Respecto dos traballadores agrarios con contrato indefinido, a cotización durante as referidas situacións rexerese polas normas aplicables con carácter xeral no réxime xeral da Seguridade Social. O tipo resultante aplicable será:

1.º Para os traballadores encadrados no grupo de cotización 1, o tipo do 15,50 por cento, aplicable á base de cotización por continxencias comúns.

2.º Para os traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, o tipo do 2,75 por cento, aplicable á base de cotización por continxencias comúns.

Para todos os traballadores, calquera que sexa o seu grupo de cotización, na cotización por desemprego aplicarase unha redución na cota equivalente a 2,75 puntos porcentuais da base de cotización.

b) Respecto dos traballadores agrarios con contrato temporal e fixo descontínuo, resultará de aplicación o establecido na letra a) en relación cos días contratados en que non puidesen prestar os seus servizos por encontrarse nalgunha das situacións antes indicadas.

En canto aos días en que non estea prevista a prestación de servizos, estes traballadores estarán obrigados a ingresar a cotización correspondente aos períodos de inactividade, excepto nos supostos de percepción dos subsidios por nacemento e coidado do menor e corresponsabilidade no coidado do lactante, que terán a consideración de períodos de cotización efectiva para os efectos das correspondentes prestacións por xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia.

8. Durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo, se corresponde cotizar neste sistema especial, o tipo de cotización será o 11,50 por cento.

9. Con relación aos traballadores incluídos neste sistema especial non resultará de aplicación a cotización adicional por horas extraordinarias a que se refire o punto dous.3.

10. Autorízase o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para regular os procedementos e adaptacións normativas necesarios para articular a harmonización da cotización en situación de actividade e inactividade, así como a comprobación dos

requisitos necesarios para a aplicación das reducións previstas e a regularización da cotización resultante delas.

Catro. Cotización no sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

Neste sistema especial, as bases e os tipos de cotización serán, a partir do 1 de xaneiro de 2021, os seguintes:

1. As bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinarase aplicando á escala de retribucións mensuais e á base de cotización correspondente vixente en 2020 o aumento que experimente en 2021 o salario mínimo interprofesional.

Para os efectos da determinación da retribución mensual do empregado de fogar, o importe percibido mensualmente deberá ser incrementado, conforme o establecido no artigo 147.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, coa parte proporcional das pagas extraordinarias que teña dereito a percibir o empregado.

2. O tipo de cotización por continxencias comúns, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado no punto anterior, será o 28,30 por cento, do cal o 23,60 por cento será por conta do empregador e o 4,70 por cento por conta do empregado.

3. Para a cotización polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, sobre a base de cotización que corresponda, segundo o indicado no punto catro.1, aplicarase o tipo de cotización previsto para o efecto na tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, e o resultante será por conta exclusiva do empregador.

4. Durante o ano 2021 será aplicable unha redución do 20 por 100 na achega empresarial á cotización á Seguridade Social por continxencias comúns neste sistema especial.

Serán beneficiarios da dita redución os empregadores que contratasen, baixo calquera modalidade contractual, e desen de alta no réxime xeral da Seguridade Social un empregado de fogar a partir do 1 de xaneiro de 2012, sempre e cando o empregado non figurase en alta no réxime especial de empregados de fogar a tempo completo, para o mesmo empregador, dentro do período comprendido entre o 2 de agosto e o 31 de decembro de 2011.

Esta redución de cotas ampliarase cunha bonificación até chegar ao 45 por 100 para familias numerosas, nos termos previstos no artigo 9 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Estes beneficios na cotización á Seguridade Social por conta do empregador non serán de aplicación nos supostos en que os empregados de fogar que presten os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador asuman o cumprimento das obrigacións en materia de encadramento, cotización e recadación no dito sistema especial, de acordo co establecido na disposición adicional vixésimo cuarta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Cinco. Cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

No réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, as bases máximas e mínimas e os tipos de cotización serán, a partir do 1 de xaneiro de 2021, os seguintes:

1. A base máxima de cotización será de 4.070,10 euros mensuais. A base mínima de cotización será de 944,40 euros mensuais.

2. A base de cotización dos traballadores autónomos que o día 1 de xaneiro de 2021 tivesen unha idade inferior a 47 anos será a elixida por eles dentro das bases máxima e mínima fixadas no punto anterior. Igual elección poderán efectuar aqueles traballadores autónomos que nesa data tivesen unha idade de 47 anos e a súa base de cotización no

mes de decembro de 2020 fose igual ou superior a 2.052,00 euros mensuais, ou que causen alta neste réxime especial con posterioridade á citada data.

Noutro caso a súa base máxima de cotización será de 2.077,80 euros mensuais.

Os traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2021, tivesen 47 anos de idade, se a súa base de cotización for inferior a 2.052,00 euros mensuais, non poderán elixir unha base de contía superior a 2.077,80 euros mensuais, salvo que exerzan a súa opción en tal sentido antes do 30 de xuño de 2021, o que producirá efectos a partir do 1 de xullo do mesmo ano, ou que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivese que poñerse á fronte daquel e darse de alta neste réxime especial con 47 anos de idade, caso en que non existirá esta limitación.

3. A base de cotización dos traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2021, tivesen 48 ou máis anos cumpridos, estará comprendida entre as contías de 1.018,50 e 2.077,80 euros mensuais, salvo que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivese que poñerse á fronte daquel e darse de alta neste réxime especial con 45 ou máis anos de idade; neste caso, a elección de bases estará comprendida entre as contías de 944,40 e 2.077,80 euros mensuais.

Non obstante, os traballadores autónomos que con anterioridade aos 50 anos cotizasen en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social por espazo de cinco ou máis anos rexeranse polas seguintes regras:

a) Se a última base de cotización acreditada foi igual ou inferior a 2.052,00 euros mensuais, deberán cotizar por unha base comprendida entre 944,40 euros mensuais e 2.077,80 euros mensuais.

b) Se a última base de cotización acreditada foi superior a 2.052,00 euros mensuais, deberán cotizar por unha base comprendida entre 944,40 euros mensuais e o importe daquela, co tope da base máxima de cotización.

O previsto no punto cinco.3.b) será, así mesmo, de aplicación con respecto aos traballadores autónomos que con 48 ou 49 anos de idade exercen a opción prevista no parágrafo segundo do punto catro.2 do artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

4. Os traballadores autónomos dedicados á venda ambulante ou a domicilio (CNAE 4781 Comercio ao retallo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en postos de venda e feiras; 4782 Comercio ao retallo de produtos téxtiles, roupa e calzado en postos de venda e feiras; 4789 Comercio ao retallo doutros produtos en postos de venda e feiras e 4799 Outro comercio ao retallo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras) poderán elixir como base mínima de cotización, a partir do 1 de xaneiro de 2021, unha base de 944,40 euros mensuais ou unha base de 869,40 euros mensuais.

Os traballadores autónomos dedicados á venda a domicilio (CNAE 4799) poderán elixir como base mínima de cotización, a partir do 1 de xaneiro de 2021, unha base de 944,40 euros mensuais ou unha base de 519,30 euros mensuais.

5. Os tipos de cotización neste réxime especial da Seguridade Social serán, a partir do 1 de xaneiro de 2021:

a) Para as contingencias comúns, o 28,30 por cento. Cando, conforme o disposto no artigo 315 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, se teña cuberta a incapacidade temporal noutro réxime da Seguridade Social, aplicarase unha redución na cota que correspondería ingresar de acordo cun coeficiente redutor que establecerá anualmente a orde pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional.

b) Para as contingencias profesionais, o 1,30 por cento, do cal o 0,66 por cento corresponde á contingencia de incapacidade temporal e o 0,64 por cento á de incapacidade permanente, morte e supervivencia.

c) Aqueles traballadores autónomos excluídos de cotizar por continxencias profesionais deberán cotizar por un tipo do 0,10 para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos VIII e IX do título II do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

6. Os traballadores autónomos que, en razón dun traballo por conta allea desenvolvido simultaneamente, coticen en réxime de pluriactividade, e o fagan durante o ano 2021, tendo en conta tanto as cotizacións efectuadas neste réxime especial como as achegas empresariais e as correspondentes ao traballador no réxime de Seguridade Social que corresponda pola súa actividade por conta allea, terán dereito ao reintegro do 50 por cento do exceso en que as súas cotizacións por continxencias comúns superen a contía 12.917,37 euros, co tope do 50 por cento das cotas ingresadas neste réxime especial en razón da súa cotización polas continxencias comúns.

En tales supostos, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social aboará o reintegro que en cada caso corresponda antes do 1 de maio do exercicio seguinte, salvo cando concorran especialidades na cotización que impidan efectualo nese prazo ou resulte necesaria a achega de datos por parte do interesado, caso en que o reintegro se realizará con posterioridade a esa data.

7. Aos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que perciban ingresos directamente dos compradores seralles de aplicación, para os efectos da cotización, o previsto no punto cinco.4, parágrafo primeiro.

Nos supostos en que se acredite que a venda ambulante se leva a cabo en mercados tradicionais ou «feiras», con horario de venda inferior a oito horas ao día, poderase elixir entre cotizar por unha base de 944,40 euros mensuais ou por unha base de 519,30 euros mensuais.

8. Os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que quedasen incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos en aplicación do establecido no artigo 120.catro.8 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, terán dereito, durante 2021, a unha redución do 50 por cento da cota a ingresar.

Tamén terán dereito a esa redución os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que iniciasen a súa actividade e quedasen incluídos no citado réxime especial a partir do 1 de xaneiro de 2009.

A redución aplicarase sobre a cota que resulte de aplicar sobre a base mínima elixida, de conformidade co previsto no punto cinco.7, o tipo de cotización vixente no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

9. O disposto no segundo parágrafo do punto cinco.7 será de aplicación ás persoas que se dediquen, de forma individual, á venda ambulante en mercados tradicionais ou «feiras» con horario de venda inferior a oito horas ao día, sempre que non dispoñan de establecemento fixo propio nin produzan os artigos ou produtos que vendan.

10. Para os traballadores autónomos que nalgún momento do ano 2020 e de maneira simultánea tivesen contratado ao seu servizo un número de traballadores por conta allea igual ou superior a 10, a base mínima de cotización a partir do 1 de xaneiro de 2021 será de 1.214,10 euros mensuais.

Esta base mínima de cotización será tamén aplicable, a partir do 1 de xaneiro de 2021, aos traballadores autónomos incluídos neste réxime especial ao abeiro do establecido no artigo 305.2.b) e e) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, coa excepción daqueles que causen alta inicial nel, durante os 12 primeiros meses da súa actividade, contados desde a data de efectos da dita alta.

Seis. Cotización no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

1. A partir do 1 de xaneiro de 2021, os tipos de cotización por continxencias comúns dos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia

agrarios, establecido no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, serán os seguintes:

a) Respecto das contingencias de cobertura obrigatoria, cando o traballador optase por elixir como base de cotización unha base comprendida entre 944,40 euros mensuais e 1.133,40 euros mensuais, o tipo de cotización aplicable será o 18,75 por cento.

Se o traballador optou por unha base de cotización superior a 1.133,40 euros mensuais, á contía que exceda esta última seralle de aplicación o tipo de cotización do 26,50 por cento.

b) Respecto á mellora voluntaria da incapacidade temporal por contingencias comúns, o tipo de cotización aplicable á contía completa da base de cotización do interesado será do 3,30 por cento, ou do 2,80 por cento se o interesado está acollido á protección por contingencias profesionais ou por cesamento de actividade.

2. Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse os tipos da tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro.

No suposto de que os interesados non optasen pola cobertura da totalidade das contingencias profesionais, seguirase aboando, en concepto de cobertura das contingencias de incapacidade permanente e morte e supervivencia, unha cota resultante de aplicar á base de cotización elixida o tipo do 1,00 por cento.

3. Os traballadores incluídos neste sistema especial que non optasen por dar cobertura, no ámbito de protección dispensada, á totalidade das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,10 por cento, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos VIII e IX do título II do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Sete. Cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

1. O establecido nos puntos un e dous será de aplicación aos traballadores por conta allea ou asimilados do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro respecto á cotización por contingencias comúns e do que se establece no punto 2 seguinte.

2. A cotización para todas as contingencias e situacións protexidas neste réxime especial dos traballadores por conta allea ou por conta propia incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, efectuarase sobre as remuneracións que se determinen anualmente mediante orde do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións representativas do sector. Tal determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano precedente.

As bases que se determinen serán únicas, sen poderen ser inferiores nin superiores ás que se establezan para as distintas categorías profesionais, de conformidade co disposto no parágrafo 1 do punto dous.

3. A partir do 1 de xaneiro de 2021, os tipos de cotización dos traballadores por conta propia serán os seguintes:

a) Para as contingencias comúns: o 28,30 por cento.

b) Para as contingencias profesionais; o 1,30 por cento, do cal o 0,66 por cento corresponde á contingencia de incapacidade temporal e o 0,64 por cento á de incapacidade permanente, morte e supervivencia.

4. A cotización para todas as contingencias e situacións protexidas dos traballadores por conta propia incluídos no grupo primeiro de cotización a que se refire o artigo 10 da

Lei 47/2015, do 21 de outubro, rexerese polo disposto na normativa reguladora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Oito. Cotización no réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón.

1. A cotización no réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón determinarase mediante a aplicación do previsto no punto dous, sen prexuízo de que, para os efectos da cotización por contingencias comúns, as bases de cotización se normalicen de acordo coas seguintes regras:

Primeira. Terase en conta o importe das remuneracións percibidas ou que tivesen dereito a percibir os traballadores, computables para os efectos de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020, ambos inclusive.

Segunda. Estas remuneracións totalizaranse agrupándoas por categorías, grupos profesionais e especialidades profesionais e zonas mineiras, tendo en conta o disposto no artigo 57 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social. Os importes obtidos, así totalizados, dividiranse pola suma dos días a que correspondan.

Terceira. Este resultado constituirá a base normalizada diaria de cotización por contingencias comúns, cuxo importe non poderá ser inferior ao fixado para o exercicio inmediatamente anterior para esa categoría profesional, incrementado na mesma porcentaxe experimentada no presente exercicio polo tope máximo de cotización a que se refire o punto un.1, nin superior á cantidade resultante de elevar á contía anual o citado tope máximo e dividilo polos días naturais do exercicio en curso.

2. O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións fixará a contía das bases normalizadas, mediante a aplicación das regras previstas no número anterior.

Nove. Base de cotización á Seguridade Social durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo e durante a percepción da prestación por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

1. Durante a percepción da prestación por desemprego por extinción da relación laboral, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos cales exista obrigación legal de cotizar será a base reguladora da prestación por desemprego, determinada segundo o establecido no artigo 270.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, con respecto, en todo caso, do importe da base mínima por contingencias comúns prevista para cada categoría profesional e, para efectos das prestacións de Seguridade Social, esta base terá consideración de base de contingencias comúns.

Durante a percepción da prestación por desemprego por suspensión temporal da relación laboral ou por redución temporal de xornada, xa sexa por decisión do empresario ao abeiro do establecido no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, ou en virtude de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos cales exista obrigación legal de cotizar será equivalente á media das bases dos últimos seis meses de ocupación cotizada, por contingencias comúns e por contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento en que cesou a obrigación legal de cotizar.

O restablecemento da prestación por desemprego, nos supostos de suspensión do dereito, suporá o restablecemento da obrigación de cotizar pola base de cotización indicada nos parágrafos anteriores correspondente ao momento do nacemento do dereito.

Cando se extingue o dereito á prestación por desemprego e, en aplicación do artigo 269.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, o traballador opte por reabrir o dereito inicial, a base de cotización á Seguridade Social será a base reguladora

da prestación por desemprego correspondente ao momento do nacemento do dereito inicial polo cal se opta.

Durante a percepción da prestación só se actualizará a base de cotización indicada nos parágrafos anteriores cando resulte inferior á base mínima de cotización á Seguridade Social vixente en cada momento que corresponda ao grupo de cotización do traballador no momento de producirse a situación legal de desemprego e até o dito tope.

2. Durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo, se corresponde cotizar no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social, a base de cotización será a fixada con carácter xeral no parágrafo 1 deste punto.

3. Durante a percepción da prestación por desemprego, se corresponde cotizar no réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón, a base de cotización será a normalizada vixente que corresponda á categoría ou especialidade profesional do traballador no momento de producirse a situación legal de desemprego.

A base de cotización actualizarase conforme a base vixente en cada momento que corresponda ao grupo de cotización ou categoría ou especialidade profesional do traballador no momento de producirse a situación legal de desemprego.

4. Durante a percepción da prestación económica por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, a base de cotización á Seguridade Social ao réxime correspondente será a base reguladora da dita prestación, determinada segundo o establecido no artigo 339 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, con respecto, en todo caso, do importe da base mínima ou base única de cotización prevista no correspondente réxime.

Aqueles colectivos que, conforme a normativa reguladora da cotización á Seguridade Social, durante a actividade coticen por unha base inferior á base mínima ordinaria de cotización para os traballadores por conta propia ou autónomos cotizarán por unha base de cotización reducida durante a percepción da prestación por cesamento de actividade.

Dez. Cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial, formación profesional e cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

A cotización polas contingencias de desemprego, Fondo de Garantía Salarial, formación profesional e por cesamento de actividade levarase a cabo, a partir do 1 de xaneiro de 2021, de acordo co que a continuación se sinala:

1. A base de cotización para desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional en todos os réximes da Seguridade Social que as teñan cubertas será a correspondente ás contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Ás bases de cotización para desemprego no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar seralles tamén de aplicación o disposto no artigo 11 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, sen prexuízo do sinalado no punto sete.

As bases de cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional dos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social serán as fixadas no punto tres.1 e 2, segundo a modalidade de cotización por contingencias profesionais que corresponda a cada traballador.

A base de cotización por desemprego dos contratos para a formación e a aprendizaxe será a base mínima correspondente ás contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

A base de cotización correspondente á protección por cesamento de actividade dos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e dos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios establecido no citado réxime especial será aquela pola cal optasen os traballadores incluídos en tales réxime e sistema especiais.

No réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, a base de cotización por cesamento de actividade dos traballadores por conta propia incluídos no

grupo primeiro será igualmente aquela pola cal optasen. Para os traballadores por conta propia incluídos nos grupos segundo e terceiro, a base de cotización estará determinada mediante orde do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e seranlles de aplicación os coeficientes correctores a que se refire o artigo 11 da Lei 47/2015, do 21 de outubro.

2. A partir do 1 de xaneiro de 2021, os tipos de cotización serán os seguintes:

A) Para a continxencia de desemprego:

a) Contratación indefinida, incluídos os contratos indefinidos a tempo parcial e fixos discontinuos, así como a contratación de duración determinada nas modalidades de contratos formativos en prácticas e para a formación e a aprendizaxe, de remuda, interinidade e contratos, calquera que sexa a modalidade utilizada, realizados con traballadores discapacitados: o 7,05 por cento, do cal o 5,50 por cento será por conta do empresario e o 1,55 por cento por conta do traballador.

b) Contratación de duración determinada:

1.º Contratación de duración determinada a tempo completo: o 8,30 por cento, do cal o 6,70 por cento será por conta do empresario e o 1,60 por cento por conta do traballador.

2.º Contratación de duración determinada a tempo parcial: o 8,30 por cento, do cal o 6,70 por cento será por conta do empresario e o 1,60 por cento por conta do traballador.

O tipo de cotización para os traballadores por conta allea de carácter eventual, incluídos no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social, será o fixado no inciso 1.º da letra b) anterior para a contratación de duración determinada a tempo completo, salvo cando sexa de aplicación o tipo de cotización previsto na letra a) anterior, para contratos concretos de duración determinada ou para traballadores discapacitados.

B) Para a cotización ao Fondo de Garantía Salarial, o 0,20 por cento por conta exclusiva da empresa.

O tipo aplicable para a cotización ao Fondo de Garantía Salarial no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social será o 0,10 por cento, que será por conta exclusiva da empresa.

C) Para a cotización por formación profesional, o 0,70 por cento, do cal o 0,60 por cento será por conta da empresa e o 0,10 por cento por conta do traballador.

O tipo aplicable para a cotización por formación profesional no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social será o 0,18 por cento, do cal o 0,15 por cento será por conta da empresa e o 0,03 por cento por conta do traballador.

Respecto dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, o tipo aplicable será o 0,10 por cento.

D) Para a protección por cesamento de actividade, os tipos de cotización serán os seguintes:

a) Do 0,90 por cento, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

b) Do 2,2 por cento, no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios establecido no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, para aqueles traballadores que se acollan voluntariamente a esta protección.

Once. Cotización nos contratos para a formación e a aprendizaxe.

As cotas por contingencias comúns por conta do empresario e por conta do traballador, por contingencias profesionais, por desemprego e ao Fondo de Garantía Salarial dos contratos para a formación e a aprendizaxe incrementaranse, desde o 1 de xaneiro de 2021, e respecto das contías vixentes en 31 de decembro de 2020, na mesma porcentaxe en que aumente a base mínima do réxime xeral da Seguridade Social.

Doce. Especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos bombeiros.

En relación cos bombeiros a que se refire o Real decreto 383/2008, do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por contingencias comúns, tanto para a empresa como para o traballador.

A partir do 1 de xaneiro de 2021, o tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 10,60 por cento, do cal o 8,84 por cento será por conta da empresa e o 1,76 por cento por conta do traballador.

Trece. Especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos membros do corpo da Ertzaintza.

En relación cos membros do corpo da Ertzaintza a que se refire a disposición adicional vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por contingencias comúns, tanto para a empresa como para o traballador.

A partir do 1 de xaneiro de 2021, o tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 10,60 por cento, do cal o 8,84 por cento será por conta da empresa e o 1,76 por cento por conta do traballador.

Catorce. Especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos membros da Policía local ao servizo das entidades locais.

En relación cos membros da Policía local ao servizo das entidades locais a que se refire o Real decreto 1449/2018, do 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por contingencias comúns, tanto para a empresa como para o traballador.

A partir do 1 de xaneiro de 2021, o tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 10,60 por cento, do cal o 8,84 por cento será por conta da empresa e o 1,76 por cento por conta do traballador.

Quince. Salvo o establecido nos puntos anteriores, en ningún caso e por aplicación do artigo 19 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social as bases mínimas ou únicas de calquera dos réximes que integran o sistema da Seguridade Social poderán ser inferiores á base mínima do réxime xeral da Seguridade Social.

Dezaseis. Durante o ano 2021, a base de cotización por todas as contingencias dos empregados públicos encadrados no réxime xeral da Seguridade Social aos cales lles fose de aplicación o establecido na disposición adicional sétima do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, en canto permaneza a súa relación laboral ou de servizo, será coincidente coa do mes de decembro de 2010, salvo que por razón das retribucións que percibisen poida corresponder unha de maior contía; neste caso, será esta pola que se efectuará a cotización mensual.

Para os efectos do indicado no parágrafo anterior, da base de cotización correspondente ao mes de decembro de 2010 deduciranse, de ser o caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade na súa devindicación superior á

mensual ou que non teñan carácter periódico e que integrasen a dita base sen ter sido obxecto de rateo.

Dezasete. Facúltanse o ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e a ministra de Traballo e Economía Social para ditar as normas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto neste artigo.

Artigo 120. *Cotización a dereitos pasivos e ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2021.*

Un. A partir do mes seguinte á entrada en vigor da presente lei, os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, xestionado pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (Muface) a que se refire o texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada na alínea h) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización dos funcionarios en activo e asimilados integrados en Muface fíxase no 1,69 por cento sobre os haberes reguladores vixentes no ano 2020 para os efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 0,9 por cento.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 35 do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, representará o 6,83 por cento dos haberes reguladores vixentes no ano 2020 para os efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 0,9 por cento. Do dito tipo do 6,83, o 4,10 corresponde á achega do Estado por activo e o 2,73 á achega por pensionista exento de cotización.

Dous. A partir do mes seguinte á entrada en vigor da presente lei, os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, xestionado polo Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS), a que se refire o texto refundido da Lei sobre seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 9, salvo a indicada na alínea f) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización e de achega do persoal militar en activo e asimilado integrado en ISFAS fíxase no 1,69 por cento sobre os haberes reguladores vixentes no ano 2020 para os efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 0,9 por cento.

2. A contía da achega do Estado regulada no artigo 30 do texto refundido da Lei sobre seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño, representará o 10,74 por cento dos haberes reguladores vixentes o ano 2020 para os efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 0,9 por cento. Do dito tipo do 10,74, o 4,10 corresponde á achega do Estado por activo e o 6,64 á achega por pensionista exento de cotización.

Tres. A partir do mes seguinte á entrada en vigor da presente lei, os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios da Administración de xustiza, xestionado pola Mutualidade Xeral Xudicial (Muxexu), a que se refire o texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial de Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada na alínea f) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización do persoal da Administración de xustiza en activo e asimilado, integrado en Muxexu, fíxase no 1,69 por cento sobre os haberes reguladores

vixentes no ano 2020 para os efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 0,9 por cento.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 23 do Real decreto legislativo 3/2000, representará o 5,20 por cento dos haberes reguladores vixentes no ano 2020 para os efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 0,9 por cento. Do dito tipo do 5,20, o 4,10 corresponde á achega do Estado por activo e o 1,10 á achega por pensionista exento de cotización.

Catro. Durante o ano 2021, de acordo coas previsións establecidas nos puntos anteriores, o importe da cota de dereitos pasivos e da correspondente ás mutualidades xerais de funcionarios, respecto do persoal incluído no ámbito de cobertura do réxime de clases pasivas do Estado e dos réximes especiais de funcionarios, determinarase mediante a aplicación do tipo porcentual do 3,86 por cento e do 1,69 por cento, respectivamente, sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2020 para os efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 0,9 por cento, e que se consignan a continuación:

Cotas mensuais de dereitos pasivos dos funcionarios civís do Estado, do persoal das Forzas Armadas, dos membros das carreiras xudicial e fiscal, dos do corpo de letrados da Administración de xustiza e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza.

Grupo/Subgrupo EBEP	Cota mensual en euros
A1.	112,91
A2.	88,86
B.	77,81
C1.	68,25
C2.	53,99
E (Lei 30/1984 e agrupacións profesionais (EBEP).	46,03

Cotas mensuais de cotización á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, ao Instituto Social das Forzas Armadas e á Mutualidade Xeral Xudicial.

Grupo/Subgrupo EBEP	Cota mensual en euros
A1.	49,43
A2.	38,91
B.	34,06
C1.	29,88
C2.	23,64
E (Lei 30/1984 e agrupacións profesionais (EBEP).	20,16

As citadas contías mensuais aboaranse dobremente nos meses de xuño e decembro.

Coa excepción establecida no último inciso do parágrafo primeiro do artigo 23.1 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, e de acordo co disposto nel, o persoal militar profesional que non sexa de carreira e o persoal militar das escalas de complemento e reserva naval aboará as cotas mensuais de dereitos pasivos minoradas ao cincuenta por cento.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

I

Disposición adicional primeira. *Concesión de subvencións ou subscrición de convenios con comunidades autónomas.*

Un. A partir da entrada en vigor desta lei, a concesión de subvencións ou subscrición de convenios por parte de calquera dos suxeitos que integran o subsector Administración central ou subsector administracións da Seguridade Social, a que se refire o artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coa Administración dunha comunidade autónoma, definida nos termos do citado artigo, cando comporten unha transferencia de recursos dos subsectores da Administración central ou administracións da Seguridade Social á comunidade autónoma interveniente e/ ou impliquen un compromiso de realización de gastos desta última, precisarán con carácter previo á súa autorización informe favorable, preceptivo e vinculante do Ministerio de Facenda.

Dous. Respecto dos convenios subscritos e en execución, non procederá a súa prórroga ou modificación sen o informe previo favorable do Ministerio de Facenda.

Así mesmo, a modificación da concesión de subvencións, nos casos en que así estea previsto na súa normativa reguladora, non procederá sen o informe previo favorable do Ministerio de Facenda.

Tres. O informe do Ministerio de Facenda a que se fai referencia nos puntos anteriores será emitido pola Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, que terá en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- a) O efecto respecto do déficit ou a débeda pública que poida derivar da subvención ou do convenio, así como o seu obxecto.
- b) A forma de financiamento do gasto que se propón.
- c) Procedemento de concesión no caso de subvencións, incluídos os convenios que se subscriban para canalizar a colaboración entre administracións no curso da tramitación ou execución dunha subvención.

Catro. Con carácter previo ao acordo da Conferencia sectorial sobre distribución de créditos, regulado no artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos emitirá informe preceptivo e vinculante en que valorará os criterios previstos no punto tres desta disposición adicional.

Cinco. O establecido nos puntos anteriores non resultará de aplicación ás subvencións, convenios ou distribución de créditos entre comunidades autónomas en virtude do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, cuxa orixe sexan os créditos dotados no servizo 50 «Mecanismo de recuperación e resiliencia» de cada sección, así como o resto dos créditos vinculados ao Mecanismo de recuperación e resiliencia consignados nos orzamentos de gastos das entidades referidas nos ordinais 2.º, 3.º e 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei, e os dotados no Ministerio de Sanidade no seu servizo 51 «Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (React-EU)».

Nos ditos casos, o informe previo do Ministerio de Facenda a que se refiren os puntos anteriores desta disposición adicional será substituído por unha comunicación preceptiva e previa ao Ministerio de Facenda, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, que incorpore a información relativa á actuación que se vai realizar.

Disposición adicional segunda. *Préstamos e anticipos financiados con cargo aos orzamentos xerais do Estado.*

Coa finalidade de atender o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a concesión de préstamos e anticipos financiados directa ou

indirectamente con cargo ao capítulo 8 dos orzamentos xerais do Estado axustarase ás seguintes normas:

a) Salvo autorización expresa da ministra de Facenda, non se poderán conceder préstamos e anticipos ao tipo de xuro inferior ao da débeda emitida polo Estado en instrumentos con vencemento similar.

No suposto de préstamos e anticipos que se concedan a través de procedementos de concorrencia competitiva, o citado requisito deberá cumprirse no momento anterior á aprobación da convocatoria.

A determinación do tipo de xuro deberá quedar xustificada no expediente polo correspondente órgano xestor. Nos supostos en que non sexa posible unha relación directa coa referencia indicada, xuntarase informe da Secretaría Xeral de Tesouro e Financiamento Internacional.

Esta norma non será de aplicación aos seguintes casos:

- Anticipos que se concedan ao persoal.
- Anticipos reembolsables con fondos comunitarios.
- Préstamos ou anticipos cuxo tipo de xuro se regule en normas de rango legal.

b) Os beneficiarios dos préstamos ou anticipos deberán acreditar que se encontran ao día no pagamento das obrigacións de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Corresponde ao centro xestor do gasto comprobar o cumprimento de tales condicións con anterioridade ao pagamento, que exixirá, cando non poida acreditarse doutro modo, unha declaración responsable do beneficiario ou certificación do órgano competente se este for unha Administración pública.

Disposición adicional terceira. Imputación das operacións de gasto do orzamento prorrogado aos orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2021.

Un. As operacións de gasto realizadas con cargo ao orzamento prorrogado imputaranse aos créditos autorizados pola presente lei. Cando nos orzamentos xerais do Estado para 2021 non haxa o mesmo crédito que no orzamento prorrogado ou, habéndoo, a súa dotación resulte insuficiente para imputar as correspondentes operacións de gasto aos créditos do departamento ministerial ou organismo do sector público administrativo estatal, observarse o procedemento que se indica nos puntos seguintes desta disposición.

Este procedemento será tamén aplicable a aqueles compromisos de gasto e outras operacións imputadas ao orzamento prorrogado para 2020 que, de acordo coa normativa vixente, se deberían ter rexistrado no orzamento prorrogado para 2021 pero non se efectuou a dita imputación.

Dous. A oficina de contabilidade obterá unha relación daquelas operacións que non se puidesen imputar aos créditos orzamentarios do orzamento de 2021 coa especificación dos distintos expedientes afectados, que remitirá ao respectivo servizo xestor coa indicación de que no prazo de trinta días deberá comunicar á dita oficina as actuacións que haxa que realizar con respecto ás operacións pendentes de rexistro contable incluídas na relación.

Tres. Se esas actuacións comportan anulacións de operacións ou reaxustes de anualidades, o servizo xestor deberá remitir os xustificantes e documentos contables que as acrediten.

Catro. Se as citadas actuacións supoñen a tramitación de expedientes de modificacións orzamentarias, e estes non se aprobaron antes da finalización do prazo de trinta días citado anteriormente, o servizo xestor deberá comunicar á oficina de contabilidade, excepto no caso de que se acredite o inicio de expedientes de transferencias de crédito, as retencións de crédito que deberán ser rexistradas noutros créditos do seu orzamento por un importe igual ao das operacións pendentes de rexistro. O servizo xestor aplicará tales retencións de crédito aos créditos cuxa minoración ocasione menos trastornos para o servizo público. Unha vez aprobadas as modificacións orzamentarias e

imputadas as operacións pendentes de rexistro, efectuarase a anulación das anteriores retencións de crédito.

Cinco. Se, cumprido o citado prazo dos trinta días, o servizo xestor non comunicou á oficina de contabilidade as actuacións que hai que realizar con respecto ás operacións pendentes de rexistro contable, a dita oficina de contabilidade rexistrará de oficio as retencións de crédito por un importe igual ao das ditas operacións. Estas retencións de crédito aplicaranse aos créditos que a oficina de contabilidade determine, preferentemente dentro do mesmo capítulo e programa do orzamento a que correspondan. A oficina de contabilidade comunicará ao servizo xestor as retencións de crédito realizadas de oficio.

Seis. Até o momento en que se determinen as actuacións definitivas relativas ás operacións pendentes de rexistro, o servizo xestor poderá solicitar á oficina de contabilidade a anulación das retencións de crédito indicadas nos puntos anteriores, sempre que simultaneamente a dita oficina rexistre novas retencións de crédito, de acordo coa comunicación recibida do servizo xestor, por un importe igual ao das retencións de crédito que se vaian anular, co fin de que queden retidos os créditos naquelas dotacións cuxa minoración ocasione menos trastornos para o servizo público.

Sete. O rexistro no sistema de información contable das retencións de crédito e das anulacións de retencións de crédito a que se refiren os puntos catro, cinco e seis anteriores realizarano as oficinas de contabilidade, para os efectos de poder efectuar o control efectivo da imputación definitiva de todas as operacións pendentes de rexistro.

Oito. As modificacións orzamentarias que determine o Ministerio de Facenda, realizadas até a entrada en vigor da presente lei, terán efectividade nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021. As modificacións aplicaranse segundo a estrutura orzamentaria incorporada aos estados de ingresos e gastos desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Préstamos e anticipos da política de investigación, desenvolvemento, innovación e dixitalización.*

Durante a vixencia destes orzamentos, a concesión de préstamos e anticipos con cargo a créditos da política 46 «Investigación, desenvolvemento, innovación e dixitalización» non requirirá da autorización prevista na letra a) do punto un da disposición adicional segunda «Préstamos e anticipos financiados con cargo aos orzamentos xerais do Estado» desta lei, cando o tipo de xuro aplicable aos préstamos e anticipos sexa igual ou superior ao tipo de xuro euríbor a un ano publicado polo Banco de España correspondente ao mes anterior á aprobación da súa convocatoria ou, de ser o caso, ao mes anterior á súa concesión.

Disposición adicional quinta. *Préstamos do Estado á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.*

Durante a vixencia destes orzamentos, anualmente, co obxecto de proporcionar cobertura adecuada ás obrigacións da Seguridade Social e posibilitar o seu equilibrio orzamentario, o Goberno, logo de informe da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, poderá autorizar a concesión por parte do Estado de préstamos á Tesouraría Xeral da Seguridade Social por un importe de até 13.830.090,00 miles de euros.

Estes préstamos non devindicarán xuros e a súa cancelación producirase nun prazo máximo de dez anos, contados a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte ao da súa concesión.

Disposición adicional sexta. *Absorción de fondos Feder.*

Para asegurar a correcta absorción do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), para o período 2014-2020, da contía total prevista para a concesión de subvencións e axudas financiadas con cargo aos créditos orzamentarios consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital», da sección 28 «Ministerio de Ciencia e Innovación»,

para a seguinte entidade e programas: entidade 303 «Axencia Estatal de Investigación», programa 463B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica», reservaranse 85.000,00 miles de euros para financiar no exercicio 2021 as actuacións cofinanciadas polo Feder. Coa mesma finalidade, reservaranse outros 85.000,00 miles de euros no capítulo 7 «Transferencias de capital» da sección 28 «Ministerio de Ciencia e Innovación», para que dote os seus órganos encargados da xestión do Feder con aquelas contías que permitan optimizar a absorción dos fondos Feder destinados a este programa.

Desas cantidades dedicárase ao menos o 40 % para financiar actuacións nas rexións incluídas nas alíneas b) e c) do artigo 120 do Regulamento 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Feder, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP.

Na execución orzamentaria do gasto derivado destas novas convocatorias ou actuacións, así como no derivado de convocatorias ou actuacións de exercicios anteriores, deberá clasificarse rexionalmente o gasto mediante a formalización da documentación complementaria prevista na normativa reguladora de xestión contable, co fin de posibilitar o seguimento do previsto neste artigo pola intervención delegada competente.

Así mesmo, destinarase para a dita finalidade a dotación de 30.000,00 miles de euros consignada na aplicación 28.08.467C.749.07 «Ao CDTI para proxectos de I+D+I empresarial cofinanciados polo Feder», cuxo crédito se librará na medida en que o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI) xustifique o gasto realizado nos proxectos cofinanciados polo Feder.

Para tal efecto, nas convocatorias ou actuacións a que se apliquen estes créditos, o organismo ou entidade responsable informará do importe destinado a financiar operacións nas diferentes rexións.

Disposición adicional sétima. *Fondo de Axuda para Persoas máis Desfavorecidas (FEAD).*

Con vixencia até o ano 2022, e debido á súa especial finalidade, as axudas derivadas do Programa de axuda aos máis desfavorecidos e financiadas polo Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) terán o mesmo réxime de anticipos por parte do Tesouro que o establecido no artigo 82 da Lei 47/2003, do 26 de novembro de 2003, xeral orzamentaria, para as operacións financiadas por fondos Feaga e Feader.

A cantidade máxima anual que se anticipará será de 100 millóns de euros. As cantidades dispostas deberán ser reintegradas nun prazo inferior a seis meses desde a súa efectiva disposición.

Disposición adicional oitava. *Traspaso do remanente de tesouraría afectado ao remanente de libre disposición do organismo autónomo Instituto Nacional de Administración Pública.*

Autorízase o organismo autónomo Instituto Nacional de Administración Pública, dependente do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, a traspasar da parte afectada do remanente de tesouraría ao seu compoñente non afectado nos importes non utilizados ao final do exercicio 2020, até un límite máximo de 500.140,00 euros, dos fondos destinados á execución dos plans de formación para o emprego asignados ao INAP como promotor e dos destinados ás actividades complementarias que teñan relación co programa de formación para o emprego nas administracións públicas.

Disposición adicional novena. *Xeración de crédito destinada á atención de gastos de cuñaxe, retirada e desmonetización de moeda metálica financiada cos ingresos procedentes da emisión e posta en circulación de moeda metálica.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, os ingresos procedentes da emisión e posta en circulación de moeda metálica poderán xerar crédito na aplicación orzamentaria 27.04.923O.227.08 con destino ao financiamento das

actividades de cuñaxe, retirada e desmonetización de moeda metálica, até o importe dos gastos efectuados por estas actividades, incluídos os pendentes de aplicación de exercicios anteriores. A aprobación desta xeración de crédito é competencia da persoa titular do Ministerio de Facenda.

Disposición adicional décima. *Reintegro de axudas para a formación do profesorado universitario.*

Os ingresos que se produzan durante o exercicio orzamentario, derivados das devolucións e reintegros de bolsas e axudas para formación, perfeccionamento e mobilidade de profesores, incluído o pagamento de primas de seguros dos beneficiarios concedidas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, polo Ministerio de Ciencia e Innovación ou polo Ministerio de Universidades, nas distintas convocatorias realizadas polos ditos departamentos ministeriais conforme o disposto na Orde ECD/1619/2013, do 4 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións nos ámbitos dos subprogramas de formación e mobilidade do Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade, do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016, ou na Orde CNU/692/2019, do 20 de xuño, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas no marco do Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade en I+D+i do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2017-2020 destinadas a persoas físicas e organismos de investigación e de difusión de coñecementos, poderán xerar crédito na aplicación orzamentaria 33.03.463A.788 do estado de gastos ou na aplicación orzamentaria que a substitúa.

Disposición adicional décimo primeira. *Reintegro de bolsas e axudas ao estudo personalizadas.*

Os ingresos derivados dos reintegros de bolsas e axudas ao estudo personalizadas concedidas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional nas distintas convocatorias realizadas por este departamento ministerial conforme o disposto no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, que se produzan durante o exercicio orzamentario poderán xerar crédito na aplicación 18.08.323M.482.00 do estado de gastos, por resolución do titular do departamento ministerial.

Disposición adicional décimo segunda. *Reintegro de subvencións financiadas cos créditos asociados á política 46 «Investigación, desenvolvemento, innovación e dixitalización».*

Os ingresos que se produzan durante o exercicio orzamentario derivados das devolucións e reintegros de subvencións financiadas en todo ou en parte cos créditos asociados á política 46 «Investigación, desenvolvemento, innovación e dixitalización», en execución do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación, poderán xerar crédito nas aplicacións orzamentarias dos capítulos 4 e 7 no orzamento dos organismos e entidades con orzamento limitativo que sexan axentes de financiamento do Sistema estatal de investigación, desenvolvemento e innovación, correspondentes a convocatorias públicas de subvencións; para aprobar a xeración de crédito será competente a persoa titular do Ministerio de Facenda.

Disposición adicional décimo terceira. *Xeración de crédito en atención a ingresos pola taxa pola xestión administrativa do xogo.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, a contía da taxa pola xestión administrativa do xogo cuxo feito impositivo e contía se establecen respectivamente nos puntos 2, letra f), e 5, letra f), do artigo 49 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, poderá servir de base, unha vez certificado o seu ingreso, á

xeración do crédito correspondente para o cumprimento das finalidades establecidas nos ditos preceptos.

Disposición adicional décimo cuarta. *Subvencións estatais anuais para gastos de funcionamento e de seguridade de partidos políticos para 2021.*

Conforme o previsto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, durante o ano 2021 a subvención estatal para gastos de funcionamento a partidos políticos (aplicación orzamentaria 16.01.924M.485.01 «Financiamento a partidos políticos») ascenderá a 52.704,14 miles de euros e a asignación anual a partidos políticos para gastos de seguridade (aplicación orzamentaria 16.01.924M.484 «Asignación anual a partidos políticos para sufragar gastos de seguridade») ascenderá a 2.706,20 miles de euros.

Disposición adicional décimo quinta. *Apoio financeiro ás actuacións en parques científicos e tecnolóxicos.*

As entidades promotoras de parques científicos e tecnolóxicos que acrediten encontrarse nunha situación financeira que lles impida cumprir coas correspondentes obrigacións de pagamento poderán solicitar o refinanciamento das cotas con vencemento no ano 2021, ou en anos anteriores, derivadas de préstamos concedidos en virtude das convocatorias xestionadas exclusivamente polo Ministerio de Ciencia e Innovación (ou polo ministerio competente en materia de investigación, desenvolvemento e innovación en anos anteriores) desde o ano 2000.

Así mesmo, inclúense as cotas derivadas dos aprazamentos ou refinanciamientos concedidos en virtude da disposición adicional cuadraxésimo oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011; da disposición adicional trixésimo quinta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012; da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013; da disposición adicional trixésimo quinta da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014; da disposición adicional cuadraxésimo primeira da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015; da disposición adicional centésimo vixésimo primeira da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017; da disposición adicional única do Real decreto lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no ámbito da ciencia, a tecnoloxía, a innovación e a universidade, e disposición adicional décimo segunda do Real decreto Lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego.

O refinanciamento poderá ser concedido polo Ministerio de Ciencia e Innovación, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda, consonte as seguintes condicións:

1. Respetaranse os límites de intensidade de axuda en materia de axudas do Estado dos préstamos orixinais.

2. Constituirase un novo préstamo cuxo principal será a suma das cotas refinanciáveis, capitalizadas ao tipo de xuro que se aplicou na concesión do préstamo orixinario de cada cota. O novo préstamo terá un prazo de amortización de vinte e cinco anos, con cinco anos de carencia e cotas anuais constantes.

O importe do novo préstamo que se constituía deberase destinar á cancelación dos dereitos recoñecidos na contabilidade da Administración xeral do Estado en relación coas cotas xa vencidas que se refinancian, así como do resto da débeda que se refinancie.

Se se acorda o refinanciamento de cotas que se encontren en período executivo de pagamento, xestionado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, o Ministerio de Ciencia e Innovación emitirá a orde de cancelación do cargo coa finalidade de evitar a continuación do procedemento executivo sobre elas.

3. En todo caso, o refinanciamento das cotas de amortización requirirá, por parte da entidade promotora, dun plan de viabilidade e dun informe sobre as actuacións científico-

técnicas e da actividade innovadora desenvolvida polo parque, así como plans de mellora, que serán presentados pola entidade ante o Ministerio de Ciencia e Innovación con carácter previo á concesión do refinanciamento.

4. As cotas refinanciadas devindicarán o tipo de xuro da débeda emitida polo Estado en instrumentos con vencemento similar. No caso de que o tipo de xuro da dita débeda fose negativo, o novo préstamo terá un tipo de xuro cero e non devindicará xuros nin a favor do Estado nin das solicitantes da moratoria.

5. Deberanse achegar as garantías adicionais que en cada caso se determinen.

6. No caso de entidades do sector público, a Administración a que a entidade pertenza deberá asumir subsidiariamente o pagamento da débeda cuxo refinanciamento se solicita. As cotas refinanciadas e non atendidas poderán ser obxecto de compensación con calquera pagamento que se deba realizar desde o Estado á citada administración.

Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Ciencia e Innovación poderán ditarse as instrucións que sexan precisas para o cumprimento desta disposición.

Disposición adicional décimo sexta. *Porcentaxe de afectación a fins dos recursos obtidos pola Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.*

Durante a vixencia destes orzamentos, establécese que a porcentaxe anual obxecto de afectación aos fins sinalados no punto 3 da disposición adicional sexta da Lei de axuízamento criminal e desenvolvidos no artigo 2 do Real decreto 948/2015, do 23 de outubro, polo que se regula a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, será do 50 por cento dos recursos obtidos pola Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

II

Disposición adicional décimo sétima. *Militares de tropa e mariñeiría.*

Os cadros de persoal máximos de militares de tropa e mariñeiría alcanzables o 31 de decembro de cada exercicio non poderán superar os 79.000 efectivos.

Autorízase o Ministerio de Defensa para iniciar os procesos de selección e recrutamento a partir da aprobación da presente lei.

Disposición adicional décimo oitava. *Oferta de emprego público para o acceso ás carreiras xudicial e fiscal.*

En 2021, a oferta de emprego público para o acceso ás carreiras xudicial e fiscal non poderá superar o límite máximo de 240 prazas, que se destinarán á mellora do servizo público da xustiza e á cobertura das necesidades da Administración de xustiza.

Estas prazas supoñen a concreción das dispoñibilidades orzamentarias a que se refire o artigo 306.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Disposición adicional décimo novena. *Persoal docente nos centros universitarios da Defensa e da Garda Civil.*

Os centros universitarios da Defensa e da Garda Civil poderán proceder, logo de autorización conxunta dos ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Política Territorial e Función Pública, á contratación temporal de persoal docente para a impartición dos correspondentes títulos de grao, conforme as modalidades previstas nos artigos 49, 50, 53 e 54 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, con respecto ás previsións desta lei e das sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado sobre a contratación de persoal temporal.

Disposición adicional vixésima. *Contratación de persoal das sociedades mercantís públicas e das entidades públicas empresariais.*

Un. 1. As sociedades mercantís públicas e as entidades públicas empresariais a que se refire o artigo 18, punto un, desta lei poderán contratar novo persoal coas limitacións e requisitos establecidos na presente disposición.

2. As indicadas limitacións non serán de aplicación cando se trate de contratación de persoal, funcionario ou laboral, cunha relación preexistente fixa e indefinida no sector público estatal, autonómico ou local en que, respectivamente, estea incluída a correspondente entidade pública empresarial ou sociedade mercantil, así como, naqueles ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura, a reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, até o momento da celebración do contrato, a asignación por dispoñibilidade na contía e condicións previstas no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e marifeiría. Os contratos celebrados ao abeiro do establecido neste punto xerarán dereito a seguir percibindo, desde a data da súa celebración, o complemento de antigüidade na mesma contía que se viña percibindo no departamento ministerial, organismo público, sociedade, fundación ou consorcio de procedencia.

3. Non se poderá contratar persoal temporal, excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, ou cando sexa nos termos do artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

4. As sociedades mercantís públicas e as entidades públicas empresariais que xestionen servizos públicos ou realicen actividades dos enumerados no artigo 19.un.3 terán unha taxa de reposición do 110 por cento, nos mesmos termos establecidos no dito precepto, sempre que quede xustificada a necesidade desa taxa para a adecuada prestación do servizo ou realización da actividade. Nos demais casos a taxa será do 100 por cento. A determinación da taxa de reposición levarase a cabo seguindo as regras do artigo 19.

Dous. 1. Nas sociedades mercantís e nas entidades públicas empresariais estatais, a contratación indefinida ou temporal de persoal requirirá autorización conxunta dos ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Política Territorial e Función Pública. Para a contratación indefinida requirirase, ademais, informe previo favorable do accionista maioritario.

2. Para os efectos de obter autorización para a contratación temporal, no primeiro semestre do ano as sociedades e entidades públicas empresariais deberán remitir aos ditos ministerios, a través do accionista maioritario, ou do ministerio ou organismo autónomo de que dependan, unha relación das necesidades previstas para o exercicio, sen prexuízo de poder solicitar posteriormente autorización para aquelas contratacións cuxa necesidade se suscite no curso do exercicio.

3. A Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública poderá establecer bases ou criterios de actuación comúns nos procesos selectivos, co fin de facer efectiva a aplicación dos principios de libre concorrencia, igualdade, publicidade, mérito e capacidade, así como a implantación do procedemento electrónico.

4. As sociedades mercantís e entidades públicas empresariais estatais deberán remitir ao Ministerio de Facenda, xunto coa solicitude de informe da masa salarial, información relativa a todo o persoal temporal que prestou servizos no exercicio anterior, detallando o número de xornadas anualizadas e o seu custo.

Tres. Excepcionalmente, os ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Política Territorial e Función Pública, poderán autorizar, por riba dos límites anteriormente sinalados, as contratacións que resulten necesarias para dar cumprimento a aqueles instrumentos de planificación estratéxicos que sexan aprobados polo accionista maioritario

e que recibisen o informe favorable da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Catro. O establecido no punto un desta disposición adicional ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Contratación de persoal de fundacións do sector público.*

Un. 1. As fundacións do sector público poderán contratar novo persoal coas limitacións e requisitos establecidos na presente disposición.

2. As citadas limitacións non serán de aplicación cando se trate de contratacións de persoal, funcionario ou laboral, cunha relación preexistente fixa e indefinida no sector público estatal, autonómico ou local no cal, respectivamente, estea incluída a correspondente fundación do sector público, así como, naqueles ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura, a reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, até o momento da celebración do contrato, a asignación por dispoñibilidade na contía e condicións previstas no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría. Os contratos celebrados ao abeiro do establecido neste punto xerarán dereito, desde a data da súa celebración, a seguir percibindo o complemento de antigüidade na mesma contía que se viña percibindo no departamento ministerial, organismo público, sociedade, fundación ou consorcio de procedencia.

3. Non se poderá contratar persoal temporal, excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

4. As fundacións que xestionen servizos públicos ou realicen actividades dos enumerados no artigo 19.un.3 terán unha taxa de reposición do 110 por cento nos mesmos termos establecidos no dito precepto, sempre que quede xustificada a necesidade da taxa para a adecuada prestación do servizo ou para a realización da actividade. Nos demais casos a taxa será do 100 por cento. A determinación da taxa de reposición levarase a cabo seguindo as regras do artigo 19.

Dous. 1. Nas fundacións do sector público estatal a contratación indefinida ou temporal de persoal requirirá autorización conxunta dos ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Política Territorial e Función Pública.

2. Para os efectos de obter autorización para a contratación temporal, no primeiro semestre do ano, o órgano competente do departamento ou entidade de adscrición da fundación deberá remitir unha relación das necesidades previstas para o exercicio, sen prexuízo de poder solicitar posteriormente autorización para aquelas contratacións cuxa necesidade se suscite no curso do exercicio.

3. A Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública poderá establecer bases ou criterios de actuación comúns nos procesos selectivos, co fin de facer efectiva a aplicación dos principios de libre concorrencia, igualdade, publicidade, mérito e capacidade, así como a implantación do procedemento electrónico.

4. As fundacións do sector público estatal deberán remitir ao Ministerio de Facenda, xunto coa solicitude de informe da masa salarial, información relativa a todo o persoal temporal que prestou servizos no exercicio anterior, detallando o número de xornadas anualizadas e o seu custo.

Tres. O establecido no punto un desta disposición adicional ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Contratación de persoal dos consorcios do sector público.*

Un. 1. Os consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público, definido no artigo 18, punto un, que, consonte a lexislación aplicable, poidan contratar persoal propio e que xestionen servizos públicos ou realicen actividades dos enumerados no artigo 19.un.3 terán unha taxa de reposición

do 110 por cento, nos mesmos termos establecidos no dito precepto e sempre que quede xustificada a necesidade da taxa para a adecuada prestación do servizo ou para a realización da actividade. Nos demais consorcios que poidan contratar persoal propio, a taxa será do 100 por cento. A determinación da taxa de reposición levarase a cabo seguindo as regras do artigo 19.

2. As citadas limitacións non serán de aplicación cando se trate de contratacións de persoal, funcionario ou laboral, cunha relación preexistente fixa e indefinida no sector público estatal, autonómico ou local no cal, respectivamente, estea incluído o correspondente consorcio, así como, naqueles ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura, á contratación de reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, até o momento da celebración do contrato, a asignación por dispoñibilidade na contía e condicións previstas no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e marifeiría. Os contratos celebrados ao abeiro do establecido neste punto xerarán dereito a seguir percibindo, desde a data da súa celebración, o complemento de antigüidade na mesma contía que se viña percibindo no departamento ministerial, organismo público, sociedade, fundación ou consorcio de procedencia.

3. Non se poderá contratar persoal temporal, excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Dous. 1. Nos consorcios con participación maioritaria do sector público estatal, a contratación indefinida ou temporal de persoal requirirá autorización conxunta dos ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Política Territorial e Función Pública.

2. Para os efectos de obter autorización para a contratación de persoal temporal, no primeiro semestre do ano o órgano competente do departamento ou entidade de adscrición do consorcio deberá remitir unha relación das necesidades previstas para o exercicio, sen prexuízo de poder solicitar posteriormente autorización para aquelas contratacións cuxa necesidade se suscite no curso do exercicio.

3. A Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública poderá establecer bases ou criterios de actuación comúns nos procesos selectivos, co fin de facer efectiva a aplicación dos principios de libre concorrencia, igualdade, publicidade, mérito e capacidade, así como a implantación do procedemento electrónico.

4. Os consorcios deberán remitir ao Ministerio de Facenda, xunto coa solicitude de informe da masa salarial, información relativa a todo o persoal temporal que prestou servizos no exercicio anterior, detallando o número de xornadas anualizadas e o seu custo.

Tres. O establecido no punto un desta disposición adicional ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Procesos de estabilización ao abeiro do artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.*

A taxa adicional para a estabilización de emprego temporal nos termos e condicións que regula o artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, incluírá até o 100 por cento das prazas que, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente ao menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Modificacións dos cadros de persoal estatutario dos centros e servizos sanitarios de organismos dependentes da Administración xeral do Estado.*

As modificacións dos cadros de persoal estatutario dos centros e servizos sanitarios de organismos dependentes da Administración xeral do Estado que supoñan incrementos netos do número de prazas ou do seu custo, ou a transformación de prazas de persoal sanitario en prazas de persoal de xestión e servizos ou viceversa, serán aprobadas logo

de informe favorable do Ministerio de Facenda, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Persoal directivo do sector público estatal.*

O número de postos de persoal directivo existentes no ámbito do sector público estatal, relativos a departamentos ministeriais, organismos autónomos, axencias estatais, entes públicos, entidades públicas empresariais, sociedades mercantís estatais, fundacións e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal, non poderá incrementarse respecto ao ano anterior.

Para os efectos deste artigo, entenderase por persoal directivo o que se determina no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo.

Disposición adicional vixésimo sexta. *Aplicación das disposicións adicionais vixésimo novena e trixésimo segunda da Lei 6/2018, do 3 de xullo de orzamentos xerais do Estado para 2018 á Sociedad Estatal de Infraestructuras del Transporte Terrestre S.M.E., S.A.*

Co fin de facilitar a adaptación da organización e do cadro de persoal da Sociedad Estatal de Infraestructuras del Transporte Terrestre, S.M.E., S.A. ás necesidades xeradas pola xestión das autoestradas que lle foi encomendada polo Estado, en virtude do convenio entre a Administración xeral do Estado e a Sociedad Estatal de Infraestructuras del Transporte Terrestre, S.M.E., S.A., polo que se regula a xestión da explotación e a preparación da licitación de autoestradas de titularidade estatal, asinado o 16 de agosto de 2017 e modificado pola Addenda do 22 de decembro de 2018, ao longo do exercicio 2021, con carácter excepcional, e con independencia dos beneficios obtidos nos tres exercicios anteriores, a sociedade poderá realizar contratos indefinidos cun límite do 100 % da súa taxa de reposición, calculada conforme as regras do artigo 19.un.7, e incrementar o seu número de directivos, sen que en ningún caso se poida superar o número máximo de directivos que correspondan en virtude da súa clasificación segundo o Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades, e as ordes ministeriais de desenvolvemento.

Para os efectos deste artigo, entenderase por persoal directivo o que se determina no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo.

Disposición adicional vixésimo sétima. *Consortio da Cidade de Cuenca.*

Autorízasele ao Consorcio da Cidade de Cuenca a contratación dun empregado para cubrir un posto que se considera esencial para o desenvolvemento da súa actividade, sen que para estes efectos sexan de aplicación as limitacións relativas á taxa de reposición ou ao incremento da masa salarial establecidas con carácter xeral para os consorcios no artigo 23 e na disposición adicional vixésimo segunda sobre contratación de persoal nos consorcios do sector público desta lei e no artigo 121 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición adicional vixésimo oitava. *Módulos para a compensación económica pola actuación de xuíces de paz e secretarios de xulgados de paz.*

Un. Os xuíces de paz, nomeados consonte o disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, percibirán, de acordo co número de habitantes de dereito do municipio, as retribucións anuais que se indican a continuación:

	Anual/euros
De 1 a 1.999 habitantes.	1.174,88
De 2.000 a 4.999 habitantes.	1.762,09

	Anual/euros
De 5.000 a 6.999 habitantes.	2.349,38
De 7.000 a 14.999 habitantes.	3.523,83
De 15.000 ou máis habitantes.	4.698,38

Dous. O persoal, excluído o pertencente aos corpos ao servizo da Administración de xustiza, que desempeñe funcións de secretario dun xulgado de paz, con nomeamento expedido para o efecto, percibirá, de acordo co número de habitantes de dereito do municipio, as contías anuais que se indican a continuación:

	Anual/euros
De 1 a 499 habitantes.	581,86
De 500 a 999 habitantes.	864,23
De 1.000 a 1.999 habitantes.	1.035,41
De 2.000 a 2.999 habitantes.	1.206,37
De 3.000 a 4.999 habitantes.	1.548,47
De 5.000 a 6.999 habitantes.	1.890,65

Tres. As contías anteriores financiaranse con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias e devindicaranse por períodos trimestrais nos meses de marzo, xuño, setembro e decembro.

Disposición adicional vixésimo novena. *Réxime retributivo dos membros das corporacións locais.*

De conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e considerando o disposto no artigo 20 da presente lei, o límite máximo total que poden percibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios a que, de ser o caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, será o que se recolle a continuación, atendendo á súa poboación:

Habitantes	Referencia – Euros
Máis de 500.000.	109.494,57
300.001 a 500.000.	98.545,10
150.001 a 300.000.	87.595,64
75.001 a 150.000.	82.121,45
50.001 a 75.000.	71.172,02
20.001 a 50.000.	60.222,56
10.001 a 20.000.	54.747,30
5.001 a 10.000.	49.273,11
1.000 a 5.000.	43.797,83

No caso de corporacións locais de menos de 1.000 habitantes, resultará de aplicación a seguinte escala, atendendo á súa dedicación:

Dedicación	Referencia - Euros
Dedicación parcial ao 75 %.	32.848,41
Dedicación parcial ao 50 %.	24.088,65
Dedicación parcial ao 25 %.	16.424,78

Disposición adicional trixésima. *Retribucións do persoal das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e dos seus centros mancomunados.*

Un. As retribucións que, por calquera concepto, perciban os directores xerentes e o persoal que exerza funcións executivas nas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e nos seus centros mancomunados rexeranse polo establecido no artigo 88 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e poderanse incrementar na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto ás contías percibidas en 2020.

Dous. Sen prexuízo do disposto no citado artigo 88, as retribucións do resto do persoal ao servizo das mutuas e dos seus centros mancomunados quedarán sometidas ao disposto en relación co persoal laboral do sector público estatal e, concretamente, ao establecido no artigo 23 desta lei e na Orde HAP/1057/2013, do 10 de xuño, pola que se determinan a forma, o alcance e os efectos do procedemento de autorización da masa salarial regulado no artigo 27.tres da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, para as sociedades mercantís estatais, fundacións do sector público estatal e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, para o informe da masa salarial correspondente ao persoal sanitario tomaranse en consideración as peculiaridades retributivas deste colectivo, derivadas das circunstancias que concorran no mercado laboral dos ámbitos xeográficos en que se presten os servizos, e que poidan incidir de forma directa nas retribucións de determinadas categorías de profesionais sanitarios.

Tres. Para os efectos da aplicación das limitacións previstas nos puntos anteriores, serán computables igualmente as retribucións que proveñan do patrimonio histórico das mutuas ou das entidades vinculadas ao dito patrimonio.

Disposición adicional trixésimo primeira. *Paga extraordinaria dos membros da carreira xudicial e da carreira fiscal.*

Á contía que se incluírá na paga extraordinaria dos membros da carreira xudicial e da carreira fiscal fixada no anexo X da Lei 39/2010, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, aos destinos de «Xuíces do grupo 5» e «Resto de destinos correspondentes á terceira categoría de fiscais» seralles aplicable ademais, con efectos do 1 de xaneiro de 2018, un incremento de 57,20 euros derivado da aplicación do 0,20 por cento de incremento adicional prevista no artigo 18.dous da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018.

Disposición adicional trixésimo segunda. *Incentivos ao rendemento das axencias estatais.*

Os importes globais dos incentivos ao rendemento que resulten da execución dos contratos de xestión das axencias estatais que dispoñan destes, terán como límite máximo os importes que por eses mesmos conceptos lles autorizase o Ministerio de Facenda, a

través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, no ano anterior, co incremento máximo establecido no artigo 18.dous.

Disposición adicional trixésimo terceira. *Indemnizacións por razón do servizo do persoal destinado no estranxeiro.*

Mantense a suspensión da eficacia do artigo 26.3 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Disposición adicional trixésimo cuarta. *Limitación do gasto na Administración xeral do Estado.*

Un. Calquera nova actuación que propoñan os departamentos ministeriais non poderá supor aumento neto dos gastos de persoal, sen prexuízo do disposto no artigo 18.dous.

Dous. Quedan exceptuadas das limitacións contidas nesta lei as medidas xa adoptadas pola Presidencia da Axencia Estatal de Administración Tributaria en aplicación do previsto no artigo 1 do Real decreto lei 13/2017, do 27 de xuño, para a adecuación das retribucións ás funcións desempeñadas nos diferentes postos de traballo. Da mesma forma, entenderase que resultan compatibles coas respectivas leis de orzamentos xerais do Estado as ditadas en aplicación desta mesma disposición polas resolucións da dita axencia do 24 de xullo e 26 de setembro de 2018.

Disposición adicional trixésimo quinta. *Recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012.*

Un. As administracións e o resto de entidades que integran o sector público que non aboasen a totalidade das cantidades efectivamente deixadas de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, por aplicación do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, poderán realizar a dita devolución, tendo en conta a súa situación económico-financeira.

Dous. A devolución realizarase nos mesmos termos e co cumprimento dos requisitos sinalados na disposición adicional décimo segunda da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015; no artigo 1 do Real decreto lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, e na disposición adicional décimo segunda da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016.

Tres. Esta disposición ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.18.^a, 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Disposición adicional trixésimo sexta. *Restablecemento das retribucións minoradas en contías non previstas nas normas básicas do Estado.*

Un. As administracións e o resto das entidades que integran o sector público que en exercicios anteriores minorasen as retribucións dos seus empregados en contías non exixidas polas normas básicas do Estado ou que non aplicasen os incrementos retributivos máximos previstos nas leis de orzamentos xerais do Estado poderán restablecer as contías vixentes antes da minoración ou as que correspondan até alcanzar o incremento permitido nas leis de orzamentos.

Dous. As cantidades que se devindiquen en aplicación desta medida non terán a consideración de incrementos retributivos dos regulados na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

Tres. Esta medida só poderán aprobala as administracións e entidades que cumplan os obxectivos de déficit e débeda, así como a regra de gasto, fixados de acordo cos

artigos 12, 15 e 16 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, considerando, de ser o caso, o último dos informes a que se refire o artigo 17, puntos 3 e 4, desa mesma norma. Para estes efectos, o límite de débeda que se debe considerar para cada unha das entidades locais é o que fixen as leis de orzamentos xerais do Estado ou a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

Catro. Esta disposición ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Disposición adicional trixésimo sétima. *Contratación de seguros de responsabilidade civil.*

Poderanse concertar seguros que cubran a responsabilidade civil profesional do persoal ao servizo da Administración do Estado, dos seus organismos autónomos, das entidades xestoras e dos servizos comúns da Seguridade Social en que concorran circunstancias que fagan necesaria a dita cobertura, sen que en ningún caso poidan supor incremento da masa salarial, nos termos que establece a presente lei.

A determinación das funcións e continxencias concretas que se consideran incluídas no ámbito do parágrafo anterior corresponderá ao titular do departamento, organismo, entidade ou servizo correspondente.

Disposición adicional trixésimo oitava. *Vinculación orzamentaria da masa salarial do IV Convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado.*

O incremento da masa salarial derivado da aplicación do novo sistema de clasificación profesional contido no IV Convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado será asumido coas previsións contidas para o efecto nos anexos numéricos desta lei.

Disposición adicional trixésimo novena. *Ámbito subxectivo da formación para o emprego nas administracións públicas.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, os empregados públicos ao servizo dos órganos constitucionais e estatutarios e da Administración de xustiza estarán comprendidos nos programas que se promovan conforme o establecido nos acordos de formación que se subscriban no ámbito das administracións públicas a que se refire o artigo 6.7 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

Disposición adicional cuadraxésima. *Promoción de fondos de pensións públicos de emprego.*

No prazo máximo de doce meses, o Goberno presentará un proxecto de lei sobre fondos de pensións públicos de emprego en que se atribúa á Administración xeral do Estado capacidade legal para a súa promoción. Os fondos de pensións públicos de emprego serán de carácter aberto en relación cos procesos de investimento desenvolvidos e terán as seguintes características:

a) Poderán adscribirse a estes fondos de pensións de promoción pública os plans de pensións do sistema de emprego de achega definida para a xubilación que así o establezan nas súas especificacións e, por defecto, os plans de pensións da modalidade de emprego que non determinen un fondo de pensións específico concreto. Igualmente, estes fondos de pensións públicos poderán canalizar investimentos doutros fondos de emprego que así o decidan cun nivel de gastos que incentive a competencia no sector.

b) O proceso de selección das entidades xestora e depositaria do fondo farase a través de concurso competitivo aberto.

c) Os fondos de pensións públicos de emprego estarán rexidos por unha comisión de control. A política de investimentos do fondo de pensións, aprobada pola Comisión de

Control, farase constar en escritura pública e non poderá ser modificada, salvo con autorización expresa outorgada polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

d) O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións terá dereito de veto en relación coas decisións da Comisión de Control do fondo que afecten a estratexia de investimento, así como a substitución das entidades xestora e depositaria.

e) Regularanse procedementos simplificados para a integración dos plans de pensións de emprego nos fondos de pensións públicos de emprego.

f) Poderase prever a integración de plans de pensións asociados de traballadores autónomos.

III

Disposición adicional cuadraxésimo primeira. *Prestacións familiares da Seguridade Social.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2021, a contía das prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, así como, de ser o caso, o importe do límite de ingresos para o acceso a elas, regulados no capítulo I do título VI do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, serán os seguintes:

Un. A contía da asignación económica establecida no artigo 353.1, no suposto de fillo menor de dezaioito anos de idade ou de menor a cargo afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento, será en cómputo anual de 1.000,00 euros.

A contía da asignación económica establecida no artigo 353.1, no suposto de fillo maior de dezaioito anos a cargo cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento, será en cómputo anual de 4.790,40 euros.

Dous. A contía da asignación económica establecida no artigo 353.2 para o suposto de fillo a cargo maior de dezaioito anos, cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75 por cento e que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos, será en cómputo anual de 7.185,60 euros.

Tres. A contía da prestación por nacemento ou adopción de fillo establecida no artigo 358.1, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais ou pais con discapacidade, será de 1.000,00 euros.

Os límites de ingresos para ter dereito a esta prestación, de conformidade co previsto no artigo 357.3, quedan fixados en 12.536,00 euros anuais e, se se trata de familias numerosas, en 18.867,00 euros anuais, que se incrementarán en 3.056,00 euros anuais por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

Non se recoñecerá a prestación nos supostos en que a diferenza a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 358.2 sexa inferior a 10 euros.

Catro. A contía da asignación económica e o límite de ingresos anuais para os beneficiarios que, de conformidade coa disposición transitoria sétima do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, manteñan ou recuperen o dereito á asignación económica por cada fillo menor de dezaioito anos ou menor a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento, será no seu cómputo anual:

- Contía da asignación económica: 341,00 euros/ano.
- Os límites de ingresos para percibir a asignación económica quedan fixados en 12.536,00 euros anuais e, se se trata de familias numerosas, en 18.867,00 euros anuais, que se incrementarán en 3.056,00 euros anuais por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

Non obstante, a contía da asignación económica será en cómputo anual de 588,00 euros nos casos en que os ingresos familiares sexan inferiores aos importes sinalados na seguinte táboa:

Integrantes do fogar		Intervalo de ingresos	Asignación íntegra anual
Persoas >=14 anos (M)	Persoas <14 anos (N)		
1	1	4.766 ou menos	588 x F
1	2	5.865 ou menos	588 x F
1	3	6.965 ou menos	588 x F
2	1	6.598 ou menos	588 x F
2	2	7.698 ou menos	588 x F
2	3	8.797 ou menos	588 x F
3	1	8.431 ou menos	588 x F
3	2	9.531 ou menos	588 x F
3	3	10.629 ou menos	588 x F
M	N	$3.666 + [(3.666 \times 0,5 \times (M-1)) + (3.666 \times 0,3 \times N)]$ ou menos	588 x F

F = fillos a cargo do beneficiario menores de 18.

N = número de menores de 14 anos no fogar.

M = número de persoas de 14 ou máis anos no fogar.

Disposición adicional cuadraxésimo segunda. *Subsidios económicos recollidos no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e pensións asistenciais.*

Un. A partir do 1 de xaneiro de 2021, os subsidios económicos a que se refire o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, fixaranse, segundo a clase de subsidio, nas seguintes contías:

	Euros/mes
Subsidio de garantía de ingresos mínimos.	149,86
Subsidio por axuda de terceira persoa.	58,45
Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte.	68,80

Dous. A partir do 1 de xaneiro de 2021, as pensións asistenciais recoñecidas en virtude do disposto na Lei 45/1960, do 21 de xullo, e no Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo, fixaranse na contía de 149,86 euros íntegros mensuais e aboaranse dúas pagas extraordinarias do mesmo importe, que se devindicarán nos meses de xuño e decembro.

Tres. As pensións asistenciais serán obxecto de revisión periódica, co fin de comprobar que os beneficiarios manteñen os requisitos exixidos para o seu recoñecemento e, en caso contrario, declarar a extinción do dereito e exixir o reintegro das cantidades indebidamente percibidas. O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións poderá instar a incoación dos procedementos de revisión, para os efectos de practicar o

axuste económico e orzamentario do gasto xerado. Os resultados que ofrezan aqueles procedementos serán comunicados ao citado departamento ministerial.

Disposición adicional cuadraxésimo terceira. *Revalorización de prestacións de grande invalidez do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.*

As prestacións de grande invalidez do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, causadas até o 31 de decembro de 2020, experimentarán en 2021 un incremento do 0,9 por cento.

Disposición adicional cuadraxésimo cuarta. *Actualización da contía da prestación económica establecida pola Lei 3/2005, do 18 de marzo.*

A partir do 1 de xaneiro de 2021, a contía das prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe español desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional ascenderá, en cómputo anual, á diferenza entre 7.575,39 euros e o importe anual que perciba cada beneficiario polas pensións a que se refiren as alíneas a), b) e c) do artigo 2 da Lei 3/2005, ou á diferenza entre 7.575,39 euros e as rendas ou ingresos anuais que perciban os beneficiarios a que se refire a alínea d) do artigo 2 da Lei 3/2005.

Disposición adicional cuadraxésimo quinta. *Axudas sociais aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).*

Durante o ano 2021, as contías mensuais recoñecidas a favor das persoas contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), establecidas nas letras b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, polo que se conceden axudas aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) como consecuencia de actuacións realizadas no sistema sanitario público, determinaranse mediante a aplicación das proporcións reguladas nas letras citadas sobre o importe de 645,08 euros.

Disposición adicional cuadraxésimo sexta. *Mantemento do poder adquisitivo das pensións e outras prestacións públicas no ano 2021.*

Un. Os pensionistas do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas con pensións causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 que fosen revalorizadas no dito exercicio recibirán, antes do 1 de abril do 2022 e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre a pensión percibida en 2021 e a que correspondería de ter aplicado ao importe da pensión vixente en 31 de decembro de 2020 un incremento porcentual igual ao valor medio dos incrementos porcentuais interanuais do índice de prezos de consumo (IPC) dos meses de decembro de 2020 a novembro de 2021, sempre que o valor medio resultante sexa superior ao 0,9 por cento.

Para estes efectos, o límite de pensión pública durante o ano 2021 será o equivalente a incrementar a contía do dito límite en 31 de decembro de 2020 na porcentaxe indicada no parágrafo anterior.

O previsto no parágrafo primeiro será igualmente de aplicación aos pensionistas do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas, con pensións causadas durante 2021 que percibisen a contía correspondente ao límite máximo de percepción das pensións públicas fixado para o citado ano. De igual modo, será de aplicación aos beneficiarios no dito exercicio das axudas sociais polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) e das recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo.

Así mesmo, serán de aplicación as regras precedentes respecto das pensións de clases pasivas, con data inicial de aboamento durante 2021, para cuxa determinación se tivesen en conta haberes reguladores susceptibles de actualización no mencionado exercicio.

Dous. Os pensionistas perceptores durante 2021 de pensións mínimas, de pensións non contributivas da Seguridade Social, de pensións do seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI) non concorrentes, así como concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, os perceptores de prestacións da Seguridade Social por fillo a cargo con 18 ou máis anos de idade e un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100 e do subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte recibirán, nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre a pensión ou prestación que percibiron en 2021 e a que correspondería de ter aplicado ás contías de 2020 un incremento porcentual igual ao valor medio dos incrementos porcentuais interanuais do IPC dos meses de decembro de 2020 a novembro de 2021, sempre que o valor medio resultante sexa superior ao 0,9 por cento.

Tres. No suposto de que o valor medio dos incrementos porcentuais interanuais do IPC dos meses de decembro de 2020 a novembro de 2021 sexa superior ao 0,9 por cento, para a determinación inicial das pensións de clases pasivas con data de efectos económicos de 2021 os valores consignados no Real decreto lei 1/2020, do 14 de xaneiro, incrementaranse na dita porcentaxe.

Catro. Facúltase o Goberno para ditar as normas necesarias para a aplicación das previsións contidas na presente disposición, así como para actualizar os valores consignados no título IV e disposicións concordantes da presente lei, adaptando os seus importes, cando así proceda, ao incremento real experimentado polo IPC no período decembro 2020 a novembro de 2021.

Disposición adicional cuadraxésimo sétima. *Adiamento da aplicación da disposición adicional vixésimo oitava da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social.*

Adíase a aplicación do establecido na disposición adicional vixésimo oitava da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social.

Disposición adicional cuadraxésimo oitava. *Suspensión do artigo 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e do artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.*

En 2021, a revalorización das pensións realizarase de acordo co establecido no título IV e disposicións concordantes desta lei, e non será de aplicación o disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e no artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

IV

Disposición adicional cuadraxésimo novena. *Xuro legal do diñeiro.*

Un. De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 24/1984, do 29 de xuño, sobre modificación do tipo de xuro legal do diñeiro, este queda establecido no 3,00 por cento até o 31 de decembro do ano 2021

Dous. Durante o mesmo período, o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será o 3,75 por cento.

Tres. Durante o mesmo período, o xuro de demora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, será o 3,75 por cento.

Disposición adicional quincuaxésima. *Endebemento da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad.*

Co fin de garantir a adecuación á nova normativa reguladora do Sistema europeo de contas nacionais, así como o cumprimento dos obxectivos e compromisos adquiridos en

materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a entidade pública ADIF-Alta Velocidad precisará a autorización do Ministerio de Facenda para levar a cabo as operacións de endebedamento, calquera que sexa a forma en que estas se formalicen, incluídas no límite máximo de endebedamento da entidade recollido na presente lei.

As autorizacións instrumentaranse de acordo coas seguintes regras, atendendo ao tipo de operacións:

1. En calquera caso, as operacións deberán estar previstas nos plans e programas de actuación e/ou investimento da entidade.
2. O saldo vivo da débeda a curto prazo non poderá variar desde o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021, nunha contía superior á que determine o Ministerio de Facenda.
3. Cada unha das operacións de endebedamento cun prazo de vencemento superior a un ano precisará a autorización do Ministerio de Facenda.
4. O expediente de autorización será remitido por ADIF-Alta Velocidad ao Ministerio de Facenda con toda a documentación precisa e descritiva das operacións que se vaian efectuar e con indicación das consecuencias que delas poidan resultar nos plans e programas de actuación e/ou investimento da entidade, así como para a absorción de fondos comunitarios ou o cumprimento doutras obrigacións financeiras asumidas por ADIF-Alta Velocidad.

Disposición adicional quincuaxésimo primeira. *Autorización do recurso de endebedamento á Universidade Nacional de Educación a Distancia.*

Autorízase á Universidade Nacional de Educación a Distancia o recurso ao endebedamento de acordo co establecido na disposición adicional segunda, punto cuarto, da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. O recurso para o endebedamento, cun límite máximo de 10 millóns de euros, terá que estar xustificado pola preparación e execución das obras que permitan culminar a construción do edificio que albergará a Facultade de Ciencias da UNED.

Disposición adicional quincuaxésimo segunda. *Garantía do Estado para obras de interese cultural.*

Un. De acordo co establecido no punto 3 da disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, durante o exercicio 2021 o importe total acumulado, en todo momento, dos compromisos outorgados polo Estado respecto a todas as obras ou conxuntos de obras cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Cultura e Deporte e dos seus organismos públicos adscritos non poderá exceder os 2.250.000 miles de euros. Excluirase do cómputo do dito importe máximo a contía recollida no punto 2 desta disposición adicional.

O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen por primeira vez no ano 2021 para obras ou conxuntos de obras destinados á súa exhibición nunha mesma exposición será de 231.000 miles euros. Unha vez devoltas as obras aos cedentes e acreditado polos responsables das exposicións o termo da garantía outorgada sen incidencia ningunha, as cantidades comprometidas deixarán de estalo e poderán ser de novo outorgadas a unha nova exposición.

Excepcionalmente, este límite máximo poderá elevarse por riba dos 231.000 miles de euros mediante acordo do Consello de Ministros por proposta da persoa titular da Vicepresidencia Terceira do Goberno e Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, por iniciativa do Ministerio de Cultura e Deporte.

O importe máximo comprometido nunha obra, para os efectos da súa cobertura pola garantía do Estado, non poderá superar os 100.000 miles de euros.

Dous. O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen á Fundación Colección Thyssen-Bornemisza respecto ás obras destinadas á súa exhibición nas sedes

da Fundación situadas en España en relación co «Contrato de préstamo de obras de arte entre, dunha parte, a Fundación Colección Thyssen-Bornemisza e, doutra, Omicron Collections Limited, Nautilus Trustees Limited, Coraldale Navigation Incorporated, Imiberia Anstalt e a baronesa Carmen Thyssen-Bornemisza», para o ano 2021 será de 500.000 miles de euros.

Tres. No ano 2021 tamén será de aplicación a garantía do Estado ás exposicións organizadas polo Ministerio de Cultura e Deporte, polo Consello de Administración de Patrimonio Nacional e por «Sociedad Estatal de Acción Cultural, S.A. (AC/E)», sempre e cando se celebren en institucións das cales a Administración xeral do Estado sexa titular. Así mesmo, a garantía do Estado será de aplicación ás exposicións organizadas pola Fundación Lázaro Galdiano na sede do seu museo.

Disposición adicional quincuaxésimo terceira. *Autorización para a formalización de garantías.*

A teor do disposto no capítulo V do título IV da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízanse as cartas de patrocinio seguintes:

1. Carta de patrocinio outorgada por Portos do Estado con data do 13 de outubro de 2015 para a obtención de financiamento bancario (BBVA) pola sociedade participada Porto Seco de Madrid. Importe garantido: 450.000 euros.
2. Carta de patrocinio outorgada por Portos do Estado con data do 17 de decembro de 2015 para a obtención de financiamento bancario (BEI) polo Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria. Importe garantido: 105.000.000 de euros.
3. Carta de patrocinio outorgadas pola Autoridade Portuaria de Barcelona a favor da sociedade estatal Centro Intermodal de Logística, S.A., formalizada o 18 de decembro de 2005 por importe de 25.000.000 de euros.
4. Carta de patrocinio outorgada pola Autoridade Portuaria de Barcelona a favor da sociedade estatal Centro Intermodal de Logística, S.A., formalizada o 20 de xaneiro de 2006 por importe de 25.000.000 de euros.
5. Carta de patrocinio outorgada pola Autoridade Portuaria de Barcelona a favor da sociedade estatal Centro Intermodal de Logística, S.A., formalizada o 7 de novembro de 2008 por importe de 50.000.000 de euros.

Disposición adicional quincuaxésimo cuarta. *Autorización para a formalización de garantías a Renfe Operadora E.P.E e ás sociedades do seu grupo empresarial.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, facúltase o Goberno para que, mediante real decreto, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, autorice a Renfe-Operadora E.P.E., e ás sociedades en que participe directamente e maioritariamente do seu grupo empresarial, a formalización de garantías, a través da subscripción de cartas de conformidade ou de patrocinio solicitadas polas entidades financeiras, en relación coas sociedades con participación directa e indirecta daquelas que, xunto coas xa concedidas, non supoñan un risco vivo superior ao límite de 200 millóns de euros en 31 de decembro de cada exercicio.

Disposición adicional quincuaxésimo quinta. *Cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española.*

Durante a vixencia desta lei, o límite máximo para nova contratación de cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española, excluídas as pólizas abertas de curto prazo, salvo as de créditos documentarios, que poderá emitir a Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación, Sociedad Anónima (CESCE) por conta do Estado será, para o exercicio económico en curso, de 9.000.000 miles de euros.

Disposición adicional quincuaxésimo sexta. *Dotación dos fondos de fomento ao investimento español con interese español no exterior.*

Un. Durante a vixencia destes orzamentos, a dotación do Fondo para Inversións no Exterior establécese en 100.000 miles de euros no exercicio económico en curso. O comité executivo do Fondo para Inversións no Exterior poderá aprobar durante o dito exercicio as operacións por un importe total máximo equivalente a 350.000 miles de euros.

Dous. Durante a vixencia destes orzamentos, a dotación do Fondo de Operacións de Inversión no Exterior da Pequena e Mediana Empresa establécese en 10.000 miles de euros no exercicio económico en curso. O comité executivo do Fondo de Operacións de Inversión no Exterior da Pequena e Mediana Empresa poderá aprobar durante o dito exercicio operacións por un importe total máximo equivalente a 35.000 miles de euros.

Disposición adicional quincuaxésimo sétima. *Fondo de Apoio ao Inversión Industrial Produtivo.*

Un. Créase o Fondo de Apoio ao Inversión Industrial Produtivo (FAIIP) F.C.P.X, cuxa finalidade é prestar apoio financeiro para promover inversións de carácter industrial que contribúan a favorecer o desenvolvemento industrial, reforzar a competitividade industrial e manter as capacidades industriais do territorio.

O FAIIP ten a natureza xurídica propia dos fondos carentes de personalidade xurídica, de acordo co disposto nos artigos 84, 137, 138 e 139 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ao cal se imputarán as operacións de apoio financeiro ao investimento industrial.

O FAIIP estará adscrito ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a través da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa e seralle de aplicación o réxime orzamentario, económico-financeiro e contable, e de control previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para os fondos carentes de personalidade xurídica cuxa dotación se realizará conforme o establecido no punto dous desta disposición adicional.

Dous. O Fondo terá unha dotación inicial de 600M€ achegados polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Esta dotación será desembolsada e transferida á sociedade estatal SEPI Desarrollo Empresarial, S.M.E., S.A. (Sepides).

O Fondo incrementarase anualmente coas dotacións que para cada ano e con carácter acumulativo se consignan para el na Lei de orzamentos xerais do Estado, así como cos recursos procedentes dos rendementos que poidan xerar as cantidades achegadas a el. O Fondo poderá reinvestir os recursos procedentes dos reembolsos do financiamento outorgado e os rendementos que poidan xerar as cantidades achegadas a el.

Así mesmo, nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado figurará o importe máximo das operacións que ao longo dese ano poida aprobar a Comisión de Avaliación, Seguimento e Control do Fondo.

Tres. O FAIIP será xestionado pola sociedade estatal SEPI Desarrollo Empresarial, S.M.E., S.A. (Sepides), que actuará, así mesmo, como contadante.

Co fin de que a xestora poida desenvolver e executar a función que se lle encomenda, será remunerada con cargo ao Fondo na contía que se estableza no convenio. O convenio establecerá os criterios necesarios para que na remuneración se prime a eficiencia na xestión do Fondo.

De igual maneira, os gastos en que incorra o xestor no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda imputaranse ao Fondo na contía que se estableza no convenio.

A xestora do fondo realizará as actividades principais de estudo, preparación, negociación, formalización e seguimento dos préstamos ou calquera outro instrumento de apoio ao investimento industrial que se consideren adecuados para a eficiente xestión do Fondo.

Catro. O control, seguimento e participación do Mincotur na xestión que realice a entidade xestora corresponderá á Comisión de Avaliación, Seguimento e Control. De igual

maneira ocorrerá para o establecemento dos criterios de selección, concesión e control do financiamento que outorgue, así como a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que se poidan suscitar na xestión do Fondo entre a Secretaría Xeral de Industria e Peme e Sepides.

Cinco. O convenio entre a Secretaría Xeral de Industria e Peme e Sepides deberá establecer o procedemento e as condicións aplicables á xestión do Fondo, os dereitos, obrigacións e tarefas que deberá desenvolver a entidade xestora.

A Comisión de Avaliación, Seguimento e Control realizará, respecto deste convenio, as funcións de seguimento, vixilancia e control establecidas no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Seis. O FAIP poderá ser financiado por calquera dos instrumentos de apoio financeiro da Unión Europea.

Sete. Á fin da duración do Fondo, que se producirá aos vinte anos desde a entrada en vigor desta lei, Sepides establecerá un plan de liquidación do retorno ao Tesouro público das dotacións percibidas con cargo aos OXE, menos o importe correspondente ás operacións falidas, se as houber, máis os rendementos que poidan xerar as cantidades achegadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, e menos os gastos de xestión definidos no convenio e outros que poidan ser de aplicación. Este plan de liquidación deberá ser aprobado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

No dito plan de liquidación establecerase o calendario de devolucións de cantidades, que se axustará ao calendario de reembolsos das operacións de financiamento outorgadas e terá en conta os gastos de xestión que deberá asumir o Fondo durante o propio período de liquidación. En calquera caso, ese calendario non poderá superar os 11 anos desde a extinción do Fondo.

Oito. Este fondo carece de personalidade xurídica. As responsabilidades do Fondo limitaranse exclusivamente a aquelas que a entidade xestora contraese por conta del. Igualmente, os posibles acredores do Fondo non poderán facer efectivos os seus créditos contra o patrimonio da entidade xestora.

Disposición adicional quincuaxésimo oitava. *Apoio financeiro para favorecer o financiamento das empresas pesqueiras.*

Un. Créase unha liña de financiamento destinada a favorecer o financiamento dos créditos a persoas físicas e xurídicas do sector pesqueiro, extractivo, acuícola e transformador mediante o reafianzamento de avais, co obxecto de mellorar o seu acceso ao crédito.

Dous. Para a aplicación da liña, a Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria, no sucesivo SAECA, recibirá no exercicio 2021 desde o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura, un préstamo a longo prazo sen xuros de até de 10.000 miles de euros, 5.000 miles de euros con cargo á aplicación 21.11.415B.821.01 e 5.000 miles de euros con cargo á 21.50.410F.829.00. A Lei de orzamentos xerais do Estado fixará cada ano, de ser o caso, o importe da achega do Estado á liña de financiamento que se crea en virtude do presente artigo.

Tres. O importe do préstamo terá como único obxectivo o apoio financeiro ao sector pesqueiro e acuícola a través dun reafianzamento dos avais outorgados fronte ás entidades prestameiras.

Catro. O préstamo terá un período de vixencia de 20 anos e cubrirá ao menos as operacións que se formalicen no período dos 5 primeiros anos. Mediante convenio de colaboración entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e SAECA estableceranse as condicións do préstamo, do seu libramento efectivo e do seu reembolso. Os posibles morosos e falidos que se xeren pola aplicación desta liña reducirán, nas porcentaxes e condicións establecidas no convenio, a contía que SAECA deberá devolver ao final do prazo de vixencia.

Cinco. Nas cláusulas do convenio deberán quedar reflectidas as condicións que deban rexer nas operacións de SAECA cos terceiros, así como que o risco asumido por

esta liña para cada préstamo non poderá ser superior ao 50 % do importe de cada operación, salvo decisión expresa da Comisión de seguimento do convenio, que en situacións excepcionais poderá incrementar a porcentaxe de participación. O resto do risco será asumido pola SAECA na súa totalidade ou na parte que lle corresponda en caso de que exista reafianzamento da Compañía Española de Reafianzamento (CERSA) Neste último caso, o risco asumido pola SAECA non poderá ser inferior ao 25 % do importe da operación.

Disposición adicional quincuaxésimo novena. *Apoio financeiro a empresas de base tecnolóxica. Préstamos participativos.*

O importe da achega do Estado á liña de financiamento creada no punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa, será de 20.500,00 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 20.09.433M.821.11.

A aprobación de calquera acto ou negocio xurídico que se realice para dispor do crédito previsto no parágrafo anterior necesitará o informe favorable da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos sobre o cumprimento dos requisitos necesarios para facer posible o seu financiamento mediante fondos estruturais europeos.

Disposición adicional sexaxésima. *Apoio financeiro a mozos emprendedores*

O importe da achega do Estado á liña de financiamento creada na disposición adicional vixésimo terceira da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, será de 20.500,00 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 20.09.433M.821.12.

A aprobación de calquera acto ou negocio xurídico que se realice para dispor do crédito previsto no parágrafo anterior necesitará o informe favorable da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos sobre o cumprimento dos requisitos necesarios para facer posible o seu financiamento mediante fondos estruturais europeos.

Disposición adicional sexaxésimo primeira. *Apoio financeiro ás pequenas e medianas empresas.*

O importe da achega do Estado á liña de financiamento creada na disposición adicional vixésimo quinta da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, será de 57.500,00 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 20.09.433M.821.10.

A aprobación de calquera acto ou negocio xurídico que se realice para dispor do crédito previsto no parágrafo anterior necesitará o informe favorable da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos sobre o cumprimento dos requisitos necesarios para facer posible o seu financiamento mediante fondos estruturais europeos.

Disposición adicional sexaxésimo segunda. *Apoio financeiro ás pequenas e medianas empresas do sector agroalimentario.*

Un. Créase unha liña de financiamento destinada a favorecer o financiamento dos proxectos empresariais de empresas de base tecnolóxica promovidos polas pequenas e medianas empresas do sector agroalimentario, co obxecto de mellorar a súa competitividade e contribuír á xeración de emprego no dito sector e a reforzar a súa sustentabilidade económica, social e ambiental, apoiando a súa transformación dixital, en coherencia cos obxectivos da Estratexia de dixitalización do sector agroalimentario e forestal e do medio rural.

Para apoiar os proxectos empresariais utilizarase o préstamo participativo, instrumento financeiro regulado polo artigo 20 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, e modificado pola disposición adicional segunda da Lei 10/1996, do 18 de decembro.

Dous. Para a aplicación desta liña, a Empresa Nacional de Innovación S.M.E., S.A. (ENISA) recibirá préstamos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, previstos para esta liña de financiamento. Estes préstamos terán un xuro do 0 % e un prazo máximo de amortización de dez anos. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación regulará, mediante convenio coa ENISA, as condicións, criterios, procedementos e control que esta deberá establecer para a concesión dos préstamos participativos. Os préstamos participativos que outorgue a ENISA ás pemes agroalimentarias terán un período máximo de amortización de nove anos, sen necesidade de garantías e con dous tipos de xuro diferenciados: un tramo fixo, que sería o euribor +3,75 %, e un tramo variable, que oscila nun intervalo entre o 3 e o 8 %. Este último vén determinado por unha serie de variables da propia peme (nivel de risco, *rating* e beneficios da empresa), de tal forma que, a maiores beneficios da peme, maior será o xuro aplicable.

As posibles compensacións que se xeren pola aplicación desta liña reducirán a contía do préstamo que a ENISA deberá devolver ao MAPA ao final do prazo de concesión. Así mesmo, no mencionado convenio determinarase a porcentaxe dos posibles rendementos variables que se xeren pola aplicación desta liña que incrementarán o valor do préstamo que deberá reintegrar a ENISA.

A Lei de orzamentos xerais do Estado fixará cada ano, de ser o caso, o importe da achega do Estado á liña de financiamento que se crea en virtude do presente artigo.

Tres. No exercicio de 2021, a liña establecida nos puntos anteriores financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 21.08.414B.821.01, por un importe máximo de 3.000,00 miles de euros, e 21.50.410B.829.00, por un importe máximo de 10.000,00 miles de euros, e en exercicios sucesivos con cargo á aplicación orzamentaria equivalente.

Disposición adicional sexaxésimo terceira. *Apoio financeiro a emprendedoras dixitais e empresas emerxentes - Axenda Dixital 2025.*

Un. Créase unha liña de financiamento destinada a favorecer a posta en marcha de proxectos empresariais promovidos por emprendedoras dixitais e empresas emerxentes co obxecto de impulsar a creación de empresas e o lanzamento de novos produtos e servizos, contribuíndo á xeración de emprego nun sector de alto potencial e futuro nos próximos anos. O apoio financeiro diríxese, principalmente, a proxectos empresariais innovadores e de alto contido tecnolóxico liderados por mulleres.

Para apoiar estes proxectos empresariais utilizarase a figura do préstamo participativo, instrumento financeiro regulado polo artigo 20 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, e modificado pola disposición adicional segunda da Lei 10/1996, do 18 de decembro, e pola disposición adicional terceira da Lei 16/2007, do 4 de xullo.

Dous. Para a aplicación desta liña, a Empresa Nacional de Innovación, S.M.E., S.A. (ENISA) recibirá préstamos do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital previstos para esta liña de financiamento, os cales terán un período máximo de amortización de dez anos e sen necesidade de garantías.

O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital regulará, mediante convenio coa ENISA, as condicións, criterios e procedementos de control que esta deberá establecer para a concesión dos préstamos participativos.

A Lei de orzamentos xerais do Estado fixará cada ano, de ser o caso, o importe da achega do Estado á liña de financiamento que se crea en virtude da presente disposición.

Tres. A dotación máxima para o exercicio 2021 da liña establecida nos artigos anteriores será de 17.000,00 miles de euros e financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 27.08.467I.822. «A ENISA para o apoio ás *startups* lideradas por mulleres emprendedoras», por importe de 5.000,00 miles de euros, e 27.50.460C.829.00 «A ENISA para o apoio ás *startups* lideradas por mulleres emprendedoras. Mecanismo de recuperación e resiliencia», por importe de 12.000,00 miles de euros.

Disposición adicional sexaxésimo cuarta. *Pagamento de débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias cuxa titularidade posúan as administracións públicas ou institucións sen ánimo de lucro.*

As institucións sanitarias cuxa titularidade posúan as administracións públicas ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, acollidas á moratoria prevista na disposición adicional trixésima da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995, poderán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a ampliación da carencia concedida a vinte e sete anos, xunto coa ampliación da moratoria concedida até un máximo de dez anos con amortizacións anuais.

Cando as institucións sanitarias a que se refire o parágrafo anterior sexan declaradas en situación de concurso de acredores a partir da data de entrada en vigor desta lei, a moratoria quedará extinguida desde a data da dita declaración.

Disposición adicional sexaxésimo quinta. *Condonación de varios préstamos ligados á posesión dunha renda futura para realizar estudos de posgrao autorizados de acordo coas ordes CIN/2940/2008, do 14 de outubro, e EDU/3108/2009, do 17 de novembro.*

De acordo co disposto no artigo 7.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízase a condonación das contías non amortizadas dos préstamos que se indican a continuación, por concorreren os supostos de enfermidade grave ou outras circunstancias extraordinarias previstas no artigo 8.8 da Orde CIN/2940/2008, do 14 de outubro, pola que se regulan os préstamos ligados á posesión dunha renda futura para realizar estudos de máster universitario, e no artigo 8.8 da Orde EDU/3108/2009, do 17 de novembro, pola que se regulan os préstamos ligados á posesión dunha renda futura para realizar estudos de posgrao de máster universitario ou de doutoramento.

Préstamos autorizados conforme a Orde CIN/2940/2008, do 14 de outubro:

N.º de expediente	DNI do prestameiro	Cantidade condonada – Euros
413	44814612D	7.865,00
496	40934837N	8.633,87
557	44030585Y	4.120,58
936	46463357E	5.616,00
1510	44052800A	14.100,00
1988	22631712B	14.000,00
2287	53541426W	9.986,40
2567	48905693B	8.486,40
2656	44045969A	3.388,09
2676	34792898Q	7.564,48
2810	75812619L	9.792,00
3062	20166764L	13.760,00
3485	18930245A	10.578,12
5355	77586172L	4.203,20

Préstamos autorizados conforme a Orde EDU/3108/2009, do 17 de novembro:

N.º de expediente	DNI do prestameiro	Cantidade condonada – Euros
13842	48516074N	6.580,00
14309	28604759G	7.801,10
15326	22563430Q	3.960,00
15415	74675891C	12.000,00
15720	42208473T	6.192,00
17074	73392623Z	3.174,40
17178	46765705N	7.920,00
17818	71021611A	2.541,12
19322	75767402C	2.772,00
19367	34960029Y	18.360,00
19629	38105814N	2.652,00

V

Disposición adicional sexaxésimo sexta. *Actividades prioritarias de mecenado.*

Un. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos ao mecenado, durante a vixencia destes orzamentos consideraranse actividades prioritarias de mecenado as seguintes:

1.^a As levadas a cabo polo Instituto Cervantes para a promoción e difusión da lingua española e da cultura mediante redes telemáticas, novas tecnoloxías e outros medios.

2.^a As levadas a cabo pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a loita contra a pobreza e a consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países en desenvolvemento.

3.^a As levadas a cabo pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a promoción e o desenvolvemento das relacións culturais e científicas con outros países, así como para a promoción da cultura española no exterior.

4.^a As de promoción educativa no exterior recollidas no Real decreto 1027/1993, do 25 de xuño, polo que se regula a acción educativa no exterior.

5.^a As levadas a cabo polo Museo Nacional do Prado para a consecución dos seus fins establecidos na Lei 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado, e no Real decreto 433/2004, do 12 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Museo Nacional do Prado.

6.^a As levadas a cabo polo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía en cumprimento dos fins establecidos pola Lei 34/2011, do 4 de outubro, reguladora do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, e polo Real decreto 188/2013, do 15 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

7.^a As levadas a cabo pola Biblioteca Nacional de España en cumprimento dos fins e funcións de carácter cultural e de investigación científica establecidos pola Lei 1/2015, do 24 de marzo, reguladora da Biblioteca Nacional de España, e polo Real decreto 640/2016, do 9 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Biblioteca Nacional de España.

8.^a As levadas a cabo pola Fundación Deporte Joven en colaboración co Consello Superior de Deportes no marco do proxecto «España compite: na empresa como no deporte» coa finalidade de contribuír ao impulso e proxección das pemes españolas no

ámbito interno e internacional, a potenciación do deporte e a promoción do empresario como motor de crecemento asociado aos valores do deporte.

Os donativos, doazóns e achegas ás actividades sinaladas no parágrafo anterior que, de conformidade co punto dous desta disposición adicional, poden beneficiarse da elevación en cinco puntos porcentuais das porcentaxes e límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da citada Lei 49/2002 terán o límite de 50.000 euros anuais para cada achegante.

9.^a A conservación, restauración ou rehabilitación dos bens do patrimonio histórico español que se relacionan no anexo XIII desta lei.

10.^a As de fomento, promoción e difusión das artes escénicas e musicais levadas a cabo polas administracións públicas ou co apoio destas.

11.^a As levadas a cabo polo Instituto da Cinematografía e as Artes Audiovisuais para o fomento, promoción, difusión e exhibición da actividade cinematográfica e audiovisual, así como todas aquelas medidas orientadas á recuperación, restauración, conservación e difusión do patrimonio cinematográfico e audiovisual, todo iso nun contexto de defensa e promoción da identidade e a diversidade culturais.

12.^a A investigación, desenvolvemento e innovación nas infraestruturas que forman parte do Mapa nacional de Infraestruturas Científicas e Técnicas Singulares (ICTS) en vigor e que, a para este efecto, se relacionan no anexo XIV desta lei.

13.^a A investigación, o desenvolvemento e a innovación orientados a resolver os retos da sociedade identificados na Estratexia española de ciencia e tecnoloxía e de innovación vixente e financiados ou realizados polas entidades que, para estes efectos, recoñeza o Ministerio de Facenda, por proposta do Ministerio de Ciencia e Innovación.

14.^a O fomento da difusión, divulgación e comunicación da cultura científica e da innovación levadas a cabo pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología.

15.^a As levadas a cabo pola Axencia Estatal de Investigación para o fomento e financiamento das actuacións que derivan das políticas de I+D da Administración xeral do Estado.

16.^a A I+D+I en biomedicina e ciencias da saúde da acción estratéxica en saúde levadas a cabo polo CIBER e Cibernet.

17.^a Os programas de formación e promoción do voluntariado que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas.

18.^a As levadas a cabo pola Fundación ONCE do Can Guía no marco do Proxecto 2021-2022 «Avances para a mobilidade das persoas cegas asistidas por cans guía».

19.^a As levadas a cabo pola Fundación ONCE no marco do Programa de bolsas «Oportunidade ao talento», así como as actividades culturais desenvolvidas por esta entidade no marco da Bienal de Arte Contemporánea, o espazo cultural «Cambio de Sentido» e a exposición itinerante «O Mundo Flúe».

20.^a As levadas a cabo pola ONCE no marco da organización do «World Blindness Summit Madrid 2021», que se celebrará os días 21 ao 26 de maio de 2021.

21.^a Os programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas ou se realicen en colaboración con estas.

22.^a As levadas a cabo polo Fondo de Bolsas Soledad Cazorla para orfos da violencia de xénero «Fundación Mujeres»

23.^a Os programas dirixidos á erradicación da discriminación por razón de xénero e á consecución das condicións que posibiliten a igualdade real e efectiva entre ambos os sexos, así como o fomento da participación da muller en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social, que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas ou se realicen en colaboración con estas.

Dous. As porcentaxes e os límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro, elevaranse en cinco puntos porcentuais en relación coas actividades incluídas no punto anterior.

Disposición adicional sexaxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables aos «Bicentenarios da independencia das repúblicas iberoamericanas».*

Un. A celebración dos «Bicentenarios da independencia das repúblicas iberoamericanas» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Disposición adicional sexaxésimo oitava. *Beneficios fiscais aplicables ao «150 aniversario de creación da Academia de España en Roma».*

Un. A celebración do «150 aniversario de creación da Academia de España en Roma» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Disposición adicional sexaxésimo novena. *Beneficios fiscais aplicables á conmemoración do «125 aniversario da Asociación de Prensa de Madrid».*

Un. A celebración do «125 aniversario da Asociación de Prensa de Madrid» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio abranguerá desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase en conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente en conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésima. *Beneficios fiscais aplicables á celebración do Summit «MADBLUE».*

Un. «MADBLUE» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional septuaxésimo primeira. *Beneficios fiscais aplicables ao evento «30 Aniversario da Escola Superior de Música Raíña Sofía».*

Un. A celebración do «30 Aniversario da Escola Superior de Música Raíña Sofía» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a entrada en vigor desta lei até o 31 de agosto de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo segunda. *Beneficios fiscais aplicables ao evento «Ano Santo Guadalupense 2021».*

Un. A celebración do «Ano Santo Guadalupense 2021» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2022.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo terceira. *Beneficios fiscais aplicables ao «Andalucía Valderrama Masters 2022/2024».*

Un. A celebración do «Andalucía Valderrama Masters 2022/2024» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2022 até o 31 de decembro de 2024.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo cuarta. *Beneficios fiscais aplicables ao «Torneo Davis Cup Madrid».*

Un. O «Torneo Davis Cup Madrid» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo quinta. *Beneficios fiscais aplicables a «Madrid Horse Week 21/23».*

Un. O acontecemento «Madrid Horse Week 21/23» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo sexta. *Beneficios fiscais aplicables ao «Centenario do rugby en España e da Unió Esportiva Santboiana».*

Un. O programa «Centenario do rugby en España e da Unió Esportiva Santboiana» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables ao «Solheim Cup 2023».*

Un. O «Solheim Cup 2023» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente en conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo oitava. *Beneficios fiscais aplicables ao evento «IX Centenario da Reconquista de Sigüenza».*

Un. A celebración do «IX Centenario da Reconquista de Sigüenza» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2021 ao 30 de xuño do 2024.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, neste caso a Fundación Impulsa CLM.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo novena. *Beneficios fiscais aplicables a «Barcelona Mobile World Capital».*

Un. O programa «Barcelona Mobile World Capital» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde a entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente en conformidade co disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional octoxésima. *Beneficios fiscais aplicables á celebración de «Valencia, Capital Mundial do Deseño 2022 / Valencia World Design Capital 2022».*

Un. A celebración de «Valencia, Capital Mundial do Deseño 2022 / Valencia World Design Capital 2022» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a entrada en vigor desta lei até o 31 de agosto de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente, de conformidade co disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Cinco. Os beneficios fiscais serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional octoxésimo primeira. *Beneficios fiscais aplicables ao «Cinquenta aniversario da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED)».*

Un. O programa «Cinquenta aniversario da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED)» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2022.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren a adecuada celebración do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente en conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo segunda. *Beneficios fiscais aplicables ao «Centenario de Revista de Occidente»*

Un. A celebración do «Centenario de Revista de Occidente» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo terceira. *Beneficios fiscais aplicables ao «50 Aniversario do falecemento de Clara Campoamor. 90 anos do inicio dunha democracia plena».*

Un. O programa «50 Aniversario do falecemento de Clara Campoamor. 90 anos do inicio dunha democracia plena» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de marzo de 2021 até o 29 de febreiro de 2024.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente en conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo cuarta. *Beneficios fiscais aplicables ao evento «V Centenario do falecemento de Elio Antonio de Nebrija».*

Un. A celebración do evento «V Centenario do falecemento de Elio Antonio de Nebrija» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento comezará na data de entrada en vigor desta lei e continuará até o 30 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente en conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo quinta. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Novas Metas II».*

Un. O programa «Novas Metas II» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2021 até o 30 de xuño de 2024.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase en conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo sexta. *Beneficios fiscais aplicables á conmemoración do «250 Aniversario do Museo Nacional de Ciencias Naturais (CSIC-MNCN)».*

Un. A celebración do «250 Aniversario do Museo Nacional de Ciencias Naturais (CSIC-MNCN)» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio abranguerá desde a data de entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente en conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Andalucía Rexión Europea do Deporte 2021».*

Un. O programa «Andalucía Rexión Europea do Deporte 2021» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a entrada en vigor desta lei de orzamentos até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo oitava. *Beneficios fiscais aplicables ao «75 Aniversario da Ópera en Oviedo».*

Un. O programa «75 Aniversario da Ópera en Oviedo» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2021 até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo novena. *Beneficios fiscais aplicables ao proxecto «Hábitos saudables para o control do risco cardiovascular «Aprender a coidarnos»».*

Un. O programa «Hábitos saudables para o control do risco cardiovascular «Aprender a coidarnos»» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto no artigo 27.2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional nonaxésima. *Beneficios fiscais aplicables aos «Mundiais Bádminon España».*

Un. O evento «Mundiais Bádminon España» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa será desde o 1 de xuño de 2021 até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo primeira. *Beneficios fiscais aplicables ao «Centenario da Batalla de Covadonga-Cuadonga».*

Un. O «Centenario da Batalla de Covadonga-Cuadonga» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a entrada en vigor desta lei de orzamentos até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo segunda. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «VII Centenario da Catedral de Palencia 2021-2022».*

Un. O programa «VII Centenario da Catedral de Palencia 2021-2022» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde a entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente en conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo terceira. *Beneficios fiscais aplicables a «Fitur especial: recuperación turismo».*

Un. A celebración do «Fitur especial: recuperación turismo» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este evento abranguerá desde a entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo cuarta. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Deporte Inclusivo II.»*

Un. O programa «Deporte Inclusivo II» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2021 até o 30 xuño de 2024.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo quinta. *Beneficios fiscais aplicables ao evento «Valencia 2020-2021, Ano Xubilar. Camiño do Santo Cáliz».*

Un. A celebración do evento «Valencia 2020-2021, Ano Xubilar. Camiño do Santo Cáliz» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2022.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro».

Disposición adicional nonaxésimo sexta. *Beneficios fiscais aplicables a «Enfermidades Neurodexenerativas. Ano Internacional da Investigación e Innovación. Período 2021-2022».*

Un. «Enfermidades Neurodexenerativas. Ano Internacional da Investigación e Innovación. Período 2021-2022» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2022.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e programas efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables ao acontecemento «50 Aniversario do Hospital Sant Joan de Deu».*

Un. A celebración do acontecemento «50 Aniversario do Hospital Sant Joan de Deu» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a entrada en vigor desta lei até o 31 de decembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción posteriores en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto no artigo 27.2 a Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional nonaxésimo oitava. *Taxa de supervisión, análise, asesoramento e seguimento da política fiscal.*

O tipo de gravame da taxa de supervisión, análise, asesoramento e seguimento da política fiscal, referido na letra g) da disposición adicional segunda da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, será o 0,00144 por cento.

Disposición adicional nonaxésimo novena. *Actualización dos prezos básicos do canon de control de verteduras.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2021 e vixencia indefinida, de conformidade co previsto no parágrafo segundo do punto 3 do artigo 113 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, o prezo básico por metro cúbico fíxase en 0,01751 euros para a auga residual urbana e en 0,04377 euros para a auga residual industrial.

VI

Disposición adicional centésima. *Fondo de Cohesión Sanitaria e Fondo de Garantía Asistencial.*

Un. Suspéndese a aplicación do artigo 2.1.a), b) e d) do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, polo que se regula a xestión do Fondo de Cohesión Sanitaria, e establécese a natureza extraorxamentaria das ditas alíneas.

Dous. A partir do 1 de xaneiro de 2021, os gastos derivados da asistencia sanitaria prestada a pacientes residentes en España derivados entre comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e asegurados desprazados a España en estada temporal con dereito a asistencia por conta doutro Estado, prestada ao abeiro da normativa internacional nesta materia, recollido no artigo 2.1. a), b) e d) do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, así como os derivados da asistencia sanitaria recollida no Fondo de Garantía Asistencial, serán obxecto de compensación sobre a base dos saldos positivos e negativos resultantes das liquidacións realizadas polo Ministerio de Sanidade e polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, a través do Instituto Nacional da Seguridade Social, tomando como período de referencia a actividade realizada no ano anterior por cada comunidade autónoma e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

O Ministerio de Sanidade comunicará ao Instituto Nacional da Seguridade Social, durante o primeiro semestre do exercicio, os saldos negativos resultantes da asistencia

sanitaria prestada a pacientes residentes en España derivados entre comunidades autónomas incluídos nos supostos 2.1.a), b) e d) do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, e do Fondo de Garantía Asistencial.

Tres. O importe dos saldos positivos resultantes destas liquidacións será aboado ás comunidades autónomas e ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria mediante o procedemento que se establece a continuación:

a) O Instituto Nacional da Seguridade Social procederá, en primeiro lugar, a deducir os saldos negativos resultantes de facturación polo gasto real dos pagamentos que deba efectuar ás comunidades autónoma ou ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria en concepto de saldo neto positivo por cota global pola cobertura da asistencia sanitaria a que se refire a disposición adicional décimo segunda do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

b) A continuación, o Instituto Nacional da Seguridade Social deducirá dos saldos netos positivos por gasto real e cota global restantes os saldos negativos resultantes da liquidación pola asistencia sanitaria prestada a pacientes residentes en España derivados entre comunidades autónomas incluídos nos supostos 2.1.a), b) e d) do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, e polo Fondo de Garantía Asistencial.

c) Unha vez realizadas estas deducións, o Instituto Nacional da Seguridade Social transferirá o importe destes saldos netos positivos, tanto en concepto de gasto real como de cota global, ás comunidades autónomas ou ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria. Esta transferencia realizaraa a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, por proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social, durante o terceiro trimestre de cada exercicio.

d) O Instituto Nacional da Seguridade Social comunicará estas operacións ao Ministerio de Sanidade durante o terceiro trimestre de cada exercicio. Tamén comunicará ao Ministerio de Sanidade os saldos netos negativos por gasto real que non puidesen ser deducidos dos saldos netos positivos por cota global.

e) O importe deducido ás comunidades autónomas ou ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria polos saldos negativos resultantes en concepto de gasto real, de asistencia sanitaria prestada a pacientes residentes en España derivados entre comunidades autónomas e do Fondo de Garantía Asistencial, ingresarase na Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional con aplicación a unha conta extraorxamentaria, que será xestionada polo Ministerio de Sanidade, para compensación entre comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

f) O Ministerio de Sanidade descontará dos saldos netos positivos resultantes pola asistencia sanitaria prestada a pacientes residentes en España derivados entre comunidades autónomas e polo Fondo de Garantía Asistencial os saldos negativos resultantes de facturación por gasto real que non puidesen ser deducidos polo Instituto Nacional da Seguridade Social dos saldos positivos por cota global. Este importe será distribuído polo Ministerio de Sanidade entre as comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria con saldos positivos de facturación por gasto real de forma proporcional aos ditos saldos positivos, unha vez deducidos os saldos negativos restantes en concepto de asistencia sanitaria prestada a pacientes residentes en España derivados entre comunidades autónomas e polo Fondo de Garantía Asistencial que non puidesen ser descontados polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

g) O resto do importe deducido ás comunidades autónomas e ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria será distribuído polo Ministerio de Sanidade entre as comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria que presenten saldos netos positivos compensables pola asistencia sanitaria prestada a pacientes residentes en España derivados entre comunidades autónomas e polo Fondo de Garantía Asistencial, e de forma proporcional aos ditos saldos netos positivos.

h) Por último, os saldos netos negativos por asistencia sanitaria prestada a pacientes residentes en España derivados entre comunidades autónomas e polo Fondo de Garantía Asistencial e por gasto real que resten serán compensados, deducidos ou retidos, segundo proceda, dos pagamentos que realizará o Ministerio de Facenda dos recursos do sistema de financiamento cando se cumpran as condicións previstas para iso.

Disposición adicional centésimo primeira. *Transferencia á Comunidade Autónoma do País Vasco dos terreos ocupados pola central nuclear de Lemóniz.*

Acórdase a transferencia á Comunidade Autónoma do País Vasco da plena propiedade da superficie duns 69.784 metros cadrados que foi declarada innecesaria para a protección e utilización do dominio público marítimo-terrestre pola Orde ministerial do 15 de outubro de 2018 e desafectada pola Orde ministerial do 4 de xullo de 2019, correspondente aos terreos ocupados pola central nuclear de Lemóniz afectados polo deslindamento no termo municipal de Lemóniz (Bizkaia), aprobado pola Orde ministerial do 16 de marzo de 2000.

Unha vez que entre en vigor a presente lei, quedará sen efecto a Orde da ministra de Facenda do 6 de agosto de 2019, pola que se ceden gratuitamente á Administración da Comunidade Autónoma do País Vasco os terreos ocupados pola central nuclear de Lemóniz, no termo municipal de Lemóniz (Bizkaia), declarados innecesarios para a protección e utilización do dominio público marítimo terrestre, con destino a un polo de investigación e produción acuícola.

Disposición adicional centésimo segunda. *Transmisión de bens inmobles.*

O ben inmueble denominado «Casa do Mar de Bermeo» (Bizkaia), propiedade da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, doarase á Confraría de Pescadores de Bermeo.

Esta doazón estará condicionada a que a citada confraría doe á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, logo de segregación, un local no edificio, do cal é propietaria, sito na rúa Fraile Leku número 1, en Bermeo.

Disposición adicional centésimo terceira. *Asignación de cantidades a actividades de interese xeral consideradas de interese social.*

Un. O Estado destinará a subvencionar actividades de interese xeral consideradas de interese social, na forma que regulamentariamente se estableza, o 0,7 por cento da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2021 correspondente aos contribuíntes que manifesten expresamente a súa vontade en tal sentido.

Para estes efectos, entenderase por cota íntegra do imposto a formada pola suma da cota íntegra estatal e da cota íntegra autonómica nos termos previstos na Lei reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A liquidación definitiva da asignación correspondente ao exercicio de 2021 levarase a cabo antes do 30 de abril de 2023, e efectuarase unha liquidación provisional o 30 de novembro de 2022 que posibilite a iniciación anticipada do procedemento para a concesión das subvencións.

A contía total asignada nos orzamentos de 2021 para actividades de interese xeral consideradas de interese social distribuirase aplicando as seguintes porcentaxes: o 77,72 por 100 ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, o 19,43 por 100 ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e o 2,85 por 100 ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Estas porcentaxes serán de aplicación sobre a liquidación definitiva practicada no propio exercicio 2021.

As contías destinadas a estas subvencións xestionaranas e outorgaranas as administracións que resulten competentes, de acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza.

Dous. O Estado destinará a subvencionar actividades de interese xeral consideradas de interese social, na forma que regulamentariamente se estableza, o 0,7 por cento da cota íntegra do imposto sobre sociedades correspondente aos contribuíntes cuxo período impositivo finalizase a partir da entrada en vigor desta lei que manifesten expresamente a súa vontade en tal sentido.

Para estes efectos, entenderase por cota íntegra do imposto a cota íntegra total declarada, determinada nos termos previstos na Lei reguladora do imposto sobre sociedades.

A liquidación definitiva da asignación correspondente ao exercicio 2021 levarase a cabo antes do 30 de abril de 2023, e efectuarase unha liquidación provisional o 30 de setembro de 2022 que posibilite a iniciación anticipada do procedemento para a concesión das subvencións.

As contías destinadas a estas subvencións –que en todo caso se destinarán a financiar proxectos de entidades de ámbito estatal– xestionaranse e outorgaranse de acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza.

A contía total asignada nos orzamentos de 2021 para actividades de interese xeral consideradas de interese social distribuírse aplicando as seguintes porcentaxes: o 77,72 por 100 ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, o 19,43 por 100 ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e o 2,85 por 100 ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Estas porcentaxes serán de aplicación sobre a liquidación definitiva practicada no propio exercicio 2021.

Disposición adicional centésimo cuarta. *Autorización de pagamentos á conta polos servizos de proximidades e rexionais traspasados á Generalitat de Cataluña.*

Un. Durante a vixencia destes orzamentos, o establecido no punto un da disposición adicional septuaxésimo segunda da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, será de aplicación ao custo neto dos servizos de transporte de viaxeiros por ferrocarril de proximidades e rexionais, cuxas funcións foron traspasadas á Generalitat de Cataluña, prestados no exercicio anterior por Renfe-Viajeros, S.M.E., S.A.

Dous. O libramento efectuarase unha vez que a Intervención Xeral da Administración do Estado emita o correspondente informe de control financeiro sobre a proposta de liquidación elaborada por Renfe-Operadora, en que verificará especialmente que os criterios de imputación de ingresos e gastos sexan análogos aos que deriven do contrato vixente en cada momento entre a Administración xeral do Estado e Renfe-Viajeros, S.M.E., S.A. para a prestación dos servizos públicos de transporte ferroviario de viaxeiros por ferrocarril de «proximidades», «media distancia» e «largo métrico», competencia da Administración xeral do Estado, suxeitos a obrigacións de servizo público. O informe deberá emitirse antes do 30 de novembro de cada exercicio.

Para iso, Renfe-Viajeros, S.M.E., S.A. deberá pór á disposición da Intervención Xeral da Administración do Estado, ao menos tres meses antes, tanto a proposta de liquidación como toda a información e documentación precisas para a súa verificación, incluídos os estudos que permitan valorar e cuantificar os efectos sobre o déficit de explotación das medidas tarifarias aprobadas pola Generalitat.

Non será obxecto de compensación o maior déficit de explotación que se lle puidese ter orixinado a Renfe-Viajeros, S.M.E., S.A. como consecuencia de decisións da Generalitat de Cataluña, en uso das súas competencias, en canto a política tarifaria ou estándares de calidade, compromisos e condicións, distintos dos considerados para os efectos do contrato citado con anterioridade.

Para a liquidación dos servizos prestados en 2020, da cantidade resultante descontarase o importe que Renfe-Viajeros, S.M.E., S.A. percibise da Generalitat de Cataluña, derivado das transferencias recibidas por esta última da Administración xeral do Estado, conforme o disposto no artigo 2.2.d)2)c) do Real decreto lei 22/2020, do 16 de xuño, polo que se regula a creación do Fondo COVID-19 e se establecen as regras relativas á súa distribución e libramento.

Tres. O libramento efectuarase, tras ter en conta o informe de control financeiro a que se refire o punto dous, con cargo á aplicación orzamentaria 17.39.441M.447 «A Renfe-Viajeros, S.M.E., S.A. para compensar os servizos de transporte de proximidades e rexionais traspasados á Comunidade Autónoma de Cataluña, correspondentes ao exercicio anterior, pendentes de liquidación», por importe 232.638,00 miles de euros.

Catro. A transferencia a que se refire o punto anterior terá carácter de cantidade á conta da liquidación definitiva que se acorde no marco da metodoloxía aprobada polos acordos do 22 de decembro de 2009, da Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais

Estado-Generalitat de Cataluña, de valoración dos servizos de transporte de viaxeiros por ferrocarril de proximidades prestados por Renfe-Operadora en Barcelona e do 17 de novembro de 2010, da mesma Comisión Mixta, sobre valoración dos servizos rexionais.

Cinco. Efectuada a liquidación definitiva, a diferenza positiva ou negativa que resulte respecto da cantidade á conta aboada en virtude do disposto no punto anterior poderá destinala a Administración xeral do Estado a incrementar ou minorar as transferencias que vaia efectuar polos servizos prestados nos exercicios seguintes.

Disposición adicional centésimo quinta. *Criterios para o cálculo do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado mencionado no capítulo I do título VII da presente lei, de acordo co disposto no artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Para os efectos do cálculo das entregas á conta da participación das entidades locais nos tributos do Estado do artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o índice provisional de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre o ano 2004 e o ano 2021 determinarase cos criterios establecidos no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, que consisten en:

1. Os ingresos tributarios do Estado do ano 2021 están constituídos pola recadación estatal no exercicio, excluídos os recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas polo IRPF, IVE e IIEE, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 22/2009.

2. Polo que se refire ao cálculo dos ingresos tributarios do Estado do ano 2004, utilizaranse os criterios de homoxeneización establecidos no artigo 20 da Lei 22/2009, isto é, simularase a entrega á conta do ano 2004 das comunidades autónomas nos termos de cesión correspondentes ao ano 2021. Polo que respecta á liquidación de 2002, calcularase por diferenza entre o rendemento definitivo das comunidades autónomas nos termos de cesión do ano 2021 e as entregas que se efectuasen de acordo cos ditos termos de cesión.

Igualmente, para a determinación do resto dos índices de evolución regulados no capítulo I do título VII da presente lei, distintos do anterior, aplicarase o disposto no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, substituíndo, se procede, o ano base 2007 polo que corresponda.

Disposición adicional centésimo sexta. *Criterios para o cálculo do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado para a liquidación da participación das entidades locais en tributos do Estado do ano 2019.*

Para os efectos da liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado correspondente ao ano 2019 e da aplicación do artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre o ano 2004 e o ano 2019 determinarase cos criterios establecidos no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, que consisten en:

1. Os ingresos tributarios do Estado do ano 2019 están constituídos pola recadación estatal no exercicio, excluídos os recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas polo imposto sobre a renda das persoas físicas, polo imposto sobre o valor engadido e polos impostos especiais, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 22/2009.

2. Polo que se refire ao cálculo dos ingresos tributarios do Estado do ano 2004 ou 2006, utilizaranse os criterios establecidos na letra e) da disposición transitoria cuarta da Lei 22/2009, considerando como ano base o ano 2004 ou 2006, segundo proceda.

Disposición adicional centésimo sétima. *Modificación do ámbito obxectivo do Fondo de Ordenación, compartimento do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.*

Un. Para o exercicio de 2021, no ámbito obxectivo regulado no artigo 40.1 do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, os municipios a que se refire o artigo 39.1 da mesma norma poderán incluír as contías que estean pendentes de amortizar e que correspondan a operacións que se formalizaron no marco da liña de crédito para a cancelación de débedas das entidades locais con empresas e autónomos, regulada na sección segunda do capítulo II do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa, e polas que se estean aplicando retencións na participación daquelas entidades locais nos tributos do Estado.

Dous. Os concellos que se adherisen ou se adhiran en 2021 ao compartimento Fondo de Ordenación do Fondo de Financiamento a Entidades Locais poderán solicitar, con carácter excepcional, antes do 30 de abril de 2021, a formalización de préstamos con cargo a aquel compartimento para a cancelación da débeda pendente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e que estea sendo obxecto de cancelación mediante acordos de fraccionamento ou de aprazamento, subscritos con aqueles acredores antes da data de publicación da presente lei, ou que se estean compensando mediante a aplicación de retencións da participación en tributos do Estado, todo iso de conformidade coa condicionalidade establecida no Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, atendendo á situación específica dos concellos solicitantes das recollidas no artigo 39.1 da dita norma.

Disposición adicional centésimo oitava. *Cancelación das operacións de préstamo formalizadas polas entidades locais co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.*

Un. Como excepción ao disposto na disposición derradeira trixésimo primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, durante o ano 2021 as entidades locais poderán concertar novas operacións de endebedamento para cancelar parcial ou totalmente a súa débeda pendente co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, en liquidación, sempre que se cumpran todos os requisitos seguintes:

a) Que a nova operación de endebedamento que se vaia subscribir teña, como máximo, o mesmo período de amortización que reste para a cancelación completa das operacións de crédito que a entidade local teña subscritas co mencionado fondo. Os plans de axuste aprobados e que posibilitaron a formalización das operacións que se cancelan manterán a súa vixencia até a total amortización da nova operación de endebedamento, sen prexuízo do establecido nos puntos 4 e 5 desta disposición.

b) Que coa nova operación de endebedamento se xere unha diminución da carga financeira que supoña un aforro financeiro.

c) Esta operación de endebedamento non poderá incorporar a garantía da participación en tributos do Estado nin poderán subrogarse as entidades de crédito que concerten estas novas operacións nos dereitos que correspondan ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

d) Esta operación deberá destinarse na súa totalidade á amortización anticipada total ou parcial dos préstamos formalizados co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, cumprindo cos requisitos e condicións establecidas nos contratos subscritos polas entidades locais co citado fondo.

Dous. Para a formalización das novas operacións de endebedamento citadas será preciso solicitar autorización do Ministerio de Facenda.

Para estes efectos, coa solicitude xuntarase a seguinte documentación:

- a) O acordo do órgano competente da corporación local, cos requisitos de quórum e votacións establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- b) O informe do interventor da entidade local en que se certifique o aforro financeiro anual que se producirá como consecuencia da subscrición da nova operación de endebedamento.

Tres. Se o período medio de pagamento a provedores, calculado pola entidade local de acordo co Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, supera o prazo máximo establecido na normativa sobre a morosidade, o aforro financeiro xerado como consecuencia da subscrición da nova operación de endebedamento autorizada deberá destinarse a reducir a súa débeda comercial e, en consecuencia, o período medio de pagamento a provedores; esta é unha das medidas que, de ser o caso, terá que incluír no plan de tesouraría a que se refire a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Catro. Se a entidade local cumpriuse, no momento do peche do exercicio 2020, co límite de débeda establecido nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, e o seu período medio de pagamento a provedores, calculado pola entidade local de acordo co Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, non excede o prazo máximo establecido na normativa sobre a morosidade e, ademais, no momento do peche de 2019, cumpriu co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, poderá formalizar a nova operación. Se a entidade local cancela totalmente os préstamos formalizados co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, quedará sen vixencia o plan de axuste aprobado e que posibilitou a súa concertación. Se non se cancelan totalmente os ditos préstamos, os plans de axuste manterán a súa vixencia e o procedemento de seguimento da súa execución a que estean suxeitos.

Cinco. Se a entidade local non cumpriu algún dos límites ou regras citados no punto 4 anterior, poderá formalizar a nova operación de endebedamento, pero o plan de axuste aprobado manterá a súa vixencia, mesmo cando se cancelen totalmente os préstamos formalizados co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

Seis. Sen prexuízo do disposto nos puntos 4 e 5 anteriores, se a entidade local presentou no peche do exercicio 2020 aforro neto negativo ou endebedamento superior ao 75 por cento dos seus ingresos correntes liquidados no exercicio inmediato anterior, nos termos definidos na disposición derradeira trixésimo primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, a entidade local, mediante acordo do seu Pleno, deberá aprobar un plan de saneamento financeiro ou de redución de débeda para corrixir, nun prazo máximo de cinco anos, o signo do aforro neto ou o volume de endebedamento, respectivamente. Polo que se refire a este último, deberase corrixir até o límite antes citado, no caso de que o dito volume se encuentre comprendido entre aquela porcentaxe e a fixada no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Nos restantes supostos de endebedamento excesivo, o plan de redución de débeda deberá corrixir o nivel de débeda, como máximo, á porcentaxe fixada no último precepto citado.

Os citados plans deberán comunicarse ao Ministerio de Facenda, xunto coa solicitude de autorización a que se refire o punto 2 do presente artigo.

O interventor da entidade local deberá emitir un informe anual do cumprimento destes plans e presentalo ao Pleno da corporación local para o seu coñecemento, e deberá, ademais, remitilo ao Ministerio de Facenda.

No caso de que se produza un incumprimento dos citados plans, a entidade local non poderá concertar operacións de endebedamento a longo prazo para financiar calquera

modalidade de investimento. Ademais, o Ministerio de Facenda poderá propor medidas extraordinarias, que deberán adoptar as entidades locais afectadas. No caso de que estas non adopten estas medidas, poderanse aplicar as medidas coercitivas e de cumprimento forzoso establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Sete. A nova operación de endebedamento que se subscriba, de acordo co previsto nos puntos anteriores, no prazo de trinta días contados desde a data da súa formalización, comunicaráse ao Ministerio de Facenda, de acordo co disposto no artigo 55 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 17 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Oito. Aquelas entidades locais que formalizaron as operacións de refinanciamento que foron autorizadas en aplicación do artigo 3 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, con plans de axuste vixentes por aplicación do punto 5 daquel precepto, poderán declarar a fin da súa vixencia sempre que cumprisen coas regras fiscais citadas no punto 4 anterior en todos e cada un dos anos comprendidos no período 2017-2019. Esta fin de vixencia comunicaráse ao Ministerio de Facenda no seguimento do plan de axuste correspondente ao trimestre inmediato posterior á data de publicación da presente lei. No caso de que teña vixente algún dos plans de saneamento ou de redución de débeda citados no artigo 3.6 da Lei 18/2014, permanecerán vixentes até a finalización que tiveren prevista.

Disposición adicional centésimo novena. *Consolidación da débeda a curto prazo en débeda a longo prazo por parte das entidades locais.*

Un. Como excepción ao disposto no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, autorízase exclusivamente en 2021 a formalización de operacións de conversión de débeda a curto prazo que estean vixentes en operacións de crédito a longo prazo por parte daquelas entidades locais que en 2019 ou en 2020 presenten remanente de tesouraría para gastos xerais negativo, unha vez atendido o saldo da conta 4131 «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento» ou, no caso de que non exista esta divisionaria, a parte do saldo da conta 413 «Acredores por operacións devindicadas» que equivale a aquela, ou saldos de contas equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación ou que, nalgún daqueles exercicios, presenten aforro neto negativo.

Para a formalización das operacións de refinanciamento citadas será precisa a adopción dun acordo do órgano competente da corporación local, cos requisitos de quórum e votacións establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ademais, no caso de que as entidades locais presenten remanente de tesouraría negativo para gastos xerais nos termos antes citados, ou aforro neto negativo ou endebedamento superior ao 75 por cento dos seus ingresos correntes liquidados no exercicio inmediato anterior nos termos definidos na disposición derradeira trixésimo primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, as corporacións locais, mediante acordo dos seus respectivos plenos, deberán aprobar un plan de saneamento financeiro ou de redución de débeda para corrixir, nun prazo máximo de cinco anos, o signo do remanente de tesouraría para gastos xerais antes definido ou do aforro neto ou o volume de endebedamento, respectivamente. Polo que se refire a este último, deberá corrixirse até o límite antes citado, no caso de que o dito volume se encontre comprendido entre aquela porcentaxe e a fixada no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Nos restantes supostos de endebedamento excesivo, o

plan de redución de débeda deberá corraxir o nivel de débeda, como máximo, á porcentaxe fixada no último precepto citado.

Os citados plans deberán comunicalos, para a súa aprobación, as entidades locais ao órgano competente do Ministerio de Facenda, salvo que a comunidade autónoma correspondente teña atribuída no estatuto de autonomía a tutela financeira das ditas entidades, caso en que se comunicará a esta.

A aprobación anterior implicará, para calquera efecto, que a entidade local está cumprindo cos límites que fixa a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento. Este mesmo efecto derivará dos plans de saneamento financeiro ou de redución de débeda que aprobase o órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais, e aos cales estea dando cumprimento, en aplicación da disposición adicional septuaxésimo terceira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, disposición adicional septuaxésimo cuarta da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, e septuaxésimo sétima da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.

No caso de que as entidades mencionadas estean suxeitas a un plan de axuste pola aplicación de medidas de apoio financeiro fundamentadas na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, deberán modificalo incluíndo a operación a que se refire esta disposición adicional no momento en que informen acerca do seguimento do dito plan de axuste. Nestes casos entenderase cumprido o requirimento do plan de saneamento antes citado.

O interventor da entidade local deberá emitir un informe anual do cumprimento do plan de saneamento e presentalo ao Pleno da corporación local para o seu coñecemento; o correspondente ao último ano daqueles plans deberá, ademais, remitilo ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais.

No caso de que se produza un incumprimento dos citados plans, a entidade local non poderá concertar operacións de endebedamento a longo prazo para financiar calquera modalidade de investimento. Ademais, o órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais poderá propor medidas extraordinarias que deberán adoptar as entidades locais afectadas. No caso de que estas non adopten tales medidas, poderanse aplicar as medidas coercitivas e de cumprimento forzoso establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dous. Fóra do marco regulado no punto 1 anterior débese considerar prohibida a formalización das operacións de renovacións sucesivas de débeda a curto prazo.

Disposición adicional centésimo décima. *Regulación da concesión de subvencións nominativas destinadas ao financiamento de actuacións concretas e excepcionais a determinados municipios do Campo de Gibraltar.*

Un. Para o exercicio 2021, ao abeiro do disposto no artigo 22.2.a) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no programa 942N da sección 37 dos orzamentos xerais do Estado figura un crédito de 7,3 millóns de euros para as subvencións nominativas a entidades locais do Campo de Gibraltar para financiar actuacións concretas e excepcionais (investimentos) en execución do Acordo do Consello de Ministros do 16 de novembro de 2018 polo que se aproba o Plan integral para o Campo de Gibraltar.

Dous. As actuacións que se realizarán nos municipios da comarca do Campo de Gibraltar deberán cuantificarse por municipios, por proposta da Mancomunidade de Municipios do Campo de Gibraltar, e formalizar un convenio con cada un dos concellos afectados.

Tres. As subvencións citadas no parágrafo anterior faranse efectivas na forma que se estableza no instrumento regulador correspondente, que para o outorgamento de subvencións directas establece o artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

Catro. O outorgamento destas subvencións por parte da Administración xeral do Estado é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cinco. A Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local adoptará as medidas oportunas para o cumprimento do sinalado na presente disposición en relación coa xestión dos créditos correspondentes a estas subvencións.

Disposición adicional centésimo décimo primeira. *Criterios para a práctica de deducións ou retencións dos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.*

Un. Cando concorran na dedución ou retención dos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía varias débedas que afecten unha mesma comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local aplicará en primeiro lugar as deducións ou retencións por débedas líquidas, vencidas e exixibles contraídas coa Facenda pública do Estado polas comunidades autónomas ou polas cidades con estatuto de autonomía afectadas, así como polas entidades de dereito público delas dependentes, por razón dos tributos cuxa aplicación corresponde ao Estado e por razón das cotizacións á Seguridade Social.

Dous. Tras a aplicación dos acordos previstos no punto anterior, a orde pola que se practicará o resto de deducións ou retencións será a seguinte:

1.º As correspondentes a débedas líquidas, vencidas e exixibles co sector público estatal.

2.º O resto de deducións ou retencións cuxos acordos se recibisen na Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

Tres. As deducións ou retencións previstas no punto 1 imputaranse a pro rata do importe das débedas por razón dos tributos e do importe das débedas por razón das cotizacións á Seguridade Social que concorran na dedución ou retención. Dentro de cada unha destas dúas categorías, así como nas previstas no punto 2 desta disposición, as deducións ou retencións practicaranse en función da data de entrada destes na Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local; aqueles que teñan unha data anterior serán os primeiros que serán obxecto de aplicación, sen prexuízo do cumprimento dos límites legalmente establecidos.

Catro. Para os efectos establecidos nos puntos anteriores, consideraranse os acordos de dedución ou retención ditados polos órganos xestores correspondentes cuxa entrada se producise na Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local antes do día quince do mes anterior a aquel en que se vaian realizar os pagamentos que afecten.

Cinco. Se, como consecuencia da aplicación desta disposición, non se poden deducir ou reter recursos suficientes para satisfacer todos os acordos de retención que deban ser considerados, o importe pendente será obxecto de dedución ou retención no seguinte pagamento que se efectúe á comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía por aplicación dos seus réximes de financiamento, segundo as regras sinaladas na presente disposición.

Seis. O importe efectivo obxecto de retención a que se refire o artigo 10.1 do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolven a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, será o que resulte de aplicar os criterios para a práctica de deducións ou

retencións contidos nesta disposición ao importe obxecto de retención a que se refire o artigo 8.2 do citado real decreto.

Disposición adicional centésimo décimo segunda. *Réxime excepcional en materia de endebedamento autonómico en 2021.*

Un. Excepcionalmente en 2021, en relación co réxime de autorizacións previsto no artigo 20.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade, así como para os efectos do compartimento do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas a que se poidan adherir as comunidades autónomas que o soliciten, manteranse os efectos do último informe do artigo 17 da Lei orgánica 2/2012, do 17 de abril, que se publique sobre o grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto do exercicio 2019 até que se fixen novos obxectivos e se acredite o seu cumprimento.

Dous. As autorizacións de endebedamento do Estado e as asignacións que se establezan con cargo aos mecanismos adicionais de financiamento para cubrir as necesidades de financiamento da referencia de déficit público fixada polo Ministerio de Facenda serán coherentes con esta, tendo en conta as desviacións que se produzan respecto a ela no ano anterior.

Tres. Excepcionalmente en 2021, como consecuencia das circunstancias económicas extraordinarias derivadas da crise sanitaria pola COVID-19, poderanse concertar operacións de crédito por prazo superior a un ano, sen que resulten de aplicación as restricións previstas no punto dous do artigo 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas. As operacións que se concerten baixo esta excepción deberán ser autorizadas polo Estado, que apreciará se se dan as circunstancias previstas nesta disposición. Esta autorización poderase realizar de forma gradual por tramos.

Catro. Excepcionalmente, en 2021 poderáselles autorizar ás comunidades autónomas o incremento do seu nivel de endebedamento neto no peche do exercicio para cubrir os desfases temporais de recursos necesarios para o rápido despregamento e execución da axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-UE). Nestes supostos, as comunidades autónomas deberán destinar os recursos obtidos pola certificación dos gastos correspondentes ao programa operativo rexional que articule a axuda REACT-UE a amortizar débeda por importe equivalente ao endebedamento destinado a esa finalidade. No momento do peche dos programas operativos que articulen os recursos adicionais REACT-UE, deberase reducir o nivel de endebedamento neto polo resto do importe das operacións de débeda destinadas a esa finalidade.

Cinco. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do sinalado nesta disposición entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico e de conformidade cos acordos adoptados ao respecto na Comisión Mixta do Concerto Económico.

Disposición adicional centésimo décimo terceira. *Integración definitiva do financiamento revisado da policía autonómica de Cataluña no Fondo de Suficiencia do Sistema de Financiamento Autonómico correspondente á Comunidade Autónoma de Cataluña.*

Un. No exercicio 2021, no marco do disposto no Acordo da Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat de Cataluña, do 22 de decembro de 2009, o Ministerio de Facenda, tras a liquidación do sistema de financiamento autonómico que corresponde realizar en tal exercicio, liquidará o importe da revisión do financiamento dos Mossos d'Esquadra correspondente á dita Comunidade en función do número de efectivos certificados pola Xunta de Seguridade de Cataluña, de acordo coas seguintes regras:

1.º O importe correspondente ao financiamento definitivo revisado dos Mossos d'Esquadra para os anos 2010, 2011, 2012 e 2013 determinarase aplicando o disposto na

letra C) do mencionado Acordo do 22 de decembro de 2009, sobre o número de efectivos certificados pola Xunta de Seguridade de Cataluña o 10 de xullo de 2017.

A valoración definitiva revisada do financiamento dos Mossos d'Esquadra así determinada para cada un deses anos, en termos do ano base 2007, será o resultado de aplicar a tales valores o índice ITE definitivo entre o ano 2007 e o ano que corresponda.

2.º Para os exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018, o importe do financiamento definitivo revisado dos Mossos d'Esquadra será o resultado de aplicar o índice ITE entre o ano base 2007 e cada un dos exercicios referidos ao valor definitivo revisado do financiamento dos Mossos d'Esquadra, en termos do ano base 2007, correspondente ao exercicio 2013, determinado segundo o disposto na regra 1.ª anterior.

3.º Para os exercicios 2019, 2020 e 2021, o importe do financiamento provisional revisado dos Mossos d'Esquadra será o 98 % da contía resultante de aplicar o índice ITE provisional, entre o ano base 2007 e cada un dos exercicios referidos, ao valor definitivo revisado do financiamento dos Mossos d'Esquadra, en termos do ano base 2007, correspondente ao exercicio 2013, determinado segundo o disposto na regra 1.ª anterior.

Dous. O importe total da regularización de exercicios anteriores derivada da revisión do financiamento dos Mossos d'Esquadra, como competencia non homoxénea, correspondente aos exercicios 2010-2020, é a diferenza entre o total dos importes revisados resultantes da aplicación das regras 1.ª, 2.ª e os correspondentes aos exercicios 2019 e 2020 da regra 3.ª do punto un anterior e os valores efectivamente percibidos pola Generalitat de Cataluña en concepto de financiamento dos Mossos d'Esquadra, a través dos recursos suxeitos a liquidación do sistema de financiamento aplicable á Comunidade Autónoma de Cataluña para os exercicios 2010 a 2020.

A regularización do dito importe financiarase con cargo ao crédito orzamentario 38.02.941M.452 «Á Comunidade Autónoma de Cataluña, en concepto de regularización do financiamento revisado dos Mossos d'Esquadra, incluíndo exercicios anteriores», e librarase en tres anualidades. A primeira anualidade, imputable ao exercicio 2021, ascenderá a 336.332,10 miles de euros e o saldo remanente restante distribuirase en dúas anualidades iguais nos dous exercicios seguintes.

Tres. O importe da regularización provisional do exercicio 2021 derivada da revisión do financiamento dos Mossos d'Esquadra, como competencia non homoxénea, correspondente ao dito exercicio, é a diferenza entre o importe revisado provisional correspondente ao exercicio 2021 resultante da aplicación da regra 3.ª do punto un anterior e a contía que corresponda percibir á Generalitat de Cataluña en concepto de entregas á conta do Fondo de Suficiencia por Financiamento dos Mossos d'Esquadra do dito ano, sen prexuízo do disposto no punto catro seguinte.

Este importe financiarase con cargo ao crédito orzamentario 38.02.941M.452 «Á Comunidade Autónoma de Cataluña, en concepto de regularización do financiamento revisado dos Mossos d'Esquadra, incluíndo exercicios anteriores» e librarase integramente no exercicio 2021 por un importe de 115.773,97 miles de euros.

Catro. A regularización definitiva derivada da revisión do financiamento dos Mossos d'Esquadra, como competencia non homoxénea, correspondente aos exercicios 2019, 2020 e 2021, calcularase nos seguintes termos:

1.º Para os exercicios 2019, 2020 e 2021, o importe do financiamento definitivo revisado correspondente ao financiamento dos Mossos d'Esquadra será o resultado de aplicar o índice ITE definitivo entre o ano base 2007 e cada un dos exercicios referidos ao valor definitivo revisado do financiamento dos Mossos d'Esquadra, en termos do ano base 2007, correspondente ao exercicio 2013, determinado segundo o disposto na regra 1.ª do punto un.

2.º Para os exercicios 2019, 2020 e 2021, o importe da liquidación revisada correspondente ao financiamento dos Mossos d'Esquadra será a diferenza entre o importe do financiamento definitivo revisado dos ditos exercicios, calculada segundo a regra 1.ª deste punto, e o importe do financiamento provisional revisado, calculada segundo a regra 3.ª do punto un.

3.º Unha vez practicada a liquidación definitiva do sistema de financiamento autonómico correspondente aos exercicios 2019, 2020 e 2021, nos anos 2021, 2022 e 2023, respectivamente, os valores da liquidación correspondente ao financiamento dos Mossos d'Esquadra para os ditos exercicios serán obxecto de regularización definitiva. En cada exercicio, o importe da regularización será a diferenza entre o importe da liquidación revisada, calculada segundo a regra 2.ª deste punto, e o importe da liquidación definitiva do sistema de financiamento autonómico correspondente a cada exercicio en concepto de financiamento dos Mossos d'Esquadra.

Os saldos a favor do Estado que, de ser o caso, poidan derivar de tales regularizacións definitivas imputaranse ao concepto de ingresos dos orzamentos xerais do Estado que determine o Ministerio de Facenda e aboaranse por compensación, aplicándose o desconto correspondente nos pagamentos que deba efectuar o Estado á Generalitat de Cataluña conforme o disposto no punto dous desta disposición adicional ou por calquera outro recurso do sistema de financiamento autonómico aplicable á Comunidade.

Cinco. Para o exercicio 2022 e seguintes, o valor revisado do financiamento dos Mossos d'Esquadra queda integrado plenamente no Fondo de Suficiencia de Cataluña, considerando como valor definitivo revisado do financiamento dos Mossos d'Esquadra no ano base 2007 o valor definitivo revisado do financiamento dos Mossos d'Esquadra do exercicio 2013, en termos do ano base 2007. A súa cuantificación e libramento, en concepto de entrega á conta e liquidación definitiva, efectuarase de acordo coas regras establecidas, con carácter xeral, para o Fondo de Suficiencia na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Seis. Para os efectos deste artigo, entenderase por índice ITE correspondente ao exercicio *n* o valor do índice ITE aplicado na determinación das entregas á conta ou liquidación definitiva, segundo corresponda, do Fondo de Suficiencia do exercicio correspondente do sistema de financiamento de comunidades autónomas de réxime común, de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

Sete. Para executar o establecido nesta disposición adicional centésimo décimo terceira dótase na sección 38 dos orzamentos xerais do Estado o crédito orzamentario 38.02.941M.452 «Á Comunidade Autónoma de Cataluña, en concepto de regularización do financiamento revisado dos Mossos d'Esquadra, incluíndo exercicios anteriores», que terá a consideración de crédito ampliable para os efectos do disposto na Lei xeral orzamentaria.

Disposición adicional centésimo décimo cuarta. *Regulación da concesión de subvencións nominativas destinadas ao financiamento do transporte público regular de viaxeiros de Madrid, Barcelona, Valencia e as illas Canarias.*

Un. Para o exercicio 2021, ao abeiro do disposto no artigo 22.2.a) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as subvencións nominativas destinadas ao Consorcio Rexional de Transportes de Madrid, á Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona-Autoritat del Transport Metropolità, á Autoridade do Transporte Metropolitano de Valencia-Autoritat de Transport Metropolità de València e á Administración pública da Comunidade Autónoma de Canarias, que outorga a Administración xeral do Estado, concederanse mediante resolución do titular da Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Dous. As subvencións destínanse ao financiamento por parte da Administración xeral do Estado das necesidades do sistema do transporte terrestre público regular de viaxeiros nos seguintes ámbitos de actuación:

– Madrid: ámbito definido na Lei 5/1985, do 16 de maio, de creación do Consorcio Rexional de Transportes Públicos Regulares de Madrid.

- Barcelona: ámbito definido no artigo 1 dos estatutos da Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona-Autoritat del Transport Metropolità.
- Illas Canarias: ámbito da Comunidade Autónoma de Canarias.
- Valencia: ámbito de actuación da Autoridade do Transporte Metropolitano de Valencia-Autoritat de Transport Metropolità de València, de conformidade coa súa normativa reguladora.

Tres. Os libramentos efectuaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e importes:

- Madrid: 17.39.441M.454 «Ao Consorcio Rexional de Transportes de Madrid, para o financiamento do transporte regular de viaxeiros», por importe de 126.894,00 miles de euros.
- Barcelona: 17.39.441M.451 «Á Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona, para o financiamento do transporte regular de viaxeiros», por importe de 149.301,52 miles de euros.
- Valencia: 17.39.441M.458 «Á Autoridade do Transporte Metropolitano de Valencia, para o financiamento do transporte regular de viaxeiros», por importe de 38.000,00 miles de euros.
- Illas Canarias: 17.39.441M.453 «Á Comunidade Autónoma de Canarias para o financiamento das necesidades correspondentes ao transporte regular de viaxeiros das distintas illas Canarias», por importe de 47.500,00 miles de euros.

Catro. O pagamento da subvención, desde o mes de xaneiro até o mes de xuño de 2021, realizarase mediante pagamentos anticipados trimestrais en marzo e xuño, por un importe en cada pagamento equivalente á cuarta parte da consignación orzamentaria.

A partir do mes de xullo de 2021, o pagamento da subvención pendente realizarase, de ser o caso, tras ter en conta a liquidación sinalada no punto cinco e as cantidades entregadas como pagamentos anticipados correspondentes ao primeiro semestre de 2021, mediante dous libramentos trimestrais sucesivos en setembro e decembro de idéntica contía.

Cinco. Antes do 15 de xullo de 2021, os destinatarios sinalados no punto tres remitirán á Dirección Xeral de Transporte Terrestre as seguintes certificacións:

- Madrid:
 - A) Certificación da Comunidade Autónoma de Madrid das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, até o 30 de xuño de 2021, ao Consorcio Rexional de Transportes Públicos Regulares de Madrid con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2020.
 - B) Certificación do Concello de Madrid das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, até o 30 de xuño de 2021, ao Consorcio Rexional de Transportes Públicos Regulares de Madrid con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2020.

Se a suma dos pagamentos efectuados por ambas as administracións for igual ás obrigacións recoñecidas, a achega consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2021 elevarase a definitiva e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro.

Se a suma dos pagamentos efectuados por ambas as administracións for inferior ás obrigacións recoñecidas, a achega definitiva da Administración xeral do Estado calcularase como o produto da consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2021 polo factor resultante de dividir os pagamentos efectuados entre as obrigacións recoñecidas, ambos con cargo aos orzamentos de 2020, e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro, sempre que a cifra resultante sexa superior aos pagamentos anticipados efectuados. En caso contrario, determinarase a diferenza e instarase o seu reintegro.

– Barcelona:

A) Certificación da Xeneralidade de Cataluña-Generalitat de Catalunya das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, até o 30 de xuño de 2021, á Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona-Autoritat del Transport Metropolità con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2020.

B) Certificación do Concello de Barcelona das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, até o 30 de xuño de 2021, á Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona-Autoritat del Transport Metropolità con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2020.

Se a suma dos pagamentos efectuados por ambas as administracións for igual ás obrigacións recoñecidas, a achega consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2021 elevarase a definitiva e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro.

Se a suma dos pagamentos efectuados por ambas as administracións for inferior ás obrigacións recoñecidas, a achega definitiva da Administración xeral do Estado calcularase como o produto da consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2021 polo factor resultante de dividir os pagamentos efectuados entre as obrigacións recoñecidas, ambos con cargo aos orzamentos de 2020, e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro, sempre que a cifra resultante sexa superior aos pagamentos anticipados efectuados. En caso contrario, determinarase a diferenza e instarase o seu reintegro.

– Illas Canarias:

Certificación da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Canarias das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, até o 30 de xuño de 2021, aos cabidos insulares para atender a finalidade prevista na base primeira, con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2020.

Se os pagamentos efectuados foren iguais ás obrigacións recoñecidas, a achega consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2021 elevarase a definitiva e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro.

Se os pagamentos efectuados foren inferiores ás obrigacións recoñecidas, a achega definitiva da Administración xeral do Estado calcularase como o produto da consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2021 polo factor resultante de dividir os pagamentos efectuados entre as obrigacións recoñecidas, ambos con cargo aos orzamentos de 2020, e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro, sempre que a cifra resultante sexa superior aos pagamentos anticipados efectuados. En caso contrario, determinarase a diferenza e instarase o seu reintegro.

– Valencia:

A) Certificación da Xeneralidade Valenciana-Generalitat Valenciana das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, até o 30 de xuño de 2021, á Autoridade do Transporte Metropolitano de Valencia-Autoritat de Transport Metropolità de València con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2020.

B) Certificación do Concello de Valencia das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, até o 30 de xuño de 2021, á Autoridade do Transporte Metropolitano de Valencia-Autoritat de Transport Metropolità de València con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2020.

Se a suma dos pagamentos efectuados por ambas as administracións for igual ás obrigacións recoñecidas, a achega consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2021 elevarase a definitiva e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro.

Se a suma dos pagamentos efectuados por ambas as administracións for inferior ás obrigacións recoñecidas, a achega definitiva da Administración xeral do Estado calcularase como o produto da consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2021 polo factor resultante de dividir os pagamentos efectuados entre as obrigacións recoñecidas, ambos con cargo aos orzamentos de 2020, e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro, sempre que a cifra resultante sexa superior aos pagamentos anticipados efectuados. En caso contrario, determinarase a diferenza e instarase o seu reintegro.

Seis. O outorgamento destas subvencións por parte da Administración xeral do Estado é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Sete. Non será necesaria a presentación de garantía, aval ou caución para o aseguramento dos pagamentos anticipados que deba librar a Administración xeral do Estado.

Oito. En todo o non previsto nos puntos anteriores será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na súa normativa de desenvolvemento.

Novo. O titular da Dirección Xeral de Transporte Terrestre adoptará as medidas oportunas para o cumprimento do sinalado na presente disposición en relación coa xestión dos créditos correspondentes a estas subvencións, e será competente para resolver as autorizacións, compromisos, recoñecementos de obrigacións e propostas de pagamento que deriven do cumprimento do establecido no punto catro, así como para instar e resolver os reintegros que procedan.

Disposición adicional centésimo décimo quinta. *Subvencións ás entidades locais por servizos de transporte colectivo urbano.*

Un. Para dar cumprimento ao previsto na disposición adicional quinta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, con cargo aos créditos da sección 17 «Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana», servizo 39 «Dirección Xeral de Transporte Terrestre», programa 441M «Subvencións e apoio ao transporte terrestre», concepto 462, figura un crédito por importe de 51.054,74 miles de euros destinado a subvencionar o servizo de transporte colectivo urbano prestado polas entidades locais que reúnan os requisitos que se especifican no seguinte punto.

Dous. Na distribución do crédito poderán participar os concellos que dispoñan dun servizo de transporte público colectivo urbano interior, calquera que sexa a forma de xestión, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Dispor dun plan de mobilidade sustentable, coherente coa Estratexia española de mobilidade sustentable, segundo o establecido no artigo 102, «Fomento dos plans de mobilidade sustentable», da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, na súa redacción dada pola disposición derradeira trixésimo primeira da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012.

b) Ter máis de 50.000 habitantes de dereito, segundo o padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2020 e aprobado oficialmente polo Goberno.

c) Ter máis de 20.000 habitantes de dereito, segundo as cifras de poboación do padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2020 e aprobado oficialmente polo Goberno, en que concorran simultaneamente que o número de unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano sexa superior a 36.000 na data sinalada.

d) Os municipios que, mesmo non reunindo algunha das condicións recollidas nos puntos b) e c) anteriores, sexan capitais de provincia.

e) Exceptúanse os municipios que, cumprindo os requisitos anteriores, participen nun sistema de financiamento alternativo do servizo de transporte público urbano interior en que proporcione financiamento a Administración xeral do Estado. Esta excepción será, en

todo caso, de aplicación ao ámbito territorial das illas Canarias, Consorcio Rexional de Transportes de Madrid, Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona e Autoridade do Transporte Metropolitano de Valencia.

Tres. A dotación orzamentaria, unha vez satisfeitas as obrigacións de pagamento correspondentes a sentenzas xudiciais firmes do mesmo concepto, distribuirase conforme os seguintes criterios, que se aplicarán consonte os datos de xestión económica e financeira que se deduzan do modelo a que se refire o punto seis do presente artigo:

A. O 5 por cento do crédito en función da lonxitude da rede municipal en traxecto de ida e expresada en quilómetros. As liñas circulares que non teñan traxecto de ida e volta computaranse pola metade.

B. O 5 por cento do crédito en función da relación viaxeiros/habitantes de dereito de cada municipio ponderada pola razón do número de habitantes citado dividido entre 50.000. A cifra de habitantes de dereito será a de poboación do padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2020 e oficialmente aprobado polo Goberno.

C. O 5 por cento do crédito en función de criterios ambientais, para dar cumprimento ao previsto no Plan de medidas urxentes para a Estratexia española de cambio climático e enerxía limpa, que prevé a incorporación de criterios de eficiencia enerxética para a concesión de subvencións ao transporte público urbano. Esta medida, definida no Plan de acción de aforro e eficiencia enerxética executado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do IDAE, consiste en establecer un mecanismo de valoración da eficiencia enerxética, aplicada aos sistemas de transporte público, que permita avaliar de forma homoxénea os avances producidos e telos en conta para a distribución destas axudas.

A porcentaxe antes mencionada distribuirase en función da puntuación obtida no cumprimento de criterios ambientais, referidos ao exercicio 2020, que serán os que figuran no cadro seguinte:

Municipios de gran poboación		Resto de municipios		Puntuación máxima
Criterios	Ratio cumprimento	Criterios	Ratio cumprimento	
Porcentaxe de autobuses urbanos GNC/GLP/ Biocombustibles.	> 20 %	Porcentaxe de autobuses urbanos GNC/GLP/ Biocombustibles.	> 5 %	20
Incremento no n.º total de viaxeiros respecto ao ano anterior.	> 1 %	Incremento no n.º total de viaxeiros respecto ao ano anterior.	SI/NON	15
Prazas-km ofertadas en transporte público: incremento con respecto á media dos tres anos anteriores.	> 1 %	Prazas-km ofertadas en transporte público: incremento con respecto ao ano anterior.	SI/NON	15
Existencia de vehículos eléctricos ou híbridos na frota de autobuses.	SI/NON	Existencia de vehículos eléctricos ou híbridos na frota de autobuses.	SI/NON	10
Porcentaxe de autobuses con accesibilidade a PMR.	> 50 %	Porcentaxe de autobuses con accesibilidade a PMR.	> 20 %	10
Densidade das liñas de autobús urbano (km/1000 hab.).	> 2	Densidade das liñas de autobús urbano (km/1000 hab.).	> 1	10

Municipios de gran poboación		Resto de municipios		Puntuación máxima
Criterios	Ratio cumprimento	Criterios	Ratio cumprimento	
Incremento en n.º de viaxes de TP respecto á media dos tres anos anteriores.	> 1 %	Incremento en n.º de viaxes de TP respecto ao ano anterior.	SI/NON	5
Rede de carrís bici: n.º de habitantes por km de carril bici.	< 8.000	Rede de carrís bici: n.º de habitantes por km de carril bici.	< 6.000	3
Lonxitude de carrís bus (% s/lonxitude total da rede).	> 2 %	Existen carrís bus.	SI/NON	3
Porcentaxe de condutores de bus urbano con formación en conducción eficiente (%).	> 20 %	Porcentaxe de condutores de bus urbano con formación en conducción eficiente (%).	> 15 %	3
Paraxes con información en tempo real de chegada de autobuses (%/sobre total de paraxes).	> 3 %	Paraxes con información en tempo real de chegada de autobuses (%/sobre total de paraxes).	> 3 %	3
Persoas con capacitación en xestión de frotas con criterios de eficiencia enerxética (n.º de persoas formadas/100 vehículos).	> 1	Persoas con capacitación en xestión de frotas con criterios de eficiencia enerxética (n.º de persoas formadas/100 vehículos).	SI/NON	3
Total				100

D. O 85 por cento do crédito en función do déficit medio por título de transporte emitido, consonte o seguinte procedemento:

a) O importe que se subvencionará a cada municipio virá dado polo resultado de multiplicar o número de títulos de transporte pola subvención correspondente a cada un deses títulos.

b) A subvención correspondente a cada título obterase aplicando ao seu déficit medio as contías e porcentaxes definidas na escala seguinte:

1.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que non supere o 12,5 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 100 por cento.

2.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o tramo anterior e non supere o 25 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 55 por cento.

3.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o tramo anterior e non supere o 50 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 27 por cento.

4.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o tramo anterior e non supere o 100 por cento do déficit medio global subvencionarase coa porcentaxe de financiamento que resulte de dividir o resto do crédito non atribuído aos tramos anteriores entre o total do déficit incluído neste tramo, considerando todos os municipios que teñan dereito a subvención.

5.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o déficit medio global non será obxecto de subvención.

A porcentaxe de financiamento do 4.º tramo da escala non poderá exceder o 27 por cento. O exceso de crédito que poida resultar da aplicación desta restrición distribuirase

proporcionalmente ao financiamento obtido por cada municipio, correspondente aos tramos 2.º e 3.º

En ningún caso se poderá recoñecer da aplicación destas normas unha subvención que, en termos globais, exceda o 85 por cento do crédito dispoñible. De se producir esta circunstancia, axustarase de forma sucesiva, na proporción necesaria, a porcentaxe correspondente aos tramos 3.º, 2.º e, de ser o caso, 1.º, na forma disposta no tramo 4.º, até esgotar o citado crédito.

c) O déficit medio de cada municipio será o resultado de dividir o déficit de explotación entre o número de títulos de transporte. O déficit medio global será o resultado de dividir a suma dos déficits de todos os municipios que teñan dereito á subvención entre o total de títulos de transporte de tales municipios.

d) O importe da subvención por título virá dado pola suma da contía que se subvencionará en cada tramo, que se obterá multiplicando a parte do déficit medio incluída en cada tramo pola porcentaxe de financiamento aplicable no dito tramo.

O déficit de explotación estará determinado polo importe das perdas de explotación que se deduza das contas de perdas e ganancias das empresas ou entidades que presten o servizo de transporte público, elaboradas consonte o Plan de contabilidade e as normas e principios contables xeralmente aceptados que, en cada caso, resulten de aplicación, cos seguintes axustes:

a') En canto aos gastos de explotación, excluíranse aqueles que se refiran a tributos, con independencia do suxeito activo da relación xurídico-tributaria.

b') En canto aos gastos e ingresos de explotación, excluíranse aqueles que teñan a súa orixe na prestación de servizos ou realización de actividades alleas á do transporte público urbano pola que se solicita a subvención. Así mesmo, excluírase calquera subvención e achega que recoñeza, a favor da empresa ou entidade que preste o servizo de transporte público urbano, o concello en cuxo termo municipal se realice a prestación.

c') En todo caso, deduciranse do déficit para o cálculo do financiamento correspondente a este punto os importes atribuídos como subvención polos criterios de lonxitude da rede, relación viaxeiros/habitantes de dereito e polos criterios ambientais.

Catro. As subvencións deberán destinarse a financiar a prestación deste servizo.

Cinco. Para os concellos do País Vasco e Navarra, a subvención que lles corresponda corrixirase na mesma proporción aplicable á súa participación en tributos do Estado.

Seis. As entidades locais, no prazo comprendido entre o 1 de maio e o 30 de xuño do ano 2021, e co fin de distribuír o crédito destinado a subvencionar a prestación dos servizos de transporte público colectivo urbano, deberán presentar, na forma que determinen os órganos competentes do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a seguinte documentación:

1. En todos os casos, o número de quilómetros de calzada da rede en traxecto de ida, o número de viaxeiros ao ano, o número de prazas ofertadas ao ano, recadación e prezos medios referidos ao exercicio 2020, segundo o modelo definido pola Dirección Xeral de Transporte Terrestre.

2. De se tratar de servizos realizados pola propia entidade ou organismo autónomo dependente en réxime de xestión directa, documento detallado das partidas de ingresos e gastos imputables ao servizo de transporte e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2020, segundo o modelo definido pola Dirección Xeral de Transporte Terrestre.

3. De se tratar de servizos realizados en réxime de xestión directa por unha sociedade mercantil municipal ou de empresas ou particulares que presten o servizo en réxime de concesión ou calquera outra modalidade de xestión indirecta, xuntaranse as contas anuais co seu correspondente informe de auditoría.

Así mesmo, os administradores deberán elaborar un documento en que se detallen as partidas de ingresos e gastos do servizo de transporte e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2020, e os criterios de imputación dos referidos ingresos e gastos, segundo o modelo definido pola Dirección Xeral de Transporte Terrestre.

Deberá revisar un auditor o documento coas partidas de ingresos e gastos imputables ao servizo e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2020, e os criterios de imputación dos ingresos e gastos; entenderase que está auditado cando tal información estea incluída na memoria das contas anuais e estas fosen auditadas.

4. En calquera caso, o documento oficial en que se recollan, actualizados, os acordos reguladores das condicións financeiras en que a actividade se realiza.

5. En todos os casos, xustificación de que o concello solicitante da subvención e a empresa, organismo ou entidade que preste o servizo están ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

6. Certificación do interventor da aplicación do importe recibido como subvención ao transporte colectivo urbano no exercicio inmediato anterior á finalidade prevista no punto catro do artigo 119 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, prorrogados para 2020.

7. Certificación do secretario municipal sobre o cumprimento dos criterios ambientais.

8. Certificación do secretario municipal sobre a existencia dun plan de mobilidade sustentable, e a súa coherencia coa Estratexia española de mobilidade sustentable, que faga constar expresamente a súa data de aprobación definitiva, que, en calquera caso, deberá ser anterior á data de finalización do prazo para a presentación da solicitude.

Aos concellos que non cumprisen co envío da documentación na forma prevista neste artigo non se lles recoñecerá o dereito a percibir a axuda destinada a financiar o servizo de transporte público colectivo de viaxeiros por causa de interese xeral e co fin de evitar prexuízos financeiros aos demais perceptores.

Disposición adicional centésimo décimo sexta. *Compensacións a entidades locais.*

Con cargo ao crédito consignado na sección 37, servizo 02, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, concepto 461, recoñecerase unha compensación adicional á correspondente ás cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica obxecto de condonación no ano 2021, como consecuencia da aplicación dos beneficios fiscais establecidos no vixente Convenio de cooperación para a defensa cos Estados Unidos, do 1 de decembro de 1988, a favor dos municipios aos cales, tendo unha poboación superior a 5.000 habitantes e inferior a 50.000 habitantes, sexa aplicable a dita medida. Ademais, participarán na compensación regulada nesta disposición os municipios que, sendo limítrofes daqueles e cunha poboación de dereito superior a 20.000 habitantes e inferior a 50.000 habitantes, teñan no seu termo municipal despregadas forzas e bases ou instalacións militares en aplicación de protocolos de emenda a aquel convenio subscritos con posterioridade ao ano 1988.

O importe total da dita compensación cuantifícase en dous millóns de euros, distribuírse entre os municipios que cumpran as condicións recollidas no parágrafo anterior, consonte o criterio que se estableza mediante resolución da Secretaría de Estado de Facenda, e transferirse nun pagamento único en 2021. A Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local efectuará os libramentos e asignará a compensación a cada municipio de acordo con aquel criterio.

Disposición adicional centésimo décimo sétima. *Asunción parcial da débeda do Consorcio Valencia 2007 pola Administración xeral do Estado.*

Un. A partir da entrada en vigor desta lei, a Administración xeral do Estado asume a débeda que o Consorcio Valencia 2007 ten fronte ao Instituto de Crédito Oficial en virtude da escritura pública do 6 de setembro de 2005 entre o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e o Consorcio Valencia 2007 coa finalidade de financiar os investimentos realizados nas infraestruturas vinculadas á celebración da 32.^a Copa América, que tivo lugar no ano 2007, e queda subrogada a Administración xeral do Estado en cantos dereitos e obrigacións correspondan ao Consorcio Valencia 2007 derivados da dita escritura pública.

Así mesmo, queda condonada a débeda que o Consorcio Valencia 2007 ten ante o Tesouro público como consecuencia da execución do aval que garante a obrigación descrita no parágrafo anterior. A condonación esténdese a cantas obrigacións principais ou accesorias, por recarga de constringimento, xuros de demora ou de calquera outra natureza, deriven da execución do citado aval, que quedan extinguidas para todos os efectos.

En relación cos gastos financeiros, a Administración xeral do Estado asumirá a contía total dos xuros devindicados até calquera das datas de pagamento que se produzan con posterioridade á entrada en vigor desta lei, con independencia de que parte deses xuros se puidesen ter devindicado con anterioridade á dita data.

A xestión desta débeda financeira asumida pola Administración xeral do Estado corresponderá á Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, conforme os procedementos establecidos con carácter xeral para a débeda do Estado.

Dous. O Goberno levará a cabo as negociacións oportunas coa Generalitat Valenciana e o Concello de Valencia para garantir que se manteña unha adecuada xestión do espazo actualmente xestionado polo Consorcio Valencia 2007, tendo en conta as seguintes consideracións:

1. A Administración xeral do Estado exercerá o seu dereito de separación do Consorcio Valencia 2007 na forma establecida nos seus estatutos e na normativa vixente en materia de réxime xurídico do sector público.

2. A explotación dos espazos deberá facerse con pleno respecto ás disposicións actualmente vixentes en materia de portos do Estado e patrimonio das administracións públicas.

3. Débese garantir o pagamento das débedas que o Consorcio Valencia 2007 ten coa Autoridade Portuaria de Valencia, de conformidade co disposto na normativa tributaria e a demais que resulte de aplicación, segundo a súa natureza.

4. Para a débeda correspondente aos custos de reposición, o Estado transferirá ao Consorcio Valencia 2007 o importe correspondente ás cantidades que este lle deba á Autoridade Portuaria de Valencia ao longo dos exercicios 2021 e 2022.

Os libramentos no exercicio 2021 efectuaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e importe dos orzamentos xerais do Estado para 2021: 17.20.451N.748 «Ao Consorcio de Valencia 2007 para o pagamento dos custos de reposición debidos á Autoridade Portuaria de Valencia» por importe de 16.911.670,50 euros. Os libramentos no exercicio 2022 efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria equivalente aprobada para tales efectos.

O primeiro libramento no exercicio 2021 efectuarase no primeiro trimestre natural por importe que non exceda a cuarta parte do crédito inicial. Os libramentos seguintes efectuaranse na primeira quincena de cada trimestre natural por importe que non exceda a cuarta parte do crédito inicial máis o remanente non disposto, de ser o caso, nos trimestres anteriores. O primeiro libramento unicamente requirirá a aprobación da correspondente resolución, que terá a natureza de transferencia. Os libramentos seguintes de cada un dos exercicios 2021 e 2022 realizaranse despois de que o Consorcio de Valencia 2007 xustifique que lle aboou á Autoridade Portuaria de Valencia polo menos o importe das transferencias previamente recibidas, de acordo co disposto neste punto.

Disposición adicional centésimo décimo oitava. *Plan de emprego de Andalucía.*

Durante o ano 2021, o Servizo Público de Emprego Estatal achegará a cantidade de 50 millóns de euros para o financiamento dun plan de emprego de Andalucía verbo da realización de medidas que incrementen o emprego. Esta achega financeira ten o carácter de subvención nominativa, tendo en conta a súa consignación no estado de gastos do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

As medidas concretas que se desenvolvan e o período de execución do plan, que poderá estenderse durante 2022, así como a achega en 2021 citada para o Plan de

emprego de Andalucía, instrumentaranse mediante un convenio que se subscribirá entre o Servizo Público de Emprego Estatal e a Comunidade Autónoma de Andalucía.

Disposición adicional centésimo décima novena. *Plan de emprego de Extremadura.*

Durante o ano 2021, o Servizo Público de Emprego Estatal achegará a cantidade de 15 millóns de euros para o financiamento dun plan de emprego de Extremadura verbo da realización de medidas que incrementen o emprego. Esta achega financeira ten o carácter de subvención nominativa, tendo en conta a súa consignación no estado de gastos do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

As medidas concretas que se desenvolvan e o período de execución do plan, que poderá estenderse durante 2022, así como a achega en 2021 citada para o Plan de emprego de Extremadura, instrumentaranse mediante un convenio que se subscribirá entre a Administración xeral do Estado, o Servizo Público de Emprego Estatal e a Comunidade Autónoma de Extremadura.

Disposición adicional centésimo vixésima. *Achega financeira do Servizo Público de Emprego Estatal ao Plan integral de emprego de Canarias, en aplicación do disposto na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro.*

De acordo co establecido na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, o Servizo Público de Emprego Estatal, durante o ano 2021, achegará a cantidade de 42 millóns de euros para o financiamento dun plan integral de emprego de Canarias para a realización de medidas que incrementen o emprego. Esta achega financeira ten o carácter de subvención nominativa, tendo en conta a súa consignación no estado de gastos do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

As medidas concretas que se desenvolvan e o período de execución do plan, que poderá entenderse durante 2022, así como a achega en 2021 citada para o Plan integral de emprego de Canarias, instrumentaranse mediante un convenio que se subscribirá entre o Servizo Público de Emprego Estatal e a Comunidade Autónoma de Canarias.

VII

Disposición adicional centésimo vixésimo primeira. *Determinación do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) para 2021.*

De conformidade co establecido no artigo 2.2 do Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) terá as seguintes contías durante 2021:

- a) O IPREM diario, 18,83 euros.
- b) O IPREM mensual, 564,90 euros.
- c) O IPREM anual, 6.778,80 euros.
- d) Nos supostos en que a referencia ao salario mínimo interprofesional foi substituída pola referencia ao IPREM en aplicación do establecido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, a contía anual do IPREM será de 7.908,60 euros cando as correspondentes normas se refiran ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual, salvo que expresamente exclúisen as pagas extraordinarias; neste caso, a contía será de 6.778,80 euros.

Disposición adicional centésimo vixésimo segunda. *Medidas de apoio á prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos descontinuos nos sectores do turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 e vixencia indefinida, as empresas, excluídas as pertencentes ao sector público, dedicadas a actividades encadradas nos sectores de turismo, así como os de comercio e hostalaría, sempre que se encontren vinculados ao dito sector do turismo, que xeren actividade produtiva nos meses de febreiro, marzo e novembro de cada ano, e que inicien e/ou manteñan en alta durante eses meses a ocupación dos traballadores con contratos de carácter fixo descontinuo, poderán aplicar unha bonificación en tales meses do 50 por cento das cotas empresariais á Seguridade Social por contingencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de desemprego, Fogasa e formación profesional dos ditos traballadores.

Disposición adicional centésimo vixésimo terceira. *Bonificación na cotización á Seguridade Social nos supostos de cambio de posto de traballo por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural, así como nos supostos de enfermidade profesional.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, nos supostos en que, por razón de risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural, a traballadora, en virtude do previsto no artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sexa destinada a un posto de traballo ou función diferente e compatible co seu estado, aplicárase, con respecto ás cotas devindicadas durante o período de permanencia no novo posto de traballo ou función, unha bonificación do 50 por cento da achega empresarial na cotización á Seguridade Social por contingencias comúns.

Esa mesma bonificación será aplicable naqueles casos en que, por razón de enfermidade profesional, nos termos e condicións normativamente previstos, se produza un cambio de posto de traballo na mesma empresa ou o desempeño, noutra distinta, dun posto de traballo compatible co estado do traballador.

Disposición adicional centésimo vixésimo cuarta. *Financiamento da formación profesional para o emprego.*

Un. Sen prexuízo doutras fontes de financiamento, os fondos provenientes da cota de formación profesional destinaranse a financiar os gastos do sistema de formación profesional para o emprego regulados pola normativa vixente, incluídos os correspondentes a programas públicos de emprego e formación e outros que se poidan establecer regulamentariamente, todo isto co obxecto de impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados e desempregados unha formación que responda ás súas necesidades do mercado laboral e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.

Dous. O Servizo Público de Emprego Estatal xestionará os programas de formación profesional para o emprego que lle correspondan normativamente con cargo aos créditos no seu orzamento de gastos, de acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 499/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Traballo e Economía Social e se modifica o Real decreto 1052/2015, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura das consellerías de Emprego e Seguridade Social no exterior e se regula a súa organización, funcións e provisión de postos de traballo, e de acordo coa distribución de importes, recollida na resolución conxunta das subsecretarías dos ministerios de Educación e Formación Profesional e de Traballo e Economía Social, prevista na disposición transitoria cuarta do mencionado Real decreto 499/2020, do 28 de abril, e na disposición transitoria segunda do Real decreto 498/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Tres. O 50 por cento, como mínimo, dos fondos previstos no punto dous anterior destinarase inicialmente ao financiamento dos gastos necesarios para a execución das iniciativas formativas dirixidas prioritariamente a traballadores ocupados, das accións formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas coa negociación colectiva e o diálogo social previstas no artigo 6.8 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, así como aos gastos de funcionamento e investimento da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Con carácter específico, inclúense neste punto as iniciativas de formación programada polas empresas; os permisos individuais de formación; a oferta formativa para traballadores ocupados, e a formación nas administracións públicas.

Ao financiamento da formación profesional nas administracións públicas destinarase un 6,165 por 100 calculado sobre unha porcentaxe do 50 por 100 da contía indicada no punto un desta disposición adicional respecto dos fondos provenientes da cota de formación profesional, con cargo ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal. Nesta cifra inclúense os importes destinados a financiar a formación para o desenvolvemento de funcións relacionadas coa negociación colectiva e o diálogo social nas administracións públicas.

Esta contía, previamente minorada na porcentaxe correspondente ao índice de imputación utilizado para o cálculo da cota de acordo coa Lei 12/2002, do 23 de maio, incluírase como dotación diferenciada no orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal para a súa achega en diñeiro ao Instituto Nacional de Administración Pública, adscrito ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública, en tres libramentos nos meses de febreiro, abril e xuño. No orzamento do Instituto Nacional de Administración Pública figurarán territorializados os fondos correspondentes ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla para o financiamento da formación continua dos seus empregados públicos. O aboamento deses fondos realizarase desde o Instituto Nacional de Administración Pública mediante transferencia nominativa a cada comunidade e cidade autónoma, con excepción da Comunidade Autónoma do País Vasco.

O Servizo Público de Emprego Estatal librará á Fundación Estatal para a Formación no Emprego os fondos para o financiamento dos seus gastos de funcionamento e investimento. O citado libramento efectuarase por cuartas partes, na segunda quincena natural de cada trimestre. A Fundación deberá presentar, anualmente e antes do 30 de abril do exercicio seguinte ante o Servizo Público de Emprego Estatal, a xustificación contable dos gastos realizados con cargo aos fondos asignados para o seu funcionamento, e deberá realizar o reintegro das cantidades non xustificadas antes do 31 de xullo.

O 50 por cento restante destinarase inicialmente a financiar os gastos necesarios para a execución das iniciativas formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados, así como os programas públicos de emprego-formación e a formación impartida con carácter extraordinario a través da rede pública de centros de formación, co fin de garantir unha oferta formativa de calidade dirixida a traballadores ocupados e desempregados, de acordo co establecido no artigo 6.5.e) da Lei 30/2015, do 9 de setembro.

O financiamento da actividade formativa inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe realizarase de conformidade co establecido na normativa regulamentaria que regula a impartición e as características da formación recibida polos traballadores.

Catro. As comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas en materia de políticas activas de emprego recibirán do Servizo Público de Emprego Estatal, de acordo coas súas competencias en materia de formación profesional para o emprego, as transferencias de fondos para o financiamento das subvencións no ámbito da formación profesional para o emprego xestionadas por tales comunidades, non vinculada con certificados de profesionalidade, na contía que resulte de acordo co previsto na normativa aplicable.

Cinco. As empresas que cotizan pola continxencia de formación profesional disporán dun crédito para a formación dos seus traballadores de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, que resultará de aplicar á contía ingresada pola

empresa en concepto de formación profesional durante o ano 2020 a porcentaxe de bonificación que, en función do tamaño das empresas, se establece a continuación:

- a) Empresas de 6 a 9 traballadores: 100 por cento.
- b) De 10 a 49 traballadores: 75 por cento.
- c) De 50 a 249 traballadores: 60 por cento.
- d) De 250 ou máis traballadores: 50 por cento.

As empresas de 1 a 5 traballadores disporán dun crédito de bonificación por empresa de 420 euros, en lugar dunha porcentaxe. Así mesmo, poderán beneficiarse dun crédito de formación, nos termos establecidos na citada normativa, as empresas que durante o ano 2021 abran novos centros de traballo, así como as empresas de nova creación, cando incorporen novos traballadores ao seu cadro de persoal. Nestes supostos, as empresas disporán dun crédito de bonificacións cuxo importe resultará de aplicar ao número de traballadores de nova incorporación a contía de 65 euros.

As empresas que durante o ano 2021 concedan permisos individuais de formación aos seus traballadores disporán dun crédito de bonificacións para formación adicional ao crédito anual que lles correspondería de conformidade co establecido no parágrafo primeiro deste punto, polo importe que resulte de aplicar os criterios determinados pola normativa aplicable. O crédito adicional asignado ao conxunto das empresas que concedan os citados permisos non poderá superar o 5 por cento do crédito establecido no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal para o financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social por formación profesional para o emprego.

Seis. O Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestructuran os departamentos ministeriais, atribúe ao Ministerio de Educación e Formación Profesional competencias en materia de formación profesional para o emprego. Para o seu financiamento ingresarase no Tesouro público a parte da cota de formación profesional que acorden de maneira conxunta os ministerios de Educación e Formación Profesional e de Traballo e Economía Social, mantendo a súa afectación á realización de gastos en materia de formación profesional para o emprego por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Disposición adicional centésimo vixésimo quinta. *Xestión dos servizos e programas establecidos na letra h) do artigo 18 do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro.*

O Servizo Público de Emprego Estatal, de conformidade co establecido no artigo 18.h) do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, realizará a xestión dos servizos e programas financiados con cargo á reserva de crédito do seu orzamento de gastos, que comprenderá as aplicacións 19.101.000-X.400, 19.101.000-X.401, 19.101.000-X.403, 19.101.000-X.410, 19.101.000-X.411, 19.101.000-X.431, 19.101.241-A.441, 19.101.241-B.445, 19.101.241-A-482, 19.101.241-B.482 e 19.101.240-A.482, desagregadas a través de varios subconceptos, segundo os diferentes ámbitos funcionais das políticas activas de emprego, para financiar as seguintes actuacións:

- a) Servizos e programas cuxa execución afecte un ámbito xeográfico superior ao dunha comunidade autónoma, cando estes exixan a mobilidade xeográfica das persoas desempregadas ou traballadoras participantes neles a outra comunidade autónoma distinta á súa, ou a outro país e precisen dunha coordinación unificada.
- b) Programas cuxa execución afecte un ámbito xeográfico superior ao dunha comunidade autónoma sen que implique a mobilidade xeográfica dos desempregados ou traballadores participantes neles, cando precisen unha coordinación unificada e logo de acordo entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas en que se vaian executar os citados programas.
- c) Servizos e programas dirixidos tanto ás persoas demandantes de emprego como ás persoas ocupadas para a mellora da súa ocupación mediante a colaboración do Servizo

Público de Emprego Estatal con órganos da Administración xeral do Estado ou cos seus organismos autónomos, para a realización de accións formativas, entre outras, aquelas que teñan como obxectivo a xeración de emprego de calidade e a mellora de oportunidades das persoas traballadoras, en particular cando se desenvolvan no marco de plans, estratexias ou programas de ámbito estatal, e execución de obras e servizos de interese xeral e social relativos a competencias exclusivas do Estado.

d) Servizos e programas de intermediación e políticas activas de emprego cuxo obxectivo sexa a integración laboral de traballadores inmigrantes, realizadas nos seus países de orixe, co fin de facilitar a ordenación dos fluxos migratorios.

e) Programas que se establezan con carácter excepcional e duración determinada, cuxa execución afecte todo o territorio nacional e sexa imprescindible a súa xestión centralizada para os efectos de garantir a súa efectividade, así como idénticas posibilidades de obtención e desfrute a todos os potenciais beneficiarios.

Esta reserva orzamentaria opera como reserva de xestión de políticas activas de emprego nos supostos anteriormente sinalados en favor do Servizo Público de Emprego Estatal, malia as competencias asumidas polas comunidades autónomas no ámbito do traballo, do emprego e da formación.

De acordo co previsto no artigo 21.4 do citado texto refundido da Lei de emprego, os fondos que integran a reserva de crédito non estarán suxeitos a distribución territorial entre as comunidades autónomas con competencias de xestión asumidas.

Disposición adicional centésimo vixésimo sexta. *Adiamento da aplicación de determinados preceptos da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.*

Adiase a entrada en vigor do previsto nos artigos 1.1, primeiro parágrafo; 24, segundo parágrafo; e 25.4 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, en todo o relativo aos traballadores por conta propia que exerzan a súa actividade a tempo parcial.

Disposición adicional centésimo vixésimo sétima. *Suspensión do sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais por diminución da sinistralidade laboral.*

Suspéndese a aplicación do sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminúsen de maneira considerable a sinistralidade laboral, prevista no Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, para as cotizacións que se xeren durante o ano 2021. Esta suspensión estenderase até que o Goberno reforme o citado real decreto, que deberá producirse ao longo do ano 2021.

Disposición adicional centésimo vixésimo oitava. *Financiamento da acción protectora da Seguridade Social.*

Para os efectos do previsto na disposición adicional trixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, nos orzamentos xerais do Estado para 2021 realizaranse tres transferencias do Estado aos orzamentos da Seguridade Social en cumprimento da recomendación primeira do Pacto de Toledo 2020, polos importes especificados no artigo 12.catro desta lei.

Disposición adicional centésimo vixésimo novena. *Contías do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado para cada persoa beneficiaria do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.*

Un. Actualízanse as contías do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado para cada persoa beneficiaria do Sistema para a autonomía

e atención á dependencia, de grao III, gran dependencia; grao II, dependencia severa, e grao I, dependencia moderada, que son as fixadas no seguinte cadro:

Grao de dependencia	Mínimo de protección garantido – Euros/mes
Grao III. Gran dependencia.	235,00
Grao II. Dependencia severa.	94,00
Grao I. Dependencia moderada.	60,00

Dous. Establécese o nivel acordado entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas de financiamento do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o cal terá unha dotación de 566.394.840 euros, que será distribuído a cada comunidade autónoma de acordo coa distribución territorial da poboación potencialmente dependente.

VIII

Disposición adicional centésimo trixésima. *Financiamento conforme baremo dos honorarios derivados da prestación a persoas físicas do servizo do quenda de oficio logo de designación xudicial.*

Un. Para o exercicio 2021 e seguintes, ao abeiro do disposto nos artigos 22.2, letra a), e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a subvención nominativa destinada ao Consello Xeral da Avogacía de España para o financiamento, en caso de falta de pagamento, dos dereitos e honorarios dos profesionais da quenda de oficio que actúen logo de designación xudicial en defensa de detidos, presos, investigados ou acusados nun proceso penal, que outorgará a Administración xeral do Estado, concederáse mediante resolución do secretario de Estado de Xustiza.

Dous. A subvención destinarase á compensación, conforme o baremo previsto no anexo II do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, aprobado polo Real decreto 996/2003, do 25 de xullo, dos honorarios deixados de percibir por aqueles profesionais que prestasen o servizo de defensa derivados da designación xudicial a través da quenda de oficio, cando no correspondente expediente de asistencia xurídica gratuíta non se obtivese tal beneficio por insuficiencia de documentación e non se satisfixesen os dereitos e honorarios profesionais.

Tres. Para a xestión destas axudas désígnanse como entidades colaboradoras o Consello Xeral da Avogacía Española e os colexios de avogados, que quedan sometidos ás obrigacións establecidas para estas entidades na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Regularanse as condicións e obrigacións das entidades colaboradoras mediante resolución ditada polo secretario de Estado de Xustiza.

Catro. O disposto nos puntos anteriores será de aplicación aos dereitos e honorarios deixados de percibir por aqueles profesionais que prestasen o servizo de defensa derivados da designación xudicial, nos termos e condicións dos puntos un e dous desta disposición, no último trimestre do exercicio 2019 e ao longo do exercicio 2020.

Cinco. Ratifícanse os pagamentos realizados con anterioridade ao último trimestre do exercicio 2019 con cargo á subvención nominativa destinada ao Consello Xeral da Avogacía Española para o financiamento da asistencia xurídica gratuíta sempre que se destinasen a financiar, conforme baremo e á marxe de convenios, os dereitos e honorarios deixados de percibir por aqueles profesionais que prestasen o servizo de defensa derivados da designación xudicial a través da quenda de oficio.

Disposición adicional centésimo trixésimo primeira. *Achegas para o financiamento do sector eléctrico no exercicio de 2021 relativo a tributos e canons.*

Un. Durante a vixencia destes orzamentos, cando a recadación efectiva polos ingresos dos tributos incluídos na Lei de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, a que se refire o punto 1.a) da disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, supere a cantidade prevista no crédito inicial da aplicación 23.03.000X.738 «Á CNMC para financiar custos do sector eléctrico de acordo coa alínea a) da disposición adicional segunda da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética», poderase xerar crédito pola diferenza respecto ao dito crédito inicial.

Dous. A autorización das xeracións de crédito a que se refire o punto anterior e dos correspondentes suplementos de crédito no orzamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizarase por acordo da persoa titular do Ministerio de Facenda.

Disposición adicional centésimo trixésimo segunda. *Ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

Un. Con vixencia exclusiva para o exercicio 2021, o emprego dos ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, recollidos na disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, será o seguinte:

a) Para financiar os custos do sistema eléctrico previstos na Lei do sector eléctrico, referidos a fomento de enerxías renovables, o 90 por cento do ingreso estimado pola poxa dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, até un importe de 1.100.000,00 miles de euros.

b) Para actuacións da política de loita contra o cambio climático e de transición xusta, o 10 por cento do ingreso estimado pola poxa dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, até un importe de 100.000,00 miles de euros.

Dous. A disposición dos créditos do orzamento do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en que se concreten as achegas a que se refire o punto anterior realizarase mediante libramentos mensuais por un importe máximo da cifra de recadación efectiva dos ingresos por poxas de dereitos de emisión, no mes inmediato anterior, segundo certificación dos órganos competentes do Ministerio de Facenda e sempre que non se superen as cifras indicadas nos puntos 1.a) e 1.b) desta disposición. A achega que deba realizarse en función da recadación do mes de decembro efectuarase no exercicio seguinte.

Tres. Cando os ingresos efectivamente recadados por poxas de dereitos de emisión superen os créditos iniciais consignados nas aplicacións orzamentarias do orzamento vixente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, poderase xerar crédito até os límites que se fixan nos puntos 1.a) e 1.b) desta disposición. Para estes efectos, poderanse computar os ingresos realizados no último trimestre do exercicio inmediato anterior, ademais dos realizados no exercicio corrente.

Catro. A autorización das xeracións de crédito a que se refire o punto anterior e dos correspondentes suplementos de crédito no orzamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizarase por acordo da persoa titular do Ministerio de Facenda.

Disposición adicional centésimo trixésimo terceira. *Liquidación do extracusto de xeración dos territorios non peninsulares.*

Un. A partida 23.03.000X.739 («Á CNMC para atender o extracusto de xeración o que se refire a disposición adicional décimo quinta da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico») cunha dotación 489.806,22 miles de euros, determinada de acordo co

establecido no Real decreto 680/2014, do 1 de agosto, polo que se regula o procedemento de orzamentación, recoñecemento, liquidación e control dos extracustos da produción de enerxía eléctrica nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares con cargo aos orzamentos xerais do Estado, inclúe os seguintes conceptos:

a) O cincuenta por cento da previsión do extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares no exercicio 2021, que ascende a 811.204.825,95 €.

b) A desviación entre o cincuenta por cento do extracusto en que efectivamente se incorreu no exercicio 2015 e a previsión que foi utilizada como base da compensación entregada á conta correspondente a ese exercicio, cuxa cuantificación definitiva, por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, ascende a 321.398.603,54 €.

Dous. O organismo encargado das liquidacións destinará a cubrir o extracusto previsto da actividade de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares no exercicio 2021, ademais do importe da partida de orzamentos 2021 citada de 489.806.222,41 €, unha contía de 321.398.603,54 € da conta diferenciada creada en virtude do establecido no Real decreto 680/2014, do 1 de agosto, polo que se regula o procedemento de orzamentación, recoñecemento, liquidación e control dos extracustos da produción de enerxía eléctrica nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional centésimo trixésimo cuarta. *Moratoria á sociedade estatal Navantia, S.A.*

Autorízase incluír as anualidades acollidas á moratoria prevista na disposición adicional 47 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, dentro do financiamento do Programa S-80.

A inclusión levarase a efecto por medio dunha addenda ao Convenio de colaboración para o desenvolvemento tecnolóxico do Programa de submarinos S-80 suscrito por Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e a empresa Navantia, S.A., S.M.E. Esta addenda adaptará o convenio mencionado ao calendario establecido no Acordo de compromisos futuros de pagamento aprobado polo Consello de Ministros do 27 de xullo de 2018.

Disposición adicional centésimo trixésimo quinta. *Liquidación de situacións pendentes sobre prezo xusto e aproveitamentos urbanísticos en materia de autoestradas.*

Un. Esta disposición adicional aplícase ás concesións comprendidas no Acordo do Consello de Ministros do 26 de abril de 2019, de interpretación de determinados contratos de concesión de autoestradas, en canto ao método para calcular a responsabilidade patrimonial da Administración, publicado pola Resolución do 7 de maio de 2019, da Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe.

Dous. Co fin de axustar as previsións de gasto público aos prazos para liquidar e aboar a responsabilidade patrimonial das ditas autoestradas, aplicarase o réxime seguinte aos convenios entre as concesionarias e os expropiados en cuxa virtude se suspendía o expediente expropiatorio a cambio dos aproveitamentos urbanísticos dos terreos destinados á autoestrada:

a) No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o expropiado deberá comunicar á Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe se opta por continuar o expediente expropiatorio ou por manter o convenio. A solicitude será resolta pola Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe, que aprobará e publicará o modelo a que aquela deberá axustarse.

b) Se en tal prazo non se recibe solicitude sobre a opción exercida, entenderase que o expropiado se dá por indemnizado definitivamente cos aproveitamentos urbanísticos que, de ser o caso e en virtude do convenio, lle sexan recoñecidos.

c) Se o expropiado solicita continuar o expediente expropiatorio, deberá acreditar documentalmente a vixencia do convenio, a titularidade e a localización do predio, a situación dos aproveitamentos urbanísticos correspondentes a ela e, mediante certificación expedida pola Xunta de Compensación ou polo concello correspondente, que non materializaron nin cederon os aproveitamentos urbanísticos obxecto do convenio, polo que o Estado pode facelos efectivos. Ao estimar a solicitude, iniciárase de oficio o expediente expropiatorio, que se tramitará como urgente.

d) Se o expropiado solicita manter o convenio ou se a solicitude non cumpre os requisitos establecidos no punto anterior, resolverase a solicitude dándoo por indemnizado definitivamente cos aproveitamentos urbanísticos que, de ser o caso e en virtude do convenio, lle sexan recoñecidos.

e) Co obxectivo de dotar de maior publicidade o procedemento, e sen prexuízo do disposto na letra a), o prazo para a presentación de solicitudes daráselles a coñecer aos interesados mediante a publicación de ao menos tres anuncios no BOE, nos meses primeiro, segundo e terceiro desde a entrada en vigor desta lei, nos cales se informará sobre a apertura do prazo e, cando sexa posible, sobre as zonas onde se encontren os predios que puideron ser obxecto de tales convenios. Comunicaráselle igualmente ao administrador concursal de cada sociedade concesionaria, para que o traslade aos acredores por expropiacións na forma que considere oportuna. A Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe poderá completar esa publicidade polos medios que xulgue convenientes.

Disposición adicional centésimo trixésimo sexta. *Creación da Comisión Interministerial de Orzamentación con Perspectiva de Xénero.*

Créase a Comisión Interministerial de Orzamentación con Perspectiva de Xénero.

O Goberno aprobará a súa estrutura, composición e réxime xurídico unha vez que entre en vigor esta lei.

Disposición adicional centésimo trixésimo sétima. *Autorización para a creación do Consorcio «Centro Nacional de Análise Xenómica».*

Un. Autorízase a creación dun consorcio, adscrito á Administración xeral do Estado, para a explotación do Centro Nacional de Análise Xenómica.

Dous. O Consorcio contará coa participación da Administración xeral do Estado (a través do Ministerio de Ciencia e Innovación) e da Generalitat de Cataluña, que achegarán recursos ao 50 % para o seu sostemento, e estará adscrito á Administración xeral do Estado.

Tres. A vixencia do consorcio será indefinida.

Disposición adicional centésimo trixésimo oitava. *Convenios en materia de infraestruturas.*

Con vixencia indefinida e para os efectos do artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os convenios cuxo obxecto sexa a execución de infraestruturas de transporte terrestre, aéreo e marítimo terán a duración que corresponda ao programa de execución ou financiamento destas, que deberá incorporarse como anexo á memoria xustificativa do convenio e cuxo prazo inicial non poderá superar os dez anos. As partes poderán acordar a súa prórroga, antes da finalización do prazo final, por un período de até sete anos adicionais.

Disposición adicional centésimo trixésimo novena. *Administración dos reais padroados regulados no artigo 5 da Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional.*

Un. Desde o exercicio 2021, os orzamentos do Consello de Administración do Patrimonio Nacional integrarán de forma diferenciada os ingresos dos reais padroados a que se refire o artigo 5 da Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional, procedentes da súa actividade, das súas propiedades ou doutros dereitos da súa titularidade, que serán aplicados aos gastos correspondentes ás ditas entidades incluídos no programa orzamentario correspondente.

Dous. A execución dos ingresos e gastos incluídos no orzamento do Consello de Administración do Patrimonio Nacional efectuarase con suxeición ás mesmas normas e requisitos que o resto de actuacións económicas do citado organismo. Para os efectos indicados, e co mesmo alcance e limitación, integraranse igualmente na tesouraría do Consello de Administración do Patrimonio Nacional os remanentes dos reais padroados, incluídos os provenientes da liquidación dos seus activos financeiros en cada un deles en 31 de decembro de 2020.

Tres. Os bens e dereitos de titularidade dos reais padroados en data 31 de decembro de 2020 incluíranse, con data de efectos do 1 de xaneiro de 2021, nos inventarios do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, e desde esa data estarán sometidos ao réxime especial de protección dos bens e dereitos que integran o patrimonio nacional. Mediante anotación específica nos inventarios quedarán reflectidas a orixe e a vinculación dos ditos bens con cada un dos reais padroados a que corresponde a súa titularidade.

Catro. As operacións de recoñecemento de dereitos e obrigacións imputadas aos reais padroados que fosen realizadas desde o 1 de xaneiro de 2021 até a data de publicación da presente lei no *Boletín Oficial del Estado*, no caso de que for posterior, serán regularizadas mediante a aprobación polo Consello de Administración de Patrimonio Nacional de relacións certificadas de ingresos e gastos por cada real padroado, que serán obxecto, no caso dos ingresos, de carta de pagamento e anotación contable, e no caso de gastos, de contabilización no programa orzamentario 337D.

Cinco. A aplicación da presente disposición adicional efectuarase sen prexuízo do carácter fundacional e do mantemento da personalidade xurídica de cada un dos reais padroados e, en todo o non previsto nesta disposición, do seu réxime xurídico singular.

Disposición adicional centésimo cuadraxésima. *Administración da Fundación de la Santa Cruz del Valle de los Caídos.*

Un. Desde o exercicio 2021, os ingresos provenientes da actividade, rendementos e explotación dos bens e dereitos de titularidade da Fundación de la Santa Cruz del Valle de los Caídos deixarán de ser contabilizados como ingresos do Consello de Administración do Patrimonio Nacional e rexistraranse e contabilizaranse como ingresos da mencionada Fundación, de acordo co réxime xurídico aplicable a ela.

Dous. Do mesmo modo, desde o exercicio 2021, os gastos que o Consello de Administración do Patrimonio Nacional realice, en exercicio do padroado da Fundación de la Santa Cruz del Valle de los Caídos, no recinto do Val dos Caídos rexistraranse e contabilizaranse como gastos da dita fundación soportados polos ingresos a que se refire o número anterior desta disposición e de acordo co orzamento que aquela aprobe. Quedan excluídos da previsión deste punto os gastos do capítulo I do orzamento do Consello de Administración do Patrimonio Nacional relativos ao persoal do dito organismo que prestan servizos no recinto do Val dos Caídos.

Tres. Durante o exercicio 2021, o Consello de Administración do Patrimonio Nacional procederá á formación e aprobación do inventario de bens e dereitos da Fundación de la Santa Cruz del Valle de los Caídos, como inventario separado do de Patrimonio Nacional.

Catro. As previsións desta disposición aplicaranse desde o 1 de xaneiro de 2021 e continuarán vixentes mentres non se modifique o réxime xurídico da Fundación de la Santa Cruz del Valle de los Caídos. No non previsto ao respecto no réxime xurídico da

Fundación aplicaranse as previsións da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, e do Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal.

Cinco. As operacións de ingresos e gastos que fosen realizadas con cargo ao orzamento do Consello de Administración do Patrimonio Nacional desde o 1 de xaneiro de 2021 até a data de publicación da presente lei no *Boletín Oficial del Estado*, no caso de que for posterior, serán regularizadas mediante a aprobación polo Consello de Administración de Patrimonio Nacional de relacións certificadas dos ditos ingresos e gastos, que serán obxecto, no caso dos ingresos, de transferencia á Fundación de la Santa Cruz del Valle de los Caídos, e no caso de gastos, de baixa na contabilidade do Consello de Administración do Patrimonio Nacional e imputación á contabilidade e sistema de pagamentos da citada fundación.

Seis. Nos supostos en que haxa obrigacións relativas ao recinto do Val dos Caídos existentes na data de publicación da presente lei que fosen asumidas polo Consello de Administración do Patrimonio Nacional en virtude de contratos, encomendas, convenios ou calquera outros negocio xurídico en que resulte imposible a aplicación do número anterior por ser o seu ámbito de aplicación superior ao correspondente ao mencionado recinto, e até que finalice a súa vixencia, determinarase a parte proporcional que corresponda ao Val dos Caídos desde o 1 de xaneiro de 2021, que será obxecto de transferencia desde a Fundación de la Santa Cruz ao Consello de Administración do Patrimonio Nacional.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo primeira. *Obligacións de Patrimonio Nacional coa sociedade estatal Hipódromo de la Zarzuela, S.A.S.M.E.*

Autorízase ao organismo público Consello de Administración do Patrimonio Nacional, con cargo ao seu orzamento de gastos, o recoñecemento das obrigacións coa Sociedad Estatal Hipódromo de la Zarzuela que, de ser o caso, lle poidan corresponder derivadas da realización pola dita sociedade estatal, en exercicios anteriores, de obras ao abeiro do contrato de cesión do Hipódromo de la Zarzuela para a explotación integral do recinto e das súas instalacións.

Para determinar a existencia e contía desas obrigacións constituirase unha comisión mixta paritaria entre as entidades mencionadas, cuxos membros serán designados polos subsecretarios de Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática e de Facenda, e as súas conclusións serán sometidas aos respectivos órganos de goberno das dúas entidades. De se produciren discrepancias, estas quedarán resoltas mediante resolución conxunta dos subsecretarios anteriormente mencionados.

No caso de que se determine a existencia de débeda e esta sexa superior ao crédito consignado no orzamento do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, tramitaranse as modificacións orzamentarias correspondentes ou distribuírse en sucesivos exercicios orzamentarios.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo segunda. *Liquidación das débedas correspondentes ao Consorcio para a Conmemoración do II Centenario da Constitución de 1812.*

Autorízase o Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática para que, con cargo ao seu orzamento de gastos, transfira ao Consorcio para a Conmemoración do II Centenario da Constitución de 1812 as cantidades necesarias para facer fronte ás obrigacións coa Sociedade Mercantil Estatal Acción Cultural Española, S.A., polas actuacións realizadas durante o período de actividade do Consorcio, até un máximo de 456.347,89 euros. Previamente será necesario o acordo expreso adoptado polo órgano competente de cada unha das administracións consorciadas de asumir tales obrigacións na mesma proporción que as achegas efectuadas por elas durante o período de actividade do Consorcio. Unha vez liquidada a dita obrigación, estas transferirán ao Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática as ditas cantidades.

Así mesmo, o citado departamento realizará as xestións necesarias para cobrar as obrigacións da entidade Explotaciones Acuíferas Internacionales, S.A. a favor do Consorcio. As cantidades obtidas transferiranse ás administracións consorciadas na proporción das achegas feitas por estas durante o período de actividade do Consorcio.

Esta disposición ten vixencia indefinida.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo terceira. *Entregas á conta pola prestación do servizo público de noticias de titularidade estatal.*

A Administración xeral do Estado transferirá á Axencia EFE, S.M.E., S.A.U. (en diante, EFE), por doceavas partes ao termo de cada mes, o importe do crédito orzamentario dotado especificamente en cada exercicio para facer fronte á entrega á conta da liquidación definitiva polo cumprimento das funcións e obrigacións de servizo público, prevista no artigo 4.3 do Real decreto 1463/2018, do 21 de decembro, polo que se desenvolven as obrigacións do servizo público de noticias de titularidade estatal encomendado á Axencia EFE, S.M.E., S.A.U., e a súa compensación económica.

Esta norma ten duración indefinida.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo cuarta. *Modificación do Real decreto 302/2019, do 26 de abril, polo que se regula a compatibilidade da pensión contributiva de xubilación e a actividade de creación artística, en desenvolvemento da disposición derradeira segunda do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematografía.*

O Goberno, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei, modificará o Real decreto 302/2019, do 26 de abril, polo que se regula a compatibilidade da pensión contributiva de xubilación e a actividade de creación artística, en desenvolvemento da disposición derradeira segunda do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematografía.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo quinta. *Declaración de interese xeral de determinadas obras de infraestrutura hidráulicas con destino a rega.*

Un. Decláranse de interese xeral as seguintes obras:

a) Obras de modernización e consolidación dos regadíos de Alija del Infantado (León).

b) Obras de modernización e consolidación dos regadíos das canles de Inés, Eza, Salcedo e Valdanzo en San Esteban de Gormaz, Miño de San Esteban e Langa de Duero (Soria) e canle de Zuzones en Langa de Duero (Soria) e en La Vid e Barrios (Burgos).

c) Obras de modernización e consolidación dos regadíos do río Añamaza: zonas regables de Añavieja, Dévanes e canle de San Salvador de Ágreda en Añavieja (Castilruiz), Dévanes e Ágreda (Soria).

d) Obras de modernización e consolidación dos regadíos da zona regable da canle do Esla en Villamañan (anexos de Villamañan e Benamariel), Valencia de Don Juan, San Millán de los Caballeros, Villademor de la Vega, Toral de los Guzmanes, Algadefe, Villamandos (anexos Villamandos e Villarrabines), Villaquejida, Cimanos de la Vega (anexos Cimanos de la Vega e Bariones de la Vega), na provincia de León, e Matilla de Arzón, San Cristóbal de Entreviñas (anexos de San Cristóbal de Entreviñas e Santa Colomba de Carabías), Benavente, Castrogonzalo e Villanueva de Azoague, na provincia de Zamora.

e) Obras de optimización sustentable dos recursos hídricos procedentes de augas rexeneradas con destino á modernización e consolidación de regadíos sociais na Comunidade Autónoma de Illes Balears (Mallorca, Menorca, Eivissa e Formentera).

Dous. As obras incluídas neste artigo levarán implícitas as declaracións seguintes:

- a) A de utilidade pública, para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.
- b) A de urxencia, para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Tres. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para as ditas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo sexta. *Declaración de interese xeral de determinadas actuacións de transformación en regadío.*

Un. Declárase de interese xeral a transformación en regadío de Tierra de Barros.

Dous. Consolidación de mellora regadíes existentes (reforma de regadío Barriobusto Labraza. Moreda. Álava-Araba).

Tres. As actuacións incluídas neste artigo levarán implícitas as declaracións seguintes:

- a) A de utilidade pública, para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.
- b) A de urxencia, para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo sétima. *Declaración de interese xeral das obras de infraestruturas rurais, consistentes na realización de camiños naturais.*

Decláranse de interese xeral as obras de infraestruturas rurais, consistentes na realización de camiños naturais.

- a) Camiño natural de Montfalcó ao Congost de Mont-rebei (Aragón e Cataluña).
- b) Camiño natural de Laciana a Asturias (Castilla y León e Principado de Asturias).
- c) Camiño natural París-Madrid-Lisboa no seu treito español (Extremadura, Castilla-La Mancha, Madrid e Aragón).
- d) Camiño natural do río Segura (Andalucía, Castilla-La Mancha, Rexión de Murcia e Comunitat Valenciana).
- e) Camiño natural do Miño-Sil (Galicia e Castilla y León).
- f) Camiño natural de Carcaixent-Dénia e o seu enlace co camiño natural do Xúcar (Castilla-La Mancha e Comunidade Valenciana).
- g) Camiño natural do río Texo ao río Guadiana (Castilla-La Mancha e Extremadura).
- h) Transformación da antiga vía do ferrocarril (Vía Vieja de Lezama) en vía verde. Lezama-Bizkaia

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo oitava. *Tarxeta sanitaria única no Sistema nacional de saúde.*

O Ministerio de Sanidade, no marco do desenvolvemento, implantación, mantemento e xestión dos servizos de interoperabilidade do nodo do Sistema nacional de saúde para intercambio de información e coordinación, adoptará as medidas necesarias para que a tarxeta sanitaria interoperable e os seus mecanismos accesorios permitan a interacción automática e normalizada dos doentes, calquera que sexa a súa comunidade de residencia, cos servizos de saúde das demais comunidades autónomas e proporcionen as funcionalidades dunha tarxeta sanitaria única para todo o Sistema nacional de saúde, para os efectos de recibir asistencia sanitaria en calquera comunidade autónoma nas mesmas condicións que as persoas residentes nelas, no marco de relación que o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde determine. Todo iso coa adecuada rastrexabilidade dos desprazamentos no territorio nacional para garantir a cohesión no conxunto do Sistema a través dos fondos de compensación establecidos.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo novena. *Cuartéis de Loiola, Donostia-San Sebastián.*

O Goberno culminará, durante o exercicio 2021, o alleamento ao Concello de Donostia-San Sebastián dos terreos que na actualidade ocupa o acuartelamento de Loiola.

Para tal fin, constituirase unha comisión entre ambas as partes e o prezo fixarase con base nos aproveitamentos que se obteñan da súa recualificación.

Disposición adicional centésimo quincuaxésima. *Seguimento dos investimentos en Cataluña.*

No seo da Comisión sobre Investimentos Estatais en Infraestruturas realizarase, con carácter cuatrimestral, un seguimento do grao de execución dos investimentos programados orzamentariamente na Comunidade Autónoma de Cataluña. Este seguimento terá por obxecto o seu impulso e axilización, estudando os mecanismos que maximicen a súa realización, coa finalidade de que o grao de execución anual no dito territorio non resulte inferior á media da totalidade do investimento estatal territorializado.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo primeira. *Planta piloto hidrometalúrxica de recuperación de materiais críticos a partir de residuos da minaría e RAEE no Centro Nacional de Investigacións Metalúrxicas.*

Co fin de cumprir co mandato do punto 37 do ditame conclusivo do Congreso dos Deputados para a reconstrución social e económica tras a COVID-19, que insta a que España se coloque na vangarda europea na recuperación de materiais críticos impulsando unha planta metalúrxica propia, autorízase o Goberno a incrementar, no capítulo 6 de investimentos e nun millón de euros, o orzamento do Centro Nacional de Investigacións Metalúrxicas, dependente do CSIC, para a construción dunha planta piloto hidrometalúrxica de recuperación de materiais críticos a partir de residuos da minaría e RAEE.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo segunda. *Asemblea cidadá do cambio climático.*

Para a elaboración dos plans, programas, estratexias, instrumentos e disposicións de carácter xeral que se adopten na loita contra o cambio climático autorízase o goberno a establecer asembleas cidadás do cambio climático nos tres niveis administrativos: asemblea nacional, asembleas autonómicas e asembleas municipais. A súa composición terá en conta o principio de representación equilibrada entre mulleres e homes e incluírá a participación da mocidade. Para o seu desenvolvemento e implementación no prazo dun ano, dotarase dun incremento orzamentario de dous millóns de euros no programa 456N, sección 23.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo terceira. *Execución das sentenzas sobre o Convenio de colaboración en materia de estradas entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias e tratamento para os efectos da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira dos recursos afectados.*

1. No marco de execución das sentenzas do Tribunal Supremo 2075/2017, 255/2018, 415/2018 e 1095/2018, derivadas do convenio de colaboración en materia de estradas entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, a Administración xeral do Estado aboará ao Goberno de Canarias no exercicio 2021 un importe de 100.000,00 miles de euros con cargo á partida orzamentaria 17.38.453B.756.

O citado importe terá o carácter de á conta, para os efectos dos acordos que se poidan alcanzar entre a Administración xeral do Estado e o Goberno de Canarias para articular a execución das indicadas sentenzas, en canto ás actuacións que foron executadas e certificadas ante a Comisión Mixta de seguimento do convenio de referencia.

2. Estes recursos poderán ser aplicados pola Comunidade Autónoma de Canarias a empregos non financeiros non consolidables, excepcionais e temporais.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo cuarta. *Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat de Cataluña.*

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, reunirse a Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat de Cataluña para analizar e acordar de forma definitiva o procedemento para facer efectivas as transferencias de recursos por parte da Administración xeral do Estado á Generalitat de Cataluña, correspondentes aos servizos de transporte de viaxeiros por ferrocarril de proximidades e rexionais sobre a rede de largo ibérico da rede ferroviaria de interese xeral, que foron traspasados á Generalitat de Cataluña, respectivamente, en virtude do Real decreto 2034/2009, do 30 de decembro, e do Real decreto 1598/2010, do 26 de novembro, de conformidade co establecido no Estatuto de autonomía, nas normas a que se deben axustar os traspasos de funcións e servizos do Estado á Generalitat de Cataluña, e tendo en conta os acordos e instrumentos adoptados até a data en relación cos servizos de transporte de viaxeiros sinalados no parágrafo anterior. Esta comisión culminará a dita transferencia no exercicio 2021.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo quinta. *Redución de canons ás empresas que operan cos Mercas.*

A parte de representación de Mercasa nos consellos de administración das sociedades xestoras dos Mercas fomentará acordos que permitan, nos termos que se detallan a continuación, reducións de canons e/ou rendas a todas as empresas que sufrisen un descenso na súa facturación, coa consecuente diminución de ingresos, como resultado da aplicación das medidas adoptadas para paliar os efectos da COVID-19.

Os acordos das sociedades xestoras dos Mercas detallarán o réxime de xestión, os requisitos e as condicións específicas correspondentes ás reducións de canons ou rendas.

En calquera caso, a redución do canon e/ou renda será dun máximo do 50 %.

As reducións terán carácter temporal e, en todo caso, non poderán alongarse por máis dun período de doce meses de aplicación.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo sexta. *Autorización dun crédito extraordinario para o apoio aos servizos de transporte público de titularidade de entidades locais.*

1. Autorízase un crédito extraordinario para o apoio aos servizos de transporte público de titularidade de entidades locais, que terá por obxecto dotalas de maior financiamento para compensar o déficit extraordinario daquelas, como consecuencia da crise da COVID-19, producido durante o período de vixencia do estado de alarma e até o final do ano 2020, que se distribuirá, durante os exercicios 2020 e 2021, en función dos ingresos por tarifa correspondentes a eses servizos para o ano 2018, conforme as regras contidas neste artigo e o certificado que emita para o efecto a persoa titular do órgano de intervención de cada entidade local.

Quedarán incluídos no ámbito obxectivo de perceptores das transferencias os concellos, deputacións provinciais, incluídas as deputacións forais, consellos e cabidos insulares que prestan o servizo de transporte público.

2. O crédito extraordinario terá unha dotación inicial de 275 millóns de euros e poderase ampliar até os 1000 millóns de euros, con cargo aos orzamentos xerais do Estado de 2021.

3. A asignación do financiamento que corresponda a cada unha das entidades locais que prestan servizos de transporte público farase sobre a base de criterios obxectivos relacionados coa diminución dos ingresos pola caída da demanda de transporte, por ser a causa principal do déficit extraordinario. Estes criterios obxectivos estableceranse en

proporción aos ingresos obtidos por aplicación das tarifas ou prezos públicos nun ano de referencia.

4. Os importes que perciban as entidades locais con cargo ao crédito extraordinario que se autoriza deberán destinarse exclusivamente a financiar a prestación do servizo de transporte público urbano. O financiamento do déficit extraordinario do transporte público rexerese polo disposto neste artigo, sen que lle resulte de aplicación a Lei xeral de subvencións.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo sétima. *Adecuación do complemento específico do persoal ao servizo da Administración de xustiza.*

Procederase á negociación no ámbito da Mesa de Retribucións e Emprego da Administración de Xustiza dun incremento nos complementos específicos do persoal dos corpos de auxilio xudicial, de tramitación procesual e administrativa, de xestión procesual e administrativa, de médicos forenses e dos corpos especiais do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, para adecualos ao volume e responsabilidade no traballo e aproximalas ás que se perciben en postos equivalentes noutros ámbitos.

Igualmente, procederase á adecuación salarial do corpo de letrados da Administración de xustiza en relación coas novas funcións asumidas por este corpo nas últimas reformas procesuais e organizativas.

Para iso, o Goberno adoptará os acordos que correspondan para a dotación orzamentaria adecuada á presente disposición.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo oitava. *Recoñecemento das cotizacións á Seguridade Social ao persoal da Administración de xustiza.*

O Goberno revisará, de oficio ou por petición das persoas interesadas, e recoñecerá como cotizados os períodos que consten traballados e non cotizados do persoal de xustiza que presente diferenzas entre os períodos efectivamente traballados que figuren no certificado de servizos prestados e os que figuran na súa certificación de cotizacións.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo novena. *Taxa adicional de reposición da policía local.*

Adicionalmente ao previsto no artigo 19 desta lei, e co fin de garantir o exercicio das funcións das administracións públicas en materia de seguridade e orde pública, no suposto de que en aplicación do establecido no artigo 206.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social se produza o anticipo de idade de xubilación dos policía locais, as entidades locais poderán dispor durante 2020, exclusivamente para este colectivo, dunha taxa adicional de reposición determinada polo número de baixas que se prevexan neste exercicio e no exercicio 2021 como consecuencia do dito adianto da idade de xubilación. Esta taxa adicional descontarase da que poida corresponder nos exercicios 2021 e 2022.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Disposición transitoria primeira. *Indemnización por residencia do persoal ao servizo do sector público estatal.*

Durante o ano 2021, a indemnización por residencia do persoal en activo do sector público estatal continuará devindicándose nas áreas do territorio nacional que a teñen recoñecida, nas mesmas contías vixentes en 31 de decembro de 2020, co incremento máximo previsto no artigo 18.dous.

Non obstante, aqueles que estivesen percibindo a indemnización por residencia en contías superiores ás establecidas para o persoal do sector público estatal continuarán devindicándoa sen ningún incremento no ano 2021 ou co que proceda para alcanzar estas últimas.

Disposición transitoria segunda. *Complementos persoais e transitorios.*

Un. Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei.

Dous. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 13 da Lei 50/1984, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1985, ao persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, manteranse nas mesmas contías que en 31 de decembro do ano anterior, e serán absorbidos polas melloras que poidan derivar do cambio de posto de traballo.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución de retribucións, manterase o complemento persoal transitorio fixado ao producirse a aplicación do novo sistema, a cuxa absorción se imputarán as melloras que poidan derivar do cambio de posto de traballo.

Para os efectos da absorción prevista nos parágrafos anteriores, o incremento de retribucións de carácter xeral que se establece nesta lei só se computará no 50 por cento do seu importe, entendendo que teñen este carácter o soldo, referido a catorce mensualidades, o complemento de destino e o específico.

En ningún caso se considerarán os trienios, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios.

Tres. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos ao persoal das Forzas Armadas e dos corpos da Garda Civil e Nacional de Policía, así como ao persoal funcionario da Administración da Seguridade Social e ao estatutario do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, e restante persoal con dereito a percibir tales complementos, rexeranse polas mesmas normas establecidas no punto dous anterior.

Catro. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos ao persoal destinado no estranxeiro absorberanse aplicando as mesmas normas establecidas para o que preste servizos en territorio nacional, sen prexuízo da súa supresión cando o funcionario afectado cambie de país de destino.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio aplicable aos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial que non teñan dedicación exclusiva.*

Un. Até que se constituía o Consello Xeral do Poder Xudicial consonte o sistema previsto na Lei orgánica 4/2018, do 28 de decembro, de reforma da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, os vogais que non desempeñen o seu cargo con carácter exclusivo percibirán axudas de custo por asistencias ao pleno ou ás comisións, sen que lles corresponda ningunha outra remuneración polo cargo de vogal, salvo as indemnizacións que por razón de servizo poidan devindicar.

Dous. A contía global máxima de que disporá o Consello Xeral do Poder Xudicial para aboar tales axudas de custo por asistencias será de 364.368 euros en cómputo anual.

Disposición transitoria cuarta. *Ampliación do prazo previsto nas disposicións adicionais vixésimo novena, trixésima e trixésimo primeira da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, para a autorización e publicación dos procesos de estabilización de emprego temporal.*

Con carácter excepcional, amplíase até o 31 de decembro de 2021 o prazo para aprobar e publicar os procesos de estabilización de emprego temporal a que se refiren as disposicións adicionais vixésimo novena, trixésima e trixésimo primeira da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. Nos demais aspectos estes procesos ateranse aos requisitos e condicións establecidos na dita disposición adicional.

Disposición transitoria quinta. *Comercialización de billetes subvencionados de transporte regular de pasaxeiros, marítimo e aéreo.*

As compañías marítimas, así como calquera outra persoa, física ou xurídica, que interveña na comercialización dos billetes susceptibles de seren subvencionados, disporán de dous meses desde a entrada en vigor desta lei para a adaptación dos seus sistemas e a implementación do previsto no punto dous, parágrafo terceiro, da disposición adicional décimo terceira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

Así mesmo, as compañías marítimas e aéreas, así como calquera outra persoa, física ou xurídica, que interveña na comercialización dos billetes susceptibles de seren subvencionados, disporán dun prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei para adaptar os seus sistemas ao disposto no punto catro, parágrafo terceiro, da disposición adicional décimo terceira da citada Lei 17/2012, do 27 de decembro.

Disposición transitoria sexta. *Modificación temporal das contías unitarias dos canons ferroviarios previstas no artigo 80 desta lei.*

1. Co obxecto de paliar os efectos da crise provocada pola COVID-19 no transporte ferroviario, quedan sen efecto as contías unitarias dos canons ferroviarios previstas no artigo 80 desta lei no período comprendido entre o primeiro día do mes seguinte á súa publicación no BOE e o 31 de decembro de 2021, período durante o cal os administradores de infraestruturas ferroviarias aplicarán as contías unitarias seguintes para os canons ferroviarios:

Un. Canon por utilización das liñas ferroviarias integrantes da Rede ferroviaria de interese xeral.

1. Modalidades e contías exixibles.

1.1 Canon por adjudicación de capacidade (modalidade A). Polo servizo de asignación daquelas franxas horarias, definidas na declaración sobre a rede, aos correspondentes candidatos co fin de que un tren poida circular entre dous puntos durante un período de tempo determinado.

A contía determinarase multiplicando a tarifa unitaria por cada tren-quilómetro adjudicado, distinguindo por tipo de liña afectada e tipo de servizo.

Establécense dous tipos de tarifa, un para os servizos que se leven a cabo en liñas tipo A e outro para aqueles que se produzan no resto de liñas.

Modalidade A – Euros tren-km	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas tipo A.	1,6767	1,4873	1,7350	1,6069	1,7776	0,4446
Liñas de tipo distinto de A.	0,5082	0,5133	0,5118	1,3851	0,4110	0,0724

1.2 Canon por utilización das liñas ferroviarias (modalidade B). Pola acción e efecto de utilizar unha liña ferroviaria.

A contía determinarase multiplicando a tarifa unitaria por cada tren-quilómetro circulado, distinguindo por tipo de liña e tipo de servizo.

Establécense dous tipos de tarifa, un para os servizos que se leven a cabo en liñas tipo A e outro para aqueles que se produzan no resto de liñas.

Modalidade B – Euros tren-km	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas tipo A.	3,6414	3,0043	3,7855	2,3316	0,9797	1,1055
Liñas de tipo distinto de A.	0,7247	0,7320	0,7299	1,9752	0,5865	0,1032

1.3 Canon por utilización das instalacións de transformación e distribución da enerxía eléctrica de tracción (modalidade C). Pola acción ou efecto de utilizar as instalacións de electrificación dunha liña ferroviaria.

A contía determinarase multiplicando a tarifa unitaria a cada tren-quilómetro circulado por liñas ferroviarias electrificadas, distinguindo por tipo de liña, tipo de servizo e tipo de tracción.

Establécense dous tipos de tarifa, un para os servizos que se leven a cabo en liñas tipo A e outro para aqueles que se produzan no resto de liñas.

Modalidade C – Euros tren-km	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas tipo A.	0,4865	0,4315	0,5044	0,4665	0,5292	0,1855
Liñas de tipo distinto de A.	0,2018	0,2039	0,2033	0,5500	0,1635	0,0287

1.4 Adición ao canon por adxudicación de capacidade (modalidade A) polo uso non eficiente desta.

Co obxecto de que continúen sendo un elemento incentivador do uso eficiente da rede ferroviaria, as porcentaxes de diferenzas mínimas entre capacidade adxudicada e utilizada que serven de base á aplicación desta adición quedan fixadas para 2021 nun 2 por cento para os servizos de viaxeiros e nun 15 por cento para os servizos de mercadorías.

A contía da adición determinarase multiplicando a tarifa unitaria por cada tren-km de diferenza, en valor absoluto, entre o número de trens-quilómetro adxudicados e o número de trens-quilómetro realizados, por tipo de liña e tipo de servizo:

– Para os servizos de viaxeiros, por cada tren quilómetro de diferenza, en valor absoluto, entre a capacidade adxudicada e a utilizada nun mes por tipo de liña e tipo de servizo, cando a dita diferenza sexa superior ao 2 por cento da capacidade adxudicada e en canto exceda a dita porcentaxe.

– Para os servizos de mercadorías, por cada tren quilómetro de diferenza, en valor absoluto, entre a capacidade adxudicada e a utilizada nun mes por tipo de liña, cando a diferenza sexa superior ao 15 por cento da capacidade adxudicada e en canto exceda a dita porcentaxe.

Euros por tren-km circulados en exceso ou en defecto

Tipo de liña	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas A.	8,6371	3,4358	5,4446	3,3744	1,5089	1,2910
Liñas non A.	0,9265	0,9358	0,9332	4,8849	0,7500	0,1319

1.5 Adición ao canon por utilización das liñas ferroviarias (modalidade B) polo uso de redes de altas prestacións ou a explotación de servizos de largo variable ou outras situacións de elevada intensidade de tráfico en determinados períodos horarios.

A contía será a que resulte de multiplicar a tarifa unitaria por cada praza quilómetro, calculada sobre a base do tren quilómetro do canon de utilización e por todas as prazas que ten o tren en cada traxecto, diferenciando por cada unha das liñas tipo A e por tipo de servizo.

Euros/100 prazas-km ofertadas

Liñas tipo A	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liña Madrid-Barcelona-fronteira francesa.	1,7611	0,0000	0,3023	0,4959	0,0000	0,0000
Liña Madrid-Toledo-Sevilla-Málaga.	0,8647	0,0000	0,1962	0,3218	0,0000	0,0000
Resto de liñas A.	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000

Euros tren-km

Liñas de tipo distinto de A	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Adición modalidade B.	0,0000	0,0000	0,0000	2,3597	0,0000	0,0000

1.6 Bonificación para incentivar o crecemento do transporte ferroviario.

Coa finalidade de incentivar a explotación eficaz da rede ferroviaria e fomentar novos servizos de transporte ferroviario conforme o establecido no artigo 97.6 da Lei 38/2015, aplicarase unha bonificación no canon por utilización das liñas integrantes da Rede ferroviaria de interese xeral, modalidades A e B, para os aumentos de tráfico anuais, de acordo cos seguintes criterios:

- Para as liñas A, aplicarase para cada combinación de liña individual e tipo de servizo.
- Para o resto de liñas B, C, D e E, aplicarase para cada combinación de tipo de liña e tipo de servizo. Aplicarase ao conxunto de suxeitos pasivos que operan en cada combinación.

Para aplicar esta bonificación o administrador de infraestruturas ferroviarias establecerá anualmente na declaración sobre a rede:

- a) O tráfico de referencia, Tref, medido en tren-km, será o tráfico que o administrador de infraestruturas ferroviarias considera normal de acordo coa situación preexistente ou a súa previsible evolución.
- b) O tráfico obxectivo, Tobx, medido en tren-km, será o tráfico que o administrador de infraestruturas ferroviarias determinará de acordo coas súas expectativas de mercado das infraestruturas e servizos que utilizan estas.
- c) A porcentaxe de bonificación obxectiva para os tráfico incrementais, Bobx, aplicable aos tráfico incrementais cando se alcance o tráfico obxectivo fixado de acordo coas expectativas de crecemento de tráfico. Se o incremento corresponde a un valor intermedio entre o tráfico de referencia e o tráfico obxectivo, aplicarase unha bonificación inferior á bonificación obxectivo, aplicando un sistema progresivo.

A bonificación calcularase aplicando a fórmula que para tal efecto recolle a Lei 38/2015 no seu artigo 97.6.

Dous. Canon por utilización das instalacións de servizo titularidade dos administradores xerais de infraestruturas ferroviarias.

1. Modalidades e contías exixibles.

1.1 Canon pola utilización das estacións de transporte de viaxeiros (modalidade A).

A contía desta modalidade de canon calcularase:

1.1.1 En estacións de categoría 1, 2, 3, 4 ou 5, multiplicando a tarifa unitaria polo número de paraxes, considerando a categoría da estación, o tipo de paraxe e o tipo de tren.

Euros paraxe tren

Categoría da estación	Tipo de paraxe	Longa distancia	Interurbano	Urbano
1	Destino.	164,0000	33,7842	8,1082
1	Intermedia.	63,7800	13,1383	3,1532
1	Orixe.	182,2200	37,5380	9,0091
2	Destino.	78,1100	16,0904	3,8617
2	Intermedia.	30,3800	6,2574	1,5018
2	Orixe.	86,7900	17,8782	4,2908
3	Destino.	75,2111	15,0422	3,6101
3	Intermedia.	29,2487	5,8497	1,4039
3	Orixe.	83,5678	16,7136	4,0113
4	Destino.	33,4830	6,6966	1,6072
4	Intermedia.	13,0212	2,6042	0,6250
4	Orixe.	37,2034	7,4407	1,7858
5	Destino.	13,4793	2,6959	0,6470
5	Intermedia.	5,2419	1,0484	0,2516
5	Orixe.	14,9770	2,9954	0,7189

1.1.2 En estacións de categoría 6, aplicando a cada núcleo de proximidades os importes tarifarios resultantes dos custos de explotación do conxunto da estacións desta categoría por núcleo de proximidades, fraccionando o seu pagamento en 12 mensualidades.

Núcleo	Importe mensual – Euros
Asturias.	6.817
Barcelona.	152.411
Bilbao/Bilbo.	16.368
Cádiz.	451

Núcleo	Importe mensual – Euros
Madrid.	214.246
Málaga.	16.232
Murcia.	202
Donostia/San Sebastián.	13.135
Santander.	1.226
Sevilla	1.527
Valencia.	8.904
Asturias (RAM).	12.981
Murcia (RAM).	1.047
Cantabria (RAM).	6.247
Bizkaia (RAM).	1.709
León (RAM).	2.967
Total mensual.	456.470

1.1.3 Por servizos fóra do horario de apertura das estacións, multiplicando a tarifa unitaria polo número de horas ou fracción de apertura extraordinaria das estacións, por categoría de estación.

	Euros por hora
Estacións de categoría 1.	632
Estacións de categoría 2.	108
Estacións de categoría 3.	51
Estacións de categoría 4.	23
Estacións de categoría 5.	10
Estacións de categoría 6.	7

1.2 Adición por intensidade de uso das instalacións das estacións de viaxeiros de viaxeiros.

Esta adición aplicarase ás estacións de viaxeiros das categoría 1 a 5 de Adif Alta Velocidad e calcúlase multiplicando a tarifa unitaria polo número de viaxeiros que subiron ou baixaron efectivamente, en cada paraxe na estación, diferenciando por tipo viaxeiro.

	Longa distancia	Interurbano	Urbano-Suburbano
Euros/viaxeiro que subiu e baixou.	0,4084	0,0871	0,0209

1.3 Canon de paso por cambiadores de largo (modalidade B).

A contía desta modalidade será a que resulte de multiplicar a tarifa unitaria ao número de pasos de tren por un cambiador de largo en calquera dos sentidos.

Euros por paso de cambiador.	134,8211
------------------------------	----------

1.4. Canon pola utilización de vías con plataforma en estacións para o estacionamento de trens para servizos comerciais de viaxeiros ou outras operacións (modalidade C).

C.1 Por estacionamento de trens para servizos comerciais de viaxeiros sen outras operacións.

Con carácter xeral, establécese un período de 15 minutos durante o cal o canon non será aplicable.

Para os efectos de cómputo do tempo de estacionamento en plataformas, non se considerarán as paraxes intermedias dun traxecto comercial, nin aqueles en que o administrador de infraestruturas ferroviarias decida a permanencia do tren na vía de estacionamento.

Distínguense dous períodos horarios en función da saturación nas estacións, o período de saturación ordinaria, comprendido entre as 5.00 horas e as 23.59 horas, e o período horario de menor saturación, comprendido entre as 0.00 horas e as 4.59 horas, para o cal se establece unha tarifa reducida.

A contía do canon será a que resulte de aplicar a cada tren a tarifa unitaria polo tempo de estacionamento, en función do período horario e da categoría da estación.

Euros/tren-

	Saturación ordinaria. De 5.00 h a 23.59 h. Tipo de estacionamento			Saturación baixa. De 00.00 h a 04.59 h. Tipo de estacionamento		
	A	B	C	A	B	C
Estacións de categoría 1.	2,2458	3,3688	4,4917	1,1229	1,6844	2,2459
Estacións de categoría 2.	1,1229	1,6998	2,2458	0,5615	0,8499	1,1229

Tipo de estacionamento:

- A Por cada 5 minutos adicionais ou fracción entre 15 e 45 min.
- B Por cada 5 minutos adicionais ou fracción entre 45 e 120 min.
- C Por cada 5 minutos adicionais ou fracción a partir de 120 min.

C.2 Por estacionamento de trens para outras operacións.

A contía do canon será a que resulte de aplicar a tarifa unitaria, determinada en función da categoría da estación e do tipo de operación que se realizará no tren, ao número de operacións de cada tipo realizadas durante o tempo de estacionamento.

	Euros por operación
Operación de limpeza de tren en estacións de categorías 1-2.	0,6818
Operación de limpeza de tren no resto de estacións.	0,5681
Operación de limpeza de tren en estacións das categorías 1-2.	0,6722
Carga e descarga a bordo do tren no resto de estacións.	0,5601
Por outras operacións.	0,3947

1.5 Canon por utilización de vías noutras instalacións de servizo: de punto, de formación de trens e manobras, de mantemento, lavado e limpeza, de subministración de combustible (modalidade D).

Establécese segundo o tempo de utilización da vía da instalación de servizo, a vía cos seus compoñentes básicos, como son a vía, a catenaria, os desvíos e o equipamento adicional.

A contía desta modalidade será a resultante de computar o importe por utilización da vía completa autorizada, o importe asociado ao equipamento con que está dotada esa vía e o importe do equipamento opcional solicitado, aplicando o importe unitario de cada concepto polas unidades correspondentes, rateando para o período solicitado e afectado polo coeficiente de rendemento establecido no artigo 98.4.D) da Lei 38/2015.

Compoñentes base		
C vía.	5,4020	Euros/m de vía-ano
C catenaria.	1,8260	Euros/m de catenaria-ano
C desvío tipo I (manual).	564,7550	Euros/ud.–ano
C desvío tipo II (telemandado).	2.165,9540	Euros/ud.–ano
Compoñentes de equipamento asociados á vía		
C Corredor entrevías.	1,1910	Euros/m de vía-ano
C Iluminación vía.	1,3680	Euros/m de vía-ano
C Iluminación praia.	2,0260	Euros/m de vía-ano
C Rede de protección contra incendios.	5,9530	Euros/m de vía-ano
C Peirao de carga/descarga.	52,4900	Euros/m de vía-ano
Compoñentes de equipamento opcionais		
C Bandexa de recollida de graxas.	521,5160	Euros/ud.–ano
C Bandexa de recollida de carburante.	820,0490	Euros/ud.–ano
C Escaleiras de acceso a cabina.	20,9450	Euros/ud.–ano
C Foso-furo de descarga.	118,0500	Euros/ud.–ano
C Foso de mantemento (sen tomas).	188,3880	Euros/ud.–ano
C Rampla para carga/descarga.	602,6130	Euros/ud.–ano
C Toma de subministración de auga, eléctrica ou aire comprimido.	43,7500	Euros/ud.–ano

Así mesmo, en aplicación do artigo 98.4.D), establécense as seguintes contías mínimas:

– A contía mínima por utilización de instalacións de servizo para reposición de combustible, para todos os puntos de subministración de combustible da ADIF, fixos e móbiles, será de 3,75 €.

– A contía mínima pola utilización do resto de instalacións de servizo suxeitas a esta modalidade será o equivalente ao dun período mínimo de uso de cada instalación de servizo de 4 horas.

1.6 Canon por utilización de puntos de carga para mercadorías (modalidade E).

A contía desta modalidade será a resultante de computar o importe por utilización da vía completa autorizada, o compoñente asociado ao uso da franxa de superficie paralela a vía (praia), o importe asociado ao equipamento con que está dotada esa vía e o importe do equipamento opcional solicitado, aplicando o importe unitario de cada concepto polas

unidades correspondentes, rateando para o período solicitado e afectado polo coeficiente de rendemento establecido no artigo 98.4.E) da Lei 38/2015.

Compoñentes base		
C vía.	5,4020	Euros/m de vía-ano
C catenaria.	1,8260	Euros/m de catenaria-ano
C desvío tipo I (manual).	564,7550	Euros/ud.–ano
C desvío tipo II (telemandado).	2.165,9540	Euros/ud.–ano
C praia tipo I (formigón/lastra).	19,3400	Euros/m-ano
C praia tipo II (aglomerado).	11,2320	Euros/m-ano
C praia tipo III (saburras).	5,1910	Euros/m-ano
Compoñentes de equipamento asociados á vía		
C corredor entrevías.	1,1910	Euros/m de vía-ano
C iluminación vía.	1,3680	Euros/m de vía-ano
C iluminación praia.	2,0260	Euros/m de vía-ano
C rede de protección contra incendios	5,9530	Euros/m de vía-ano
C peirao de carga/descarga.	52,4900	Euros/m de vía-ano
Compoñentes de equipamento opcionais		
C Bandexa de recollida de graxas.	521,5160	Euros/ud.–ano
C Bandexa de recollida de carburante.	820,0490	Euros/ud.–ano
C Escaleiras de acceso a cabina.	20,9450	Euros/ud.–ano
C Foso-furo de descarga.	118,0500	Euros/ud.–ano
C Foso de mantemento (sen tomas).	188,3880	Euros/ud.–ano
C Rampla para carga/descarga.	602,6130	Euros/ud.–ano
C Toma de subministración de auga, eléctrica ou aire comprimido.	43,7500	Euros/ud.–ano

2. O Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana compensará os administradores de infraestruturas ferroviarias pola diferenza existente entre os canons que estas entidades deberían ter percibido mediante a aplicación das contías unitarias previstas no artigo 80 e as efectivamente aboadas polos obrigados tributarios como consecuencia das liquidacións emitidas coas contías unitarias establecidas nesta disposición transitoria.

DISPOSICIÓN DERROGATORIAS

Disposición derogatoria primeira. *Derrogación do punto segundo do artigo único do Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal.*

Derrógase o punto segundo do artigo único do Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal.

Disposición derogatoria segunda. *Derrogación da disposición adicional 47 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.*

Derrógase, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2020, a disposición adicional 47 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, e déixanse sen efectos os xuros devindicados en aplicación da dita disposición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 12/1975, do 12 de marzo, de protección das obtencións vexetais.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o punto 4 da letra A) do artigo 27 da Lei 12/1975, do 12 de marzo, de protección das obtencións vexetais, da seguinte forma:

«Os tipos da taxa código 047, que figuran no punto 4 do artigo 27 da Lei 12/1975, do 12 de marzo, de protección das obtencións vexetais, elévanse ás contías que figuran no anexo A.

ANEXO A

Polo mantemento anual dos dereitos do obtentor:

Polo primeiro ano:

Grupo primeiro: 99,37 €.
Grupo segundo: 59,64 €.
Grupo terceiro e cuarto: 39,37 €.

Polo segundo ano:

Grupo primeiro: 139,10 €.
Grupo segundo: 99,37 €.
Grupo terceiro: 79,49 €.
Grupo cuarto: 59,64 €.

Polo terceiro ano:

Grupo primeiro: 198,74 €.
Grupo segundo: 159,00 €.
Grupo terceiro: 119,27 €.
Grupo cuarto: 99,55 €.

Polo cuarto ano:

Grupo primeiro: 238,47 €.
Grupo segundo: 198,74 €.
Grupo terceiro: 159,00 €.
Grupo cuarto: 119,27 €.

Polo quinto ano e seguintes (até finalizar a protección):

Grupo primeiro: 294,93 €.
Grupo segundo: 252,77 €.
Grupo terceiro: 198,74 €.
Grupo cuarto: 159,00 €»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública, da seguinte forma:

Dáse nova redacción ao artigo segundo, que queda redactado como segue:

«Artigo segundo.

Un. A devindicación dos trienios efectuarase aplicando a estes o valor que corresponda aos do corpo, escala, cadro de persoal ou praza con funcións análogas ás desempeñadas durante o tempo de servizos prestados que se recoñezan conforme o disposto no artigo anterior.

Os servizos prestados en condición distinta á de funcionario de carreira valoraranse, en todo caso e para os efectos retributivos, na mesma contía que corresponda aos do corpo, escala, cadro de persoal ou praza con funcións análogas ás prestadas.

Dous. Cando os servizos computables a que se refire o punto tres do artigo anterior non cheguen a completar un trienio ao pasar dunha a outra esfera da Administración pública, serán considerados como prestados nesta última, para así ser tidos en conta, para os efectos de trienios, segundo a lexislación que resulte aplicable seguindo a orde cronolóxica da prestación dos servizos sucesivos.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e con carácter indefinido, modifícase a Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional, da seguinte forma:

Un. Engádese un artigo once, novo, coa seguinte redacción:

«Artigo once.

A persoa titular da Presidencia do Consello de Administración de Patrimonio Nacional regulará o réxime de visitas e exhibición ao público dos bens que integran o patrimonio nacional. Os ingresos procedentes destas actividades teñen natureza de prezos públicos, que establecerá o Consello de Administración de Patrimonio Nacional, logo de autorización do Ministerio de Facenda.

Así mesmo, o organismo poderá acordar a cesión ou depósito temporais de bens mobles de patrimonio nacional, en virtude de convenio con outras institucións públicas ou de contratos con entidades privadas, que se rexerán polo dereito privado.

Para a adecuada conservación, defensa e mellora dos bens e dereitos do patrimonio nacional e o seu uso con fins culturais, científicos e docentes, impulsarase a colaboración con entidades privadas e particulares.»

Dous. Engádese un artigo doce, novo, coa seguinte redacción:

«Artigo doce.

Os recursos económicos de patrimonio nacional procederán das seguintes fontes:

a. Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.

b. Os produtos e rendas do dito patrimonio e os que deriven da xestión dos bens do patrimonio nacional e dos reais padroados, que o organismo destinará ao cumprimento dos seus fins.

- c. As consignacións que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- d. As transferencias correntes ou de capital que procedan da Administración xeral do Estado ou doutras administracións e entidades públicas.
- e. As doazóns, legados, patrocinios e outras achegas de entidades privadas e particulares. Corresponderá ao presidente ou presidenta do Consello de Administración de Patrimonio Nacional autorizar a aplicación destas achegas aos gastos correntes do organismo, incluída a correspondente modificación orzamentaria que resulte precisa.
- f. Calquera outro recurso que se lle autorice a percibir ou se lle poida atribuír segundo as disposicións vixentes.

Os recursos especificados nas letras anteriores, con excepción dos sinalados nas letras c) e d), constituirán os recursos propios do organismo.

Serán ingresos de dereito privado os que perciba o Consello de Administración de Patrimonio Nacional pola realización de actividades e a explotación dos seus bens, cando non teñan a natureza de prezos públicos.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 16/1983, do 24 de outubro, de creación do organismo autónomo Instituto da Muller.*

Un. O organismo autónomo Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades cambia a súa denominación pola de «Instituto das Mulleres».

Dous. Modifícase o artigo primeiro da Lei 16/1983, do 24 de outubro, de creación do organismo autónomo Instituto da Muller, que queda redactado como segue:

«Artigo primeiro. *Natureza e réxime xurídico.*

1. Créase o Instituto das Mulleres, como organismo autónomo dos previstos na sección 2.^a do capítulo III do título II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrito ao Ministerio de Igualdade.

2. De conformidade coa disposición adicional vixésimo oitava da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o Instituto das Mulleres é o organismo competente no Reino de España para os efectos do disposto no artigo 20 da Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación (refundición), e no artigo 12 da Directiva 2004/113/CE do Consello, do 13 de decembro de 2004, sobre aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos e a súa subministración.

Así mesmo, é o organismo de fomento da igualdade de acordo co previsto no artigo 11 da Directiva 2010/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2010, sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exercen unha actividade autónoma, e pola que se derroga a Directiva 86/613/CEEE do Consello.

3. O Instituto das Mulleres réxese polo disposto na presente lei, na sección 2.^a do capítulo III do título II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no resto de normas que lle sexan de aplicación.»

Tres. Modifícase o artigo segundo, que queda redactado como segue:

«Artigo segundo. *Fins.*

O Instituto das Mulleres ten como finalidade primordial a promoción e o fomento das condicións que posibiliten a liberdade, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e a participación das mulleres na vida política, civil, laboral, económica, social e cultural, así como a prevención e eliminación de toda clase de discriminación das persoas por razón de sexo.»

Catro. Modifícase o artigo terceiro, que queda redactado como segue:

«Artigo terceiro. *Funcións.*

Para o cumprimento dos seus fins, o Instituto das Mulleres desenvolverá, no ámbito das competencias do Estado, as seguintes funcións:

a) Impulsar e desenvolver a aplicación transversal do principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, así como elaborar, en cooperación con outros departamentos, os informes de aplicación das directivas da Unión Europea, en que o instituto é o organismo de fomento da igualdade.

b) Recibir e canalizar na orde administrativa as queixas formuladas en casos concretos de discriminación de feito ou de dereito por razón de sexo, asistindo de maneira independente as vítimas de discriminación por este motivo para que tramiten as súas reclamacións.

c) Promover as medidas dirixidas á asistencia e protección das vítimas de discriminación por razón de sexo, sen prexuízo das competencias asumidas por outros órganos.

d) Recompilar información e documentación relativa á igualdade de xénero; elaborar informes, estudos e recomendacións sobre as mulleres en España e sobre materias que afecten a igualdade de xénero, en particular sobre as políticas públicas de igualdade de oportunidades, tanto no ámbito nacional como internacional; e a súa difusión e intercambio con departamentos ministeriais e entes públicos ou privados, de ámbito internacional, nacional, autonómico ou local.

e) Realizar análises estatísticas, elaborar indicadores e manter as bases de datos estatísticas nas materias que afecten a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes; e a súa difusión e intercambio con outros entes públicos ou privados, de ámbito internacional, nacional, autonómico ou local competentes nesta materia. Así mesmo, o intercambio de información con organismos europeos equivalentes.

f) Realizar cantas actividades favorezan a participación das mulleres na actividade económica e no mercado de traballo, de acordo co establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos.

g) Previr e combater o sexismo e os estereotipos de xénero, nas súas distintas manifestacións e nos diferentes ámbitos da vida, en particular en espazos públicos, internet, publicidade, medios de comunicación, ámbito laboral, sector público e no ámbito da xustiza, da educación, do deporte e da cultura.

h) Velar polo tratamento non sexista da imaxe das mulleres na publicidade, nos medios de comunicación, internet ou calquera outra forma de promoción e difusión educativa, cultural ou recreativa, e atender as queixas concretas nestes campos, a través do Observatorio de Imaxe das Mulleres.

i) Fomentar as relacións no ámbito das súas competencias con organizacións non gobernamentais de ámbito estatal, así como con entes estatais, autonómicos e locais, públicos ou privados e establecer a vinculación do Instituto con organismos internacionais dedicados a materias afíns, en particular cos organismos europeos equivalentes e co Instituto Europeo de Igualdade de Xénero.

j) Elaborar, coordinar e facer o seguimento e avaliación do Plan estratéxico de igualdade de oportunidades. Da mesma maneira, elaborar o informe periódico, recollido nos artigos 17 e 18 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en colaboración cos departamentos ministeriais e, especialmente, coas unidades de igualdade dos ditos departamentos.

k) Formular iniciativas e actividades de sensibilización social, información, formación e participación, así como realizar cantas actividades sexan requiridas para lograr as finalidades expostas, consonte a normativa de aplicación.

l) Exercer calquera outra das funcións atribuídas pola normativa vixente.»

Cinco. Engádesse un novo artigo sexto, coa seguinte redacción:

«Artigo sexto.

A persoa titular do Instituto das Mulleres, que terá rango de director xeral, será nomeada polo Consello de Ministros por proposta da persoa titular do Ministerio de Igualdade.»

Seis. Modifícase a disposición derradeira primeira, que queda redactada como segue:

«Autorízase o Goberno para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación da presente lei, así como para modificar mediante real decreto a adscrición do Instituto das Mulleres.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolva os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e con carácter indefinido, modifícase o Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, da seguinte forma:

Un. Modifícase o último parágrafo da letra a) do artigo 300, que queda redactado como segue:

«Artigo 300.

[...]

Ás cantidades así deducidas engadiranse as diferenzas en máis ou en menos que poidan resultar entre as cantidades previstas e os gastos realmente producidos e acreditados no último exercicio cerrado no momento de proceder á aprobación.»

Dous. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 303, que queda redactado como segue:

«Artigo 303.

O canon de regulación porase ao cobramento dentro do primeiro semestre natural do exercicio seguinte a aquel en que sexa de aplicación.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Tres. Modifícase o último parágrafo da letra a) do artigo 307, que queda redactado como segue:

«Artigo 307.

[...]

Ás cantidades así deducidas engadiranse as diferenzas en máis ou en menos que poidan resultar entre as cantidades previstas e os gastos realmente producidos e acreditados no último exercicio cerrado no momento de proceder á aprobación.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Catro. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 310, que queda redactado como segue:

«Artigo 310.

A tarifa de utilización da auga porase ao cobramento dentro do primeiro semestre natural do exercicio seguinte a aquel en que sexa de aplicación.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira sexta. *Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 33, que queda redactado como segue:

«2. Así mesmo, con carácter xeral, a percepción das pensións de xubilación ou retiro será incompatible co exercicio dunha actividade, por conta propia ou allea, que dea lugar á inclusión do seu titular en calquera réxime público de Seguridade Social.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a percepción das pensións de xubilación ou retiro, no suposto recollido na letra a) do artigo 28.2 do presente texto refundido, será compatible co exercicio dunha actividade, por conta propia ou allea, que dea lugar á inclusión do seu titular en calquera réxime público de Seguridade Social, nos seguintes termos:

a) A idade de acceso á pensión de xubilación ou retiro debe ser, ao menos, a establecida como idade de xubilación forzosa para o correspondente colectivo de funcionarios públicos.

b) A porcentaxe aplicable ao haber regulador para os efectos de determinar a contía da pensión debe ser do cen por cento.

En caso de desempeñar unha actividade compatible, a contía da pensión será equivalente ao cincuenta por cento do importe resultante no recoñecemento inicial, unha vez aplicado, se procede, o límite máximo de pensión pública, ou o que o pensionista estea percibindo na data de inicio da actividade, excluído, en todo caso, o complemento por mínimos, que non se poderá percibir durante o tempo en que se compatibilice pensión e actividade.

Non obstante, se a actividade se realiza por conta propia e se acredita ter contratado, ao menos, un traballador por conta allea, a contía da pensión compatible co traballo acadará o cen por cento.

Cando se trate do desempeño dunha actividade de creación artística pola cal se perciban ingresos derivados de dereitos de propiedade intelectual, incluídos os xerados pola súa transmisión a terceiros, a contía da pensión compatible con esta actividade será do cen por cento, e neste caso será de aplicación o previsto en materia de afiliación, altas, baixas e variación de datos e cotización, así como en materia de compatibilidade no Real decreto 302/2019, do 26 de abril, polo que se regula a compatibilidade da pensión contributiva de xubilación e a actividade de creación artística, en desenvolvemento da disposición derradeira segunda do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematografía.

A pensión revalorízase na súa integridade, nos termos establecidos para as pensións do réxime de clases pasivas. Non obstante, mentres se desempeñe o traballo compatible, o importe da pensión máis as revalorizacións acumuladas reducirase nun cincuenta por cento. Esta redución non será aplicable cando a

pensión de xubilación sexa compatible coa actividade por conta propia e se acredite ter contratado ao menos un traballador por conta allea, ou cando se trate dunha actividade artística.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Dous. Dáse nova redacción ao punto 3 do artigo 39, que queda redactado como segue:

«3. Á base reguladora determinada de acordo coas regras anteriores aplicaráselle a porcentaxe fixa do 50 por 100 para obter o importe da pensión de viuvez.

Esta porcentaxe será o 25 por 100 no suposto de que o causante dos dereitos falecese tras ser declarado inutilizado en acto de servizo ou como consecuencia del e de terse sinalado no seu favor a correspondente pensión extraordinaria.

Malia o disposto nos parágrafos anteriores, nos termos que regulamentariamente se determinen, estas porcentaxes incrementaranse en 8 ou en 4 puntos, respectivamente, cando na persoa beneficiaria concorran os seguintes requisitos:

a) Ter unha idade igual ou superior a 65 anos.

b) Non ter dereito a outra pensión pública española ou estranxeira. O citado incremento será compatible con aquelas pensións públicas, xa sexan españolas ou estranxeiras, cuxa contía non exceda o importe deste. Nestes supostos, o incremento da pensión de viuvez aboarase exclusivamente pola diferenza entre a contía deste e a da pensión percibida polo beneficiario.

c) Non percibir ingresos pola realización dun traballo por conta allea ou por conta propia.

d) Non percibir rendementos do capital, de actividades económicas ou ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as ditas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, que en cómputo anual superen o límite de ingresos establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para ser beneficiario da pensión mínima de viuvez. »

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Tres. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 41, que queda redactado como segue:

«2. No suposto en que o orfo non realice un traballo lucrativo por conta allea ou propia ou cando, realizándoo, os ingresos que obteña en cómputo anual resulten inferiores ao importe do salario mínimo interprofesional que se fixe en cada momento, tamén en cómputo anual, poderá ser beneficiario da pensión de orfandade sempre que, na data de falecemento do causante, fose menor de vinte e cinco anos. Neste caso, a pensión extinguirase cando o titular faga os vinte e cinco anos de idade, salvo que estivese cursando estudos, suposto en que se manterá a percepción da pensión de orfandade até o día primeiro do mes seguinte ao inicio do seguinte curso académico.

Non obstante, se o orfo se incapacitase para todo traballo antes de facer os vinte e cinco anos de idade, terá dereito á pensión de orfandade con carácter vitalicio.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Catro. Dáse nova redacción á disposición adicional décimo novena, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo novena. *Incremento da porcentaxe de determinadas pensións de viuvez.*

O incremento de 8 puntos aplicable sobre a base reguladora correspondente para determinar o importe da pensión de viuvez, establecido no último parágrafo do artigo 39.3, será así mesmo de aplicación, cos mesmos requisitos, ás pensións de viuvez causadas ao abeiro da lexislación vixente en 31 de decembro de 1984.

Nos supostos de pensións de viuvez causadas ao abeiro da lexislación especial de guerra, este incremento levarase a cabo nos seguintes termos:

a) As pensións cuxo importe se calcula mediante a aplicación dunha determinada porcentaxe incrementaranse de acordo co previsto no artigo 39.3, cos requisitos establecidos nel.

b) As pensións cuxo importe é igual á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema de Seguridade Social incrementaranse na mesma contía ca estas.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, da seguinte forma:

Modifícase o punto 3 do artigo 53, que queda redactado como segue:

«O importe da taxa derivada do feito impositivo previsto no número anterior é de 381,27 €.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira oitava. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, da seguinte forma:

Engádesse unha sección 5.^a no capítulo III, coa seguinte redacción:

«Sección 5.^a *Infraccións das mutualidades de previsión social autorizadas para actuar como alternativas ao réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos*

Artigo 32 bis. *Infracción grave.*

Non pór á disposición da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a relación telemática dos profesionais colexiados integrados nelas a que se refire o punto 4 da disposición adicional décimo oitava do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, no prazo e co contido establecidos na dita disposición.»

Disposición derradeira novena. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción á letra c) do punto 2 do artigo 30, que queda redactada como segue:

«Artigo 30. *Funcións do presidente do organismo.*

[...]

c) Autorizar os gastos que se realicen con cargo a créditos do orzamento do organismo e ordenar os pagamentos correspondentes, incluídos aqueles supostos de responsabilidade patrimonial en que o dano derive da realización de obras con cargo ao propio orzamento do organismo, a prestación de servizos propios do organismo e a xestión e conservación ordinaria das súas instalacións.»

Dous. Dáse nova redacción ao parágrafo segundo do punto 3 do artigo 113, que queda redactado como segue:

«O prezo básico por metro cúbico fíxase en 0,01808 euros para a auga residual urbana e en 0,04520 euros para a auga residual industrial. Estes prezos básicos poderán revisarse periodicamente nas leis de orzamentos xerais do Estado.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Tres. Dáse nova redacción ao punto 7 do artigo 114, que queda redactado como segue:

«Artigo 114. *Canon de regulación e tarifa de utilización da auga.*

[...]

7. O organismo de bacía, de acordo co establecido neste artigo, determinará as contías anuais do canon de regulación e da tarifa de utilización da auga antes do comezo do exercicio a que se apliquen, practicando as liquidacións correspondentes durante o primeiro semestre do ano natural seguinte a aquel en que sexan de aplicación.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.*

Con efectos da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a disposición adicional vixésimo novena da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional vixésimo novena. *Funcións de titoría.*

1. As universidades non presenciais dispoñen de profesorado propio e, en determinados casos en atención ás súas especiais características, tamén de profesorado colaborador, que desenvolve funcións de apoio docente e efectúa actividades de orientación e acompañamento na aprendizaxe dos e das estudantes, a tempo parcial, con externalidade, plena independencia e autonomía organizativa, e con achega dos medios necesarios e da súa experiencia técnica e profesional. Estes colaboradores deben contar cunha dedicación profesional principal allea á universidade.

2. As universidades non presenciais, promovidas ou participadas polo sector público e que operen con prezos públicos, en atención ás súas especiais

características e necesidades, poderán acollerse á modalidade de contratación laboral propia do profesorado asociado, nos termos en que se regula esta categoría de profesorado no artigo 53 da presente lei.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo 72.3, os profesores de universidades públicas poderán realizar funcións de titoría en universidades non presenciais, públicas ou parcialmente financiadas por comunidades autónomas e que operen con prezos públicos.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao punto sete do artigo 22 da Lei de 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«Sete. A tarifa unitaria de aproximación queda fixada nos seguintes importes:

a) Nos aeroportos de Alacant-Elx, Josep Tarradellas-Barcelona-El Prat, Bilbao/Bilbo, Fuerteventura, Gran Canaria, Eivissa, César Manrique-Lanzarote, Adolfo Suárez-Madrid-Barajas, Málaga-Costa do Sol, Menorca, Palma de Mallorca, Sevilla, Tenerife Norte, Tenerife Sur e Valencia: 20,01 euros.

b) Nos aeroportos da Coruña, Almería, Asturias, Girona, Federico García Lorca-Granada-Jaén, Jerez, La Palma, Reus, Santiago e Vigo: 18,01 euros.

c) Nos aeroportos de Talavera la Real (Badajoz), Madrid-Cuatro Vientos, Melilla, Rexión de Murcia, Pamplona, Sabadell, Matacán (Salamanca), San Sebastián/Donostia, Seve Ballesteros-Santander, Villanubla (Valladolid), Vitoria-Gasteiz, Zaragoza e o resto dos aeroportos a que Enaire preste servizos de navegación aérea de aproximación: 15,00 euros.

A presente clasificación poderá ser modificada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en función do tráfico que aqueles soporten.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, da seguinte forma:

Modifícase a letra a) do punto 3 do artigo 5, que queda redactada da seguinte forma:

«Artigo 5. *Principios básicos dos plans de pensións.*

[...]

a) O total das achegas e contribucións empresariais anuais máximas aos plans de pensións regulados na presente lei non poderá exceder os 2.000 euros.

Este límite incrementarase en 8.000 euros sempre que tal incremento proveña de contribucións empresariais.

As achegas propias que o empresario individual realice a plans de pensións de emprego dos cales, pola súa vez, sexa promotor e partícipe consideraranse como contribucións empresariais, para os efectos do cómputo deste límite.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o artigo 28 da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, que queda redactado como segue:

«Artigo 28. *Tarifas.*

1. As cotas exixibles nos supostos previstos na alínea a) do artigo 24 serán as seguintes:

- a) Primeira utilización de instalacións para actividades de utilización confinada de risco nulo ou insignificante: 1.378,00 euros
- b) Primeira utilización de instalacións para actividades de utilización confinada de baixo risco: 2.902,34 euros.
- c) Primeira utilización de instalacións para actividades de utilización confinada de risco moderado: 3.634,03 euros.
- d) Primeira utilización de instalacións para actividades de utilización confinada de alto risco: 4.829,11 euros.

2. As cotas exixibles nos supostos previstos na alínea b) do artigo 24 serán as seguintes:

- a) Utilización confinada de organismos modificados xeneticamente en actividades de baixo risco, en instalacións comunicadas previamente, para actividades de utilización confinada do mesmo risco ou superior: 1.506,05 euros.
- b) Utilización confinada de organismos modificados xeneticamente en actividades de risco moderado, en instalacións comunicadas previamente, para actividades de utilización confinada dese risco ou superior: 1.871,89 euros.
- c) Utilización confinada de organismos modificados xeneticamente en actividades de alto risco, en instalacións comunicadas previamente, para actividades de utilización confinada do mesmo risco: 2.420,65 euros.

3. A cota exixible no suposto previsto na alínea c) do artigo 24 será a seguinte: 5.518,11 euros.

4. A cota que se deberá satisfacer no suposto previsto na alínea d) do artigo 24 será a seguinte: 14.682,45 euros.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Modificación da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, engádese unha disposición adicional vixésima, nova, á Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésima. *Contía aplicable a pasaxeiros nas viaxes con destino a un aeroporto do Reino Unido.*

Até o 28 de febreiro de 2022, nas viaxes con destino a un aeroporto do Reino Unido, para os efectos da fixación de importes das prestacións públicas patrimoniais por saída de pasaxeiros, de acordo co disposto no artigo 78, e o servizo de asistencia de mordomía (*catering*), de acordo co disposto no artigo 89.1.5, aplicaranse as contías por pasaxeiros vixentes para usuarios con destino ao EEE.»

Disposición derradeira décimo quinta. *Modificación da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, engádesse un punto 6, novo, ao artigo 20 ter da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, coa seguinte redacción:

«Artigo 20 ter. *Efectos da declaración de herdeiro ab intestato.*

[...]

6. A herdanza considerarase en administración até que o director xeral do Patrimonio do Estado aprobe a conta de liquidación do *ab intestato* e se acorde a aplicación do capital líquido obtido. Até ese momento, os gastos ocasionados pola administración dos bens ou que deriven da titularidade ou tenza deles, como impostos, taxas, cotas de comunidade de propietarios e calquera outro semellante, consideraranse débedas e cargas da herdanza para os efectos previstos no punto 1.º do artigo 1023 do Código civil.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira décimo sexta. *Modificación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 10, que queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Órganos competentes para a concesión de subvencións.*

[...]

2. Non obstante o disposto no punto anterior, a concesión de subvencións de contía superior a 12 millóns de euros requirirá autorización previa do Consello de Ministros ou, no caso de que así o estableza a normativa reguladora da subvención, da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

No caso de subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva, a autorización a que se refire o parágrafo anterior deberá obterse antes da aprobación da convocatoria cuxa contía supere o citado límite.

No caso de convocatorias que, en aplicación do disposto no artigo 23.2 b) desta lei e 58.2 do seu regulamento, fixen, ademais da contía total máxima, unha contía adicional, o importe indicado no primeiro parágrafo deste punto debe entenderse por referencia ao global que resulte da contía máxima e da contía adicional prevista. Este importe global reflectirase na proposta de acordo que se someta a autorización, de forma que, unha vez adoptado o acordo, a autorización se entenderá efectuada até ese importe. De non se reflectir na proposta de acordo a contía adicional, será necesario obter nova autorización do Consello de Ministros.

A referida autorización non implicará a aprobación do gasto, que, en todo caso, corresponderá ao órgano competente.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Dous. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 51, que queda redactado como segue:

«Artigo 51. *Efectos dos informes de control financeiro.*

[...]

2. O órgano xestor deberá comunicar á Intervención Xeral da Administración do Estado, no prazo de dous meses a partir da recepción do informe de control

financeiro, a incoación do expediente de reintegro ou a discrepancia coa súa incoación, que deberá ser motivada. Neste último caso, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá emitir informe de actuación dirixido ao titular do departamento de que dependa ou ao cal estea adscrito o órgano xestor da subvención, do que dará traslado así mesmo ao órgano xestor.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional vixésimo sétima, que queda como segue:

«Disposición adicional vixésimo sétima. *Centros tecnolóxicos.*

No suposto de beneficiarios das subvencións que formen parte dos órganos de goberno dos centros tecnolóxicos de ámbito estatal, inscritos no Rexistro de centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación e de centros tecnolóxicos de ámbito autonómico inscritos nos seus correspondentes rexistros, e que reúnan os requisitos que estableza o Ministerio de Ciencia e Innovación, non será de aplicación o previsto no artigo 29.3, letra b), no artigo 29.7.d) e no artigo 31.3 da presente Lei xeral de subvencións.»

Catro. Engádesse unha nova disposición transitoria cuarta, que queda redactada como segue:

«Establecemento dos requisitos que deberán cumprir os centros tecnolóxicos mencionados na disposición adicional vixésimo sétima.

Os requisitos mencionados na disposición adicional vixésimo sétima estableceranse mediante orde ministerial, que se deberá ditar no prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor.»

Disposición derradeira décimo sétima. *Modificación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, da seguinte forma:

Un. Engádesse un ordinal 3.º, novo, á letra a), do punto 2 do artigo 2, coa seguinte redacción:

«Artigo 2. *Sector público estatal.*

[...]

3.º Axencias estatais.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Dous. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 37, que queda redactado como segue:

«Artigo 37. *Remisión ás Cortes Xerais.*

[...]

2. Ao proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado xuntaráse a seguinte documentación complementaria:

- a) As memorias descritivas dos programas de gasto e os seus obxectivos anuais.
- b) O informe de impacto de xénero.
- c) O informe do impacto na infancia, na adolescencia e na familia.
- d) O informe de aliñamento dos orzamentos xerais do Estado cos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030.

- e) Un anexo co desenvolvemento económico dos créditos, por centros xestores de gasto.
- f) Un anexo, de carácter plurianual, dos proxectos de investimento público, que incluíra a súa clasificación territorial.
- g) A liquidación dos orzamentos do ano anterior e un avance da liquidación do exercicio corrente.
- h) As contas e balances da Seguridade Social do ano anterior.
- i) Os estados consolidados dos orzamentos.
- j) Un informe económico e financeiro, que incluíra unha explicación dos contidos de cada orzamento, con especificación das principais modificacións que presenten en relación cos vixentes.
- k) Unha memoria dos beneficios fiscais.»

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 38, que queda redactado como segue:

«Artigo 38. *Prórroga dos orzamentos xerais do Estado.*

1. Se a Lei de orzamentos xerais do Estado non se aproba antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os orzamentos iniciais do exercicio anterior até a aprobación e publicación dos novos no *Boletín Oficial del Estado*.
2. A prórroga non afectará os créditos para gastos correspondentes a programas ou actuacións que terminen no exercicio cuxos orzamentos se prorrogan ou para obrigacións que se extingan nel.
3. A estrutura orgánica do orzamento prorrogado adaptárase, sen alteración da contía total, á organización administrativa en vigor no exercicio en que o orzamento deba executarse.
4. O Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Facenda, acordará os criterios para instrumentar a aplicación dos puntos anteriores.»

Catro. Dáse nova redacción ao punto 2 e 3 do artigo 66, que queda redactado como segue:

«Artigo 66. *Tramitación.*

[...]

2. Non están obrigados a presentar o programa de actuación plurianual aquelas sociedades mercantís estatais que, de acordo co disposto na lexislación mercantil vixente, poidan formular balance, estados de cambios no patrimonio neto e memoria abreviados, salvo que reciban con cargo aos orzamentos xerais do Estado subvencións de explotación ou capital ou outra achega de calquera natureza. Tampouco terán que presentar o programa de actuación plurianual as fundacións do sector público estatal, as sociedades mercantís estatais, con forma de sociedade anónima, cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial de valores e as entidades tedoras das accións.

3. As entidades públicas empresariais e outras entidades do sector público estatal, incluídas as sociedades mercantís estatais, sometidas á normativa mercantil en materia contable que, exercendo o control sobre outras entidades sometidas á dita normativa, formen un grupo de acordo cos criterios previstos no artigo 42.1 do Código de comercio, poderán presentar os seus orzamentos de explotación e de capital e, de ser o caso, os seus programas de actuación plurianual de forma consolidada coas entidades que o integran, relacionando as entidades obxecto de presentación consolidada. Esta norma non se aplicará a aquelas sociedades mercantís estatais que, pola súa vez, estean participadas maioritariamente, de forma directa ou indirecta, por outra entidade que deba elaborar os orzamentos de explotación e de capital.

Non están obrigados a presentar o programa de actuación plurianual de forma consolidada no caso de que algunha das sociedades do grupo teña a consideración de sociedade mercantil estatal, con forma de sociedade anónima, cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial de valores.

Deberán presentar, en todo caso, o orzamento de explotación e de capital e, de ser o caso, o programa de actuación plurianual de forma individualizada as entidades públicas empresariais, salvo as que sexan tedoras de accións de sociedades mercantís estatais, con forma de sociedade anónima, cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial de valores, así como as fundacións do sector público estatal, e as sociedades mercantís estatais que soliciten con cargo aos orzamentos xerais do Estado subvencións de explotación ou capital ou outra achega de calquera natureza.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Cinco. Dáse nova redacción ao punto 5 do artigo 74, que queda redactado como segue:

«Artigo 74. *Competencias en materia de xestión de gastos.*

[...]

5. Os órganos dos departamentos ministeriais, dos seus organismos autónomos e das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, competentes para a subscripción de convenios ou contratos programa con outras administracións públicas ou con entidades públicas ou privadas, necesitarán autorización do Consello de Ministros cando o importe do gasto que daqueles derive sexa superior a doce millóns de euros.

O disposto no parágrafo anterior non resultará de aplicación aos convenios que formalicen os compromisos financeiros de créditos xestionados polas comunidades autónomas de conformidade co artigo 86 desta lei.

Así mesmo, as modificacións de convenios ou contratos programa autorizados polo Consello de Ministros conforme o disposto no parágrafo primeiro anterior requirirán a autorización do mesmo órgano cando impliquen unha alteración do importe global do gasto, do concreto destino deste ou, de ser o caso, dos calendarios que se establecesen para a amortización ou devolución de activos financeiros.

Tamén requirirán a autorización previa do Consello de Ministros a que fai referencia o presente artigo aqueles acordos que teñan por obxecto a resolución de convenios ou contratos programa cuxa subscripción ou modificación fose autorizada polo dito órgano conforme o disposto nos parágrafos anteriores, con independencia do momento en que se subscribisen os ditos negocios xurídicos.

A autorización do Consello de Ministros implicará a aprobación do gasto que derive do convenio ou contrato programa.

Con carácter previo á subscripción de calquera convenio ou contrato programa, tramitarase o oportuno expediente de gasto, no cal figurará o importe máximo das obrigacións que se vaian adquirir e, no caso de que se trate de gastos de carácter plurianual, a correspondente distribución por anualidades. Nos supostos en que, conforme os parágrafos anteriores, resulte preceptiva a autorización do Consello de Ministros, a tramitación do expediente de gasto levarase a cabo antes da elevación do asunto ao dito órgano.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Seis. Dáse nova redacción ao punto 3 do artigo 79, que queda redactado como segue:

«Artigo 79. *Pagamentos para xustificar.*

[...]

3. De acordo co establecido no artigo 49 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, con cargo a todos os libramentos para xustificar, poderanse imputar exclusivamente as obrigacións derivadas das actuacións realizadas e exixibles no exercicio orzamentario a que corresponde o libramento aprobado. Non obstante, o Consello de Ministros poderá acordar que cos fondos librados para xustificar para gastos no estranxeiro imputados a un orzamento sexan atendidos gastos realizados no exercicio seguinte, se iso for considerado relevante para o interese xeral.

Para estes efectos, será obrigatorio que en todas as propostas de pagamento para xustificar, calquera que sexa a súa finalidade, se inclúa un calendario das actuacións que se pretendan financiar co correspondente libramento.

Se do calendario derivar a existencia de gastos plurianuais, tramitarase un expediente de gastos que desagregue as anualidades correspondentes ao exercicio corrente e a exercicios posteriores.

En todo caso, a cantidade non investida dos libramentos no exercicio en que estes se aprobasen será xustificada mediante carta de pagamento demostrativa do seu reintegro ao Tesouro público polo caixeiro pagador correspondente.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Sete. Dáse nova redacción ao artigo 86, que queda redactado como segue:

«Artigo 86. *Créditos xestionados polas comunidades autónomas.*

1. Os créditos da Lei de orzamentos xerais do Estado destinados ao financiamento de sectores, servizos, actividades ou materias respecto dos cales as comunidades autónomas teñan asumidas competencias de execución e non fosen obxecto de transferencia directa en virtude da dita lei deberán distribuírse territorialmente a favor de tales comunidades autónomas, mediante normas ou convenios de colaboración que incorporarán criterios obxectivos de distribución e, de ser o caso, fixarán as condicións de xestión dos fondos, de acordo co establecido no punto 2 deste artigo.

En ningún caso serán obxecto de distribución territorial os créditos que deba xestionar un órgano da Administración xeral do Estado ou organismo dela dependente para asegurar a súa plena efectividade dentro da ordenación básica do sector, garantir idénticas posibilidades de obtención ou desfrute por parte dos seus potenciais destinatarios en todo o territorio nacional ou evitar que se exceda a contía global dos fondos estatais destinados ao sector.

2. Na execución dos créditos que se deban distribuír territorialmente a favor das comunidades autónomas, para a súa xestión e administración, teranse en conta as seguintes regras:

Primeira. A xestión e administración efectuarase conforme a normativa estatal que regule cada tipo de gasto e, de ser o caso, polas comunidades autónomas na medida en que sexan competentes para iso.

Segunda. a) Os criterios obxectivos que sirvan de base para a distribución territorial dos créditos orzamentarios, así como a súa distribución, fixaraos a conferencia sectorial correspondente ao comezo do exercicio económico.

Cando o importe total que se vaia distribuír sexa superior a 12 millóns de euros, deberá obterse, con carácter previo á convocatoria da Conferencia Sectorial, a autorización do Consello de Ministros. A citada autorización non suporá a aprobación do gasto, que corresponderá ao órgano competente en cada caso. Para os efectos de obter a autorización, remitirase proposta de distribución que se someterá á Conferencia Sectorial.

En relación co importe previsto no parágrafo anterior, deberá atenderse á contía total da proposta de distribución que se someta á Conferencia Sectorial en cada momento, sen que para os efectos do cálculo do límite cuantitativo dos 12 millóns

de euros proceda acumular a contía derivada da distribución inicial e as contías adicionais que, de ser o caso, se efectuasen ou se propoñan para eses mesmos créditos no mesmo exercicio orzamentario.

A aprobación do gasto deberá realizala o órgano competente con carácter previo á celebración da Conferencia Sectorial.

b) Nos casos en que, conforme o disposto na alínea a) anterior, o Consello de Ministros autorízase a proposta de distribución dos créditos, calquera proposta de distribución dunha contía adicional que afecte os ditos créditos requirirá a autorización do Consello de Ministros, con independencia do importe da contía adicional obxecto de distribución.

Terceira. A proposta de distribución do crédito que se someta á Conferencia Sectorial deberase supeditar de forma estrita ao cumprimento das exigencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, polo que con carácter previo á autorización do Consello de Ministros, de ser o caso, e á aprobación polo órgano competente do gasto total máximo que poderá ser obxecto de distribución, se solicitarán os informes que de acordo coa normativa resulten preceptivos. A Administración xeral do Estado poderá establecer, nos casos en que resulte xustificadado, reservas xerais de créditos non distribuídos na orixe co fin de cubrir necesidades ou demandas imprevistas ao longo da execución do orzamento.

Cuarta. Acordada a distribución dos créditos pola Conferencia Sectorial, corresponderá aos órganos competentes da Administración xeral do Estado ou organismos dela dependentes a subscrición ou aprobación dos instrumentos xurídicos, convenios ou resolucións, a través dos cales se formalicen os compromisos financeiros.

Quinta. Os créditos que corresponda xestionar a cada comunidade autónoma libraránselle e faranse efectivos por cuartas partes na segunda quincena natural de cada trimestre, sen que deba producirse máis excepción a esta regra que a do pagamento correspondente ao primeiro trimestre, que só se poderán facer efectivos unha vez que se aprobase definitivamente a distribución territorial dos créditos e se subscribisen ou formalizasen os correspondentes compromisos financeiros, convenios ou resolucións, nos termos previstos nas regras anteriores.

Cando os créditos que se vaian distribuír teñan por finalidade prestacións de carácter persoal ou social, libranse ás comunidades autónomas por doceavas partes, ao comezo do mes.

Os pagamentos correspondentes ao financiamento do Programa operativo de pesca para as rexións de obxectivo número 1, en réxime transitorio e do documento único de programación (Docup) para as rexións de fóra de obxectivo número 1 poderán librarse na súa totalidade unha vez que fosen acordados na Conferencia Sectorial os criterios obxectivos de distribución e a distribución resultante, así como o referendo mediante acordo do Consello de Ministros.

Os pagamentos correspondentes ao financiamento de actuacións de agricultura, de desenvolvemento rural e de ambiente, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e as actuacións no sector pesqueiro dos programas de pesca, cofinanciados polo Fondo Europeo da Pesca (FEP), poderán librarse na súa totalidade unha vez que fosen acordados nas correspondentes conferencias sectoriais os criterios obxectivos de distribución e a distribución resultante, así como o referendo mediante Acordo do Consello de Ministros.

Sexta. Os remanentes de fondos non comprometidos resultantes ao finalizar cada exercicio que se encontren en poder das comunidades autónomas seguirán mantendo o destino específico para o que foron transferidos e utilizaranse no seguinte exercicio como situación de tesouraría na orixe como remanentes que serán descontados da cantidade que corresponda transferir a cada comunidade autónoma.

Se o gasto ou actuación a que corresponda o remanente resulta suprimido no orzamento do exercicio seguinte, destinarase aquel en primeiro lugar a facer efectivas as obrigacións pendentes de pagamento á fin do exercicio inmediatamente anterior e o sobranse que non estivese comprometido reintegrarase ao Estado.

Sétima. Finalizado o exercicio económico, e non máis tarde do 31 de marzo do exercicio seguinte, as comunidades autónomas remitirán ao departamento ministerial correspondente un estado de execución do exercicio, indicando as contías totais de compromisos de créditos, obrigacións recoñecidas e pagamentos realizados no ano, detallado por cada unha das aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos do Estado desde as cales se realizaron as transferencias de fondos. A información será posta en coñecemento da Conferencia Sectorial e tida en conta na adopción dos acordos de distribución de fondos.

Oitava. As comunidades autónomas que xestionen os créditos a que se refire o presente artigo deberán proceder a un adecuado control dos fondos recibidos que asegure a correcta obtención, desfrute e destino destes por parte dos perceptores finais.

3. No caso de actuacións cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) que contén cunha programación aprobada pola Unión Europea e cuxa execución sexa competencia das comunidades autónomas, os créditos que figuren na Lei de orzamentos xerais do Estado como achega de fondos da Administración xeral do Estado (AXE) libraranse coa periodicidade con que se remitan os importes financiados cos anticipos de tesouraría a que se refire o artigo 82.1.a.)»

Oito. Dáse nova redacción ao artigo 90, que queda redactado como segue:

«Artigo 90. *Tesouro público.*

Constitúen o Tesouro público todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e do resto de entidades do sector público administrativo estatal, con exclusión dos suxeitos recollidos no artigo 2.2. b), d), g) e h) e 2.3, tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias.»

Nove. Dáse nova redacción ao artigo 91, que queda redactado como segue:

«Artigo 91. *Funcións do Tesouro público.*

Son funcións encomendadas ao Tesouro público:

a) Pagar as obrigacións do Estado e recadar os seus dereitos, sen prexuízo do establecido no artigo 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado.

b) Servir ao principio de unidade de caixa mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

b bis) Xestionar os recursos financeiros que integran o Tesouro público mediante a concertación das operacións financeiras activas ou pasivas necesarias para asegurar a eficiencia dos ditos recursos.

c) Distribuír no tempo e no territorio as dispoñibilidades pecuniarias para a puntual satisfacción das obrigacións do Estado.

d) Contribuír ao bo funcionamento do sistema financeiro nacional.

e) Emitir, contraer e xestionar a débeda do Estado e executar as operacións financeiras relativas a ela.

f) Responder dos avais contraídos polo Estado segundo as disposicións desta lei.

g) Realizar as demais que deriven ou se relacionen coas anteriormente enumeradas.»

Dez. Dáse nova redacción ao artigo 106, que queda redactado como segue:

«Artigo 106. *Orzamento monetario.*

1. A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, co obxecto de conseguir unha adecuada distribución temporal dos pagamentos e unha correcta estimación da necesidade de endebedamento do Estado, aprobará anualmente, por proposta da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, un orzamento monetario ao cal se deberá acomodar a expedición das ordes de pagamento. Este orzamento tamén conterá unha previsión sobre os ingresos do Estado.

2. Para a súa elaboración, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá obter do sector público estatal, definido no artigo 2.1 desta lei, cantos datos, previsións e documentación coide oportunos sobre os pagamentos e ingresos que poidan ter incidencia no orzamento mencionado.

3. O orzamento monetario poderá ser modificado ao longo dun exercicio en función dos datos sobre a súa execución ou cambios nas previsións de ingresos ou de pagamentos.

4. Para os efectos de asegurar a xestión eficiente da tesouraría do Estado, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá reter as propostas de pagamento a favor das entidades do sector público administrativo estatal cuxos recursos financeiros integran o Tesouro público, en función dos pagamentos que estas entidades teñan previstos e da súa tesouraría dispoñible, sen interferir nas competencias que teñen atribuídas.»

Once. Dáse nova redacción ao punto 1 do artigo 108, que queda redactado como segue:

«Artigo 108. *Contas do Tesouro público e operacións de xestión tesoureira.*

1. Con carácter xeral, os ingresos e pagamentos da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e do resto de entidades do sector público administrativo estatal cuxos recursos financeiros integran o Tesouro público canalizaranse a través da conta ou contas que se manteñan no Banco de España, nos termos que se conveña con este, conforme o artigo 13 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España. A apertura destas contas, salvo aquelas destinadas á centralización da tesouraría de cada organismo autónomo ou do resto de entidades que integran o Tesouro público, requirirá de autorización previa da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

As contas das entidades cuxos recursos financeiros integran o Tesouro público conformarán a posición global do Tesouro público no Banco de España, nos termos que se conveña con este, conforme o artigo 13 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España. Sobre este parámetro xirará a xestión da tesouraría do Estado e, en particular, as necesidades de financiamento e endebedamento, todo iso sen prexuízo da autonomía con que contan estas entidades para a xestión dos seus fondos.

Poderán abrirse contas no Instituto de Crédito Oficial cando este actúe como axente financeiro das entidades mencionadas no parágrafo anterior. A apertura destas contas requirirá de autorización previa da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira. Os convenios reguladores das condicións de utilización das ditas contas deberán contar co informe favorable da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira con carácter previo á súa subscrición.

A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá establecer supostos excepcionais en que a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá autorizar a apertura de contas noutras entidades de crédito, nos termos establecidos no artigo seguinte.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Doce. Dáse nova redacción ao punto 1 do artigo 109, que queda redactado como segue:

«Artigo 109. *Relación con entidades de crédito.*

1. A apertura de contas de situación de fondos da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e do resto de entidades do sector público administrativo estatal cuxos recursos financeiros integran o Tesouro público fóra do Banco de España requirirá autorización previa da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, con expresión da finalidade da apertura e das condicións de utilización. Tras a autorización quedará expedita a vía para o inicio do correspondente expediente de contratación, que se axustará ao disposto na normativa sobre contratos do sector público.

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para desenvolver normativamente as condicións adicionais sobre o réxime de autorización, apertura e utilización de contas bancarias por parte dos entes suxeitos a autorización.

Transcorridos tres meses desde a solicitude e sen que se notifique a citada autorización, esta entenderase non concedida.

Os contratos conterán necesariamente unha cláusula de exclusión da facultade de compensación e o respecto ao beneficio de inembargabilidade dos fondos públicos establecido no artigo 23 desta lei.

Realizada a adjudicación e formalizado o contrato, comunicaránselle estes aspectos á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, con expresión da data a partir da cal comece a súa execución. No caso de cancelación anticipada da conta, deberá comunicarse este dato á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Trece. Dáse nova redacción ao punto 3 do artigo 136, que queda redactado como segue:

«Artigo 136. *Información que deberán publicar as entidades do sector público estatal.*

[...]

3. Adicionalmente, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará o día 31 de xullo no *Boletín Oficial del Estado* a referencia ao Rexistro de Contas Anuais do Sector Público, onde se publicarán a conta xeral do Estado, a conta da Administración xeral do Estado e as contas anuais das restantes entidades do sector público estatal e o seu correspondente informe de auditoría de contas.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Catorce. Dáse nova redacción aos puntos 1 e 5 do artigo 145, que quedan redactados como segue:

«Artigo 145. *Deberes e facultades do persoal controlador, deber de colaboración e asistencia xurídica.*

1. Os funcionarios que desempeñan as funcións de control deberán gardar a confidencialidade e o segredo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu traballo.

Os datos, informes ou antecedentes obtidos no desenvolvemento das súas funcións só se poderán utilizar para os fins do control e, de ser o caso, para a

denuncia de feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa, responsabilidade contable ou delito.

Cando o Tribunal de Contas ou algún órgano ou organismo estatal precise de acceso a informes de control financeiro permanente ou auditoría pública para o cumprimento dos fins que ten encomendados, solicitará tal acceso á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos da súa valoración e, de ser o caso, remisión dos informes solicitados. A Intervención Xeral da Administración do Estado informará o titular do departamento ministerial das remisións realizadas, en función da adscrición, vinculación ou dependencia do órgano, organismo ou entidade a que se refire o informe.

Nos demais casos en que proceda legalmente o acceso aos informes de control, a solicitude destes dirixirase directamente aos seus destinatarios.

[...]

5. A Intervención Xeral da Administración do Estado conservará e custodiará, durante o prazo de cinco anos, a documentación integrante das auditorías públicas ou dos controis financeiros permanentes, incluídos os papeis de traballo que constitúan as probas e o soporte das conclusións que consten nos informes indicados e demais documentación, información, arquivos e rexistros. O citado prazo comezará a contar desde a data de emisión do informe de auditoría pública e do informe global a que se refiren os artigos 166.1 e 159.2 desta lei, respectivamente.

En caso de existir reclamación, xuízo ou litixio en relación co informe de auditoría pública ou de control financeiro permanente ou no que a documentación correspondente a que se refire este punto puiden constituír elemento de proba, sempre que a Intervención Xeral da Administración do Estado teña coñecemento de tal circunstancia, o prazo estenderase até a resolución ou sentenza firme ou finalización do procedemento, ou até que transcorresen cinco anos desde a última comunicación en relación co conflito en cuestión.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Quince. Dáse nova redacción á disposición adicional novena, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional novena. *Sociedades mercantís e outros entes controlados polo sector público.*

O Estado promoverá a subscrición de convenios coas comunidades autónomas ou coas entidades locais co obxecto de coordinar o réxime orzamentario, financeiro, contable e de control das sociedades mercantís en que participen, de forma minoritaria, entidades que integran o sector público estatal, a Administración das comunidades autónomas ou das entidades locais, ou entes a elas vinculados ou dependentes, cando a participación nelas considerada conxuntamente sexa maioritaria ou implique o seu control político.

Estas sociedades mercantís quedarán obrigadas a render as súas contas anuais ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, cando a participación do sector público estatal sexa igual ou superior á de cada unha das restantes administracións públicas, sen prexuízo do establecido na normativa propia de cada comunidade autónoma. Será de aplicación o procedemento de rendición previsto nesta lei. Así mesmo, quedarán sometidas ás actuacións de control exercidas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, conforme o previsto no título VI desta lei.

O disposto nos parágrafos anteriores será tamén de aplicación ás fundacións públicas e outras formas xurídicas en que a participación do sector público estatal sexa igual ou superior á de cada unha das restantes administracións públicas, sen prexuízo do establecido na normativa propia de cada comunidade autónoma.»

Dezaseis. Engádesse unha disposición adicional vixésimo cuarta, nova, coa seguinte redacción:

«Os aboamentos á conta derivados das operacións preparatorias realizadas como instalacións e aprovisionamento de materiais ou equipamentos de maquinaria pesada adscritos á obra, nos termos regulados no punto segundo do artigo 240 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, imputaranse orzamentariamente ao capítulo 8 «Activos financeiros».»

Dezasete. Engádesse unha disposición derradeira quinta, nova, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira quinta.

Facúltase a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos para aprobar, mediante resolución da Secretaría de Estado, a metodoloxía para a elaboración do informe de impacto de xénero previsto no artigo 37.j) desta lei.»

A actual disposición derradeira quinta, «entrada en vigor», pasará a ser a disposición derradeira sexta.

Disposición derradeira décimo oitava. *Modificación do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao punto 1 da disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, que queda redactado como segue:

«Disposición transitoria segunda. *Valoración catastral de bens inmobles rústicos.*

1. O establecido no título II desta lei para a determinación do valor catastral queda en suspenso respecto aos bens inmobles rústicos até que mediante lei se estableza a data da súa aplicación.

Até ese momento, o valor catastral dos referidos bens será o resultado de capitalizar ao tres por cento o importe das bases liquidables vixentes para a exacción da contribución territorial rústica e pecuaria correspondente ao exercicio 1989, obtidas mediante a aplicación dos tipos avaliatorios da dita contribución, prorrogados en virtude do Real decreto lei 7/1988, do 29 de decembro, sobre prórroga e adaptación urxentes de determinadas normas tributarias ou dos que se aprobasen posteriormente en substitución deles, e sen prexuízo da súa actualización anual mediante os coeficientes establecidos e os que establezan as leis de orzamentos xerais do Estado, unha vez incorporadas as alteracións catastrais que experimentasen ou experimenten en cada exercicio.

Estes tipos avaliatorios, correspondentes aos distintos cultivos e aproveitamentos, recolleranse para a súa aplicación nos cadros nacional, provinciais e municipais, aprobados mediante resolución do director xeral do Catastro.»

Disposición derradeira décimo novena. *Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción aos puntos 3 e 5 do artigo 212, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que quedan redactados como segue:

«Artigo 212. *Rendición, publicidade e aprobación da conta xeral.*

[...]

3. A conta xeral, co informe da Comisión Especial a que se refire o punto anterior, será exposta ao público por prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes pola comisión especial e practicadas por esta cantas comprobacións coide necesarias, emitirá novo informe.

[...]

5. Unha vez que o Pleno se pronuncie sobre a conta xeral, aprobándoa ou rexeitándoa, o presidente da corporación renderaa ao Tribunal de Contas.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira vixésima. *Modificación da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.*

Con efectos da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o punto 3 do artigo 20 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, que queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Acceso ás administracións públicas.*

[...]

3. Nas convocatorias para o acceso a corpos ou escalas de funcionarios adscritos ao Ministerio de Defensa e ingreso como persoal laboral do dito departamento e dos seus organismos autónomos e como persoal estatutario da Rede Hospitalaria da Defensa, que se publiquen de acordo coa oferta de emprego público, reservarase ao menos un 50 por cento das prazas para os militares profesionais de tropa e mariñeiría que cumprisen, como mínimo, 5 anos de tempo de servizo e para os reservistas de especial dispoñibilidade, que se encontren percibindo, até o momento de publicación das respectivas convocatorias, a asignación por dispoñibilidade na contía e condicións previstas no artigo 19.1 desta lei.

Así mesmo, nas ditas convocatorias, do total de prazas reservadas establecerase unha reserva non inferior ao 15 por cento para os militares profesionais de tropa e mariñeiría que se encontren nos últimos 10 anos de compromiso.»

Disposición derradeira vixésimo primeira. *Modificación da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio y Televisión Española, S.A., S.M.E.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o punto 2 do artigo 4 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio y Televisión Española, S.A., S.M.E., que queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Porcentaxe sobre o rendemento da taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico.*

[...]

2. Mentres as leis de orzamentos xerais do Estado non establezan unha porcentaxe diferente sobre o rendemento da taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico, a porcentaxe queda fixada no 100 %, cun importe máximo anual de 410 millóns de euros.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira vixésimo segunda. *Modificación da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, da seguinte forma:

Engádese unha condición 8.^a, nova, na letra c) do punto tres da disposición adicional cuadraxésimo segunda, coa seguinte redacción:

«8.^a A sociedade concesionaria actuará coa dilixencia dun ordenado empresario para procurar a devolución do préstamo. Con este fin, a partir do 1 de xaneiro de 2021 estará obrigada a:

a) Dotar anualmente un fondo para a devolución do préstamo non inferior cada ano ao 16,7 por 100 da diferenza entre o saldo deste e a totalidade dos recursos propios da sociedade concesionaria, sempre que esta diferenza fose positiva. Para tal fin, deberá crearse no activo unha conta de reserva, indispoñible salvo para amortizar o préstamo ou, logo de comunicación á Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe, para investir en débeda pública. A reserva será en todo caso positiva e, como máximo, igual ao resultado antes de impostos do exercicio que figure nas contas anuais da sociedade.

b) Obter autorización da Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe antes de realizar calquera operación de endebedamento cuxo importe, illadamente ou xunto con outras do exercicio corrente, supere o 5 por 100 do capital social, así como antes de outorgar calquera préstamo a socios ou terceiros. Tales autorizacións concederanse en atención á finalidade do endebedamento e á situación financeira da sociedade concesionaria tanto actual como futura.

Ao examinar as contas anuais da sociedade concesionaria, a Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe informará sobre o cumprimento destas obrigacións e, se o informe for desfavorable, deberá presentarse á xunta xeral ao tempo da aprobación daquelas.»

O resto da disposición mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira vixésimo terceira. *Modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, da seguinte forma:

Dáse nova redacción ao primeiro parágrafo do artigo 182, que queda redactado como segue:

«Co obxecto de impulsar a competitividade dos portos españois e a súa adaptación ás condicións existentes en cada momento nos mercados internacionais, cando o obxecto concesional sexa un terminal marítimo de mercadorías poderán aplicarse bonificacións singulares con carácter anual de até o 30 por cento da cota correspondente á taxa de ocupación.

Por proposta do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, no correspondente plan de empresa deberanse fixar de forma motivada as bonificacións aplicables a cada un dos tipos de terminais de mercadorías de acordo coa situación conxuntural en que se encontra o porto en relación coas condicións existentes de competencia internacional e dos mercados asociados coa mercadoría que se

manipula nela. Na Lei de orzamentos xerais do Estado ou na que, de ser o caso, se aprobe incluíranse as bonificacións asignadas a cada tipo destes terminais.

Así mesmo, co obxecto impulsar actividades directamente conectadas á descarbonización da economía e á adaptación ao cambio climático, a Autoridade Portuaria poderá aplicar bonificacións singulares, de até o 30 por cento, cando o obxecto concesional sexa a fabricación industrial de elementos destinados a instalacións eólicas mariñas.

Estas bonificacións ou a súa posibilidade non se deberán reflectir en ningún caso no título de outorgamento da concesión ou autorización. A aplicación desta bonificación nun exercicio non xera ao suxeito pasivo o dereito a percibila en exercicios sucesivos nin ningún tipo de dereito concesional.»

Disposición derradeira vixésimo cuarta. *Modificación da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.*

Dáse nova redacción ao punto 5 do artigo 49, que queda redactado como segue:

«5. Contías.

As contías da taxa serán, para cada suposto previsto nas distintas letras do punto 2 deste artigo, as seguintes:

- a) 20 euros.
- b) 38.000 euros.
- c) 2.500 euros.
- d) Por cada licenza 10.000 e por cada autorización 100 euros.
- e) 5.000 euros.
- f) 0,75 por mil dos ingresos brutos de explotación, dos cales o 25 % se afectará a reforzar os medios materiais, instrumentos e investimentos necesarios para acometer iniciativas de loita contra a fraude, así como medidas de prevención, comunicación, sensibilización, intervención e reparación que faciliten as prácticas de xogo responsable e mitiguen os efectos indesexables producidos por unha actividade de xogo non saudable, así como á realización de estudos, memorias e traballos de investigación na materia.

As contías fixadas nos casos das letras b) e e) terán carácter de mínimas.

Mediante norma regulamentaria poderanse especificar as contías exhibibles en función do número de horas e persoal necesario para a prestación do servizo ou actividade.

En relación coa letra f) anterior, enténdese por ingresos brutos de explotación do operador o importe total das cantidades dedicadas á participación no xogo; no caso de apostas cruzadas, o importe do gañado polos xogadores que participen.

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá establecer, de ser o caso anualmente, a porcentaxe aplicable sobre os ingresos brutos de explotación que obteña o operador, tomando en consideración a relación entre os ingresos do cobramento da taxa e os gastos ocasionados polo funcionamento da Comisión Nacional do Xogo.

Tomarase como obxectivo conseguir o equilibrio entre os ingresos pola taxa e os gastos derivados da citada actividade realizada polo regulador.

Non obstante, no caso de ser reducida a porcentaxe na Lei de orzamentos xerais do Estado ao límite do 0,75 por mil do ingreso bruto, a Comisión Nacional do Xogo ingresará o superávit entre ingresos obtidos e gastos, se o houber, no Tesouro público, nos prazos e condicións que se establezan regulamentariamente, tendo en conta as súas necesidades de financiamento.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira vixésimo quinta. *Modificación da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, da seguinte forma:

Dáse nova redacción ao punto 5 do artigo 26, que queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Acceso ao emprego público e promoción interna.*

[...]

5. O ingreso nas escalas científicas realizarase, a través dos procesos selectivos correspondentes, mediante unha quenda libre a que poderá acceder quen posúa o título de doutor ou equivalente e cumpra os requisitos a que se refiren os números anteriores, e unha quenda de promoción interna.

Para o acceso á escala de investigadores científicos de organismos públicos de investigación, poderá participar na quenda de promoción interna o persoal funcionario pertencente á escala de científicos titulares de organismos públicos de investigación, así como o persoal investigador contratado polos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado baixo a modalidade de investigador distinguido, de acordo co artigo 23 desta lei.

Para o acceso á escala de profesores de investigación de organismos públicos de investigación, poderá participar na quenda de promoción interna o persoal funcionario pertencente ás escalas de investigadores científicos de organismos públicos de investigación e de científicos titulares de organismos públicos de investigación.

Ademais, nos procesos selectivos convocados para o acceso á escala de científicos titulares de organismos públicos de investigación, poderá participar na quenda de promoción interna o persoal investigador contratado como persoal laboral fixo polos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, de acordo co artigo 22.3 desta lei.

Así mesmo, os procesos selectivos de acceso ás escalas científicas poderán prever a participación de persoal funcionario de carreira dos corpos docentes universitarios ao servizo das universidades públicas, e de persoal contratado como persoal laboral fixo polas universidades públicas, de acordo co artigo 22.3 desta lei, na quenda de promoción interna.

A promoción interna realizarase mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os recollidos no artigo 55.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril. O persoal que acceda pola quenda de promoción interna deberá posuír os requisitos exixidos para o ingreso: ter ao menos unha antigüidade de dous anos de servizo na condición de persoal investigador contratado como laboral fixo, ou de dous anos de servizo activo na escala ou corpo de procedencia no caso de persoal funcionario de carreira, e superar os correspondentes procesos selectivos.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira vixésimo sexta. *Modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, da seguinte forma:

Dáse nova redacción á letra e) do artigo 208, que queda redactada como segue:

«Artigo 208. *Cota íntegra.*

[...]

e) Nos supostos de pasaxeiros en réxime de transporte e de vehículos en réxime de pasaxe transportados en buques integrados en servizos marítimos interinsulares nun mesmo arquipélago, os coeficientes serán o 20 por cento dos indicados no ordinal 1.º da letra a) ou dos que resulten de aplicar as letras b) ou c). No caso do arquipélago canario, estes coeficientes reducidos serán do 30 por cento e aplicaranse exclusivamente nos supostos de vehículos en réxime de pasaxe e nos supostos de pasaxeiros en réxime de transporte residentes na Comunidade Autónoma canaria, transportados en buques integrados en servizos marítimos interinsulares no citado arquipélago. De conformidade co disposto na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, para seren admisibles excepcións na aplicación do Regulamento comunitario (CEE) 4055/86, xustifícase tal coeficiente redutor por razóns de interese xeral asociadas coa necesidade de potenciar a cohesión dos territorios insulares que conforman un arquipélago e evitar os efectos que teñen para o desenvolvemento económico e a competitividade das illas menores os custos adicionais que supón a dobre insularidade. »

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira vixésimo sétima. *Modificación da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, da seguinte forma:

Dáse nova redacción ao punto un da disposición adicional oitava, que queda redactado como segue:

«Disposición adicional oitava. *Especialidades dos contratos mercantís e de alta dirección do sector público estatal.*

Un. *Ámbito de aplicación.*

A presente disposición aplícase ao sector público estatal formado polas entidades previstas no artigo 2.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

O resto da disposición mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira vixésimo oitava. *Modificación da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción aos puntos dous a catro da disposición adicional décimo terceira, que quedan redactados como segue:

«Disposición adicional décimo terceira. *Subvencións ao transporte marítimo e aéreo para residentes en Canarias, Balears, Ceuta e Melilla.*

[...]

Dous. A porcentaxe de bonificación aplicable nos billetes de transporte marítimo, con vixencia indefinida, para os traxectos directos, xa sexan de ida ou de ida e volta, entre as comunidades autónomas de Canarias e as Illes Balears e as cidades de Ceuta e Melilla, respectivamente, e o resto do territorio nacional será do 75 por cento da tarifa do servizo regular de transporte, e nas viaxes interinsulares será do 50 por cento da dita contía.

Para estes efectos, considérase traxecto directo aquel que se realiza desde o porto do punto de orixe nos arquipélagos, Ceuta ou Melilla ao de destino no resto do territorio nacional e viceversa, sen escalas intermedias ou, no caso de habelas, cando non superen as doce horas de duración, salvo aquelas que veñan impostas polas necesidades técnicas do servizo ou por razóns de forza maior.

Cando concorran os supostos de acumulación nun mesmo traxecto de varias bonificacións compatibles, xestionadas pola Administración xeral do Estado, a porcentaxe de bonificación total aplicable non poderá exceder en ningún caso o 85 por cento da tarifa do servizo regular de transporte.

Tres. A porcentaxe de bonificación nas tarifas dos servizos regulares de transporte aéreo de pasaxeiros entre as comunidades autónomas de Canarias e Illes Balears e as cidades de Ceuta e Melilla, respectivamente, e o resto do territorio nacional será, con vixencia indefinida, do 75 por cento da tarifa do servizo regular de transporte por cada traxecto directo de ida ou de ida e volta, e nas viaxes interinsulares será, así mesmo, do 75 por cento da dita contía.

Para estes efectos, considérase traxecto directo de ida aquel que se realiza desde o aeroporto ou heliporto do punto de orixe nos arquipélagos, Ceuta ou Melilla ao de destino final, distinto do anterior, no territorio nacional e viceversa, sen escalas intermedias ou con escalas, sempre que estas non superen as 12 horas de duración, salvo aquelas que veñan impostas polas necesidades técnicas do servizo ou por razóns de forza maior.

Para os efectos desta bonificación, do importe da tarifa do servizo regular de transporte dedúcese o importe correspondente ás prestacións patrimoniais públicas a que se refiren as letras d), e) e f) do artigo 68.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, con independencia de que fosen repercutidas ou non ao pasaxeiro. Para tal efecto, estas prestacións patrimoniais aparecerán desagregadas na documentación xustificativa dos cupóns de voo.

Catro. A condición de residente nas comunidades autónomas de Canarias e nas Illes Balears e nas cidades de Ceuta e Melilla para os efectos das bonificacións reguladas nesta disposición acreditarase mediante o certificado de empadramento en vigor.

Poderanse establecer regulamentariamente outros medios para a acreditación da condición de residente, en substitución do previsto neste punto ou como adicionais deste.

Con independencia do medio utilizado para a comercialización dos billetes nos traxectos bonificados, non se solicitará ao pasaxeiro información sobre a súa condición de residente até a fase final do proceso de compra, xusto antes de que,

no caso de residencia nos territorios non peninsulares, se deba verificar o cumprimento do dito requisito para realizar o pagamento e emitir o billete.»

Dous. Dáse nova redacción ao punto seis da disposición adicional décimo terceira, que queda redactado como segue:

«Seis. Cando o cumprimento dos requisitos exixidos para ser beneficiario destas subvencións non se poida acreditar a través da Plataforma de intermediación conforme o previsto no punto cinco, estes requisitos acreditaranse por calquera dos medios previstos na normativa de aplicación. Para estes efectos, o certificado de empadramento axustarase ao previsto regulamentariamente na normativa de desenvolvemento destas bonificacións.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, cando por incidencias técnicas sobrevidas non se puidese acreditar a través da Plataforma de intermediación o cumprimento dos referidos requisitos nas 24 horas anteriores ao inicio programado dun servizo regular de transporte marítimo, as compañías marítimas poderán optar, ao seu risco e ventura, por obter a acreditación xustificativa de beneficiario mediante consulta telemática realizada dentro das 48 horas posteriores á resolución da incidencia.»

Disposición derradeira vixésimo novena. *Modificación do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, da seguinte forma:

Un. Modifícase o punto segundo do artigo 6, que queda redactado como segue:

«2. O Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas estrutúrase en cinco compartimentos con características e condicións propias coa seguinte denominación:

- a) Facidade Financeira.
- b) Fondo de Liquidez Autonómico.
- c) Fondo Social.
- d) Fondo en liquidación para o financiamento dos pagamentos aos provedores de comunidades autónomas.
- e) Fondo de Liquidez REACT-UE.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Dous. Engádesse unha disposición adicional, nova, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo novena. *Compartimento Fondo de Liquidez REACT-UE do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas.*

1. O compartimento Fondo de Liquidez REACT-UE ten por obxecto proporcionar ás comunidades autónomas que se adhiran a el financiamento e liquidez financeira para o rápido despregamento e execución da axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-UE).

2. Os recursos financeiros postos á disposición das comunidades autónomas a través do compartimento Fondo de liquidez REACT-UE non terán carácter condicionado, polo que será responsabilidade das comunidades autónomas destinar estes recursos á finalidade para a cal se desembolsen.

3. Poderán solicitar a adhesión ao compartimento Fondo de Liquidez REACT-UE aquelas comunidades autónomas beneficiarias dos recursos adicionais para os fondos estruturais correspondentes ao período 2021-2022 da axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-UE), conforme o procedemento para a adhesión e condicións financeiras e fiscais do préstamo que se vaia conceder que acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

4. A comunidade autónoma adherida a este compartimento subscribirá a correspondente operación de crédito co Estado e este xestionará, en nome e por conta da comunidade autónoma, as disposicións e os desembolsos a favor das comunidades autónomas adheridas que acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, a través do Instituto de Crédito Oficial, como axente de pagamentos do Fondo de Financiamento ás Comunidades Autónomas.

5. As comunidades autónomas adheridas ao compartimento Fondo de Liquidez REACT-UE deberán destinar os recursos obtidos pola certificación dos gastos correspondentes ao programa operativo rexional de cada comunidade autónoma que articule a axuda REACT-UE a amortizar parcial ou totalmente o crédito concedido do Fondo de Liquidez REACT-UE, logo de comunicación ao Ministerio de Facenda e ao Instituto de Crédito Oficial.

6. No momento do peche dos programas operativos que articulen os recursos adicionais REACT-UE, as comunidades autónomas adheridas ao compartimento Fondo de Liquidez REACT-UE deberán cancelar o importe do préstamo que aínda se encontre disposto do dito compartimento do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas.»

Disposición derradeira trixésima. *Modificación da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, derrógase a disposición adicional décimo sétima, Orzamento e programa de actuación plurianual de Aena, S.A., da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Disposición derradeira trixésimo primeira. *Modificación da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.*

Un. Modifícase a letra a') do punto 1 do artigo 36 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactada como segue:

«Artigo 36. *Dedución por investimentos en producións cinematográficas, series audiovisuais e espectáculos en vivo de artes escénicas e musicais.*

1. Os investimentos en producións españolas de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e de series audiovisuais de ficción, animación ou documental que permitan a confección dun soporte físico previo á súa produción industrial seriada darán dereito ao produtor ou aos contribuíntes que participen no financiamento a unha dedución:

- a) Do 30 por cento respecto do primeiro millón de base da dedución.
- b) Do 25 por cento sobre o exceso do dito importe.

A base da dedución estará constituída polo custo total da produción, así como polos gastos para a obtención de copias e os gastos de publicidade e promoción por conta do produtor, até o límite para ambos do 40 por cento do custo de produción.

Ao menos o 50 por cento da base da dedución deberá corresponderse con gastos realizados en territorio español. O importe desta dedución non poderá ser superior a 10 millóns de euros. No suposto dunha coprodución, os importes

sinalados neste punto determinaranse, para cada coprodutor, en función da súa respectiva porcentaxe de participación naquela.

Para a aplicación da dedución, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

a') Que a produción obteña o correspondente certificado de nacionalidade e o certificado que acredite o carácter cultural en relación co seu contido, a súa vinculación coa realidade cultural española ou a súa contribución ao enriquecemento da diversidade cultural das obras cinematográficas que se exhiben en España, emitidos polo Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais, ou polo órgano correspondente da comunidade autónoma con competencia na materia. Estes certificados serán vinculantes para a Administración tributaria competente en materia de acreditación e aplicación dos anteriores incentivos fiscais e identificación do produtor beneficiario, con independencia do momento da súa emisión.»

Dous. Modifícanse os puntos 1 e 5 e créase un punto 7 novo do artigo 39 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que quedan redactados como segue:

«Artigo 39. *Normas comúns ás deducións previstas neste capítulo.*

1. As deducións previstas no presente capítulo practicaranse unha vez realizadas as deducións e bonificacións dos capítulos II e III deste título.

As cantidades correspondentes ao período impositivo non deducidas poderán aplicarse nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 15 anos inmediatos e sucesivos. Non obstante, as cantidades correspondentes á dedución prevista no artigo 35 desta lei poderán aplicarse nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 18 anos inmediatos e sucesivos.

O cómputo dos prazos para aplicar as deducións previstas neste capítulo poderá diferirse até o primeiro exercicio en que, dentro do período de prescrición, se produzan resultados positivos, nos seguintes casos:

- a) Nas entidades de nova creación.
- b) Nas entidades que saneen perdas de exercicios anteriores mediante a achega efectiva de novos recursos, sen que se considere como tal a aplicación ou capitalización de reservas.

O importe das deducións previstas neste capítulo a que se refire este punto, aplicadas no período impositivo, non poderá exceder conxuntamente o 25 por cento da cota íntegra minorada nas deducións para evitar a dobre imposición internacional e as bonificacións. Non obstante, o límite elevarase ao 50 por cento cando o importe das deducións previstas nos artigos 35 e 36 desta lei, que corresponda a gastos e investimentos efectuados no propio período impositivo, exceda o 10 por cento da cota íntegra, minorada nas deducións para evitar a dobre imposición internacional e as bonificacións.

5. Os elementos patrimoniais afectos ás deducións previstas nos artigos anteriores deberán permanecer en funcionamento durante 5 anos, ou 3 anos, se se trata de bens mobles, ou durante a súa vida útil se for inferior. No caso de producións cinematográficas e series audiovisuais, entenderase este requisito cumprido na medida en que a produtora manteña a mesma porcentaxe de titularidade da obra durante o prazo de 3 anos, sen prexuízo da súa facultade para comercializar total ou parcialmente os dereitos de explotación derivados dela a un ou máis terceiros.

Conxuntamente coa cota correspondente ao período impositivo en que se manifeste o incumprimento deste requisito, ingresarase a cantidade deducida, ademais dos xuros de demora.

7. Tamén terá acceso á dedución prevista nos puntos 1 e 3 do artigo 36 desta lei o contribuínte que participe no financiamento de producións españolas de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e de series audiovisuais de ficción,

animación, documental ou produción e exhibición de espectáculos en vivo de artes escénicas e musicais realizado por outro contribuínte, cando achegue cantidades en concepto de financiamento, para sufragar a totalidade ou parte dos custos da produción sen adquirir dereitos de propiedade intelectual ou doutra índole respecto dos seus resultados, cuxa propiedade deberá ser en todo caso da produtora. Estas achegas poderanse realizar en calquera fase da produción até a obtención do certificado de nacionalidade.

O reintegro das cantidades achegadas realizarase mediante as deducións líquidas en cota que, de acordo co contrato e co establecido nos puntos 1 e 3 do artigo 36, o produtor traspase ao contribuínte que participa no financiamento.

Para a aplicación do disposto no presente artigo, será necesario que tanto o produtor coma o contribuínte que participen no financiamento da produción subscriban un contrato de financiamento en que se precisen, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Identidade dos contribuíntes que participan na produción.
- b) Descrición da produción.
- c) Orzamento da produción, con descrición detallada dos gastos e, en particular, dos que se vaian realizar en territorio español.
- d) Forma de financiamento da produción, especificando separadamente as cantidades que achegue o produtor, as que achegue o contribuínte que participe no seu financiamento e as que correspondan a subvencións e outras medidas de apoio.
- e) As demais cuestións que regulamentariamente se establezan.

O contribuínte ou contribuíntes que participan no financiamento terán dereito a acreditar na súa autoliquidación a dedución prevista nese artigo e o seu importe determinarase nas mesmas condicións que se terían aplicado ao produtor. Non obstante o anterior, o contribuínte que participa no financiamento da produción non poderá aplicar unha dedución superior ao importe correspondente, en termos de cota, resultante de multiplicar por 1,20 o importe das cantidades por el desembolsadas para o financiamento daquela. O exceso poderá ser aplicado polo produtor.

O contribuínte ou contribuíntes que participen no financiamento da produción aplicarán anualmente a dedución establecida neste artigo, en función das achegas desembolsadas en cada período impositivo.

Os contribuíntes que pretendan acollerse á dedución deste artigo deberán presentar o contrato de financiamento e a certificación do cumprimento dos requisitos [a'] e [b'] do punto 1 ou requisito [a'] do punto 3 do artigo 36, segundo corresponda, nunha comunicación á Administración tributaria, subscrita tanto polo produtor como polo contribuínte que participa no financiamento da produción, con anterioridade á finalización do período impositivo en que se xere a dedución, nos termos que regulamentariamente se establezan.

A acreditación da dedución polo contribuínte que participa no financiamento será incompatible, total ou parcialmente, coa dedución á que tería dereito por parte do produtor por aplicación do disposto nos puntos 1 e 3 do artigo 36 desta lei.»

Disposición derradeira trixésimo segunda. *Modificación da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción á disposición adicional décimo primeira da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, que queda redactada como segue:

«Décimo primeira. *Centralización de créditos.*

1. Os créditos para financiar os gastos que deban imputarse ao servizo orzamentario 01 «Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da

Contratación», programa orzamentario 923R «Contratación centralizada», da sección 10 «Contratación centralizada», poderán dotarse por algún dos seguintes procedementos:

- a) Inicialmente nos orzamentos xerais do Estado para cada exercicio.
- b) Mediante a tramitación da correspondente transferencia de crédito desde o orzamento do órgano destinatario para financiar os gastos que deban imputarse ao programa orzamentario 923R «Contratación centralizada», da sección 10 «Contratación centralizada», ou, cando non for posible esta transferencia de acordo co réxime orzamentario aplicable, mediante xeración de crédito no servizo orzamentario 01 «Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación», programa 923R «Contratación centralizada», da sección 10 «Contratación centralizada», polo ingreso que efectúe o destinatario do obxecto do contrato centralizado, ou mediante transferencias. Estas modificacións serán aprobadas pola persoa titular do Ministerio de Facenda, por iniciativa da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación e por proposta da Subsecretaría de Facenda.
- c) Por transferencia ou xeración de crédito procedente doutras partidas orzamentarias diferentes ás recollidas na letra b). Nestes casos, corresponde ao Goberno autorizar as transferencias entre a sección 10 «Contratación centralizada» e as seccións correspondentes a outros departamentos ministeriais. Para estes efectos, a persoa titular do Ministerio de Facenda elevará ao Consello de Ministros a oportuna proposta. Non obstante o anterior, corresponderá á persoa titular do Ministerio de Facenda autorizar as transferencias entre a sección 10 «Contratación centralizada» e a sección orzamentaria do Ministerio de Facenda.
- d) Por calquera outro procedemento aplicable conforme o establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Unha vez aprobadas as ordes ministeriais de centralización ditadas pola persoa titular do Ministerio de Facenda, conforme dispón o artigo 229.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de ser o caso e con carácter previo ao inicio da tramitación do expediente de cada contrato, a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación comunicará, no caso recollido no punto 1.b) anterior, aos diferentes entes, entidades e organismos mencionados nas letras a), b), c), d) e g) do artigo 3.1 da dita lei o importe polo cal deberán efectuar a retención de crédito de acordo coa distribución do obxecto do contrato.

3. Os organismos ou entidades que non reciban, para o financiamento xenérico ou indiferenciado dos seus orzamentos, transferencias da Administración xeral do Estado deberán transferir ao Tesouro público no primeiro trimestre do exercicio os importes correspondentes aos servizos centralizados. Para estes efectos, a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación comunicará aos ditos organismos as cantidades que deberán transferir.

4. O órgano responsable da xestión dos créditos do programa 923R «Contratación centralizada» é a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, cuxo titular presidirá a Xunta de Contratación Centralizada, órgano colexiado adscrito á dita dirección xeral e, conforme o artigo 229.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, órgano de contratación do sistema estatal de contratación centralizada.»

Disposición derradeira trixésimo terceira. *Modificación da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción á letra d) do punto 5 do artigo 6, que queda redactada como segue:

«Artigo 6. *Financiamento.*

[...]

d) A concesión directa de subvencións aplicarase ás bolsas, axudas de transporte, manutención e aloxamento e axudas, que permitan conciliar a asistencia á formación co coidado de fillos menores de 12 anos ou de familiares dependentes, que se concedan aos desempregados que participen nas accións formativas e, de ser o caso, á compensación económica a empresas pola realización de prácticas profesionais non laborais, sempre e cando concorra a excepcionalidade recollida no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así mesmo, e sen prexuízo daquelas iniciativas e supostos para cuxo financiamento se prevexa a concesión directa de subvencións de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, esta forma de concesión aplicarase, por razóns de interese público e social, aos convenios que subscriban as institucións públicas competentes para a formación das persoas en situación de privación de liberdade e dos militares de tropa e mariñeira que manteñen unha relación de carácter temporal coas Forzas Armadas, así como ás subvencións que conceda o Servizo Público de Emprego Estatal ao Consello de Administración do Patrimonio Nacional e á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, para o desenvolvemento dos programas públicos de emprego e formación de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento.»

Dous. Dáse nova redacción ao punto 6 do artigo 6, que queda redactado como segue:

«6. Estableceranse regulamentariamente as bases reguladoras para a concesión das subvencións públicas sinaladas nos puntos anteriores, que resultarán de aplicación ás distintas administracións competentes na xestión da totalidade dos fondos previstos no punto 1. Estas bases reguladoras só incluírán o financiamento das accións formativas realizadas a partir do acto de concesión da correspondente subvención.

Así mesmo, estas bases poderán prever entregas de fondos con carácter previo ao inicio da actividade formativa, conforme o recollido no artigo 34 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, cun límite máximo que non poderá superar o 25 por cento do importe concedido. Igualmente, poderá preverse o pagamento de até un 35 por cento adicional unha vez acreditado o inicio da actividade formativa, o que suporá que como mínimo un 40 por cento do importe concedido se fará efectivo unha vez finalizada e xustificada a actividade formativa subvencionada.

Os anticipos e/ou pagamentos restantes que debe realizar a Administración, tal e como se recolle no parágrafo anterior, faranse efectivos no prazo máximo de tres meses contados desde a presentación polo beneficiario da documentación requirida para solicitar o dito anticipo, ou de doce meses desde a presentación da xustificación final da actividade obxecto de subvención, salvo cando se aplique o réxime de concesión e xustificación a través de módulos, a que fai referencia o artigo 7, punto 2, caso en que o citado prazo será de seis meses.

Estas bases non poderán incluír, en ningún caso, criterios de concesión das subvencións que impliquen a reserva de actividade para determinadas entidades, así como outros criterios alleos a aspectos de solvencia técnica e financeira.

A xestión das distintas administracións competentes dos fondos a que se refiren os puntos anteriores deberá axustarse aos principios previstos no capítulo II da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.»

Tres. Dáse nova redacción ao punto 7 do artigo 6, que queda redactado como segue:

«7. Ao financiamento da formación dos empregados públicos destinarase a porcentaxe que, sobre os fondos provenientes da cota de formación profesional, determine a Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio. Esta formación desenvolverase a través dos programas específicos que se promovan conforme o establecido nos acordos de formación que se subscriban no ámbito das administracións públicas.

Sen prexuízo dos citados acordos, a concesión de financiamento para a formación dos empregados públicos rexerese polo réxime de concorrencia competitiva aberto a todas as entidades de formación que cumpran os requisitos de acreditación e/ou inscrición conforme a normativa vixente.

Queda exceptuada do disposto no parágrafo anterior a formación que para o seu propio persoal, e cos seus medios propios, realicen directamente as propias administracións públicas ou as entidades públicas de formación dependentes delas, sen recorrer para a súa realización a entidades de formación privadas.»

Catro. Dáse nova redacción ao punto 8 do artigo 6, que queda redactado como segue:

«8. Ao financiamento das accións formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas coa negociación colectiva e o diálogo social destinarase a contía que anualmente estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado. Estableceranse regulamentariamente as bases reguladoras para a concesión das subvencións públicas correspondentes, así como os mecanismos de xustificación e pagamento.

No ámbito das administracións públicas, esta capacitación desenvolverase a través dos programas específicos que se promovan conforme o establecido nos acordos de formación para o emprego das administracións públicas. No ámbito do Acordo de formación para o emprego nas administracións públicas, as accións mencionadas neste punto financiaranse con cargo ás cantidades asignadas en cada exercicio no orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal para financiar a actividade formativa do Instituto Nacional de Administración Pública, de acordo co anterior punto 7.»

Disposición derradeira trixésimo cuarta. *Modificación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ao artigo 84, que queda redactado como segue:

«Artigo 84. *Composición e clasificación do sector público institucional estatal.*

1. Integran o sector público institucional estatal as seguintes entidades:

a) Os organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado, os cales se clasifican en:

1. Organismos autónomos.

2. Entidades públicas empresariais.
3. Axencias estatais.
 - b) As autoridades administrativas independentes.
 - c) As sociedades mercantís estatais.
 - d) Os consorcios.
 - e) As fundacións do sector público.
 - f) Os fondos sen personalidade xurídica.
 - g) As universidades públicas non transferidas.

2. A Administración xeral do Estado ou entidade integrante do sector público institucional estatal non poderá, en por si nin en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, crear nin exercer o control efectivo, directa nin indirectamente, sobre ningún outro tipo de entidade distinta das enumeradas neste artigo, con independencia da súa natureza e réxime xurídico.

O disposto neste punto non será de aplicación á participación do Estado en organismos internacionais ou entidades de ámbito supranacional, nin á participación nos organismos de normalización e acreditación nacionais ou en sociedades creadas ao abeiro da Lei 27/1984, do 26 de xullo, sobre reconversión e reindustrialización.

3. As universidades públicas non transferidas rexeranse polo disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, que lles sexa de aplicación e polo disposto nesta lei no que non estea previsto na súa normativa específica.»

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 86, que queda redactado como segue:

«Artigo 86. *Medio propio e servizo técnico.*

1. As entidades integrantes do sector público institucional poderán ser consideradas medios propios e servizos técnicos dos poderes adjudicadores e do resto de entes e sociedades que non teñan a consideración de poder adjudicador cando cumpran as condicións e os requisitos establecidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. Terán a consideración de medio propio e servizo técnico cando se acredite que, ademais de dispor de medios suficientes e idóneos para realizar prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social, de acordo coa súa norma ou acordo de creación, se dea algunha das circunstancias seguintes:

- a) Cando sexa unha opción máis eficiente que a contratación pública e resulta sustentable e eficaz, aplicando criterios de rendibilidade económica.
- b) Cando resulte necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispor dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico.

Formará parte do control de eficacia dos medios propios e servizos técnicos a comprobación da concorrencia dos mencionados requisitos.

Na denominación das entidades integrantes do sector público institucional que teñan a condición de medio propio deberá figurar necesariamente a indicación “medio propio” ou a súa abreviatura «M.P.».

3. No suposto de creación dun novo medio propio e servizo técnico, deberá xuntarse a proposta de declaración dunha memoria xustificativa que acredite o disposto no punto anterior e que, neste suposto de nova creación, deberá contar co informe favorable da Intervención Xeral da Administración do Estado.»

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 87, que queda redactado como segue:

«Artigo 87. *Transformacións das entidades integrantes do sector público institucional estatal.*

1. Calquera organismo autónomo, entidade pública empresarial, axencia estatal, sociedade mercantil estatal ou fundación do sector público institucional estatal poderá transformarse e adoptar a natureza xurídica de calquera das entidades citadas.

2. A transformación terá lugar, conservando a súa personalidade xurídica, por cesión e integración global, en unidade de acto, de todo o activo e o pasivo da entidade transformada con sucesión universal de dereitos e obrigacións.

A transformación non alterará as condicións financeiras das obrigacións asumidas nin poderá ser entendida como causa de resolución das relacións xurídicas.

3. A transformación levarase a cabo mediante real decreto, aínda que supoña modificación da lei de creación, salvo no caso da transformación en axencias estatais, que deberá efectuarse por lei.

4. Cando un organismo autónomo, entidade pública empresarial ou axencia estatal se transforme nunha entidade pública empresarial, axencia estatal, sociedade mercantil estatal ou nunha fundación do sector público, co real decreto ou lei mediante os cales se leve a cabo a transformación deberase xuntar a seguinte documentación:

a) Unha memoria que inclúa:

1.º Unha xustificación da transformación por non poder asumir as súas funcións mantendo a súa natureza xurídica orixinaria.

2.º Unha análise de eficiencia, que incluíra unha previsión do aforro que xerará a transformación e a acreditación de inexistencia de duplicidades coas funcións que xa desenvolva outro órgano, organismo público ou entidade preexistente.

3.º Unha análise da situación en que quedará o persoal, con indicación, de ser o caso, de se parte del se integrará ben na Administración xeral do Estado ou ben na entidade pública empresarial, sociedade mercantil estatal ou fundación que resulte da transformación.

b) Un informe preceptivo da Intervención Xeral da Administración do Estado en que se valorará o cumprimento do previsto neste artigo.

5. A aprobación do real decreto de transformación comportará:

a) A adaptación da organización dos medios persoais, materiais e económicos que resulte necesaria polo cambio de natureza xurídica.

b) A posibilidade de integrar o persoal na entidade transformada ou na Administración xeral do Estado. De ser o caso, esta integración levarase a cabo de acordo cos procedementos de mobilidade establecidos na lexislación de función pública ou na lexislación laboral que resulte aplicable.

Os distintos tipos de persoal da entidade transformada terán os mesmos dereitos e obrigacións que lles correspondan de acordo coa normativa que lles sexa de aplicación.

A adaptación, de ser o caso, de persoal que implique a transformación non suporá, en por si, a atribución da condición de funcionario público ao persoal laboral que prestase servizos na entidade transformada.

A integración daqueles que até ese momento viñan exercendo funcións reservadas a funcionarios públicos sen selo poderá realizarse coa condición de «a extinguir» e deberanse valorar previamente as características dos postos afectados e as necesidades da entidade onde se integren.

Da execución das medidas de transformación non poderá derivar ningún incremento da masa salarial preexistente na entidade transformada.»

Catro. Dáse nova redacción ao artigo 96, que queda redactado como segue:

«Artigo 96. *Disolución de organismos públicos estatais.*

1. Os organismos públicos estatais deberán disolverse:

- a) Polo transcurso do tempo de existencia sinalado na lei de creación.
- b) Porque a totalidade dos seus fins e obxectivos sexan asumidos polos servizos da Administración xeral do Estado.
- c) Porque se cumpriron totalmente os seus fins, de forma que non se xustifique a pervivencia do organismo público, e así se puxese de manifesto no control de eficacia.
- d) Cando do seguimento do plan de actuación resulte o incumprimento dos fins que xustificaron a creación do organismo ou que a súa subsistencia non é o medio máis idóneo para logralos e así se conclúa no control de eficacia ou de supervisión continua.
- e) Por calquera outra causa establecida nos estatutos.
- f) Cando así o acorde o Consello de Ministros seguindo o procedemento determinado para o efecto no acto xurídico que acorde a disolución.

2. Cando un organismo público incorra nalgunha das causas de disolución previstas nas letras a), b), c), d) ou e) do punto anterior, o titular do máximo órgano de dirección do organismo comunicarllo ao titular do departamento de adscrición no prazo de dous meses desde que concorra a causa de disolución. Transcorrido este prazo sen que se producise a comunicación e concorrendo a causa de disolución, o organismo público quedará automaticamente disolto e non poderá realizar ningún acto xurídico, salvo os estritamente necesarios para garantir a eficacia da súa liquidación e extinción.

No prazo de dous meses desde a recepción da comunicación a que se refire o parágrafo anterior, o Consello de Ministros adoptará o correspondente acordo de disolución, en que designará o órgano administrativo ou entidade do sector público institucional estatal que asumirá as funcións de liquidador, e comunicarllo ao Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local para a súa publicación. Transcorrido o dito prazo sen que se publicase o acordo de disolución, o organismo público quedará automaticamente disolto e non poderá realizar ningún acto xurídico, salvo os estritamente necesarios para garantir a eficacia da súa liquidación e extinción.»

Cinco. Dáse nova redacción ao punto 1 do artigo 103, que queda redactado como segue:

«Artigo 103. *Definición.*

1. As entidades públicas empresariais son entidades de dereito público, con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que se financian con ingresos de mercado, coa excepción daquelas que teñan a condición ou reúnan os requisitos para ser declaradas medio propio personificado de conformidade coa Lei de contratos do sector público, e que xunto co exercicio de potestades administrativas desenvolvan actividades prestacionais, de xestión de servizos ou de produción de bens de interese público, susceptibles de contraprestación.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Seis. Suprímese o punto 3 do artigo 106.

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Sete. Dáse nova redacción ao punto 3 do artigo 107, que queda redactado como segue:

«Artigo 107. *Réxime económico-financeiro e patrimonial.*

[...]

3. As entidades públicas empresariais financiaranse maioritariamente con ingresos de mercado, coa excepción daquelas que teñan a condición ou reúnan os requisitos para ser declaradas medio propio personificado de conformidade coa Lei de contratos do sector público. Enténdese que se financian maioritariamente con ingresos de mercado cando teñan a consideración de produtor de mercado de conformidade co Sistema europeo de contas.

Para tales efectos, tomarase en consideración a clasificación das diferentes entidades públicas para os efectos da contabilidade nacional que efectúe o Comité Técnico de Contas Nacionais e que se recollerá no Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Oito. Engádese unha sección 4.^a, nova, no capítulo III do título II, a continuación do artigo 108, coa seguinte rúbrica:

«*Sección 4.^a Axencias estatais*»

Nove. Engádese un artigo 108 bis, novo, coa seguinte redacción:

«Artigo 108 bis. *Definición.*

1. As axencias estatais son entidades de dereito público, dotadas de personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultadas para exercer potestades administrativas, que son creadas polo Goberno para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolve a Administración xeral do Estado no ámbito das súas competencias.

As axencias estatais están dotadas dos mecanismos de autonomía funcional, responsabilidade pola xestión e control de resultados establecidos nesta lei.

2. Con independencia de cal sexa a súa denominación, cando un organismo público teña natureza de axencia estatal deberá figurar na súa denominación a indicación de «Axencia estatal».

Dez. Engádese un artigo 108 ter, novo, coa seguinte redacción:

«Artigo 108 ter. *Réxime xurídico.*

1. As axencias estatais réxense por esta lei e, no seu marco, polo estatuto propio de cada unha delas, e polo resto das normas de dereito administrativo xeral e especial que lle sexa de aplicación.

2. A actuación das axencias estatais prodúcese, consonte o plan de acción anual, baixo a vixencia e consonte o pertinente contrato plurianual de xestión, que debe establecer, como mínimo e para o período da súa vixencia, os seguintes aspectos:

a) Os obxectivos que se perseguen, os resultados que se pretenden obter e, en xeral, a xestión que se desenvolverá.

b) Os plans necesarios para alcanzar os obxectivos, con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das

estratexias, e os seus prazos temporais, así como os indicadores para avaliar os resultados obtidos.

c) As previsións máximas do cadro de persoal e o marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos.

d) Os recursos persoais, materiais e orzamentarios que se achegarán para a consecución dos obxectivos, ben que serán automaticamente revisados de conformidade co contido da Lei de orzamentos xerais do Estado do exercicio correspondente.

e) Os efectos asociados ao grao de cumprimento dos obxectivos establecidos polo que respecta á existencia de responsabilidade pola xestión dos órganos executivos e do persoal directivo, así como a contía de masa salarial destinada ao complemento de produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral.

f) O procedemento que se deberá seguir para a cobertura dos déficits anuais que, de ser o caso, se poidan producir por insuficiencia dos ingresos reais respecto dos estimados e as consecuencias de responsabilidade na xestión que, de ser o caso, deban seguirse de tales déficits. Este procedemento deberá axustarse, en todo caso, ao que estableza o contido da Lei de orzamentos xerais do Estado do exercicio correspondente.

g) O procedemento para a introdución das modificacións ou adaptacións anuais que, de ser o caso, procedan.

3. No contrato de xestión determinaranse os mecanismos que permitan a existencia de responsabilidades a que se refire a letra e) do punto anterior por incumprimento de obxectivos.

4. O Consello Reitor de cada axencia estatal aproba a proposta de contrato inicial de xestión, no prazo de tres meses desde a súa constitución.

Os posteriores contratos de xestión presentaranse no último trimestre da vixencia do anterior.

A aprobación do contrato de xestión ten lugar por orde conxunta dos ministerios de adscrición, de Política Territorial e Función Pública e de Facenda, nun prazo máximo de tres meses contado desde a súa presentación. No caso de non ser aprobado neste prazo, manterá a súa vixencia o contrato de xestión anterior.

5. No seo do Consello Reitor constituirase unha comisión de control, coa composición que se determine nos estatutos.

Corresponde á Comisión de Control informar o Consello Reitor sobre a execución do contrato de xestión e, en xeral, sobre todos aqueles aspectos relativos á xestión económico-financeira que deba coñecer o propio Consello e que se determinen nos estatutos.»

Once. Engádesse un artigo 108 quater, novo, coa seguinte redacción:

«Artigo 108 quater. *Réxime xurídico de persoal.*

1. O persoal ao servizo das axencias estatais está constituído:

a) Polo persoal que estea ocupando postos de traballo en servizos que se integren na axencia estatal no momento da súa constitución.

b) Polo persoal que se incorpore á axencia estatal desde calquera administración pública polos correspondentes procedementos de provisión de postos de traballo previstos nesta lei.

c) Polo persoal seleccionado pola axencia estatal, mediante probas selectivas convocadas para o efecto nos termos establecidos nesta lei.

d) Polo persoal directivo.

2. O persoal a que se refiren as letras a) e b) do punto anterior mantén a condición de persoal funcionario, estatutario ou laboral de orixe, de acordo coa lexislación aplicable.

3. O persoal funcionario e estatutario réxese pola normativa reguladora da función pública correspondente, coas especialidades previstas nesta lei e as que, conforme ela, se establezan no estatuto de cada axencia estatal.

O persoal laboral réxese polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e o resto da normativa laboral.

4. A selección do persoal a que se refire a letra c) realízase mediante convocatoria pública e de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como de acceso ao emprego público das persoas con discapacidade. Para tal efecto, e no período previsto no contrato de xestión, as axencias estatais determinan as súas necesidades de persoal que se precisa cubrir mediante probas selectivas. A determinación das necesidades de persoal que se precisa cubrir realízase con suxeición á taxa de reposición que, de ser o caso, se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio correspondente. A previsión de necesidades de persoal incorpórase á oferta anual de emprego da correspondente axencia estatal, que se integra na oferta de emprego público estatal, de conformidade co que estableza a Lei anual de orzamentos xerais do Estado.

As axencias estatais seleccionan o seu persoal laboral a través dos seus propios órganos de selección, de acordo cos requisitos e principios establecidos no parágrafo anterior.

As convocatorias de selección de persoal funcionario efectuaranas o ministerio a que se encontren adscritos os corpos ou escalas correspondentes e, excepcionalmente, a propia axencia estatal mediante convenio suscrito para o efecto.

Os órganos de representación do persoal da axencia estatal serán tidos en conta nos procesos de selección que se leven a cabo.

5. As axencias estatais elaboran, convocan e, por proposta de órganos especializados en selección de persoal, resollen as correspondentes convocatorias de provisión de postos de traballo de persoal funcionario, de conformidade cos principios xerais e procedementos de provisión establecidos na normativa de función pública.

6. A mobilidade dos funcionarios destinados nas axencias estatais poderá estar sometida á condición de autorización previa nas condicións e cos prazos que se determinen nos seus estatutos e de acordo coa normativa de función pública.

7. As axencias estatais dispoñen da súa relación de postos de traballo, elaborada e aprobada pola propia axencia estatal dentro do marco de actuación que, en materia de recursos humanos, se estableza no contrato de xestión.

8. O persoal que preste os seus servizos nas axencias estatais verá recoñecido o seu dereito á promoción dentro dunha carreira profesional avaliable, no marco do Estatuto do empregado público. Esta carreira terá elementos que permitan criterios de homoxeneidade dentro de axencias estatais do mesmo ámbito, facilitando similares retribucións para niveis profesionais semellantes e posibilitando as medidas de mobilidade entre o persoal daquelas, sen prexuízo do previsto no punto 6.

9. Os conceptos retributivos do persoal funcionario e estatutario das axencias estatais son os establecidos na normativa de función pública da Administración xeral do Estado e as súas contías determinaranse de conformidade co establecido nas leis de orzamentos xerais do Estado.

As condicións retributivas do persoal laboral son as determinadas no convenio colectivo de aplicación e no respectivo contrato de traballo e as súas contías fixaranse de acordo co indicado no punto 1 anterior.

A masa salarial das axencias estatais autorízase nas condicións que estableza a normativa aplicable. A contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade, ou concepto equivalente do persoal laboral, está en todo caso vinculada ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión.

10. O persoal directivo das axencias estatais é o que ocupa os postos de traballo determinados como tales no seu estatuto en atención á especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das tarefas a eles asignadas.

O persoal directivo das axencias estatais é nomeado e cesado polo seu Consello Reitor por proposta dos seus órganos executivos, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia entre titulados superiores, preferentemente funcionarios, e mediante procedemento que garanta o mérito, a capacidade e a publicidade.

O proceso de provisión poderá ser realizado polos órganos de selección especializados a que se refire o punto 5 deste artigo, que formularán proposta motivada ao director da axencia estatal, incluíndo tres candidatos para cada posto por cubrir.

Cando o persoal directivo das axencias estatais teña a condición de funcionario permanecerá na situación de servizo activo no seu respectivo corpo ou escala ou na que corresponda consonte a lexislación laboral, se se trata de persoal deste carácter.

O estatuto das axencias estatais pode prever postos directivos de máxima responsabilidade para cubrir, en réxime laboral, mediante contratos de alta dirección.

Ao persoal directivo das axencias estatais, en todo caso, seralle de aplicación o Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e noutras entidades. O persoal directivo está suxeito, no desenvolvemento das súas funcións, a avaliación consonte os criterios de eficacia, eficiencia e cumprimento da legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle fosen fixados.

O persoal directivo percibe unha parte da súa retribución como incentivo de rendemento, mediante o complemento correspondente que valore a produtividade, de acordo cos criterios e coas porcentaxes que estableza o Consello Reitor, por proposta dos órganos directivos da axencia estatal.

11. O órgano executivo da axencia estatal é o director. É nomeado e separado polo Consello Reitor, por proposta do presidente entre persoas que reúnan as cualificacións necesarias para o cargo, segundo se determine no estatuto.»

Doce. Engádesse un artigo 108 quinquies, novo, coa seguinte redacción:

«Artigo 108 quinquies. *Réxime económico financeiro e contratación.*

1. As axencias estatais fináncianse cos seguintes recursos:

- a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- b) Os ingresos propios que perciban como contraprestación polas actividades que poidan realizar, en virtude de contratos, convenios ou disposición legal, para outras entidades públicas, privadas ou persoas físicas.
- c) O alleamento dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio.
- d) O rendemento procedente dos seus bens e valores.
- e) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas e legados e outras achegas a título gratuíto de entidades privadas e de particulares.
- f) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.
- g) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estean autorizadas a percibir.
- h) Calquera outro recurso que lles poida ser atribuído.

2. Naqueles supostos expresamente previstos nos estatutos, e só na medida que teñan capacidade para xerar recursos propios suficientes, as axencias estatais poderán financiarse con cargo aos créditos previstos no capítulo VIII dos orzamentos xerais do Estado adxudicados de acordo con procedementos de pública

concorrenza e destinados a financiar proxectos de investigación e desenvolvemento. A Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio establecerá os límites deste financiamento.

3. Os recursos que deriven das letras b), e), f) e g) do número 1 anterior e non se prevexan inicialmente no orzamento das axencias estatais poderanse destinar a financiar maiores gastos por acordo do seu director.

4. O recurso ao endebedamento está prohibido ás axencias estatais, salvo que por lei se dispoña o contrario. Non obstante, e co obxecto de atender desfases temporais de tesouraría, as axencias estatais poden recorrer á contratación de pólizas de crédito ou préstamo, sempre que o saldo vivo non supere o 5 % do seu orzamento.

5. A contratación das axencias estatais réxese pola normativa aplicable ao sector público. As sociedades mercantís e fundacións creadas ou participadas maioritariamente polas axencias estatais deberán axustar a súa actividade contractual, en todo caso, aos principios de publicidade e concorrencia.»

Trece. Engádesse un artigo 108 sexies, novo, coa seguinte redacción:

«Artigo 108 sexies. *Réxime orzamentario, de contabilidade e control económico financeiro.*

1. O Consello Reitor elaborará e aprobará o anteproxecto de orzamento da axencia estatal conforme o disposto no contrato de xestión. O anteproxecto de orzamento da axencia estatal será remitido ao ministerio de adscrición para o seu exame, que dará posterior traslado del ao Ministerio de Facenda. Unha vez analizado por este último departamento ministerial, o anteproxecto incorporárase ao de orzamentos xerais do Estado para a súa aprobación polo Consello de Ministros e remisión ás Cortes Xerais, consolidándose co das restantes entidades que integran o sector público estatal.

2. A persoa titular do Ministerio de Facenda establece a estrutura do orzamento das axencias estatais, así como a documentación que se debe achegar con este.

O orzamento de gastos das axencias estatais ten carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal, que en todo caso teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total, e das subvencións nominativas e das atencións protocolarias e representativas, que terán carácter limitativo e vinculante calquera que sexa o nivel da clasificación económica a que se establezan.

3. A autorización das variacións orzamentarias corresponde:

a) Á persoa titular do Ministerio de Facenda, as variacións da contía global do orzamento e as que afecten gastos de persoal, por iniciativa do director e proposta do Consello Reitor, salvo as previstas na letra seguinte.

Así mesmo, corresponde á persoa titular do Ministerio de Facenda acordar ou denegar as modificacións orzamentarias, nos supostos de competencia dos directores das axencias estatais, cando exista informe negativo da Intervención Delegada e o titular da competencia o remita en discrepancia ao ministro de Facenda.

b) Á persoa titular da dirección da propia axencia estatal, todas as restantes variacións, incluso na contía global, cando sexan financiadas con recursos derivados das letras b), e), f), e g) do artigo 108 quinquies por riba dos inicialmente orzados, non afecten gastos de persoal e existan garantías suficientes da súa efectividade, do cal se dará conta inmediata á Comisión de Control.

4. Os remanentes de tesouraría que resulten da liquidación do exercicio orzamentario non afectados ao financiamento do orzamento do exercicio seguinte poderán aplicarse ao orzamento de ingresos e destinarse a financiar incremento de

gastos por acordo da persoa titular da dirección, do que se dará conta á Comisión de Control. Os déficits derivados do incumprimento da estimación de ingresos anuais compensaranse na forma que se prevexa no contrato de xestión.

5. As axencias estatais poderán adquirir compromisos de gasto que deban estenderse a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen, sempre que non se supere algún dos seguintes límites:

a) O número de exercicios a que poden aplicarse os gastos non será superior a catro.

b) O gasto que se impute a cada un dos exercicios posteriores non poderá exceder a cantidade que resulte de aplicar ao importe total de cada programa, excluído o capítulo de gastos de persoal e os restantes créditos que teñan carácter vinculante, as seguintes porcentaxes: o 70 por 100 no exercicio inmediato seguinte, o 60 por cento no segundo exercicio e o 50 por cento nos exercicios terceiro e cuarto.

No caso de gastos de persoal ou doutros que teñan carácter vinculante, poderán adquirirse compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros dentro dos límites sinalados anteriormente, tomando como referencia de cálculo a súa dotación inicial.

O Goberno poderá acordar a modificación dos límites anteriores nos casos especialmente xustificadas. Para estes efectos, a persoa titular do Ministerio de Facenda, por iniciativa da axencia estatal correspondente, elevará ao Consello de Ministros a oportuna proposta, logo de informe da Dirección Xeral de Orzamentos.

6. A execución do orzamento das axencias estatais corresponde aos seus órganos executivos, que elaboran e remiten á Comisión de Control, mensualmente, un estado de execución orzamentaria.

7. As axencias estatais deberán aplicar os principios contables que lles correspondan de acordo co establecido no artigo 121 da Lei xeral orzamentaria, coa finalidade de asegurar o adecuado reflexo das operacións, os custos e os resultados da súa actividade, así como de facilitar datos e información con transcendencia económica.

Corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado establecer os criterios que precise a aplicación da normativa contable ás axencias estatais, nos termos establecidos pola lexislación orzamentaria para as entidades do sector público estatal.

8. As axencias estatais disporán:

a) Dun sistema de información económica que:

i) Mostre, a través de estados e informes, a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento.

ii) Proporcione información de custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

b) Dun sistema de contabilidade de xestión que permita efectuar o seguimento do cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión.

A Intervención Xeral da Administración do Estado establece os requirimentos funcionais e, de ser o caso, os procedementos informáticos, que deberán observar as axencias estatais para cumprir o disposto neste artigo, de acordo co disposto no artigo 125 da Lei xeral orzamentaria.

9. As contas anuais das axencias estatais formularaas a persoa titular da dirección no prazo de tres meses desde o peche do exercicio económico. Unha vez auditadas estas contas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, son sometidas ao Consello Reitor para a súa aprobación antes do 30 de xuño do ano seguinte a aquel a que se refiran.

Unha vez aprobadas polo Consello Reitor, as contas remitiranse a través da Intervención Xeral da Administración do Estado ao Tribunal de Contas para a súa fiscalización. Esta remisión á Intervención Xeral realizarase dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico.

10. O control externo da xestión económico-financeira das axencias estatais corresponde ao Tribunal de Contas, de acordo coa súa normativa específica.

O control interno da xestión económico-financeira das axencias estatais corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado e realizarase baixo as modalidades de control financeiro permanente e de auditoría pública, nas condicións e nos termos establecidos na Lei xeral orzamentaria. O control financeiro permanente realizarano as intervencións delegadas nas axencias estatais, baixo a dependencia funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Sen prexuízo do control establecido no parágrafo anterior, as axencias estatais estarán sometidas a un control de eficacia e de supervisión continua, que será exercido a través do seguimento do contrato de xestión e até a súa aprobación a través do plan de actuación, nos termos establecidos no artigo 85.»

Catorce. Dáse nova redacción á disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Adaptación de entidades e organismos públicos existentes no ámbito estatal.*

1. Todas as entidades e organismos públicos que integran o sector público estatal existentes no momento da entrada en vigor desta lei deberán adaptarse ao seu contido antes do 1 de outubro de 2024 e até que se realice a adaptación rexeranse pola súa normativa específica.

A adaptación realizarase preservando as actuais especialidades dos organismos e entidades en materia de persoal, patrimonio, réxime orzamentario, contabilidade, control económico-financeiro e de operacións como axente de financiamento, incluíndo, respecto a estas últimas, o sometemento, de ser o caso, ao ordenamento xurídico privado. As especialidades preservaranse sempre que non xeraren deficiencias importantes no control de ingresos e gastos causantes dunha situación de desequilibrio financeiro no momento da súa adaptación.

As entidades que non teñan a consideración de poder adxudicador preservarán esta especialidade en canto non se opoña á normativa comunitaria.

As entidades que teñan como fins a promoción da internacionalización da economía e da empresa española preservarán, ademais e coas mesmas limitacións, as especialidades en materia de axudas en tanto non se opoñan á normativa comunitaria.»

Quince. Engádese unha disposición adicional vixésimo terceira, nova, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo terceira. *Réxime xurídico aplicable á entidade pública empresarial Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima.*

A Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (Sasemar) preservará a súa natureza de entidade pública empresarial e, coas especialidades contidas na súa lexislación específica, rexerase polas disposicións aplicables ás ditas entidades na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, agás o disposto nos artigos 103.1 e 107.3 da lei, exclusivamente no que se refire ao financiamento maioritario con ingresos de mercado.»

Dezaseis. Engádese unha disposición adicional vixésimo cuarta, nova, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo cuarta. *Réxime xurídico aplicable á entidade pública empresarial Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial.*

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI) preservará a súa natureza de entidade pública empresarial e, coas especialidades contidas na súa lexislación específica, rexeráse polas disposicións aplicables ás ditas entidades na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, agás o disposto nos artigos 103.1 e 107.3 da lei, exclusivamente no que se refire ao financiamento maioritario con ingresos de mercado.»

Dezasete. Engádese unha disposición adicional vixésimo quinta, nova, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo quinta. *Réxime xurídico aplicable aos administradores xerais de infraestruturas ferroviarias.*

Os administradores xerais de infraestruturas ferroviarias preservarán a súa natureza de entidades públicas empresariais e, coas especialidades contidas na súa lexislación propia, rexeráse pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector do sector público, coa excepción do disposto nos artigos 103.1 e 107.3 da dita lei, exclusivamente no que se refire ao financiamento maioritario con ingresos de mercado.»

Dezaoito. Engádese unha disposición adicional vixésimo sexta, nova, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo sexta. *Réxime xurídico aplicable a SEPES, Entidade Pública Empresarial do Solo.*

SEPES, Entidade Pública Empresarial de Solo, preservará a súa natureza de entidade pública empresarial e, coas especialidades contidas na súa lexislación específica, rexeráse polas disposicións aplicables ás ditas entidades na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa excepción do disposto nos artigos 103.1 e 107.3 da lei, exclusivamente no que se refire ao financiamento maioritario con ingresos de mercado.»

Dezanove. Engádese unha disposición adicional vixésimo sétima, nova, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo sétima. *Réxime xurídico aplicable á entidade pública empresarial Red.es.*

A entidade pública empresarial Red.es preservará a súa natureza de entidade pública empresarial e, coas especialidades contidas na súa lexislación específica, rexeráse polas disposicións aplicables ás ditas entidades na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa excepción do disposto nos artigos 103.1 e 107.3 da lei, exclusivamente no que se refire ao financiamento maioritario con ingresos de mercado.»

Disposición derradeira trixésimo quinta. *Modificación do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 98, que queda redactado como segue:

«Artigo 98. *Sistema de prezos de referencia.*

[...]

2. Os conxuntos incluírán todas as presentacións de medicamentos financiadas que teñan o mesmo nivel 5 da clasificación anatómico-terapéutico-química de medicamentos da Organización Mundial da Saúde (ATC5) e idéntica vía de administración, entre as cales existirá incluída na prestación farmacéutica do Sistema nacional de saúde, ao menos, unha presentación de medicamento xenérico ou biosimilar, salvo que o medicamento ou o seu ingrediente activo principal fosen autorizados cunha antelación mínima de dez anos nun Estado membro da Unión Europea, caso en que non será indispensable a existencia dun medicamento xenérico ou biosimilar para establecer un conxunto. As presentacións indicadas para tratamentos en pediatría, así como as correspondentes a medicamentos de ámbito hospitalario, incluídos os envases clínicos, constituirán conxuntos independentes.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Dous. Dáse nova redacción ao punto 8 do artigo 102, que queda redactado como segue:

«Artigo 102. *Achega dos usuarios e dos seus beneficiarios na prestación farmacéutica ambulatoria.*

[...]

8. Estarán exentos de achega os usuarios e os seus beneficiarios que pertencen a unha das seguintes categorías:

- a) Afectados de síndrome tóxica e persoas con discapacidade nos supostos recollidos na súa normativa específica.
- b) Persoas perceptoras de rendas de integración social.
- c) Persoas perceptoras de pensións non contributivas.
- d) Parados que perderon o dereito a percibir o subsidio de desemprego mentres subsista a súa situación.
- e) Persoas con tratamentos derivados de accidente de traballo e enfermidade profesional.
- f) Persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital.
- g) Persoas menores de idade cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.
- h) Persoas perceptoras da prestación económica da Seguridade Social por fillo ou menor a cargo en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción.
- i) Os pensionistas da Seguridade Social cuxa renda anual sexa inferior a 5.635 euros, consignada no recadro de base liquidable xeral e do aforro da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, e os que, no caso de non estaren obrigados a presentar a dita declaración, perciban unha renda anual inferior a 11.200 euros.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira trixésimo sexta. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ao artigo 11 da Lei do Estatuto dos traballadores, introducindo un novo punto 3 no citado artigo co seguinte texto (en consecuencia, o seu punto 3 pasa a renumerarse co número 4).

«3. O contrato para a formación dual universitaria, que se formalizará no marco dos convenios de cooperación educativa subscritos polas universidades coas entidades colaboradoras, terá por obxecto a cualificación profesional dos estudantes universitarios a través dun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída nunha empresa con actividade formativa recibida no marco da súa formación universitaria, para favorecer unha maior relación entre este e a formación e a aprendizaxe do traballador.

Desenvolverase regulamentariamente o sistema de impartición e as características da formación dos traballadores nos centros universitarios e nas empresas, así como o seu recoñecemento, nun réxime de alternancia co traballo efectivo.

Así mesmo, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario os aspectos relacionados co financiamento da actividade formativa e coa retribución do traballador contratado, que se fixará en proporción ao tempo de traballo efectivo, de acordo co establecido en convenio colectivo, sen que en ningún caso sexa inferior ao salario mínimo interprofesional.

A acción protectora da Seguridade Social do traballador contratado para a formación dual universitaria comprenderá todas as continxencias protexibles e prestacións, incluído o desemprego. Así mesmo, terase dereito á cobertura do Fondo de Garantía Salarial.»

Dous. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 33, que queda redactado como segue:

«Artigo 33. *O Fondo de Garantía Salarial.*

[...]

2. O Fondo de Garantía Salarial, nos casos do punto anterior, aboará indemnizacións recoñecidas como consecuencia de sentenza, auto, acto de conciliación xudicial ou resolución administrativa a favor dos traballadores a causa de despedimento ou extinción dos contratos conforme os artigos 50, 51, 52, 40.1 e 41.3 desta lei, e de extinción de contratos conforme os artigos 181 e 182 do Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, así como as indemnizacións por extinción de contratos temporais ou de duración determinada nos casos que legalmente procedan. En todos os casos, co límite máximo dunha anualidade, excepto no suposto do artigo 41.3 desta norma, en que o límite máximo sería de 9 mensualidades, sen que o salario diario, base do cálculo, poida exceder o dobre do salario mínimo interprofesional, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias.

O importe da indemnización, para os únicos efectos de aboamento polo Fondo de Garantía Salarial para os casos de despedimento ou extinción dos contratos conforme os artigos 50 e 56 desta lei, calcularase sobre a base de trinta días por ano de servizo, co límite fixado no parágrafo anterior.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira trixésimo sétima. *Modificación do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ás letras a) e f) do artigo 48, que quedan redactadas como segue:

«Artigo 48. *Permisos dos funcionarios públicos.*

Os funcionarios públicos terán os seguintes permisos:

a) Por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario, dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando se produza na mesma localidade e de catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.

[...]

f) Por lactación dun fillo menor de doce meses terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá substituírse por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada, ou nunha hora ao inicio ou ao final da xornada, coa mesma finalidade.

O permiso recollido neste punto constitúe un dereito individual dos funcionarios, sen que poida transferirse o seu exercicio ao outro proxenitor, adoptante, gardador ou acolledor.

Poderase solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente. Esta modalidade poderase desfrutar unicamente a partir da finalización do permiso por nacemento, adopción, garda, acollemento ou do proxenitor diferente da nai biolóxica respectivo.

Este permiso incrementárase proporcionalmente nos casos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Dous. Dáse nova redacción ás letras b) e c) do artigo 49, que quedan redactadas como segue:

«Artigo 49. *Permisos por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, por razón de violencia de xénero e para as vítimas de terrorismo e os seus familiares directos.*

[...]

b) Permiso por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente: terá unha duración de dezaseis semanas. Seis semanas deberán desfrutarse a xornada completa de forma obrigatoria e ininterrompida inmediatamente despois da resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento.

No caso de que ambos os proxenitores traballen e transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de desfrute deste permiso poderá levarse a cabo de maneira interrompida e exercerse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao feito causante dentro dos doce meses contados ou ben desde o nacemento do fillo ou filla, ou ben desde a resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento. No caso do desfrute interrompido requirirase, para cada período de desfrute, un aviso previo de polo menos 15 días e realizarse por semanas completas.

Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do menor adoptado ou acollido e por cada fillo ou filla, a partir do segundo, nos supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple, unha para cada un dos proxenitores.

O cómputo do prazo contarase, á elección do proxenitor, a partir da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou a partir da resolución xudicial pola cal se constitúa a adopción, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de desfrute deste permiso.

Este permiso poderá desfrutarse a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades de servizo o permitan, e nos termos que regulamentariamente se determinen, conforme as regras establecidas neste artigo.

Se for necesario o desprazamento previo dos proxenitores ao país de orixe do adoptado, nos casos de adopción ou acollemento internacional, terase dereito, ademais, a un permiso de até dous meses de duración, período durante o cal se percibirán exclusivamente as retribucións básicas.

Con independencia do permiso de até dous meses previsto no parágrafo anterior e para o suposto recollido no dito parágrafo, o permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto temporal como permanente, poderá iniciarse até catro semanas antes da resolución xudicial pola cal se constitúa a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial de acollemento.

Durante o desfrute deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

Os supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto temporal como permanente, previstos neste artigo serán os que así se establezan no Código civil ou nas leis civís das comunidades autónomas que os regulen, e o acollemento temporal deberá ter unha duración non inferior a un ano.

c) Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla: terá unha duración de dezaseis semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao feito causante serán en todo caso de descanso obrigatorio. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores, no suposto de discapacidade do fillo ou filla, e por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples, para desfrutar a partir da data do nacemento, da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

Este permiso poderá distribuílo o proxenitor que vaia desfrutar del sempre que as seis primeiras semanas sexan ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento, da decisión xudicial de garda con fins de adopción ou acollemento ou decisión xudicial pola cal se constitúa a adopción.

No caso de que ambos os proxenitores traballen e transcorridas as seis primeiras semanas, o período de desfrute deste permiso poderá levarse a cabo de maneira interrompida dentro dos doce meses contados ou ben desde o nacemento do fillo ou filla, ou ben desde a resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento.

No caso do desfrute interrompido requirirase, para cada período de desfrute, un aviso previo de polo menos quince días e realizarase por semanas completas.

No caso de que se opte polo desfrute do presente permiso con posterioridade á semana dezaseis do permiso por nacemento, se o proxenitor que desfruta deste último permiso solicitou a acumulación do tempo de lactación dun fillo menor de doce meses en xornadas completas da letra f) do artigo 48, será ao finalizar ese período cando se dará inicio ao cómputo das dez semanas restantes do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica.

Este permiso poderá desfrutarse a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan, e nos termos que regulamentariamente se determinen, conforme as regras establecidas neste artigo.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, salvo que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

Durante o desfrute deste permiso, transcorridas as seis primeiras semanas ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento, poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

Nos casos previstos nas letras a), b), e c), o tempo transcorrido durante o desfrute destes permisos computarase como de servizo efectivo para todos os efectos e garantirase a plenitude de dereitos económicos da funcionaria e, de ser o caso, do outro proxenitor funcionario, durante todo o período de duración do permiso e, de ser o caso, durante os períodos posteriores ao desfrute deste se, de acordo coa normativa aplicable, o dereito a percibir algún concepto retributivo se determina en función do período de desfrute do permiso.

Os funcionarios que fixesen uso do permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto temporal como permanente, terán dereito, unha vez finalizado o período de permiso, a reintegrarse ao seu posto de traballo en termos e condicións que non lles resulten menos favorables ao desfrute do permiso, así como a beneficiarse de calquera mellora nas condicións de traballo a que puidesen ter dereito durante a súa ausencia.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Tres. Engádese un punto 3, novo, do artigo 50, coa seguinte redacción:

«Artigo 50. *Vacacións dos funcionarios públicos.*

[...]

3. O período de vacacións anuais retribuídas dos funcionarios públicos non pode ser substituído por unha contía económica. Nos casos de renuncia voluntaria, deberá garantirse en todo caso o desfrute das vacacións devindicadas.

Non obstante o anterior, nos casos de conclusión da relación de servizos dos funcionarios públicos por causas alleas á vontade destes, terán dereito a solicitar o aboamento dunha compensación económica polas vacacións devindicadas e non desfrutadas e, en particular, nos casos de xubilación por incapacidade permanente ou por falecemento, até un máximo de dezoito meses.»

Disposición derradeira trixésimo oitava. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ao artigo 153, que queda redactado como segue:

«Artigo 153. *Cotización en supostos de compatibilidade de xubilación e traballo.*

Durante a realización dun traballo por conta allea compatible coa pensión de xubilación, nos termos establecidos no artigo 214, os empresarios e os traballadores cotizarán ao réxime xeral unicamente por incapacidade temporal e por continxencias profesionais, segundo a normativa reguladora do dito réxime, ben que quedarán suxeitos a unha cotización especial de solidariedade do 9 por cento sobre a base de cotización por continxencias comúns, non computable para os efectos de prestacións, que se distribuirá entre eles, e será por conta do empresario o 7 por cento e do traballador o 2 por cento.»

Dous. Dáse nova redacción ao punto 1 do artigo 163, que queda redactado como segue:

«1. As pensións deste réxime xeral serán incompatibles entre si cando coincidan nun mesmo beneficiario, a non ser que expresamente se dispoña o contrario, legal ou regulamentariamente.

En caso de que se cause dereito a unha nova pensión que resulte incompatible coa que se viñese percibindo, a entidade xestora iniciará o pagamento ou, de ser o caso, continuará co aboamento da pensión de maior contía, en termos anuais, con suspensión da pensión que conforme o anterior corresponda.

Non obstante, o interesado poderá solicitar que se revogue o dito acordo e optar por percibir a pensión suspendida. Esta opción producirá efectos económicos a partir do día primeiro do mes seguinte á solicitude.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 309, que queda redactado como segue:

«Artigo 309. *Cotización en supostos de compatibilidade de xubilación e traballo por conta propia.*

1. Durante a realización dun traballo por conta propia compatible coa pensión de xubilación, nos termos establecidos no artigo 214, os traballadores cotizarán a este réxime especial unicamente por incapacidade temporal e por continxencias profesionais, conforme o previsto neste capítulo, ben que quedarán suxeitos a unha cotización especial de solidariedade do 9 por cento sobre a base por continxencias comúns, non computable para os efectos de prestacións.

2. Tamén estarán suxeitos a unha cotización de solidariedade, do 9 por cento sobre a base mínima de cotización do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, os pensionistas de xubilación que compatibilicen a pensión cunha actividade profesional por conta propia estando incluídos nunha mutualidade alternativa ao citado réxime especial, ao abeiro do establecido na disposición adicional décimo oitava, a cal non será computable para os efectos de prestacións.

A cota correspondente deducirase mensualmente do importe da pensión.»

Catro. Engádesse unha alínea g), nova, ao artigo 318, coa seguinte redacción:

«g) O disposto no artigo 163.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Cinco. Engádese un punto 4, novo, á disposición adicional décimo oitava, coa seguinte redacción:

«4. As mutualidades de previsión social autorizadas para actuar como alternativas ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, desde o 1 de marzo de 2021, deberán pór á disposición da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, antes de finalizar o mes natural seguinte á situación de alta ou de baixa, de forma telemática, unha relación dos profesionais colexiados integrados nelas como alternativas ao citado réxime especial, en que se indique expresamente a data en que quedou incluído cada un deles, cal é a súa actividade profesional e, de ser o caso, a data de baixa na mutualidade por cesamento de actividade.»

O resto da disposición mantén a mesma redacción.

Seis. Dáse nova redacción ao parágrafo segundo do punto 1 da disposición adicional vixésimo terceira, que queda redactada como segue:

«Así mesmo, ás cotas empresariais por continxencias comúns que se determinen para os ditos traballadores aplicaráselles unha bonificación do 45 por cento. Cando resulten de aplicación as bonificacións que poidan estar establecidas ou se establezan para as relacións laborais de carácter especial, optarase polas que resulten máis beneficiosas.»

O resto da disposición mantén a mesma redacción.

Sete. Engádese unha disposición adicional trixésimo segunda, nova, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo segunda. *Financiamento da acción protectora da Seguridade Social en cumprimento do principio de separación de fontes consagrado no Pacto de Toledo.*

De acordo co disposto no artigo 109.1.a), a Lei de orzamentos xerais do Estado incluírá anualmente unha transferencia do Estado ao orzamento da Seguridade Social para o financiamento dos beneficios en cotización á Seguridade Social de determinados réximes e colectivos, o custo do recoñecemento da prestación anticipada de xubilación por aplicación de coeficientes redutores cando non se previse cotización adicional, o custo da integración dos períodos non cotizados na determinación da base reguladora das prestacións do sistema e as reducións legalmente establecidas na cotización á Seguridade Social.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no inciso final do artigo 109.2, na Lei de orzamentos xerais do Estado fixarase, todos os anos, o importe das prestacións que serán financiadas cunha transferencia do Estado á Seguridade Social.»

Disposición derradeira trixésimo novena. *Modificación da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei modifícase a redacción do punto dous, da disposición adicional octoxésimo sétima da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017. Beneficios fiscais aplicables ao «Plan Decenio Milliarium Montserrat 1025-2025», que queda redactado nos seguintes termos:

«Disposición adicional octoxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables ao «Plan Decenio Milliarium Montserrat 1025-2025.*

[...]

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abrangue desde o 1 de febreiro de 2019 até o 31 de xaneiro de 2022.»

O resto da disposición adicional mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira cuadraxésima. *Modificación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, da seguinte forma:

Un. Suprímese o punto 5 e dáse nova redacción aos puntos 2 e 4 do artigo 32, que quedan redactados como segue:

«Artigo 32. *Encargas dos poderes adxudicadores a medios propios personificados.*

[...]

2. Terán a consideración de medio propio personificado respecto dunha única entidade concreta do sector público aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:

a) Que o poder adxudicador que poida conferirlle encargas exerza sobre o ente destinatario destes un control, directo ou indirecto, análogo ao que exercería sobre os seus propios servizos ou unidades, de maneira que o primeiro poida exercer sobre o segundo unha influencia decisiva sobre os seus obxectivos estratéxicos e decisións significativas.

En todo caso, entenderase que o poder adxudicador que pode conferirlle encargas exerce sobre o ente destinatario deste un control análogo ao que exerce sobre os seus propios servizos ou unidades cando el mesmo ou ben outro ou outros poderes adxudicadores ou persoas xurídicas controlados do mesmo modo polo primeiro poidan conferirlle encargas que sexan de execución obrigatoria para o ente destinatario da encarga por así establecelo os estatutos ou o acto de creación, de maneira que exista unha unidade de decisión entre eles, de acordo con instrucións fixadas unilateralmente polo ente que pode realizar a encarga.

A compensación establecerase por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública de que depende o medio propio personificado para as actividades obxecto de encarga realizadas polo medio propio directamente e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto da encarga que se subcontraten con empresarios particulares nos casos en que este custo sexa inferior ao resultante de aplicar as tarifas ás actividades subcontratadas.

Estas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais de realización das unidades producidas directamente polo medio propio.

b) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario da encarga se leven a cabo no exercicio das funcións que lle foron confiadas polo poder adxudicador que fai a encarga e que o controla ou por outras persoas xurídicas controladas do mesmo modo pola entidade que fai a encarga.

Para estes efectos, para calcular o 80 por cento das actividades do ente destinatario da encarga tomaranse en consideración a media do volume global de negocios, os gastos soportados polos servizos prestados ao poder adxudicador en relación coa totalidade dos gastos en que incorrese o medio propio por razón das prestacións que realizase a calquera entidade ou outro indicador alternativo de actividade que sexa fiable, e todo iso referido aos tres exercicios anteriores ao de formalización da encarga.

Cando debido á data de creación ou de inicio de actividade do poder adxudicador que fai a encarga, ou debido á reorganización das actividades deste, o volume

global de negocios, ou outro indicador alternativo de actividade, de acordo co establecido no parágrafo anterior, non estean dispoñibles respecto dos tres exercicios anteriores á formalización da encarga ou perdesen a súa vixencia, será suficiente con xustificar que o cálculo do nivel de actividade se corresponde coa realidade, en especial mediante proxeccións de negocio.

c) Cando o ente destinatario da encarga sexa un ente de personificación xurídico-privada, ademais, a totalidade do seu capital ou patrimonio terá que ser de titularidade ou achega pública.

d) A condición de medio propio personificado da entidade destinataria da encarga respecto do concreto poder adjudicador que fai a encarga deberá recoñecerse expresamente nos seus estatutos ou actos de creación, logo do cumprimento dos seguintes requisitos:

1.º Conformidade ou autorización expresa do poder adjudicador respecto do que vaia ser medio propio.

2.º Verificación por parte da entidade pública de que dependa o ente que vaia ser medio propio de que conta con medios persoais e materiais apropiados para realizar as encargas de conformidade co seu obxecto social.

Os estatutos ou acto de creación do ente destinatario da encarga deberán determinar o poder adjudicador respecto do cal ten esa condición, precisar o réxime xurídico e administrativo das encargas que se lles poidan conferir e establecer a imposibilidade de que participen en licitacións públicas convocadas polo poder adjudicador de que sexan medio propio personificado, sen prexuízo de que, cando non concorran ningún licitador, se lles poida encargar a execución da prestación obxecto destas.

En todo caso, presumirase que cumpre o requisito establecido no número 2.º da presente letra cando obtívase a correspondente clasificación respecto aos grupos, subgrupos e categorías que posúa.

[...]

4. Terán a consideración de medio propio personificado respecto de dous ou máis poderes adjudicadores que sexan independentes entre si aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:

a) Que os poderes adjudicadores que poidan conferirlle encargas exerzan sobre o ente destinatario deste un control conxunto análogo ao que exercerían sobre os seus propios servizos ou unidades.

Entenderase que existe control conxunto cando se cumpran todas as condicións seguintes:

1.º Que nos órganos decisorios do ente destinatario da encarga estean representados todos os entes que lle poidan conferir encargas; cada representante poderá representar varios destes últimos ou a totalidade deles.

2.º Que estes últimos poidan exercer directa e conxuntamente unha influencia decisiva sobre os obxectivos estratéxicos e sobre as decisións significativas do ente destinatario da encarga.

3.º Que o ente destinatario da encarga non persiga intereses contrarios aos intereses dos entes que poidan conferirlle encargas.

A compensación establecerase, por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública de que depende o medio propio personificado para as actividades obxecto de encarga realizadas polo medio propio directamente e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto da encarga que se subcontraten con empresarios particulares nos casos en que este custo sexa inferior ao resultante de aplicar as tarifas ás actividades subcontratadas.

Estas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais de realización das unidades producidas directamente polo medio propio.

b) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario da encarga se leven a cabo no exercicio das funcións que lle foron confiadas polos poderes adjudicadores que o controlan ou por outras persoas xurídicas controladas polos mesmos poderes adjudicadores. O cálculo do 80 por cento farase de acordo co establecido na letra b) do punto 2 deste artigo.

c) Que cumpran os requisitos que establece este artigo no seu punto 2, letras c) e d).

5. (Suprimido).»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Dous. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 33, que queda redactado como segue:

«Artigo 33. *Encargas de entidades pertencentes ao sector público que non teñan a consideración de poder adjudicador a medios propios personificados.*

[...]

2. Terán a consideración de medio propio personificado respecto dunha entidade pertencente ao sector público que non teña a consideración de poder adjudicador aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos seguintes:

a) Que o ente que fai a encarga exerza control, directo ou indirecto, no sentido do artigo 32.2.a), primeiro e segundo parágrafos desta lei, sobre o ente destinatario deste.

b) Que a totalidade do capital social ou patrimonio do ente destinatario da encarga sexa de titularidade pública.

c) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario da encarga se leven a cabo no exercicio das funcións que lle foron confiadas pola entidade que realiza a encarga e que o controla ou por outras persoas xurídicas controladas do mesmo modo pola entidade que realiza a encarga.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Tres. Dáse nova redacción á letra a) do punto 1 do artigo 159, que queda redactada como segue:

«Artigo 159. *Procedemento aberto simplificado.*

[...]

a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros no caso de contratos de obras e, no caso de contratos de subministración e de servizos, que o seu valor estimado sexa igual ou inferior ás cantidades establecidas nos artigos 21.1, letra a) e 22.1, letra a) desta lei, respectivamente, ou ás súas correspondentes actualizacións.»

O resto do punto mantén a mesma redacción.

Catro. Dáse nova redacción ao primeiro parágrafo do punto 6 do artigo 159, que queda redactado como segue:

«6. En contratos de obras de valor estimado inferior a 80.000 euros, e en contratos de subministracións e de servizos de valor estimado inferior a 60.000 euros, excepto os que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, aos cales non será de aplicación este punto, o procedemento aberto simplificado poderá seguir a seguinte tramitación:»

O resto do punto mantén a mesma redacción.

Cinco. Engádesse un punto 6, novo, ao artigo 321, coa seguinte redacción:

«Artigo 321. *Adxudicación de contratos das entidades do sector público que non teñan o carácter de poderes adxudicadores.*

[...]

6. Estarán excluídos da aplicación desta lei os contratos entre dúas sociedades mercantís pertencentes ao sector público que non teñan o carácter de poder adxudicador, sempre e cando se cumpran todas e cada unha das seguintes condicións:

a) Que a sociedade contratante posúa de maneira directa ou indirecta a totalidade do capital social da contratista ou viceversa, ou que unha terceira sociedade, tamén do sector público, que tampouco teña o carácter de poder adxudicador posúa de maneira directa ou indirecta a titularidade do 100 por 100 do capital social das dúas primeiras.

b) Que os contratos teñan por obxecto a adquisición de bens ou a prestación de servizos que sexan necesarios para a realización da actividade mercantil propia do obxecto social da entidade contratante.

c) Que os contratos non destorzan a libre competencia no mercado.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, o departamento ministerial ou organismo a que corresponda a tutela da sociedade contratante solicitará un informe previo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou, de ser o caso, da autoridade de competencia autonómica correspondente que analice os contratos concretos ou categorías xerais de contratos de similares características que as sociedades prevexan subscribir. O informe será emitido no prazo máximo de vinte días hábiles.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira cuaxrésimo primeira. *Modificación do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, da seguinte forma:

Dáse nova redacción á disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Cotización no sistema especial para manipulación e empaquetado do tomate fresco con destino á exportación, dentro do réxime xeral da Seguridade Social.*

1. A achega á cotización por todas as continxencias dos empresarios incluídos no sistema especial para as tarefas de manipulación e empaquetado do tomate fresco con destino á exportación levarase a cabo de acordo co establecido con carácter xeral para o réxime xeral da Seguridade Social e mediante o sistema de liquidación directa de cotas a que se refire o artigo 22.1.b) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

2. Durante o ano 2021, os empresarios encadrados nese sistema especial terán dereito a unha redución do 70 por cento e a unha bonificación do 8,75 por cento na dita achega empresarial á cotización por continxencias comúns.

As referidas redución e bonificación irán diminuíndo progresivamente nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado até a súa supresión. No exercicio en que ambas deixen de aplicarse, os empresarios e traballadores incluídos no sistema especial que, ademais de manipulalo e empaquetalo, sexan tamén produtores do

mesmo tomate fresco destinado á exportación integraranse no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

A bonificación a que se refire este punto financiarase con cargo ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.»

Disposición derradeira cuadraxésimo segunda. *Modificación do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, da seguinte forma:

Un. Modifícase o punto 2 da disposición adicional terceira do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, disposición que queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Alacant 2021. Saída Volta ao Mundo a Vela.*

[...]

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento será desde o 1 de xaneiro de 2021 até o 31 de decembro de 2023.»

O resto da disposición adicional mantén a mesma redacción.

Dous. Dáse nova redacción á denominación e aos puntos 1 e 2 da disposición adicional cuarta, «Beneficios fiscais aplicables ao evento «España, país invitado de honor na Feira do Libro de Fráncfort en 2021», que queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Beneficios fiscais aplicables ao evento «España, país convidado de honra na Feira do Libro de Fráncfort en 2022».*

1. A celebración do evento «España, país convidado de honra na Feira do Libro de Fráncfort en 2022» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a entrada en vigor deste real decreto lei até o 31 de decembro de 2022.»

O resto da disposición adicional mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira cuadraxésimo terceira. *Moratoria no pagamento de cota mediante aprazamento coa Seguridade Social.*

As empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, sempre que se encontren ao día nas súas obrigacións coa Seguridade Social e non teñan outro aprazamento en vigor, poderán solicitar a través do aprazamento regulado neste artigo, directamente ou a través dos seus autorizados para actuar a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (Sistema RED), a moratoria no pagamento das cotas coa Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta cuxa devindicación teña lugar entre os meses de decembro de 2020 e febreiro de 2021, no caso de empresas, e entre os meses de xaneiro a marzo de 2021, no caso de traballadores autónomos. Este aprazamento axustarase aos termos e

condicións establecidos con carácter xeral na normativa de Seguridade Social, coas seguintes particularidades:

1.^a Será de aplicación un xuro do 0,5 %, en lugar do previsto no artigo 23.5 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

2.^a As solicitudes de aprazamento deberán efectuarse antes do transcurso dos dez primeiros días naturais de cada un dos prazos regulamentarios de ingreso correspondentes ás cotas devindicadas antes sinaladas.

3.^a O aprazamento concederáse mediante unha única resolución, con independencia dos meses que comprenda, amortizaráse mediante pagamentos mensuais e determinará un prazo de amortización de 4 meses por cada mensualidade solicitada, sen que exceda en total as 12 mensualidades. O primeiro pagamento produciráse a partir do mes seguinte a aquel en que aquela se ditase.

4.^a A solicitude deste aprazamento determinará que o debedor sexa considerado ao día nas súas obrigacións coa Seguridade Social, respecto ás cotas afectadas por el, até que se dite a correspondente resolución.

Disposición derradeira cuadraxésimo cuarta. *Integración de lagoas de cotización nas pensións de xubilación de autónomos e traballadores agrarios.*

O Goberno iniciará, coa maior brevidade, os traballos e consultas necesarios para emprender as reformas normativas que supriman a situación discriminatoria que sofren autónomos e traballadores agrarios, incluídos os asalariados, respecto da integración de lagoas de cotización, cando tal obrigación non existe, para os efectos do cálculo da pensión de xubilación aplicadas no réxime xeral, e implantará para estes os mesmos ou equivalentes mecanismos aos previstos para a integración de lagoas de cotización no réxime xeral da Seguridade Social.

Disposición derradeira cuadraxésimo quinta. *Adecuación dos custos da subministración eléctrica agraria.*

O Goberno, no prazo de 6 meses, establecerá regulamentariamente unha modalidade de contrato de acceso para regadío que considerará a posibilidade de dispor de dúas potencias diferentes ao longo de 12 meses, en función da necesidade de subministración para esta actividade, nos termos previstos na redacción dada á disposición derradeira quinta bis da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, pola disposición derradeira terceira da Lei 1/2018, do 6 de marzo, de medidas urxentes contra a seca.

No mesmo prazo, o Goberno presentará un plan de fomento da eficiencia enerxética nas explotacións agrarias, para dar cumprimento ao establecido na redacción dada ao punto 2 do artigo 82 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, pola disposición derradeira primeira da Lei 1/2018.

Con obxecto de asegurar a libre competencia e garantir a non existencia de prácticas contrarias a ela, o Goberno, en beneficio dos consumidores, realizará unha auditoría de custos da industria de subministración eléctrica e de seguimento da súa repercusión sobre o prezo de consumo.

Disposición derradeira cuadraxésimo sexta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira cuadraxésimo sétima. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento da presente lei.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de decembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO I (1)

Distribución dos créditos por programas

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 ao 8	Cap. 9	Total
110A	Xustiza. Mecanismo de recuperación e resiliencia	27.740,77		27.740,77
111M	Goberno do Poder Xudicial	39.124,94		39.124,94
111N	Dirección e servizos xerais de Xustiza	75.718,76		75.718,76
111O	Selección e formación de xuíces	23.298,65		23.298,65
111P	Documentación e publicacións xudiciais	10.590,23		10.590,23
111Q	Formación do persoal da Administración de xustiza	8.002,00		8.002,00
111R	Formación da carreira fiscal	4.189,17		4.189,17
112A	Tribunais de xustiza e Ministerio Fiscal	1.824.643,88		1.824.643,88
113M	Rexistros vinculados coa fe pública	34.822,46		34.822,46
120A	Defensa. Mecanismo de recuperación e resiliencia	25.000,00		25.000,00
121M	Administración e servizos xerais de Defensa	1.550.852,74		1.550.852,74
121N	Formación do persoal das Forzas Armadas	439.691,02		439.691,02
121O	Persoal en reserva	556.928,54		556.928,54
122A	Modernización das Forzas Armadas	335.520,88		335.520,88
122B	Programas especiais de modernización	2.341.589,33		2.341.589,33
122M	Gastos operativos das Forzas Armadas	2.696.512,35		2.696.512,35
122N	Apoio loxístico	1.125.919,47		1.125.919,47
130A	Seguridade cidadá. Mecanismo de recuperación e resiliencia	6.250,00		6.250,00
131M	Dirección e servizos xerais de Seguridade e Protección Civil	182.237,85		182.237,85
131N	Formación de forzas e corpos de seguridade do Estado	174.056,73		174.056,73
131O	Forzas e corpos en reserva	335.508,03		335.508,03
131P	Dereito de asilo e apátridas	12.728,67		12.728,67
132A	Seguridade cidadá	6.793.201,54	12,60	6.793.214,14
132B	Seguridade viaria	822.213,81		822.213,81
132C	Actuacións policiais en materia de droga	96.373,85		96.373,85
133A	Centros e institucións penitenciarias	1.241.589,79		1.241.589,79
134M	Protección civil	14.946,71		14.946,71
135M	Protección de datos de carácter persoal	15.307,98		15.307,98
140A	Política exterior. Mecanismo de recuperación e resiliencia	133.667,57		133.667,57
140B	Cooperación, promoción e difusión educativa no exterior. Mecanismo de recuperación e resiliencia	569,83		569,83
141M	Dirección e servizos xerais de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación	82.888,97		82.888,97

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 ao 8	Cap. 9	Total
142A	Acción do Estado no exterior	816.834,41		816.834,41
142B	Acción diplomática ante a Unión Europea	21.412,89		21.412,89
143A	Cooperación para o desenvolvemento	673.198,81		673.198,81
144A	Cooperación, promoción e difusión cultural no exterior	140.165,95		140.165,95
144B	Cooperación, promoción e difusión educativa no exterior	13.269,27		13.269,27
211M	Pensións contributivas da Seguridade Social	136.127.112,36		136.127.112,36
211N	Pensións de clases pasivas	16.940.592,65		16.940.592,65
211O	Outras pensións e prestacións de clases pasivas	38.396,09		38.396,09
212M	Pensións non contributivas e prestacións asistenciais	2.573.035,36		2.573.035,36
212N	Pensións de guerra	104.101,28		104.101,28
212O	Xestión e control dos complementos a mínimos de pensións	7.075.019,95		7.075.019,95
219M	Xestión das prestacións económicas de Seguridade Social	433.447,66		433.447,66
219N	Xestión de pensións de clases pasivas	4.875,38		4.875,38
220A	Outras prestacións económicas. Mecanismo de recuperación e resiliencia	2.170,00		2.170,00
221M	Subsidios de incapacidade temporal e outras prestacións económicas da Seguridade Social	18.672.121,71		18.672.121,71
222M	Prestacións económicas do mutualismo administrativo	404.529,95	2,00	404.531,95
223M	Prestacións de garantía salarial	829.285,52		829.285,52
224M	Prestacións económicas por cesamento de actividade	714.796,51		714.796,51
230A	Servizos sociais e promoción social. Mecanismo de recuperación e resiliencia	1.153.463,90		1.153.463,90
230B	Servizos sociais e promoción social. Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-UE)	13.200,00		13.200,00
231A	Plan nacional sobre drogas	15.083,95		15.083,95
231B	Accións en favor dos emigrantes	60.968,45		60.968,45
231C	Servizos sociais da Seguridade Social a persoas con discapacidade	46.739,11		46.739,11
231D	Servizos sociais da Seguridade Social a persoas maiores	118.232,72		118.232,72
231E	Outros servizos sociais da Seguridade Social	49.519,80		49.519,80
231F	Outros servizos sociais do Estado	388.118,30		388.118,30
231G	Atención á infancia e ás familias	37.179,13		37.179,13
231H	Accións en favor dos inmigrantes	424.199,34		424.199,34
231I	Autonomía persoal e atención á dependencia	2.353.543,31		2.353.543,31
232A	Promoción e servizos á mocidade	45.248,12		45.248,12
232B	Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	221.837,77		221.837,77

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 ao 8	Cap. 9	Total
232C	Actuacións para a prevención integral da violencia de xénero	180.121,06		180.121,06
232D	Igualdade de trato e diversidade	1.820,08		1.820,08
232E	Análise e definición de obxectivos e políticas de inclusión	1.919,73		1.919,73
232F	Dereitos dos animais	4.597,66		4.597,66
232M	Dirección e servizos xerais de Igualdade	6.963,25		6.963,25
239M	Xestión dos servizos sociais da Seguridade Social	46.336,38		46.336,38
239N	Dirección e servizos xerais de dereitos sociais e Axenda 2030	32.086,88		32.086,88
240A	Fomento do emprego. Mecanismo de recuperación e resiliencia	1.145.310,00		1.145.310,00
240B	Formación profesional para o emprego. Mecanismo de recuperación e resiliencia	49.000,00		49.000,00
241A	Fomento da inserción e estabilidade laboral	3.376.337,52		3.376.337,52
241B	Formación profesional para o emprego	2.819.140,84		2.819.140,84
241N	Desenvolvemento do traballo autónomo, da economía social e da responsabilidade social das empresas	15.020,37		15.020,37
251M	Prestacións aos desempregados	25.011.796,59		25.011.796,59
260A	Acceso á vivenda e fomento da edificación. Mecanismo de recuperación e resiliencia	1.651.000,00		1.651.000,00
261N	Promoción, administración e axudas para rehabilitación e acceso á vivenda	570.618,27	150,00	570.768,27
261O	Ordenación e fomento da edificación	29.610,69		29.610,69
261P	Urbanismo e política do solo	1.866,42		1.866,42
280A	Xestión e administración de traballo e economía social. Mecanismo de recuperación e resiliencia	12.800,00		12.800,00
281M	Dirección e servizos xerais de Traballo e Economía Social	91.350,44		91.350,44
290A	Xestión e administración da Inclusión da Seguridade Social e da Migración. Mecanismo de recuperación e resiliencia	13.270,00		13.270,00
291A	Inspección e control de seguridade e protección social	171.029,16		171.029,16
291M	Dirección e servizos xerais da Inclusión, da Seguridade Social e da Migración	2.314.821,05		2.314.821,05
310A	Sanidade. Mecanismo de recuperación e resiliencia	522.142,69		522.142,69
310B	Sanidade. Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-UE)	2.422.800,00		2.422.800,00
311M	Dirección e servizos xerais de Sanidade	42.076,53		42.076,53
311O	Políticas de saúde e ordenación profesional	7.710,65		7.710,65
312A	Asistencia hospitalaria nas Forzas Armadas	151.586,74		151.586,74
312B	Atención primaria de saúde. Instituto Nacional de Xestión Sanitaria	73.915,04		73.915,04

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 ao 8	Cap. 9	Total
312C	Atención especializada de saúde. Instituto Nacional de Xestión Sanitaria	210.072,44		210.072,44
312D	Medicina marítima	38.003,77		38.003,77
312E	Asistencia sanitaria do mutualismo administrativo	2.312.088,07		2.312.088,07
312F	Atención primaria de saúde de mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e Instituto Social da Mariña	939.010,34		939.010,34
312G	Atención especializada de saúde de mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e Instituto Social da Mariña	440.555,01		440.555,01
313A	Prestacións sanitarias e farmacia	96.909,14		96.909,14
313B	Saúde pública, sanidade exterior e calidade	36.407,62		36.407,62
313C	Seguridade alimentaria e nutrición	15.906,53		15.906,53
313D	Doazón e transplante de órganos, tecidos e células	6.413,45		6.413,45
313E	Saúde dixital, información e innovación do Sistema nacional de saúde	14.085,76		14.085,76
320A	Educación infantil e primaria. Mecanismo de recuperación e resiliencia	201.726,09		201.726,09
320B	Educación secundaria, formación profesional e escolas oficiais de idiomas. Mecanismo de recuperación e resiliencia	556.095,98		556.095,98
320G	Educación compensatoria. Mecanismo de recuperación e resiliencia	30.557,27		30.557,27
320L	Investimentos en centros educativos e outras actividades educativas. Mecanismo de recuperación e resiliencia	1.001.600,00		1.001.600,00
320N	Formación permanente do profesorado de educación. Mecanismo de recuperación e resiliencia	13.000,00		13.000,00
321M	Dirección e servizos xerais de Educación e Formación Profesional	66.973,08		66.973,08
321N	Formación permanente do profesorado de educación	3.889,55		3.889,55
321O	Dirección e servizos xerais de universidades	8.059,40		8.059,40
322A	Educación infantil e primaria	188.141,97		188.141,97
322B	Educación secundaria, formación profesional e escolas oficiais de idiomas	420.630,25		420.630,25
322C	Ensinanzas universitarias	136.134,89		136.134,89
322E	Ensinanzas artísticas	4.044,29		4.044,29
322F	Educación no exterior	107.119,14		107.119,14
322G	Educación compensatoria	4.239,31		4.239,31
322I	Ensinanzas especiais	2.681,72		2.681,72
322L	Investimentos en centros educativos e outras actividades educativas	58.467,24		58.467,24
323M	Bolsas e axudas a estudantes	2.090.095,95		2.090.095,95

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 ao 8	Cap. 9	Total
330A	Cultura. Mecanismo de recuperación e resiliencia	200.239,72		200.239,72
331M	Dirección e servizos xerais de Cultura e Deporte	39.064,03		39.064,03
332A	Arquivos	28.138,55		28.138,55
332B	Bibliotecas	49.474,80		49.474,80
333A	Museos	162.020,00		162.020,00
333B	Exposicións	2.124,15		2.124,15
334A	Promoción e cooperación cultural	27.426,33		27.426,33
334B	Promoción do libro e publicacións culturais	12.599,40		12.599,40
334C	Fomento das industrias culturais	15.988,60		15.988,60
335A	Música e danza	108.211,13		108.211,13
335B	Teatro	52.091,00		52.091,00
335C	Cinematografía	85.563,04		85.563,04
336A	Fomento e apoio das actividades deportivas	211.058,70		211.058,70
337A	Administración do patrimonio histórico-nacional	108.906,81	100,00	109.006,81
337B	Conservación e restauración de bens culturais	30.419,91		30.419,91
337C	Protección do patrimonio histórico	8.727,01		8.727,01
337D	Administración dos reais padroados	6.010,65	25,00	6.035,65
410B	Desenvolvemento do medio rural e recursos hídricos para o regadío. Mecanismo de recuperación e resiliencia	270.800,00		270.800,00
410C	Competitividade e calidade da produción e dos mercados agrarios. Mecanismo de recuperación e resiliencia	114.800,00		114.800,00
410D	Competitividade e calidade da sanidade agraria. Mecanismo de recuperación e resiliencia	3.000,00		3.000,00
410E	Protección dos recursos pesqueiros e desenvolvemento sustentable. Mecanismo de recuperación e resiliencia	8.900,00		8.900,00
410F	Mellora das estruturas e mercados pesqueiros. Mecanismo de recuperación e resiliencia	9.000,00		9.000,00
411M	Dirección e servizos xerais de Agricultura, Pesca e Alimentación	90.693,76		90.693,76
412C	Competitividade e calidade da produción e os mercados agrarios	48.934,05		48.934,05
412D	Competitividade e calidade da sanidade agraria	45.858,73		45.858,73
412M	Regulación dos mercados agrarios	5.908.538,72		5.908.538,72
413A	Competitividade da industria agroalimentaria e calidade alimentaria	31.310,63		31.310,63
414A	Xestión de recursos hídricos para o regadío, camiños naturais e outras infraestruturas rurais	61.157,33		61.157,33
414B	Desenvolvemento do medio rural	1.489.224,24		1.489.224,24

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 ao 8	Cap. 9	Total
415A	Protección dos recursos pesqueiros e desenvolvemento sustentable	18.606,29		18.606,29
415B	Mellora de estruturas e mercados pesqueiros	45.280,05		45.280,05
416A	Previsión de riscos nas producións agrarias e pesqueiras	258.973,91		258.973,91
420A	Industria e enerxía. Mecanismo de recuperación e resiliencia	232.795,00		232.795,00
420B	Transición enerxética. Mecanismo de recuperación e resiliencia	5.300.000,00		5.300.000,00
420C	Transición xusta. Mecanismo de recuperación e resiliencia	90.000,00		90.000,00
421M	Dirección e servizos xerais de Industria, Comercio e Turismo	66.164,33		66.164,33
421N	Regulación e protección da propiedade industrial	52.338,14		52.338,14
421O	Calidade e seguridade industrial	3.581,21		3.581,21
422A	Incentivos rexionais á localización industrial	59.871,25		59.871,25
422B	Desenvolvemento industrial	180.181,88		180.181,88
422M	Reconversión e reindustrialización	705.564,76		705.564,76
423N	Explotación mineira	14.304,34		14.304,34
423O	Desenvolvemento económico das comarcas mineiras do carbón	285.111,84		285.111,84
424M	Seguridade nuclear e protección radiolóxica	46.029,41		46.029,41
425A	Normativa e desenvolvemento enerxético	4.140.520,03		4.140.520,03
430A	Comercio, turismo e pemes. Mecanismo de recuperación e resiliencia	1.289.200,00		1.289.200,00
431A	Promoción comercial e internacionalización da empresa	404.366,36		404.366,36
431N	Ordenación do comercio exterior	6.878,61		6.878,61
431O	Ordenación e modernización das estruturas comerciais	9.502,65		9.502,65
432A	Coordinación e promoción do turismo	243.462,81		243.462,81
433M	Apoio á pequena e mediana empresa	266.597,75		266.597,75
441M	Subvencións e apoio ao transporte terrestre	1.709.773,41		1.709.773,41
441N	Subvencións e apoio ao transporte marítimo	167.185,18		167.185,18
441O	Subvencións e apoio ao transporte aéreo	664.085,92		664.085,92
441P	Subvencións ao transporte extrapeninsular de mercadorías	77.247,03		77.247,03
450A	Infraestruturas. Mecanismo de recuperación e resiliencia	3.301.346,19		3.301.346,19
450B	Ecosistemas resilientes. Mecanismo de recuperación e resiliencia	601.440,00		601.440,00
450C	Preservación dos recursos hídricos. Mecanismo de recuperación e resiliencia	148.999,99		148.999,99
450D	Preservación de costas. Mecanismo de recuperación e resiliencia	144.030,00		144.030,00

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 ao 8	Cap. 9	Total
450F	Estratexia de economía circular. Mecanismo de recuperación e resiliencia	500.000,00		500.000,00
451M	Estudos e servizos de asistencia técnica en obras públicas e urbanismo	29.005,20		29.005,20
451N	Dirección e servizos xerais de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana	526.851,56		526.851,56
451O	Dirección e servizos xerais para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico	62.392,69		62.392,69
452A	Xestión e infraestruturas da auga	1.081.787,02	25.140,49	1.106.727,51
452M	Normativa e ordenación territorial dos recursos hídricos	70.476,30		70.476,30
453A	Infraestrutura do transporte ferroviario	1.930.442,07		1.930.442,07
453B	Creación de infraestrutura de estradas	1.259.186,78		1.259.186,78
453C	Conservación e explotación de estradas	1.084.348,30		1.084.348,30
453M	Ordenación e inspección do transporte terrestre	23.296,18		23.296,18
453N	Regulación e supervisión da seguridade ferroviaria	14.317,63		14.317,63
453O	Comisión de investigación de accidentes ferroviarios	561,61		561,61
454M	Regulación e seguridade do tráfico marítimo	34.948,62		34.948,62
454O	Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos	660,12		660,12
455M	Regulación e supervisión da aviación civil	84.788,27		84.788,27
455O	Comisión de investigación de accidentes e incidentes de aviación civil	1.622,27		1.622,27
456A	Calidade da auga	176.921,45	3.738,78	180.660,23
456B	Protección e mellora do ambiente	18.641,98		18.641,98
456C	Protección e mellora do medio natural	192.081,79		192.081,79
456D	Actuación na costa	92.418,79		92.418,79
456E	Reto demográfico e loita contra a despoboación	19.011,62		19.011,62
456M	Actuacións para a prevención da contaminación e o cambio climático	27.282,97		27.282,97
456N	Transición xusta	46.762,00		46.762,00
460A	Investigación, desenvolvemento e innovación. Mecanismo de recuperación e resiliencia	1.520.900,00		1.520.900,00
460B	Investigación e desenvolvemento da sociedade da información. Mecanismo de recuperación e resiliencia	336.000,00		336.000,00
460C	Innovación tecnolóxica das telecomunicacións. Mecanismo de recuperación e resiliencia	1.793.200,00		1.793.200,00
460D	Fomento e coordinación da investigación científica e técnica. Mecanismo de recuperación e resiliencia	664.868,00		664.868,00

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 ao 8	Cap. 9	Total
460E	Investigación e desenvolvemento tecnolóxico-industrial. Mecanismo de recuperación e resiliencia	436.860,00		436.860,00
461M	Dirección e servizos xerais de Ciencia e Innovación	36.614,70		36.614,70
462M	Investigación e estudos sociolóxicos e constitucionais	13.333,29		13.333,29
462N	Investigación e estudos estatísticos e económicos	6.137,04		6.137,04
463A	Investigación científica	874.574,97		874.574,97
463B	Fomento e coordinación da investigación científica e técnica	2.760.571,23		2.760.571,23
464A	Investigación e estudos das Forzas Armadas	183.970,32	620,00	184.590,32
464B	Apoio á innovación tecnolóxica no sector da defensa	676.548,07		676.548,07
465A	Investigación sanitaria	287.428,72		287.428,72
467B	Investigación, desenvolvemento e experimentación en transporte e infraestruturas	1.000,00		1.000,00
467C	Investigación e desenvolvemento tecnolóxico-industrial	1.904.009,42		1.904.009,42
467D	Investigación e experimentación agraria	58.253,30		58.253,30
467E	Investigación oceanográfica e pesqueira	99.112,70		99.112,70
467F	Investigación xeolóxico-mineira e ambiental	24.515,35		24.515,35
467G	Investigación e desenvolvemento da sociedade da información	162.323,80		162.323,80
467H	Investigación enerxética, ambiental e tecnolóxica	112.508,33		112.508,33
467I	Innovación tecnolóxica das telecomunicacións	391.837,50		391.837,50
490A	Outras actuacións de carácter económico. Mecanismo de recuperación e resiliencia	443.880,00		443.880,00
491M	Ordenación e promoción das telecomunicacións e da sociedade da información	35.316,93		35.316,93
491N	Servizo postal universal	111.521,00		111.521,00
492M	Defensa da competencia nos mercados e regulación de sectores produtivos	60.049,56		60.049,56
492N	Regulación e vixilancia da competencia no mercado de tabacos	7.434,21		7.434,21
492O	Protección e promoción dos dereitos dos consumidores e usuarios	13.710,86		13.710,86
493M	Dirección, control e xestión de seguros	16.372,23		16.372,23
493O	Regulación contable e de auditorías	10.226,33		10.226,33
494M	Administración das relacións laborais e condicións de traballo	52.920,01		52.920,01
495A	Desenvolvemento e aplicación da información xeográfica española	42.164,37	27,28	42.191,65
495B	Meteoroloxía	123.983,66		123.983,66
495C	Metroloxía	9.078,36		9.078,36
496M	Regulación do xogo	6.801,60		6.801,60

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 ao 8	Cap. 9	Total
497M	Salvamento e loita contra a contaminación na mar	164.199,39		164.199,39
498M	Dirección e servizos xerais de Consumo	10.227,43		10.227,43
911M	Xefatura do Estado	8.431,15		8.431,15
911N	Actividade lexislativa	236.647,85	30,00	236.677,85
911O	Control externo do sector público	69.526,41		69.526,41
911P	Control constitucional	26.569,51		26.569,51
911Q	Apoio á xestión administrativa da Xefatura do Estado	7.130,22		7.130,22
912M	Presidencia do Goberno	47.443,96		47.443,96
912N	Alto asesoramento do Estado	13.081,66		13.081,66
912O	Relacións coas Cortes Xerais, Secretariado do Goberno e apoio á alta dirección	35.513,47		35.513,47
912P	Asesoramento do Goberno en materia social, económica e laboral	7.874,08		7.874,08
912Q	Asesoramento para a protección dos intereses nacionais	299.872,17		299.872,17
920A	Servizos de carácter xeral. Mecanismo de recuperación e resiliencia	242.460,00		242.460,00
920B	Servizos de carácter xeral da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa. Mecanismo de recuperación e resiliencia	200,00		200,00
921M	Dirección e servizos xerais de Política Territorial e Función Pública	28.808,52		28.808,52
921N	Dirección e organización da Administración pública	19.123,13		19.123,13
921O	Formación do persoal das administracións públicas	93.426,36		93.426,36
921P	Administración xeral do Estado no territorio	266.017,52		266.017,52
921Q	Cobertura informativa	77.850,95		77.850,95
921R	Publicidade das normas legais	29.772,58		29.772,58
921S	Asesoramento e defensa dos intereses do Estado	42.058,99		42.058,99
921T	Servizos de transportes de ministerios	46.114,09		46.114,09
921U	Publicacións	208,64		208,64
921X	Avaliación da transparencia da actividade pública	2.386,01		2.386,01
921Y	Axenda 2030	22.833,43		22.833,43
922M	Organización territorial do Estado e desenvolvemento dos seus sistemas de colaboración	10.339,46		10.339,46
922N	Coordinación e relacións financeiras cos entes territoriais	30.508.470,30		30.508.470,30
923A	Xestión do patrimonio do Estado	182.703,16		182.703,16
923C	Elaboración e difusión estatística	189.786,47		189.786,47
923M	Dirección e servizos xerais de Facenda	1.160.018,85		1.160.018,85
923N	Formación do persoal de Economía e Facenda	18.358,84		18.358,84

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 ao 8	Cap. 9	Total
923O	Xestión da débeda e da Tesouraría do Estado	25.940,52	1,00	25.941,52
923P	Relacións con institucións financeiras multilaterais	427.553,39		427.553,39
923Q	Dirección e servizos xerais de Asuntos Económicos e Transformación Dixital	51.372,45		51.372,45
923R	Contratación centralizada	380.823,02		380.823,02
923S	Achegas ao mutualismo administrativo	2.142.649,85		2.142.649,85
924M	Eleccións e partidos políticos	62.908,39		62.908,39
925M	Memoria democrática	11.356,53		11.356,53
929N	Fondo de continxencia de execución orzamentaria	3.889.130,00		3.889.130,00
931M	Previsión e política económica	155.485,60		155.485,60
931N	Política orzamentaria	60.123,18		60.123,18
931O	Política tributaria	6.183,44		6.183,44
931P	Control interno e contabilidade pública	86.268,84		86.268,84
931Q	Control e supervisión da política fiscal	9.714,20		9.714,20
932A	Aplicación do sistema tributario estatal	1.109.377,80		1.109.377,80
932M	Xestión do catastro inmobiliario	105.360,98		105.360,98
932N	Resolución de reclamacións económico-administrativas	31.573,64		31.573,64
941M	Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado	20.459.622,81		20.459.622,81
941N	Transferencias a comunidades autónomas polos fondos de compensación interterritorial	582.430,00		582.430,00
941O	Outras transferencias a comunidades autónomas	14.604.552,84		14.604.552,84
942A	Cooperación económica local do Estado	35.398,48		35.398,48
942M	Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado	17.872.735,89		17.872.735,89
942N	Outras transferencias a entidades locais	244.573,69		244.573,69
943M	Transferencias ao orzamento xeral da Unión Europea	16.205.350,00		16.205.350,00
943N	Cooperación a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento e do Fondo Europeo de Apoio á Paz	337.500,00		337.500,00
951M	Amortización e gastos financeiros da débeda pública en euros	31.618.917,09	94.380.790,21	125.999.707,30
951N	Amortización e gastos financeiros da débeda pública en moeda estranxeira	56.187,00		56.187,00
	Total	456.073.237,41	94.410.637,36	550.483.874,77

(1) Nas cifras contidas neste anexo I non se repercutiron as emendas números 2423, 3257, 3258, 3261, 3266, 3268, 3054, 3056, 3068, por non se poderen instrumentar contablemente.

ANEXO II

Créditos ampliables

Consideraranse ampliables até unha suma igual ás obrigacións que se recoñezan, logo do cumprimento das formalidades legalmente establecidas ou das que se establezan, os créditos que, incluídos no orzamento do Estado, nos dos organismos autónomos e nos do resto de entidades do sector público administrativo con orzamento limitativo aprobados por esta lei, se detallan a continuación:

Primeiro. *Aplicables a todas as seccións e programas.*

Os destinados a satisfacer:

- a) As cotas da Seguridade Social, de acordo cos preceptos en vigor, e a achega do Estado ao réxime de previsión social dos funcionarios públicos, civís ou militares, establecida polos reais decretos legislativos 1/2000, do 9 de xuño, 3/2000 e 4/2000, do 23 de xuño.
- b) Os créditos de transferencias a favor do Estado que figuren nos orzamentos de gastos dos organismos autónomos, até o importe dos remanentes que resulten como consecuencia da xestión destes.
- c) Os créditos destinados a atender o pagamento de sentenzas firmes nos termos previstos no punto 1 do artigo 106 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Segundo. *Aplicables ás seccións e programas que se indican.*

Un. Na sección 07, «Clases pasivas»:

Os créditos relativos a atender obrigacións de pensións e indemnizacións.

Dous. Na sección 12, «Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación»:

- a) O crédito 12.03.000X.431 «Á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, para actividades de interese xeral consideradas de interese social reguladas polo artigo 2 do Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño».
- b) O crédito 12.03.000X.432 «Á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, para actividades de interese xeral consideradas de interese social procedentes do imposto sobre sociedades.

Tres. Na sección 13, «Ministerio de Xustiza»:

- a) O crédito 13.02.112A.226.18 «Para a atención das reclamacións derivadas do artigo 116 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, incluídas obrigacións de exercicios anteriores».
- b) O crédito 13.02.112A.830.10 «Anticipos reintegrables a traballadores con sentenza xudicial favorable».

Catro. Na sección 14, «Ministerio de Defensa»:

- a) O crédito 14.01.121M.489 «Indemnizacións derivadas da aplicación do Real decreto lei 8/2004, do 5 de novembro, sobre indemnizacións aos participantes en operacións internacionais de paz e seguridade».

b) Os créditos 14.03.122M.128, 14.03.122M.228 e 14.03.122M.668 para gastos orixinados por participación das Forzas Armadas en operacións de mantemento da paz.

Cinco. Na sección 16, «Ministerio do Interior»:

a) O crédito 16.01.131M.483 «Indemnizacións, axudas e subvencións derivadas da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, e artigo 11 do Real decreto 671/2013, do 6 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 29/2011».

b) O crédito 16.01.131M.487 «Indemnizacións en aplicación dos artigos 32 a 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a Lei 52/1984, do 26 de decembro, de protección de medios de transporte que se achen en territorio español realizando viaxes de carácter internacional».

c) Os créditos 16.01.134M.461, 16.01.134M.471, 16.01.134M.472, 16.01.134M.482, 16.01.134M.761, 16.01.134M.771 e 16.01.134M.782, destinados á cobertura de necesidades de toda índole motivadas por sinistros, catástrofes ou outras de recoñecida urxencia.

d) O crédito 16.01.924M.227.05 Procesos electorais e consultas populares.

e) O crédito 16.01.924M.485.02 Subvención gastos electorais dos partidos políticos (Lei orgánica 5/1985).

Seis. Na sección 17, «Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana»:

a) O crédito 17.20.441P.478 «Subvención ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino en territorios extrapeninsulares de acordo coa lexislación vixente».

b) O crédito 17.32.441N.481 «Para satisfacer a bonificación a residentes non peninsulares por traslado á Península e regreso por vía marítima, así como polos traslados interinsulares».

c) O crédito 17.34.441O.483 «Subvención ao tráfico aéreo regular».

d) O crédito 17.38.453B.602 «Destinado a atender os efectos derivados da resolución dos contratos de concesión de obra pública».

Sete. Na sección 19, «Ministerio de Tráballo e Economía Social»:

a) O crédito 19.101.241A.487.03, destinado ao financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social acollidas a medidas de fomento de emprego por contratación laboral, incluso obrigacións de exercicios anteriores.

b) O crédito 19.101.251M.480.00, destinado a financiar as prestacións contributivas por desemprego, incluso obrigacións de exercicios anteriores.

c) O crédito 19.101.251M.480.01, destinado a financiar o subsidio por desemprego, incluso obrigacións de exercicios anteriores.

d) O crédito 19.101.251M.480.02, destinado a financiar o subsidio por desemprego para eventuais do sistema especial para traballadores por conta allea agrarios do réxime xeral da Seguridade Social, incluso obrigacións de exercicios anteriores.

e) O crédito 19.101.251M.487.00, destinado a financiar cotas de beneficiarios de prestacións contributivas por desemprego, incluso obrigacións de exercicios anteriores.

f) O crédito 19.101.251M.487.01, destinado a financiar cotas de beneficiarios do subsidio de desemprego, incluso obrigacións de exercicios anteriores.

g) O crédito 19.101.251M.487.05, destinado a financiar cotas de beneficiarios do subsidio por desemprego para eventuais do sistema especial de traballadores por conta

allea agrarios do réxime xeral da Seguridade Social, incluso obrigacións de exercicios anteriores.

h) O crédito 19.101.251M.488.01, destinado a financiar a renda activa de inserción, incluso obrigacións de exercicios anteriores.

i) O crédito 19.101.251M.488.02, destinado a financiar a axuda económica de acompañamento incluída no Programa de activación para o emprego, incluso obrigacións de exercicios anteriores.

j) O crédito 19.101.251M.488.03, destinado a financiar a axuda complementaria para mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Oito. Na sección 20, «Ministerio de Industria, Comercio e Turismo»:

a) O crédito 20.06.431A.444 «Para cobertura das diferenzas producidas por operacións autorizadas ao abeiro da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, que se librará a través do Instituto de Crédito Oficial (ICO), incluídas obrigacións de exercicios anteriores».

b) O crédito 20.06.431A.874, «Ao Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización (FRRI)».

Nove. Na sección 21, «Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación»:

a) O crédito 21.01.411M.770 «Apoio financeiro por danos ocasionados pola seca e outras causas extraordinarias».

b) O crédito 21.01.416A.440 «Consortio de Compensación de Seguros. Cobertura de perdas do seguro agrario combinado».

c) O crédito 21.01.000X.414.00 «Á Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa) para subvencións do Plan anual de seguros agrarios e liquidación de plans anteriores», na medida en que as necesidades que xurdan no orzamento de Enesa non poidan ser atendidas con cargo ao seu remanente de tesouraría.

d) O crédito 21.102.416A.471, «Plan anual de seguros agrarios e liquidación de plans anteriores».

Dez. Na sección 22, «Ministerio de Política Territorial e Función Pública»:

a) O crédito 22.03.921P.830.10 «Anticipos a xurados de expropiación forzosa».

Once. Na sección 23, «Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico»:

a) O crédito 23.03.425A.443, «Ao IDAE. Para financiar as actuacións de asistencia técnica e económica ao ministerio de adscrición en procedementos administrativos, xudiciais ou arbitraris (D.A. décimo segunda do Real decreto lei 20/2012)».

b) O crédito 23.03.425A.821.07, «Ao IDAE para o impulso da eficiencia enerxética e as enerxías renovables».

c) O crédito 23.12.451O.485, «Para actividades de interese xeral consideradas de interese social reguladas polo artigo 2 do Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño».

d) O crédito 23.12.451O.486, «Actividades de interese xeral consideradas de interese social procedentes do imposto sobre sociedades».

Doce. Na sección 24, «Ministerio de Cultura e Deporte»:

Os créditos 24.05.337B.631 e 24.05.337C.621 pola diferenza entre a consignación inicial para investimentos produto do «1 por 100 cultural» (artigo 68, Lei 16/1985 do patrimonio histórico español, e artigo 58 do Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985, do 25 de xuño, na redacción dada polo artigo único do Real decreto 162/2002, do 8 de febreiro) e as retencións de crédito non anuladas

a que se refire o punto tres do artigo 20 da Lei 33/1987, de orzamentos xerais do Estado para 1988.

Trece. Na sección 27 «Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital»:

a) O crédito 27.02.923Q.226.10, «Gastos derivados de arbitraxes de dereito internacional», en función dos desembolsos requiridos, de conformidade co previsto nos tratados internacionais.

b) O crédito 27.03.931M.892, «Achea ao Mecanismo Europeo de Estabilidade (MEDE)», en función dos desembolsos requiridos polo seu consello de gobernadores, o seu consello de administración ou o seu director executivo, de conformidade co previsto no tratado constitutivo do MEDE.

c) O crédito 27.04.923O.351, «Cobertura de riscos en avais prestados polo Tesouro, incluídos os riscos de exercicios anteriores».

d) O crédito 27.04.923O.355, «Compensacións derivadas da execución de avais fronte ao Tesouro público».

e) O crédito 27.04.923O.891, «Real decreto lei 4/2016. Á Xunta Única de Resolución, segundo o establecido no artigo 1».

f) O crédito 27.04.923O.951, «Posta en circulación negativa de moeda metálica».

Catorce. Na sección 29 «Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030»:

a) O crédito 29.05.231F.454 «Para actividades de competencia autonómica de interese xeral consideradas de interese social, reguladas polo artigo 2 do Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño».

b) O crédito 29.05.231F.484, «Para actividades de interese xeral consideradas de interese social», reguladas polo artigo 2 do Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño».

c) O crédito 29.05.231F.488, «Para actividades de interese xeral consideradas de interese social con cargo ao 0,7 % do imposto sobre sociedades».

Quince. Na sección 30, «Ministerio de Igualdade»:

a) O crédito 30.03.232C.480, «Axudas sociais, para mulleres (artigo 27 da L.O. 1/2004, do 28 de decembro)».

Dezaseis. Na sección 32, «Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións»:

a) O crédito 32.02.231G.875, «Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos».

b) O crédito 32.03.231B.483.01, «Pensión asistencial para españois de orixe retornados regulada no artigo 25 Real decreto 8/2008, do 11 de xaneiro».

Dezasete. Os créditos da sección 34, «Relacións financeiras coa Unión Europea», ampliables tanto en función dos compromisos que adquirise ou que poida adquirir o Estado español coa Unión Europea ou que deriven das disposicións financeiras destas, como en función da recadación efectiva das exaccións agrarias, dereitos de alfándegas pola parte suxeita ao arancel exterior comunitario e cotizacións do azucre e isoglicosa.

Dezaioito. Na sección de 37, «Outras relacións financeiras con entes territoriais».

O crédito 37.02.942N.461, «Compensacións que se lles poidan recoñecer aos municipios».

Dezanove. Na sección 38 «Sistemas de financiamento de entes territoriais»:

a) O crédito 38.01.941O.456, «Compensación financeira ao País Vasco derivada do imposto especial sobre os elaborados de tabaco, incluso liquidación definitiva do exercicio anterior».

b) O crédito 38.01.941O.458, «Financiamento do Estado do custo da xubilación anticipada da policía autónoma vasca».

c) O crédito 38.02.941M.452, «Á Comunidade Autónoma de Cataluña, en concepto de regularización do financiamento revisado dos Mossos d'Esquadra, incluíndo exercicios anteriores».

d) Os créditos 38.20.941M.452.00, «Fondo de Competitividade», 38.20.941M.452.01, «Fondo de Cooperación» e 38.20.941M.452.02, «Outros conceptos de liquidación do sistema de financiamento».

e) O crédito 38.20.941O.456 «Compensacións a comunidades autónomas, incluídas obrigacións de exercicios anteriores (artigo 6.2 da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas)».

f) O crédito 38.21.942M.468, «Liquidación definitiva da participación nos ingresos do Estado das corporacións locais, correspondente a exercicios anteriores e compensacións derivadas do novo modelo de financiamento local», na medida en que o exixa a dita liquidación definitiva.

g) Os créditos 38.21.942N.464 e 38.21.942N.466, por razón de dereitos legalmente establecidos ou que se establezan a favor das corporacións locais.

h) Os créditos que se habiliten para facer fronte ás transferencias ás comunidades autónomas polo custo dos servizos asumidos.

Terceiro.

Todos os créditos deste orzamento en función dos compromisos de financiamento exclusivo ou de cofinanciamento que se poidan contraer coas comunidades europeas.

Cuarto.

No orzamento da Seguridade Social, os créditos que sexan necesarios nos programas de gastos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria para reflectir as repercusións que neles teñan as modificacións dos créditos, que figuran no estado de transferencias entre subsectores dos orzamentos xerais do Estado.

ANEXO III

Operacións de crédito autorizadas a organismos e entidades integrantes do sector público institucional estatal

	Miles de euros
Ministerio de Facenda:	
Consortio da Zona Franca de Barcelona (1)	20.300,00
Consortio da Zona Franca de Cádiz (1)	12.300,00
Consortio da Zona Franca de Santander (1)	4.000,00
Consortio da Zona Franca de Sevilla (1)	500,00
Consortio da Zona Franca de Gran Canaria (1)	200,00
SEPI (2)	375.000,00
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana:	
Entidade pública empresarial Renfe-Operadora (3)	780.137,00
ADIF-Alta Velocidad (4)	1.500.000,00
Portos do Estado e autoridades portuarias (consolidado) (5)	121.221,00
Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria (FFATP)	36.888,00
Ministerio para a Transición Ecolóxica:	
Confederación Hidrográfica do Segura	10.000,00
Confederación Hidrográfica do Guadalquivir	15.038,15
Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital:	
Instituto de Crédito Oficial (6)	5.900.000,00
Ministerio de Universidades:	
Universidade Nacional de Educación a Distancia	10.000,00

(1) Esta cifra enténdese como a captación de débeda con entidades de crédito para efectuar no exercicio orzamentario, con independencia das devolucións que se deban realizar.

(2) Esta cifra entenderase como incremento neto máximo das débedas a curto e longo prazo con entidades de crédito e por emisións de valores de renda fixa, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do exercicio orzamentario.

(3) Esta cifra entenderase como incremento neto máximo das débedas a curto e longo prazo con entidades de crédito, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do exercicio orzamentario.

